



*Memoria de
responsabilidade social
universitaria
2022*



Entidade: Universidade de Vigo

Responsable da RSU: Vicerreitoría de Benestar, Equidade e Diversidade

Equipo redactor: Unidade de Análises e Programas e dirección da Área de Equidade e Diversidade

Índice

Metodoloxía

Capítulo 1. Cartas do presidente do Consello Social e do reitor

Capítulo 2. Datos básicos da Universidade de Vigo

- 2.1. Presenza da responsabilidade social na Universidade de Vigo
- 2.2. Principais magnitudes da Universidade de Vigo
 - 2.2.1. Infraestruturas
 - 2.2.2. Comunidade universitaria
 - 2.2.3. Certificacións de sistemas de xestión de calidade
- 2.3. Sistema de goberno da Universidade de Vigo
- 2.4. Oferta académica
- 2.5. Principais indicadores en materia de investigación e de transferencia
- 2.6. Centros de apoio á investigación
 - 2.6.1. Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación (CACTI)
 - 2.6.2. Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (CITI)
 - 2.6.3. Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (Ecimat)
- 2.7. Principais fitos acontecidos na Universidade de Vigo. Curso 2020/2021
 - 2.7.1. Premios e distincións
 - 2.7.2. Posición nas clasificacións
- 2.8. O Plan estratéxico 2021-2026 e o seu seguimento

Capítulo 3. A Universidade de Vigo e a responsabilidade social. Unha achega de valor para a sociedade

- 3.1. Alcance e cobertura da memoria de responsabilidade social
- 3.2. Obxectivos e principios da memoria
- 3.3. Axenda 2030 e ODS
- 3.4. A responsabilidade social nos procesos de ensinanza-aprendizaxe
 - 3.4.1. Campus virtual
 - 3.4.2. Innovación educativa
 - 3.4.3. Accións de titorización do estudantado
 - 3.4.4. Calidade na docencia

3.5. A responsabilidade social na investigación, na divulgación e na transferencia do coñecemento

3.5.1. Grupos de investigación en áreas vinculadas coa responsabilidade social

3.5.2. Responsabilidade nas actividades de divulgación científica

3.5.3. A responsabilidade na transferencia do coñecemento

3.5.4. Centros de investigación: Atlanttic, CIM, Cinbio, Cintecx e Ecobas

3.5.5. Ética na investigación

3.6. Especialización dos campus

3.6.1. Campus do Mar

3.6.2. Campus da Auga

3.6.3. Campus Crea

3.6.4. Vigo Tecnolóxico

3.7. THE Impact Rankings

3.8. Transparencia

Capítulo 4. Dialogando coas partes interesadas

4.1. Estudantado

4.1.1. Orientación ao estudantado

4.1.2. Bolsas

4.1.3. Prácticas e acceso ao mercado laboral

4.1.4. Inserción laboral

4.2. Persoal da Universidade de Vigo

4.2.1. Persoal docente e investigador (PDI)

4.2.2. Persoal de administración e servizos (PAS)

4.2.3. Persoal investigador (PI)

4.2.4. Beneficios sociais

4.2.5. Formación do persoal

4.2.6. Programa de prevención de riscos laborais e vixilancia da saúde

4.3. Promoción da igualdade de xénero e da integración

4.3.1. Igualdade de xénero

4.3.2. Conciliación da vida familiar e laboral

4.3.3. Medidas de apoio á inserción de persoas con necesidades específicas

4.4. Alumni

4.4.1. Observatorio de Persoas Tituladas

4.5. Internacionalización e mobilidade

4.5.1. Datos de mobilidade nacional e internacional durante o curso 2020/2021

4.5.2. Plan de internacionalización lingüística da Universidade de Vigo

4.6. Reforzo dos dereitos dos membros da comunidade universitaria

4.6.1. Representación na xestión ordinaria da universidade a través dos seus órganos de goberno

4.6.2. Valedoría Universitaria

4.6.3. Xestión de conflitos

4.6.4. Caixa de queixas, suxestións e parabéns

4.6.5. Canles de comunicación coa sociedade

4.7. Persoal traballador non empregado

Capítulo 5. Transparencia e sustentabilidade na xestión económica

5.1. Xestión orzamentaria e situación económico-patrimonial da Universidade de Vigo

5.2. Relación económica coas partes interesadas

5.3. A contratación administrativa

5.4. Responsabilidade na cadea de aprovisionamentos

5.5. Indicadores económico-financeiros e entidades participadas

5.6. Medidas antifraude

5.7. Impacto económico da Universidade de Vigo

Capítulo 6. A Universidade de Vigo e o medio ambiente

6.1. Obxectivos e balance de actuación

6.2. Xestión ambiental: manexo de recursos, materias primas e residuos

6.3. Accións en favor da sensibilización e da formación medioambiental

6.4. A pegada ecolóxica da Universidade de Vigo

6.5. Boas prácticas cara á redución

6.6. Consumos

6.7. UI GreenMetric World University Rankings

Capítulo 7. Compromiso coa sociedade

7.1. Transferencia social e cultural

7.1.1. Participación da comunidade universitaria en actividades de responsabilidade social

7.1.2. A responsabilidade social nas actividades de extensión universitaria

7.2. Promoción da colaboración cos axentes sociais

7.3. Promoción do voluntariado e a cooperación

7.4. A universidade saudable

7.4.1. Acceso ás instalacións

7.4.2. Iniciación deportiva e actividades na natureza

7.4.3. Competicións universitarias

7.4.4. Saúde

7.4.5. Formación

7.4.6. Outras actividades e eventos

7.5. Servizos de biblioteca

7.6. Compromiso coa lingua e coa cultura galegas

7.7. Responsabilidade social e cooperación

Anexo I. Índice de contidos GRI

Anexo II. Relación de ODS

Anexo III. Outras memorias e fontes



Metodoloxía

A presente memoria de responsabilidade social fíxose adaptada ao estándar do Global Reporting Initiative (GRI) para a elaboración de memorias de sostibilidade como continuación da adaptación feita na edición do ano 2015 co estándar GRI 4. A nova adaptación faise de acordo co estándar universal GRI 1: Fundamentos 2021, GRI 2: Contidos xerais 2021 e GRI 3: Temas materiais 2021, os cales entraron en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2023 para elaborar informes publicados (memorias).

O estándar universal **GRI 1: Fundamentos 2021** presenta o propósito e o sistema dos Estándares GRI e explica conceptos claves para elaborar informes de sostibilidade. Tamén define os requirimentos e os principios para redactar informes que a organización debe cumprir para elaborar os seus informes conforme os Estándares GRI.

Os requirimentos de conformidade detallados no estándar GRI 1 son os seguintes:

Requirimento 1. Aplicar os principios para elaborar informes

Os principios garanten a calidade e a correcta presentación da información e son os seguintes: precisión, equilibrio, claridade, comparabilidade, exhaustividade, contexto de sostibilidade, puntualidade e verificabilidade (apartado 3.2).

Requirimento 2. Presentar os contidos correspondentes a GRI 2: Contidos xerais 2021

Véxase a relación detallada de cada contido no anexo I co índice de contidos GRI.

Requirimento 3. Determinar os temas materiais

A organización está obrigada a determinar os seus temas materiais en función das súas circunstancias particulares, que no caso da universidade están focalizados na educación superior universitaria mediante a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento (artigo 2.1 da LOSU).

Requirimento 4. Presentar os contidos correspondentes a GRI 3: temas materiais 2021

Véxase a relación detallada dos temas materiais escollidos no anexo co índice de contidos GRI e o apartado do GRI 3.

Requirimento 5. Presentar contidos dos estándares temáticos GRI para cada tema material

Véxase a relación detallada de cada indicador escollido no anexo co índice de contidos GRI.

Requirimento 6. Proporcionar os motivos para a omisión relativos ao contido ou ao requirimento que a organización non poida cumprir

Véxase a relación detallada de cada contido no anexo I co índice de contidos GRI.

Requirimento 7. Publicar un índice de contidos GRI

Nos anexos pódese consultar a desagregación da aplicación dos indicadores GRI en cada apartado da presente memoria.

Requirimento 8. Proporcionar unha declaración de uso

A organización ten que cumprir os nove requirimentos do Estándar GRI 1 e está obrigada a incluír o seu nome e as datas de inicio e final do período obxecto do informe (apartado 3.1).

Requirimento 9. Notificarlle á GRI

A organización ten que notificarlle á GRI a utilización dos estándares GRI e a súa declaración de uso, enviando un correo electrónico a reportregistration@globalreporting.org.

Namentres non se audite a Memoria de responsabilidade social non podemos afirmar que a presente memoria cumpre fielmente os nove requirimentos expresos de conformidade co establecido nos fundamentos do GRI 1, aínda que se intente aplicalos. Por iso, indícase que se adapta o estándar do Global Reporting Initiative e que se fai como indica o estándar «Elaboración de informes utilizando como referencia os estándares GRI» (apartado 3.1.).

A elaboración de informe utilizando como referencia os estándares GRI esixe o seguinte:

- Publicar un índice de contidos GRI (requirimento 7)
- Proporcionar unha declaración de uso (requirimento 8)
- Notificarlle á GRI (requirimento 9)

O estándar universal **GRI 2: Contidos xerais 2021** inclúe os contidos que a organización utiliza para presentar información sobre as súas prácticas de elaboración de informes e detalles organizacionais, as súas actividades, gobernanza e políticas.

O estándar GRI 2 está estruturado do seguinte xeito (véxase no anexo a desagregación detallada no índice de contidos GRI):

1. A organización e as súas prácticas de presentación de informes

A organización debe reflectir os detalles organizacionais, as entidades incluídas, o período obxecto do informe, frecuencia e punto de contacto, a actualización da información e a verificación externa (véxase detalles no índice do anexo I).

2. Actividades e persoal traballador

A organización debe presentar os sectores nos que ten actividade e o número total de persoal empregador coa súa desagregación por xénero e rexión se é o caso. Tamén ten que presentar o número de persoal traballador que non é empregado e cuxo traballo é controlado pola organización e aquel cuxo traballo non é controlado pola organización (véxanse os detalles no índice do anexo I).

3. Gobernanza

A organización ten que describir a estrutura de gobernanza, a composición dos seus órganos de goberno, a designación e a selección dos órganos de goberno, o seu máximo representante, funcións dos órganos na supervisión da xestión dos impactos e outros (véxanse os detalles no índice do anexo I).

4. Estratexia, políticas e prácticas

A organización ten que presentar unha declaración sobre a importancia no desenvolvemento sostible para a organización e a súa estratexia, os compromisos e políticas de conduta empresarial responsable, os procesos para remediar os impactos negativos, mecanismos de asesoramento e cumprimento da lexislación e as normativas. Afiliación a asociacións (véxanse os detalles no índice do anexo I).

5. Participación dos grupos de interese

A organización ten que informar sobre as prácticas de participación dos grupos de interese, incluída a negociación colectiva co persoal empregado, e os convenios de negociación colectiva (véxanse os detalles no índice do anexo I).

O estándar universal **GRI 3. Temas materiais 2021** ofrece orientacións para que as organizacións determinen os temas materiais e o uso de estándares sectoriais no proceso.

Os temas materiais son os temas que representan os impactos máis significativos sobre a economía, o medio ambiente e as persoas, incluídos os impactos que afectan aos dereitos humanos.

O estándar GRI 3 está estruturado do seguinte xeito:

1. Orientacións para determinar os temas materiais

A organización debe seguir catro pasos para determinar os seus temas materiais e documentar o seu proceso de determinación. Os pasos para determinar os temas materiais son os seguintes:

Paso 1. Entender o contexto da organización

A Constitución española e as diferentes leis orgánicas universitarias (a máis recente denominada LOSU) determinan que o sistema universitario presta e garante o servizo público da educación superior universitaria mediante a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento polo que se pode considerar o propósito de calquera universidade española. Ademais, a Universidade de Vigo definiu a súa visión e misión a través do seu plan estratéxico (apartado 2.8), e o modelo de negocio e as estratexias da organización (estatutos e plan estratéxico).

Os tipos de actividade principal son a docencia (apartado 2.4), a investigación e a transferencia (apartado 2.5), pero tamén o seu compromiso coa transferencia social e cultural (apartado 7.1), a colaboración cos axentes sociais (apartado 7.2), a promoción do voluntariado e a cooperación (apartado 7.3), a saúde (apartado 7.4) e o compromiso coa lingua e coa cultura galegas (apartado 7.6).

A organización debería identificar os seus grupos de interese en todas as súas actividades. Os principais grupos de interese son os identificados na lexislación universitaria como o alumnado (apartado 4.1), o persoal docente e investigador (apartado 4.2), o persoal de administración e servizos (apartado 4.2), e o persoal investigador (apartado 4.2). Os grupos de interese é extensible á comunidade alumni ou antigo alumnado (apartado 4.4), a grupos vulnerables como as persoas con necesidades específicas (apartado 4.3.3) ou as empresas que prestan servizos ou subministracións (apartado 5.4).

Paso 2. Identificar impactos reais e potenciais

A organización identifica os seus impactos reais e potenciais sobre a economía, o medio ambiente e as persoas, incluídos os impactos sobre os dereitos humanos, en todas as actividades e relacións comerciais.

A Universidade de Vigo identifica os seus impactos no seu desempeño nas tres dimensións clásicas que son a **económica** (capítulo 5), a **ambiental** (capítulo 6) e a **social** (capítulo 7), e tamén na específica que é a súa responsabilidade social na **ensinanza** e na **investigación** (capítulo 3).

O estándar GRI 3 dálle enorme importancia a entender as preocupacións dos grupos de interese, e o valor de consultar expertos internos e externos, como organizacións da sociedade civil e persoal investigador; fai énfase en obter máis información mediante mecanismos de queixas e reclamacións da propia organización. Para tal efecto, a Universidade de Vigo dispón dun sistema de queixas, suxestións e parabéns como canle de comunicación cos seus grupos de interese (apartado 4.6.4) e da que anualmente se publica o corresponden informe. A comprensión das necesidades dos diferentes colectivos está regulamentada legalmente a través da participación nos diferentes órganos e niveis de goberno da universidade, dende departamentos, centros, Consello de Goberno, Claustro e Consello Social (apartado 4.6.1), e coa existencia de órganos como a Valedoría Universitaria (apartado 4.6.2.) e a Unidade de Convivencia (apartado 4.6.3).

As diferentes enquisas de avaliación da satisfacción permiten ir coñecendo a percepción dos diferentes grupos de interese (apartado 3.4.4).

Cabe destacar nas universidades a existencia do Consello Social como medio de participación das organizacións da sociedade civil e outros representantes na universidade, que desempeñan importantes funcións.

Paso 3. Avaliar a importancia dos impactos

Tras identificar no paso anterior os impactos reais e potenciais, a organización ten que avaliar a importancia dos impactos identificativos para priorizalos. A priorización permítelle á organización tomar medidas para tratar os impactos e determinar os temas materiais sobre os que debe presentar información.

A avaliación dos impactos da Universidade de Vigo vén determinado polo seu impacto nos procesos de ensinanza (apartado 3.4), na investigación, da divulgación e na transferencia do coñecemento (apartado 3.5), na promoción da igualdade de xénero, conciliación familiar e laboral, e medidas de apoio á inserción das persoas con necesidades específicas (apartado 4.3).

Como organización que ten encomendada a investigación e a transferencia do coñecemento, a Universidade de Vigo constituíu o Comité de Ética na Investigación (Cetic), que dispón de tres comités independentes especializados para avaliar os impactos na investigación e na experimentación, e garantindo a integridade científica e académica (apartado 3.5.5).

O desempeño de órganos como a Valedoría Universitaria (apartado 4.6.3) queda reflectido anualmente no seu informe presentado no Claustro Universitario, na Unidade de Igualdade (apartado 4.3.1) cos seus diferentes informes ou na actuación da Unidade de Convivencia (apartado 4.6.3), que reflicten impactos nos diferentes grupos de interese.

A avaliación dos impactos tamén queda reflectida no desempeño medioambiental da Universidade de Vigo (capítulo 6), e particularmente na medición da súa pegada ecolóxica (apartado 6.4) e na xestión ambiental nos recursos e residuos (apartado 6.2). A importancia da redución das emisións de CO₂ queda recollido en todas as medidas implementadas do Plan Suvi (apartado 6.5).

A avaliación do impacto económico queda reflectida na sustentabilidade da xestión económica e na responsabilidade na cadea de aprovisionamento (capítulo 5), e no informe

externo da conta anual da Universidade de Vigo realizado por unha auditora inscrita no Rexistro Oficial de Auditores de Contas.

Durante o ano 2022 presentouse por parte do Consello Social, con importantes atribucións no control financeiro da universidade, o primeiro estudo promovido por el sobre o impacto económico e social da Universidade de Vigo (apartado 5.7).

A avaliación do impacto social queda reflectido na valoración que a sociedade ten da Universidade de Vigo (capítulo 3 e 7) e na achega de valor na transmisión de coñecemento científico, tecnolóxico, social, humanístico, artístico e cultural. Os indicadores que poden valorar ese desempeño e mellorar o rendemento de contas son o fomento da transparencia (apartado 3.8) e o posicionamento nas diferentes clasificacións nacionais e internacionais (apartado 2.7.2).

Entre esas clasificacións destaca o GreenMetric IU (apartado 6.7.) porque amosa o desempeño na sostibilidade con 51 indicadores, 30 evidencias e 6 criterios clasificados no contorno e as infraestruturas, a enerxía e o cambio climático, os residuos, a auga, o transporte, a educación e a investigación. A Universidade de Vigo elabora un informe de posicionamento na citada clasificación para coñecer en cada temática o seu desempeño e coñecer o impacto, e asemade coñecer a valoración en cada un dos indicadores. Esta clasificación é unha referencia externa que permite valorar o impacto medioambiental e comparala con outras organizacións similares ao ser o resto de participantes universidades, tanto nacionais coma internacionais.

A outra clasificación destacada na responsabilidade social e na sostibilidade é o THE Impact Ranking, o cal avalía o desempeño dos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) da Axenda 2030 das Nacións Unidas. A Universidade de Vigo participa nesa clasificación enviando información para os 17 ODS, cun total de 75 métricas, para as que se recompilaron 315 indicadores e 530 evidencias. Como no GreenMetric, na universidade elabórase un informe de posicionamento para coñecer o desempeño en cada un dos ODS e así avaliar o impacto en cada un deles. Serve tamén de referencia externa para valorar o impacto social, medioambiental e económico da nosa organización e o posicionamento respecto ao resto de universidades participantes.

Como xa se comentou anteriormente, queda pendente para que se poida considerar que se seguen plenamente os criterios do estándar GRI que se audite externamente esta memoria de responsabilidade social ou sostibilidade (recomendación 5 do estándar universal GRI 1 e contido 2.5 do estándar GRI 2), como que os grupos de interese participen activamente na definición desta memoria coa contribución de expertos internos e externos (recomendación 5 do estándar universal GRI 5 e paso 2 do estándar GRI 3).

Planificación estratéxica: obxectivos e metas

A Universidade de Vigo aprobou o seu plan estratéxico 2021-2026, no cal se definiu a súa planificación estratéxica e no que se identificaron cinco eixes estratéxicos, tres eixes transversais, 29 obxectivos, 117 accións e 158 indicadores. Todos estes elementos son avaliados anualmente por unha comisión de seguimento e informados no Claustro Universitario, máximo órgano de representación da comunidade universitaria. Posteriormente, publícase na web institucional o informe de seguimento para xerar coñecemento (apartado 2.8).



Capítulo 1. Cartas do presidente do Concello Social e do reitor

Carta do presidente do Consello Social

Velaquí unha obrigada reflexión introdutoria dun documento capital que sitúa os valores e a responsabilidade social da Universidade de Vigo en cotas máximas. A vida e o latexo da Universidade de Vigo está nas súas páxinas. A institución está a facer un traballo sobranceiro nesta dirección, respondendo ao que se espera dunha universidade, e estao a facer con determinación, como guiada a conciencia pola reflexión que fai Vargas Llosa en *La llamada de la tribu*, onde afirma que «no mundo da educación é onde máis inxusto é o privilexio». Son benvidos todos os esforzos que se fagan para que a sociedade coñeza a utilización dos recursos públicos, e debemos esforzarnos tamén para que sexan intelixibles.

Debemos acender as luces, todas as posibles, para ensinar o que hai e explicar o que se ve. Nada hai tan poderoso como unha idea á que lle chega o seu momento. Este é o caso da responsabilidade social ou rendemento de contas, fundamente asociada á calidade democrática. As Nacións Unidas, no seu informe sobre o desenvolvemento humano de 2011, asume o desenvolvemento humano como «a expansión das capacidades das persoas para levar o tipo de vida que valoran e teñen razón para valorar». A definición evoca un escenario individual e colectivo en que o saber, a ciencia e a tecnoloxía resultan imprescindibles. E aí entra o papel da educación superior e das universidades para o coñecemento, pero tamén para inxectar valores saudables para a convivencia, a igualdade, a solidariedade e a cooperación.

Este é o mellor camiño para acadar a confianza nas institucións de relevancia pública como é a Universidade de Vigo, con accións de transparencia e información. Porque a transparencia permítelle a toda a cidadanía coñecer e supervisar o uso de recursos públicos e estimular as administracións a que funcionen de modo máis eficiente.

Así pois, a universidade ten que render contas coa sociedade, tanto interna coma externamente; e a Memoria de responsabilidade social é un formato de rendemento de contas xeralmente admitido. Ao ser o Consello Social o órgano de participación da sociedade na universidade, a presente memoria é un elemento máis para facilitar esta interrelación.

E aí xogan un papel imprescindible os impactos que a universidade ten na sociedade nos eidos económico, medioambiental e social, e a súa relación cos grupos de interese ao intentar seguir un estándar internacional establecido polo Global Reporting Initiative (GRI).

Para verticalizar na busca de cales son eses impactos, e para maximizar a implicación da universidade eco seu contorno, dende o CS puxemos en marcha un estudo para poñerlle cifras ao rendemento de contas, dende o convencemento de que «o que non se define non se pode medir, o que non se mide non se pode mellorar, e o que non se mellora, degrádase sempre». O estudo en cuestión reporta maiores garantías para afrontar o proceso de continua mellora da xestión dos recursos universitarios e das respostas estratéxicas; pero tamén representa unha aposta polo continuo exercicio do rendemento de contas, imprescindible dentro da necesaria xustificación do uso de recursos públicos, ademais de favorecer o compromiso e o diálogo da institución con todos os grupos que se benefician da súa actividade e reciben o seu valor, incrementando o coñecemento e a confianza na universidade como impulsora de progreso e benestar no ámbito local e global.

Ernesto Pedrosa Silva
Presidente do Consello Social

Carta do reitor

A nosa é unha institución comprometida coa súa contorna. Todo o que facemos supéranos e transcéndenos. Esta memoria é un exemplo máis do noso compromiso social. Cada un dos datos e accións recollidos neste documento é froito do traballo comprometido e responsable das persoas que integradés a nosa comunidade universitaria. Porque sabedes que a responsabilidade social universitaria (RSU) e a sustentabilidade non son unha opción.

Somos unha institución pública, tolerante, aberta e solidaria que celebra a diversidade. Estamos obrigados a render contas ante a sociedade. E unha das mellores formas de facelo é a través deste documento que mostra unha fotografía do que somos e do que facemos, que é moito. Somos unha institución en constante crecemento que basea o seu dinamismo e actividade no potencial dos seus tres campus universitarios, que participan en grandes proxectos internacionais como a alianza de universidades Athena, e tamén lideran outros. Coa nosa acción transformamos e estruturamos o territorio, co foco posto en Galicia e no norte de Portugal, pero tamén en Europa e Latinoamérica.

Esta memoria organizouse baseándose na adaptación completa do conxunto consolidado de estándares da Global Reporting Initiative (GRI), xa que son os máis recoñecidos na elaboración dos informes da RSU. Ademais da información facilitada para cumprir coa adaptación dos estándares GRI, volvéronse recoller as achegas realizadas pola UVigo respecto aos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) da Axenda 2030 das Nacións Unidas.

Os datos que aquí presentamos testemuñan a nosa solidez como institución universitaria, o noso carácter inclusivo e permanente progreso, a nosa calidade docente, o noso potencial científico, a nosa capacidade como actor de primeira orde que dinamiza a axenda sociocultural do medio ambiente, o noso afán de defensa e promoción da lingua e da cultura galegas, e da nosa idiosincrasia, a nosa capacidade de transformación e superación das circunstancias.

Nos últimos anos actualizamos e renovamos os procesos para facer mellor as cousas e reflectilos de forma exhaustiva a través dunha completa recompilación de evidencias que está aloxada no portal da transparencia. Pero aínda queda moito por facer, porque no noso horizonte está seguir potenciando esta intensa acción de xeración e transmisión de coñecemento á sociedade a través da nosa docencia, investigación, transferencia e difusión.

En primeiro lugar, debemos seguir adaptando a nosa xestión e o noso funcionamento ordinario aos principios da RSU, para que o noso impacto ambiental sexa mínimo e para que a nosa actividade repercuta positivamente na economía e na sociedade da contorna.

Sobra dicir que ser unha institución de referencia leva unha gran responsabilidade. Por iso, en segundo lugar, na UVigo debemos asumir un papel exemplar: debemos ser un modelo para outras organizacións que tamén queiran apostar pola responsabilidade social e a sustentabilidade.

En terceiro lugar, debemos implantar as ferramentas e os recursos necesarios para mellorar a medición do impacto social da nosa investigación, co fin de acadar melloras que permitan avanzar no camiño cara á RSU e á sustentabilidade. Así mesmo, debemos formar a todo o estudiantado nesta materia: é fundamental que as persoas que lideran o futuro coñezan os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) e a Axenda 2030, e coñezan os conceptos de responsabilidade social e desenvolvemento sostible. Por iso cómpre incluír todos estes contidos específicos no conxunto das actividades universitarias, comezando polas tarefas docentes, e ir incorporándoos progresivamente aos currículos académicos.

Moitas grazas ao traballo e ao esforzo de todos e todas para facer da UVigo unha institución socialmente máis responsable, eficiente, excelente e sostible. Por compromiso, convicción e necesidade, sigamos construíndo a UVigo como exemplo para seguir polos demais.

Manuel Reigosa
Reitor



Capítulo 2. Datos básicos da Universidade de Vigo

Neste capítulo expoñemos as principais actividades desenvolvidas na Universidade de Vigo durante o ano 2022 mostrando as súas principais magnitudes de referencia. Malia os lixeiros cambios de formato, neste capítulo continúanse aplicando as recomendacións de distintos informes de sustentabilidade, en particular, os principios establecidos pola Global Reporting Initiative (GRI) nos estándares universais GRI 1, GRI 2 e GRI 3, iniciativa inserida no Pacto Mundial, onde a Universidade de Vigo está tamén adherida.

Esta memoria pretende acadar un impacto real e chegar a todas as partes interesadas como un documento aberto a prol da mellora continua. Todo isto, a través da normalización e da actualización dos indicadores dispoñibles no portal de transparencia para que sirvan de base no avance da RSU e dos seus distintos mecanismos de participación.

Polo tanto, a finalidade deste informe é contarlles aos nosos grupos de interese quen somos e con que valores nos identificamos. Ao mesmo tempo, facilitarlles a dimensión e o alcance do noso traballo e do compromiso cos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030, dando conta dos resultados máis relevantes do noso labor e abrindo un espazo permanente de diálogo que faga posible o proxecto educativo, investigador e social da Universidade de Vigo.

2.1 Presenza da responsabilidade social na Universidade de Vigo



Misión e visión

Segundo o Plan estratéxico da Universidade de Vigo (2021-2026), a súa misión é contribuír á mellora da vida das persoas e da súa contorna socioeconómica a través da docencia, da investigación e da transferencia de coñecemento.

Na mesma liña, o Plan estratéxico da Universidade de Vigo (2021-2026) expresa a visión de que a nosa universidade é unha institución pública, autónoma, aberta á contorna e con vocación internacional, que promove a igualdade, a pluralidade, a accesibilidade, a sostibilidade, a transparencia, o progreso económico e o benestar social de Galicia. Grazas a todo isto, persegue este reto mediante unha ensinanza e unha investigación de calidade coas que contribuír á creación e á transferencia de coñecemento no tecido socioeconómico e empresarial, á formación integral das persoas, ao desenvolvemento, á innovación e ao crecemento intelectual da sociedade pluricultural e plurilingüe na que se insire.

A Universidade de Vigo procura ser unha universidade caracterizada por un goberno transparente e participativo, centrada na satisfacción integral do estudantado e do persoal, na captación de talento e nun maior grao de recoñecemento internacional nos ámbitos das humanidades, xurídico-social, das ciencias experimentais, das ciencias da saúde e da enxeñaría.

2.2 Principais magnitudes da Universidade de Vigo



A Universidade de Vigo, creada en 1989, é unha institución de servizo público, moderna e innovadora, autónoma, aberta á contorna e con vocación internacional, comprometida coa igualdade e co progreso económico e o benestar social de Galicia á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior. Conta cunha personalidade xurídica e un patrimonio propios, e goza de autonomía académica, económica e de goberno, de acordo coa Constitución e coa Lei orgánica de universidades (tal e como se especifica no artigo 1 dos seus estatutos):

+ información

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/archivo-normativa/estatutos-universidade>

A universidade está estruturada en tres campus: Ourense (As Lagoas, 32004 Ourense), Pontevedra (A Xunqueira, 36005 Pontevedra) e Vigo (As Lagoas, Marcosende, 36310 Vigo), onde ten tamén a súa sede a Reitoría (Contido 2-1). Esta institución, vinculada á realidade histórica, social e económica de Galicia, dedicaralle especial atención ao estudo e ao desenvolvemento da súa cultura e do seu medio, e proxectarase dun xeito activo sobre os problemas galegos mediante programas específicos de docencia, de investigación e de desenvolvemento e difusión establecidos a partir de necesidades concretas.

A Universidade de Vigo está integrada por escolas, facultades, departamentos e por outros centros ou estruturas necesarios para desempeñar as súas funcións. Esta estrutura está regulada no título I dos Estatutos da Universidade de Vigo, denominado «Estrutura, goberno e administración da universidade» (artigos do 6 ao 50).

2.2.1. Infraestruturas


Infraestruturas da Universidade de Vigo (2021-2022)

Campus	3
Centros universitarios propios	22
Centros adscritos	7
Centros tecnolóxicos	6
Departamentos	47
Áreas de coñecemento	140
Edificios	42
Superficie (m ²)	445 751 m ²
Residencias universitarias propias	3
Centros de investigación	10

Número de departamentos por ámbito de coñecemento

Ámbito científico	11
Ambito xurídico-social	13
Ámbito humanístico	9
Ambito tecnolóxico	14

Aulas informáticas e administración



Servizos da Universidade de Vigo

Administración do Campus de Ourense
Administración do Campus de Pontevedra
Administración do Campus de Vigo – Ámbito tecnolóxico
Administración do Campus de Vigo – Ámbito das ciencias experimentais
Administración do Campus de Vigo – Ámbito xurídico, social e humanidades
Área de Benestar, Saúde e Deporte
Área de Calidade
Area de Centros de Apoio á Investigación
Area de Formación e Innovación Educativa
Area de Normalización Lingüística

Area de Tecnoloxías de Información e Comunicación
Area de Transporte e Distribución
Área de Xestión de Infraestruturas
Biblioteca Universitaria
Oficina de I+D
Oficina de Medio Ambiente
Oficina de Proxectos Internacionais
Secretaría Xeral
Servizo de Apoio á Investigación e ao Desenvolvemento
Servizo de Asesoría Xurídica
Servizo de Axudas aos Estudos, Bolsas e Prezos Públicos
Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesouraría
Servizo de Control Interno
Servizo de Persoal de Administración e Servizos
Servizo de Persoal Docente e Investigador
Servizo de Prevención de Riscos Laborais
Servizo de Retribucións e Seguros Sociais
Servizo de Xestión da Extensión Universitaria
Servizo de Xestión de Estudos de Grao
Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao
Servizo de Xestión Económica e Contratación
Unidade de Análises e Programas
Unidade de Apoio Administrativo ao Equipo de Goberno
Unidade de Emprego e Emprendemento
Unidade de Igualdade
Unidade de Servizos Xerais

Residencias

A Universidade de Vigo contou no curso 2021/2022 cos seguintes aloxamentos:

Residencias propias

- Complexo residencial O Castro (Vigo)
- Residencia universitaria As Burgas (Ourense)

Residencias concertadas

- Residencia concertada Afundación (Pontevedra)

2.2.2. *Comunidade universitaria*


A Universidade de Vigo está constituída por dous grandes grupos de persoas: o estudiantado e o persoal traballador.

Estudiantado no curso 2021/2022 en titulacións oficiais

Estudo	Estudiantado matriculado	% de persoas estranxeiras	% de mulleres
Graos de 1.º e 2.º ciclo	16 447	0,33 %	51,75 %
Mestrados	2216	6,77 %	52,80 %
Programas de doutoramento	1460	27,05 %	51,58 %
Total	20 123	2,98 %	51,86 %

Comparativa interanual no número de estudantes que cursan os seus estudos na nosa universidade

Alumnado matriculado 2010/2022




Como podemos observar na evolución da matrícula dende o ano 2010, a tendencia é que esta se establece arredor de 20 000 persoas.

Persoal traballador a 31/12/2022

Tipo de persoal	Total	% de mulleres	% de persoas estranxeiras
PDI	1501	42,97 %	1,13 %
PAS	818	61,00 %	0 %
PI	638	49,22 %	10,82 %
Total	2957	49,31 %	2,91 %

Persoal total da UVigo. Evolución



PDI (persoal docente e investigador)

PAS (persoal de administración e servizos)

PI (persoal investigador)

2.2.3. Certificacións de sistemas de xestión de calidade

A Universidade de Vigo conta coas seguintes certificacións:

Centro certificado	Fides-Audit	ISO 9001	ISO 14000	ISO/IEC 17025	Selo Q	Acreditación institucional
Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	✓				✓	✓
Facultade de Bioloxía	✓				✓	✓

Centro certificado	Fides-Audit	ISO 9001	ISO 14000	ISO/IEC 17025	Selo Q	Acreditación institucional
Escola Superior de Enxeñaría Informática	✓				✓	✓
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	✓				✓	✓
Facultade de Filoloxía e Tradución	✓				✓	✓
Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	✓				✓	✓
Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	✓				✓	✓
Facultade de Dereito	✓				✓	✓
Escola de Enxeñaría Forestal	✓				✓	✓
Facultade de Ciencias da Educación	✓				✓	✓
Facultade de Historia	✓				✓	✓
Facultade de Química	✓				✓	✓
Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo	✓					
Escola de Enxeñaría Industrial	✓				✓	✓
Facultade de Fisioterapia	✓					
Laboratorio de Microbioloxía		✓		✓	✓	
Biblioteca Universitaria		✓			✓	
Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (Ecimat)		✓			✓	
Centro de Investigacións Biomédicas (Cinbio)		✓			✓	
Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación (CACTI)		✓			✓	
Centro de Investigacións Tecnolóxicas, Enerxías e Procesos Industriais (Cintecx)		✓				

Centro certificado	Fides-Audit	ISO 9001	ISO 14000	ISO/IEC 17025	Selo Q	Acreditación institucional
Escola Internacional de Doutoramento (Eido)	✓					

Ademais destes modelos estandarizados, debemos ter en conta que na nosa universidade contamos coa certificación HR Excellence in Research–HRS4R certificada pola entidade EURAXESS da Comisión Europea desde 2017. Trátase dunha iniciativa do espazo europeo de investigación que prové información e servizos para o persoal investigador e para as organizacións de investigación.

+ información

<https://www.uvigo.gal/investigar/idi-uvigo/estratexia-investigadora/estratexia-persoal-investigador-hrs4r>

Non debemos esquecer que o campus de Pontevedra, a súa vicerreitoría, facultades e escolas contan dende o ano 2015 coa distinción Green Campus, certificada pola Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (ADEAC), unha organización responsable en España da-FEE (Foundation for Environmental Education).

+ información

<https://www.uvigo.gal/campus/pontevedra-campus-crea/green-campus>.

O programa de renovación da acreditación Acredita encárgase da avaliación das titulacións oficiais co obxectivo de garantir que o seu desenvolvemento se está realizar de acordo coa memoria que obtivo a verificación inicial, xunto con todas as modificacións aprobadas con posterioridade.

Titulacións que obtiveron a renovación da acreditación (Acredita) no ano 2022

Graos e mestrados

Grao en Enxeñaría Aeroespacial	Escola de Enxeñaría Aeroespacial
Grao en Ciencias e Tecnoloxías dos Alimentos	Facultade de Ciencias *Pendentes dos informes da ACSUG
Grao en Ciencias Ambientais	Facultade de Ciencias *Pendentes dos informes da ACSUG
Grao en Enxeñaría Agraria	Facultade de Ciencias *Pendentes dos informes da ACSUG

Programas de doutoramento

Biotecnoloxía avanzada	Escola Internacional de Doutoramento (UVigo) *Programa conxunto, coordinado pola UVigo
Estudos lingüísticos	Escola Internacional de Doutoramento (UVigo) *Programa conxunto, coordinado pola UVigo
Investigación en tecnoloxías e procesos avanzados na industria	Escola Internacional de Doutoramento (UVigo)
Metodoloxía e aplicacións en ciencias da vida	Escola Internacional de Doutoramento (UVigo)
Sistemas de software intelixentes e adaptables	Escola Internacional de Doutoramento (UVigo)
Tradución e paratradución	Escola Internacional de Doutoramento (UVigo)
Ciencia e tecnoloxía química	Escola Internacional de Doutoramento (UVigo) *Programa conxunto, coordinado pola USC
Estatística e investigación operativa	Escola Internacional de Doutoramento (UVigo) *Programa conxunto, coordinado pola USC
Láser, fotónica e visión	Escola Internacional de Doutoramento (UVigo) *Programa conxunto, coordinado pola USC
Ciencias do deporte, educación física e actividade física	Escola Internacional de Doutoramento (UVigo) *Programa conxunto, coordinado pola UDC
Eficiencia enerxética e sustentabilidade en enerxía e arquitectura	Escola Internacional de Doutoramento (UVigo) * Programa conxunto, coordinado pola UPV/EHU
Química teórica e modelización computacional	Escola Internacional de Doutoramento (UVigo) * Programa conxunto, coordinado pola UAM

Outras acreditacións e recoñecementos para as titulacións oficiais:

- **ABET (Accreditation Board for Engineering and Technology)**
 - Mestrado en enxeñaría industrial (Escola de Enxeñaría Industrial) desde 2015
- **Mención de excelencia do SUG (sistema universitario de Galicia)**
 - Mestrado en tradución para a comunicación internacional (Facultade de Filoloxía e Tradución) desde 2021
 - Mestrado en biotecnoloxía avanzada (Facultade de Bioloxía) desde 2021

Outras acreditacións e recoñecementos no ámbito da investigación:

- **Acreditación dos centros de investigación do SUG**
 - Centro de Investigacións Biomédicas (Cinbio) desde 2020
 - Atlantic desde 2020
 - Centro de Investigación Mariña (CIM) desde 2020

2.3 Sistema de goberno da Universidade de Vigo



Organización institucional

En relación cos principios directores dos Estatutos da Universidade de Vigo, o seu réxime de goberno fundaméntase no principio de representación de todos os sectores da comunidade universitaria a través dos seus órganos colexiados e unipersoais, así como no de designación por elección das persoas que ocuparán os cargos académicos, agás as excepcións establecidas explicitamente nos estatutos.

Así mesmo, propicia a presenza equilibrada de homes e de mulleres nos seus órganos de goberno, a través das normas de paridade entre xéneros aprobadas pola comisión electoral.

+ **información** <https://www.uvigo.gal/universidade/goberno-uvigo>

O goberno da Universidade de Vigo

O goberno, a participación social, a representación e a administración da Universidade de Vigo artículanse, cando menos, a través dos órganos indicados a continuación:

A) Órganos colexiados

Están compostos polo Consello Social, o Claustro Universitario, o Consello de Goberno, as xuntas de escola e de facultade, os consellos de departamento e de instituto universitario, os consellos de campus (Ourense e Pontevedra), as xuntas de titulación e as xuntas, consellos ou outros órganos doutros centros que se puidesen crear.

Consello Social

O Consello Social, que goza de plena independencia no exercicio das súas competencias, é o órgano de participación da sociedade na universidade, que impulsa a colaboración entre elas, e contribúe eficazmente ao desenvolvemento social, profesional, económico, tecnolóxico e cultural de Galicia. Tamén vela pola mellora da calidade na educación superior universitaria e procura obter os recursos precisos para garantir a suficiencia económica e financeira.

A súa composición e funcións veñen establecidas nos artigos 17 a 19 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

O Consello Social está concibido para que, a través da participación social, a universidade teña presente a problemática real do seu contorno no que desenvolve a súa misión docente e investigadora. E, á súa vez, para que o contorno socioeconómico se aperciba das necesidades da súa universidade e das potencialidades do desenvolvemento e do progreso que esta ofrece.

Ao Consello Social correspóndelle supervisar as actividades de carácter económico da universidade –incluída a aprobación do orzamento e das contas anuais–, do rendemento dos servizos e da colaboración da sociedade no financiamento da universidade.

Durante 2022 este órgano estivo composto por 31 membros do pleno e das comisións delegadas, dos cales un 38,71 % eran mulleres.

+ **información** <https://consellosocial.uvigo.gal/es/organizacion-y-funcionamiento/pleno/>

Claustro Universitario

O Claustro Universitario é o máximo órgano de representación da comunidade universitaria regulado polos artigos 11 a 13 dos Estatutos da Universidade de Vigo. O Claustro está formado por membros natos e membros elixidos entre os distintos colectivos integrantes da comunidade universitaria mediante sufraxio universal, libre, directo e secreto.

O Claustro debe servir de ámbito para formularlles interpelacións ao reitor e aos membros do seu equipo, así como ao resto do Consello de Goberno. Reunirase con carácter ordinario, polo menos, dúas veces ao ano e, con carácter extraordinario, de acordo co seu regulamento de réxime interno.

Ata o 7 de xullo de 2022 a composición do Claustro foi de 198 membros, dos cales un 39,39 % foron mulleres. O 7 de xullo constituíuse un novo Claustro composto por 236 membros, dos cales un 46,61 % foron mulleres.

+ **información** <https://www.uvigo.gal/universidade/goberno-uvigo/organos-colexiados/claustro>

Consello de Goberno

O Consello de Goberno é o órgano de goberno da universidade e está regulado polos artigos 14 a 18 dos Estatutos da Universidade de Vigo. Está composto por:

- a) O reitor, que o preside.
- b) O secretario xeral e a xerenta.
- c) Quince membros designados polo reitor, entre os cales deben estar necesariamente as persoas que forman parte das vicerreitorías.
- d) Vinte membros elixidos polo Claustro de entre os seus membros, dos cales dez formarían parte do persoal docente e investigador, oito deles doutores/as con vinculación permanente coa universidade, oito estudantes e dous membros do persoal de administración e servizos.
- e) Quince membros elixidos polo Claustro entre as persoas que desempeñen a dirección dos centros e das unidades docentes e de I+D+i.
- f) Tres membros do Consello Social non pertencentes á comunidade universitaria.
- g) Recoñécese a presenza con voz de catro representantes sindicais, un da forza sindical máis votada entre o PDI funcionario, outro da forza sindical máis votada entre o PDI laboral, outro da forza sindical máis votada entre o PAS funcionario e outro da forza sindical máis votada entre o PAS laboral.

Entre as funcións do Consello de Goberno están establecer as liñas estratéxicas e programáticas da universidade, e aprobar a ordenación xeral da actividade académica e investigadora. Ademais, encárgase de aprobar os proxectos de orzamento e de programación plurianual, así como das contas anuais da universidade para tramitalas ao Consello Social, de autorizar os cadros de persoal ou de propoñer plans de estudo.

Nos artigos do 14 ao 16 dos Estatutos da Universidade de Vigo aparece regulado o seu funcionamento e a súa composición. Ata o 14 de xullo do 2022 a composición do Consello de Goberno foi de 56 membros, dos cales un 46,42 % foron mulleres. O 14 de xullo constituíuse un novo Consello de Goberno composto por 60 membros, dos cales un 55 % foron mulleres.

+ **información** <https://www.uvigo.gal/universidade/goberno-uvigo/organos-colexiados/consello-goberno>

Consellos de campus

Campus de Ourense: 21 persoas (42,86 % de mulleres)

+ información

<https://www.uvigo.gal/universidade/goberno-uvigo/organos-colexiados/consello-campus-ourense>

Campus de Pontevedra: 19 persoas (42,11 % de mulleres)

+ información

<https://www.uvigo.gal/universidade/goberno-uvigo/organos-colexiados/consello-campus-pontevedra>

B) Órganos unipersoais

A Universidade de Vigo establece que os e as titulares dos órganos unipersoais, agás por designación ou por procedemento expresamente regulado doutro modo, deben ser elixidos por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto.

Estes postos de carácter persoal concréntanse nos seguintes títulos: reitor/a, vicerreitores/as, secretario/a xeral, xerente/a, decanos/as e vicedecanos/as de facultades, directores/as e subdirectores/as de escolas e de departamentos, e secretarios/as de facultades, de escolas e de departamentos, de institutos ou doutros órganos que se puidesen crear.

No curso 2021/2022 o equipo de goberno estivo composto polas seguintes persoas ata o 19 de xuño de 2022:

Reitor	Manuel Joaquín Reigosa Roger
Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade	José Luís Míguez Tabarés
Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais	Mónica Valderrama Santomé
Vicerreitoría de Economía	José María Martín Moreno
Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado	Manuel Ramos Cabrer
Vicerreitoría de Investigación	María Belén Rubio Armesto
Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria	Natalia Caparrini Marín
Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación	María Isabel Doval Ruiz
Vicerreitoría do Campus de Ourense	María Esther de Blas Varela
Vicerreitoría do Campus de Pontevedra	Jorge Soto Carballo
Secretaría Xeral	Miguel Ángel Michinel Álvarez

A partir do 20 de xuño de 2022 o equipo de goberno quedou composto por:

Reitor	Manuel Joaquín Reigosa Roger
Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación	María Belén Rubio Armesto
Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade	José Luís Míguez Tabarés
Vicerreitoría de Profesorado, Docencia e Titulacións	Alfonso Lago Ferreiro
Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais	Mónica Valderrama Santomé
Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade	Natalia Caparrini Marín
Vicerreitoría de Internacionalización	Maribel del Pozo Triviño
Vicerreitoría de Relacións coa Empresa	José María Martín Moreno
Vicerreitoría de Benestar, Equidade e Diversidade	María Isabel Doval Ruiz
Vicerreitoría de Extensión Universitaria	Susana Reboreda Morillo
Vicerreitoría do Campus de Ourense	Elena Rivo López
Vicerreitoría do Campus de Pontevedra	Eva María Lantarón Caeiro
Secretaría Xeral	Miguel Ángel Michinel Álvarez

+ **información** <https://www.uvigo.gal/universidade/goberno-uvigo/organigrama-goberno-universidade-vigo>

2.4 Oferta académica



A oferta académica durante o curso académico 2021/2022 foi a seguinte:


Titulacións oficiais

Núm. de titulacións de grao	54
Núm. de titulacións de programación conxunta	6
Núm. de dobres titulacións con universidades estranxeiras	2
Núm. de titulacións de mestrados oficiais*	65
Núm. de programas de doutoramento*	42


*Inclúe titulacións en proceso de extinción

+ **información** <https://www.uvigo.gal/estudar/que-estudar>

Indicadores académicos. Curso 2021/2022



Mestrado - indicadores académicos 2021/2022




+ información <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/51>


Persoas matriculadas e alumnado egresado por rama de coñecemento

Un 74,09 % do estudiantado matriculado no curso 2021/2022 foron estudantes nalgunha carreira do ámbito de ciencias sociais e xurídicas ou de enxeñaría. Este é un dato que se mantén ano tras ano e que confirma as preferencias do estudiantado por cursar algunha carreira destas ramas; unhas proporcións que se manteñen no caso do estudiantado egresado.

Estudiantado matriculado por rama de coñecemento 2021/2022



Estudiantado egresado por rama de coñecemento 2021/2022



+ **información** <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/51>

Estudos propios 2021/2022	Cursos ofertados	Matriculados/as
Núm. de titulacións propias	1	7
Cursos complementarios	2	30
Cursos de extensión universitaria	83	1401
Cursos de galego	11	261
Cursos de idiomas (ano 2020)	81	1606
Cursos de formación	7	219
Cursos de especialista	7	119
Talleres e obradoiros	6	40
Núm. de formacións para maiores	2	389
Total	200	4072

+ **información** <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/3>

Universidade para maiores de 55 anos

Dentro do marco xeral dos programas de formación das aulas de formación aberta da Universidade de Vigo desenvólvese o programa Maiores, un proxecto de desenvolvemento científico-cultural dirixido a promover a ciencia e a cultura entre as persoas maiores, teñan ou non unha titulación académica, ao mesmo tempo que

fomenta as relacións interxeracionais. Coa posta en marcha deste programa nos tres campus, preténdese facilitarles ás persoas adultas o seu desenvolvemento persoal e social. Trátase dunha oferta de estudos para as persoas que, por diferentes razóns, non puideron acceder á universidade no seu momento ou que, sendo xa tituladas, se atopan en idade inhabitual para realizar estudos universitarios. Este proxecto educativo pretende favorecer a súa incorporación á vida universitaria a través de programas de formación paralelos ás ensinanzas regradas, ao tempo que favorece a súa calidade de vida e facilita o acceso a ensinanzas e a experiencias propias do ámbito universitario de tipo científico e cultural. Ademais, pretende fomentar a súa participación na sociedade actual axudándolles a adaptarse aos cambios do noso tempo e impulsando o seu rol na dinamización do seu contexto sociocultural máis próximo.

Este programa deséñase de acordo cos seguintes principios:

- Principio de adecuación dos contidos: os contidos das diferentes materias ou disciplinas deben adaptarse ao nivel de formación do estudiantado, tratando de axustar o rigor e o valor científico dos contidos á súa capacidade de comprensión.
- Principio de personalización da aprendizaxe: os programas das materias deberán ter en conta as situacións específicas de aprendizaxe das persoas ás que van dirixidos (tempos, ritmos, intereses, motivación etc.).
- Principio de integración académica e sociocultural: a formación académica debe completarse con actividades de carácter sociocultural, integrando ambos os aspectos.
- A Universidade de Vigo oferta un programa de formación para maiores de 55 anos a través dun dobre itinerario:
 - Un ciclo intensivo cunha duración de 54 créditos e tres anos académicos. A súa superación dá lugar ao título propio da Universidade de Vigo de Universitario/a en Cultura e Sociedade. É un programa deseñado para mellorar a calidade de vida das persoas maiores, ofrecéndolles un espazo axeitado para intercambiar coñecementos e experiencias de tipo científico e cultural, e favorecer, ao mesmo tempo, un estilo de vida saudable.
 - Un ciclo integrado cunha duración de 36 créditos e dous anos académicos. A súa superación dá lugar á obtención do título propio da Universidade de Vigo de Universitario/a Superior Sénior. Estes estudos desenvólvense xunto co estudiantado das correspondentes titulacións oficiais de grao, nas mesmas aulas e horarios.

Número de estudiantado matriculado no programa de formación para maiores. Curso 2021/2022

	Homes	Mulleres	Total
Universitario/a en Cultura e Sociedade	111	225	336
Universitario/a Superior Sénior	26	27	53
Total	137	252	389

Evolución matrícula programa maiores



Podemos observar que a maioría das matrículas no programa de formación para maiores correspóndense con mulleres, este último ano un 66,96 %. Daquela, este programa está a permitir que moitas mulleres accedan á formación universitaria á que por diversos motivos, moitas veces asociados con responsabilidades familiares/domésticas, non puideron facelo anteriormente.

No curso 2021/2022 houbo unha repunta do alumnado matriculado no programa Maiores tras o descenso de case a metade do ano anterior e que atribuímos a factores relacionados coa covid-19.

+ **información** <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/53/16>

2.5 Principais indicadores en materia de investigación e de transferencia



Grupos de investigación por área de coñecemento e número de persoas integrantes en 2022

GRUPOS DE INVESTIGACIÓN	ÁMBITO						Total	Estranxeiros/as
	Artes e humanidades	Ciencias	Ciencias da saúde	Ciencias sociais e xurídicas	Enxeñaría e arquitectura			
Grupos de investigación	26	44	9	45	45	169		
Membros dos grupos de investigación	317	521	109	518	482	1947	137	
Mulleres	199	252	67	267	148	933	76	
Investigadores/as principais	40	68	12	57	56	233		
Mulleres investigadoras principais	23	23	5	26	9	86		

En 2022, o número de PDI que participou en actividades de investigación competitiva foi de 661. Durante ese mesmo ano obtivéronse 175 sexenios.

Recursos externos captados en concorrencia competitiva. Comparativa interanual

A continuación realízase unha comparativa interanual dos recursos captados segundo se pode ver na seguinte táboa:

Recursos externos captados	2021	2022	Variación
Proxectos de investigación da Administración Xeral do Estado	6 034 254 €	12 834 653 €	6 800 399 €
Proxectos de investigación da Xunta de Galicia	4 302 353 €	16 079 907 €	11 777 554 €
Convenios	626 619 €	241 618 €	- 385 001 €
Proxectos de investigación europeos	6 029 379,54 €	3 535 205,85 €	- 2 494 173,69 €
Proxectos de investigación Interreg	317 757,60 €	25 886,65 €	- 291 870,95 €
Facturación do CACTI	486 554,31 €	466 086,41 €	- 20 467,90 €

Recursos externos captados	2021	2022	Variación
Facturación da Ecimat	167 211,95 €	67 566,17 €	- 99 645,78 €
Facturación do Citi	-	13 423,22 €	13 423,22 €
Facturación do Cinbio	10 652,33 €	23 370,90 €	12 718,57 €
Contratación I+D	6 579 004,88 €	5 677 962,47 €	- 901 042,41 €
INOUE	47 100 €	47 000 €	- 100 €
Total	24 600 886,61 €	39 012 679,66 €	14 411 793,05 €
Orzamento da UVigo (previsións iniciais)	184 640 912 €	198 316 372 €	13 675 460 €
%	13,32 %	19,67 %	6,35 %

Os recursos externos obtidos para financiar as actividades de investigación da Universidade de Vigo no ano 2022 supuxeron un 19,67 % do orzamento (previsións iniciais).


Financiamento dos proxectos de investigación segundo a entidade financeira e o ámbito do PDI responsable. Ano 2022

PROXECTOS	ÁMBITO										Total	Total do importe
	Artes e humanidades		Ciencias		Ciencias da saúde		Ciencias sociais e xurídicas		Enxeñaría e arquitectura			
	Núm.	Importe	Núm.	Importe	Núm.	Importe	Núm.	Importe	Núm.	Importe		
Administración Xeral do Estado	4	140 587 €	32	4 249 244 €	3	422 365 €	7	388 578 €	51	7 633 879 €	97	12 834 653 €
Xunta de Galicia	2	134 990 €	15	3 889 588 €	4	719 200 €	9	1 152 495 €	16	10 183 634 €	46	16 079 907 €
Outros (convenios)	1	10 518 €					2	31 000 €	5	200 100 €	8	241 618 €
Europeos H2020			2	407 472,75 €	1	139 417,48 €	2	408 402,96 €	3	1 427 894,40 €	8	2 383 187,59 €
Europeos interrexionais									1	25 886,65 €	1	25 886,65 €
Europeos outros			1	287 235,52 €			1	305 854 €	4	558 928,74 €	6	1 152 018,26 €
INOUE	1	3916 €	3	11 751 €			5	19 583 €	3	11 750 €	12	47 000 €
Total xeral	8	290 011 €	53	8 845 291,27 €	8	1 280 982,48 €	26	2 305 912,96 €	83	20 042 072,79 €	178	32 764 270,50 €

Estes datos amosan un incremento significativo no número e no importe dos proxectos para os que se acadou financiamento por parte de todas as posibles entidades financeiras.

Por entidade de financiamento, a contía maior correspóndese coas cantidades achegadas pola Xunta de Galicia, e por ámbito de coñecemento, o de enxeñaría e arquitectura é o que ten unha maior contribución. A achega da Xunta de Galicia neste ámbito é a maior de todas.

% de financiación proxectos segundo entidade financeira en 2022



+ **información** <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/36/24>

Contratación I+D por ámbito do PDI responsable da actividade

Contratación artigo 83 da LOU (inclúe a xestión externa)	Ámbito do PDI responsable da actividade										Total de actividades	Total de importes
	Artes e humanidades		Ciencias		Ciencias da saúde		Enxeñaría e arquitectura		Ciencias sociais e xurídicas			
	N.º	Importe	N.º	Importe	N.º	Importe	N.º	Importe	N.º	Importe		
Contratos	5	63 544,12 €	14	787 129,16 €	6	146 946,00 €	57	2 556 783,46 €	18	467 397,00 €	100	4 021 799,74 €
Cursos							10	70 002,00 €	1	600,00 €	11	70 602,00 €
Informes	8	45 516,17 €	35	129 591,86 €	91	204 478,18 €	330	600 773,05 €	82	349 354,84 €	546	1 319 714,10 €
Total	13	109 060,29 €	49	916 721,02 €	97	351 424,18 €	397	3 227 558,51 €	101	817 351,84 €	657	5 422 115,84 €


Durante o ano 2022, a Universidade de Vigo tivo en vixencia 657 contratos con persoas, universidades ou entidades públicas e privadas para realizar traballos de carácter científico, técnico ou artístico, así como para desenvolver ensinanzas de especialización ou actividades específicas de formación.

Contratacións I+D desenvolvidas durante 2022 segundo o ámbito xeográfico e o seu importe

Ámbito xeográfico	Tipo	Número de actividades	Importe
Comunidade autónoma	Contratos	73	2 403 938,58 €
	Cursos	11	70 602,00 €
	Informes	276	993 253,08 €
Fóra da Unión Europea	Contratos	3	245 400,00 €
	Informes	3	29 300,00 €
Resto de España	Contratos	19	1 184 281,16 €
	Informes	262	342 466,02 €
Unión Europea	Contratos	5	188 180,00 €
	Informes	5	27 695,00 €
Total		657	5 485 115,84 €

Contratación I+D. Ámbito xeográfico 2022

Contratación I+D. Ámbito xeográfico 2022




En 2022, o número de PDI que participou en actividades de transferencia foi de 326.

Axudas UVigo (con orzamento propio) á investigación

	Solicitadas	Concedidas	Importe
Contratos-programa con grupos de investigación	8	8	112 000,00 €
Axudas para realizar, comisariar e montar exposicións artísticas	12	11	10 500,00 €
Organización de congresos	21	20	50 500,00 €
Proxectos internacionais de I+D	10	9	37 000,00 €
Reparación de equipos	5	4	3512,10 €
Visitas de investigadoras e investigadores	23	18	9825,00 €
Bolsas de viaxe	62	46	19 925,00 €
Estadías en centros de investigación	49	22	59 705,00 €
Axudas predoutorais	55	10	685 500,00 €
Total	245	148	987 467,10 €

Axudas á investigación por ámbito 2022




Resultado da área de transferencia por campus. Ano 2022

TRANSFERENCIA		Campus de Ourense	Campus de Vigo	Campus de Pontevedra	Total
Contratos de licenza en 2022			2	1	3
Empresas derivadas en 2022	Titorizadas	1	4		5
	Creadas		1		1
Patentes solicitadas en 2022	Nacionais	2	6		8
	Internacionais		10		10
Patentes concedidas en 2022	Nacionais	2	3		5
	Internacionais		8		8
Patentes en explotación a 31/12/2022	Nacionais		7	1	8
	Internacionais		7		7
Patentes postas en explotación en 2022	Nacionais			1	1
	Internacionais				0
Número de patentes nacionais activas					232
Rexistros de propiedade intelectual en 2022	Software		4		4
	Outros (audiovisual)		1		1
Modelos de utilidade solicitados en 2022					0
Modelos de utilidade concedidos en 2022					0
Modelos de utilidade en explotación en 2022					0
Número de empresas <i>start-up</i> creadas por persoas tituladas da UVigo en 2022					5
Número de empresas <i>start-up</i> creadas por persoas tituladas externas á UVigo en 2022					5

No ano 2022 solicitáronse 18 patentes. As concedidas mantivéronse en 13, as patentes en explotación pasaron a 15 e o número de filiais ou empresas derivadas (*spin-off*) ascenderon a 6.


En canto á evolución dos importes das actividades de I+D dende 2015 ata 2021 observamos, segundo se reflicte no gráfico, un descenso nos anos 2017 e 2018, co valor mínimo neste último. Dende 2019 ata a actualidade o importe flutúa entre os cinco e os seis millóns.

Evolución importes actividades I+D 2015-2022



A respecto da evolución dos importes dos proxectos dende 2015 ata 2021, observamos no gráfico que no ano 2022 acadou o seu valor máximo e superou os 30 millóns.

Evolución importes proxectos I+D 2015-2022



+ información <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/36/28>

2.6 Centros de apoio á investigación



A Lei orgánica de universidades (LOU), no seu artigo 40, establece a posibilidade de que as universidades creen libremente centros propios de investigación para que poidan cumprir con diversas funcións estratéxicas dentro delas de cara a establecer os vínculos necesarios coa sociedade e poder transferir o coñecemento.

As súas funcións serían:

- Actuar como centros de apoio instrumental e de servizo ás actividades dos grupos de investigación.
- Permitir economías de alcance no uso de grandes infraestruturas e equipamento de alta tecnoloxía.
- Integrar e enfocar recursos e capacidades de investigación cara a áreas de interese para a universidade.
- Consolidar unidades de investigación que, apoiándose na actividade dos grupos de investigación, posibiliten o incremento da calidade de I+D+i.

2.6.1 Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación (CACTI)


O CACTI, adscrito á Vicerreitoría de Investigación, ten como misión prestar apoio científico e tecnolóxico a todos os labores de investigación e de desenvolvemento realizados nos diversos ámbitos científicos da Universidade de Vigo.

Ten como obxectivo adquirir, xestionar e utilizar de forma centralizada grandes equipamentos científicos coa vocación de proporcionarles apoio científico e tecnolóxico tanto a membros da comunidade universitaria coma aos organismos públicos de investigación OPI (Oficina de Proxectos Internacionais) no ámbito estatal e internacional, e a entidades privadas do noso contorno.

O CACTI cobre os servizos máis destacados da investigación científica: determinación estrutural, proteómica e xenómica, nanotecnoloxía e análise de superficies, microscopia electrónica, desenvolvemento sostible e seguridade alimentaria (campus de Vigo e de Ourense), detección remota, taller de mecanizado e taller de electrónica e calibración. Así, o CACTI, nas súas sedes de Vigo e de Ourense, configúrase como un centro dotado dunha moi alta infraestrutura de investigación sen comparación no seu contorno xeográfico.

Facturación do CACTI. Ano 2022

Clientela	Núm. de usuariado	Importe	IVE	Total da facturación	% da facturación	Núm. de solicitudes	Importe medio por solicitudes
Cargo interno	112	248 530,82 €	0 €	248 530,82 €	53,32 %		
Entidade privada internacional	8	6912,90 €	0 €	6912,90 €	1,48 %		
Entidade privada nacional	32	102 104,89 €	21 377,35 €	123 482,24 €	26,49 %		
Organismo público internacional	10	22 038,90 €	0 €	22 038,90 €	4,73 %		
Organismo público nacional	12	53 819,46 €	11 302,09 €	65 121,55 €	13,97 %		
Total	174	433 406,97 €	32 679,44 €	466 086,41 €	100,00 %	7333	59,10 €



O 18,70 % dos servizos contratados do CACTI foron realizados para organismos públicos e outras universidades, ademais dun 27,98 % para empresas, e o 53,32 % restante para a propia comunidade universitaria.

Con respecto ás cantidades de 2022, podemos comprobar que diminuíu a facturación coa propia universidade e incrementouse a facturación externa co resto de organismos.

+ **información** <http://webs.uvigo.gal/cactiweb/>

2.6.2 CITI

O Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (CITI), situado en Ourense, é un centro creado en 2005 pola Universidade de Vigo en colaboración coa Xunta de Galicia.

O CITI busca potenciar o desenvolvemento do I+D+i nas empresas, mediante a creación de espazos de colaboración para favorecer e transferir coñecemento dende a universidade ao tecido empresarial. Todo isto a través do desenvolvemento de proxectos conxuntos de I+D+i relacionados cos ámbitos da agroalimentación, biotecnoloxía, enerxía, medio ambiente e tecnoloxías da información.

A estrutura do CITI e a súa situación no Parque Tecnolóxico de Galicia (Tecnópole) facilita a transferencia das tecnoloxías desenvolvidas no campus de Ourense. O edificio é un elemento nuclear para realizar as tarefas de investigación, innovación e transferencia do coñecemento do campus ourensán, onde a universidade se relaciona coas empresas e desenvolve proxectos conxuntos, e onde xorden ideas innovadoras sobre as que construír novas empresas.

O CITI está composto por catro edificacións cilíndricas e unha nave. Entre os catro módulos cilíndricos albérganse un total de once laboratorios, tres plantas técnicas e a oficina de proxectos de I+D+i do campus de Ourense. Como apoio ao labor investigador e á transferencia de coñecementos aos sectores produtivos, o CITI conta tamén cunha planta piloto.


Na actualidade os grupos de investigación da Universidade de Vigo con espazos no CITI son Informática Gráfica, Biotecnoloxía Agroalimentaria, Seguridade Alimentaria e Toxicoloxía Ambiental, Investigación de Informática Aplicada e Sistemas Informáticos de Nova Xeración, Termofísica, Edafoloxía e Química Agrícola, Enxeñaría Química, Microbioloxía e Valorización e Biomasa.

A cesión destes espazos aos grupos de investigación está prorrogada dende xullo de 2016 ata que non se resolva unha nova convocatoria. Esta non terá lugar ata que se desocupen os espazos por parte dos grupos que obtiveron un lugar no novo edificio do Campus da Auga. Estableceuse en colaboración coa dirección do Campus da Auga un procedemento para cambiar os espazos para os grupos de investigación afectados. Unha vez que este cambio de espazos sexa efectivo, establecerase unha nova convocatoria e unha redefinición dos usos das dependencias do CITI, cunha modificación do regulamento interno se fose necesario.

Facturación do CITI. Ano 2022

Tipo de usuariado	Núm. de usuariado	Importe	% da facturación
Cargo interno	3	558,50 €	4,16 %
Entidade privada	3	12 864,72 €	95,84 %
Total	6	13 423,22 €	

Facturación CITI 2022 Ámbito xeográfico e natureza



+ **información** <http://www.citi.uvigo.es/gl/index.html/>

2.6.3 Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (Ecimat)

A Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (Ecimat) é un edificio modular, flexible e funcional que pon a disposición da comunidade universitaria e doutras institucións públicas ou privadas as instalacións axeitadas para traballar con auga de mar e cultivos mariños, tanto a escala experimental coma de planta piloto.

A transferencia aos sectores produtivos do coñecemento acadado na actividade constitúe un dos principais obxectivos da Ecimat, dada a actual demanda por parte destes sectores de traballos científicos relacionados con este ámbito.

A Ecimat conta con tres unidades:


- Cultivos mariños
- Medio mariño
- Actividades subacuáticas

Dada a relevancia que o sector do mar ten na nosa comunidade, a existencia desta infraestrutura representa o compromiso de ofrecerlles os nosos equipamentos e servizos para tarefas de investigación en temas mariños a toda a comunidade universitaria e aos axentes externos.

Facturación da Ecimat. Ano 2022

Clientela	Núm. de usuariado	Importe	IVE	Total da facturación	% da facturación	Núm. de solicitudes	Importe medio por solicitude
Cargo interno	20	24 633,87 €	0 €	24 633,87 €	36,46 %		
Entidade privada internacional	1	253,00 €	0 €	253,00 €	0,37 %		
Entidade privada nacional	9	20 648,86 €	4122,30 €	24 771,16 €	36,66 %		
Organismos públicos internacionais	1	2587,00 €	0 €	2587,00 €	3,83 %		
Organismos públicos nacionais	3	12 622,10 €	2659,04 €	15 321,14 €	22,68 %		
Total	34	60 784,83 €	6781,34 €	67 566,17 €	100,00 %	116	524,01 €

2022 Importes brutos ECIMAT ámbito xeográfico e natureza



Durante o ano 2022 a facturación da Ecimat descendeu notablemente tras a repunta que tivera nos anos 2020 e 2021.

+ **información** <https://cim.uvigo.gal/ecimat/a-estacion-de-ciencias-marin-as-de-toralla/>

2.7 Principais fitos acontecidos na Universidade de Vigo. Curso 2021/2022



A continuación cítanse os principais fitos acontecidos na nosa universidade no citado período:

- 4 de maio de 2022, a comunidade universitaria elixiu o reitor mediante a elección directa e o sufraxio universal libre e secreto. A candidatura electa foi a de Manuel Joaquín Reigosa Roger.
- Aprobación da normativa de dedicación e recoñecementos docentes do profesorado.
- Aprobación do regulamento de réxime interno do Cinbio.
- Aprobación do regulamento de réxime interno do Departamento de Organización de Empresas e Márketing.
- Adhesión ao Plan antifraude da Universidade de Vigo.
- Aprobación da adhesión da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo á Confederación de Decanos e Decanas das Facultades de Turismo.
- Aprobación da normativa para a regulación dos concursos de PDI con cargo a proxectos, axudas, grupos e convenios de investigación e transferencia do coñecemento.
- Aprobación do Regulamento de réxime interno do Centro de Investigacións Mariñas (CIM).
- Aprobación dos efectos académicos e retributivos da equiparación do cargo de director/a adxunto de centro de investigación aos de director/a de centro de investigación.
- Aprobación da normativa de contratación de persoal investigador da Universidade de Vigo.
- Aprobación do procedemento de xubilación do persoal docente e investigador pertencente aos corpos docentes universitarios da Universidade de Vigo.
- Aprobación da convocatoria complementaria da Universidade de Vigo de Axudas para a recualificación do sistema universitario español para 2021-2023.
- Aprobación da creación da empresa SPARC S. L., coa participación da Universidade de Vigo no capital social.
- Acordo sobre a ampliación de capital social en SIGMA e aceptación de novos membros, así como o nomeamento de José Luis Míguez Tabarés como persoa encargada do seguimento do acordo.
- Aprobación do Regulamento de réxime interno da Facultade de Historia.
- Aprobación da constitución da xunta de centro da Facultade de Relacións Internacionais xunto co nomeamento dun vicedecano/a comisario.
- Aprobación da creación do Instituto Universitario de Física e Ciencias Aeroespaciais.
- Aprobación do cambio de nome da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

- Aprobación da adhesión á Rede ANEXXI de universidades, organismos públicos de investigación e outras organizacións científicas e académicas para realizar traballos científicos e técnicos que conduzan á elaboración e á publicación do «Atlas nacional de España do século XXI».
- Aprobación do Manual de calidade dos centros da Universidade de Vigo.
- Aprobación da proposta de creación do Instituto de Agroecoloxía e Alimentación.

2.7.1 Premios e distincións

Durante o ano 2022 o esforzo de moitos membros da nosa comunidade universitaria foi recoñecido a través de diferentes premios e distincións, entre os que destacan:

- Premios Exeria: os galardóns a TFG e TFM con perspectiva de xénero premian seis alumnas da UVigo.
- Os irmáns Noel e Diego Domínguez, que iniciaron neste curso os seus estudos na UVigo, subcampións no Campionato do Mundo de Piragüismo.
- Alba Guzmán Falcón gañadora do premio Xuventude Crea na modalidade de novela curta. A alumna de Enxeñaría Mecánica gañou xa 22 certames literarios.
- As mulleres copan os premios extraordinarios de doutoramento. Vinte e dúas dos trinta estudantes distinguidos pola UVigo son mozas investigadoras.
- A curta *Amor de nai*, galardoada nun festival de cine escolar. Trátase dunha peza realizada polo alumnado de Educación e Traballo Social en homenaxe á escritora Xela Arias.
- A Deputación de Pontevedra entregou os Premios Sofía Novoa a cinco tituladas da UVigo. Os traballos das cinco egresadas poñen de relevo como a investigación pode combater a desigualdade.
- Patricio Sánchez, entre os membros do novo Observatorio de Derechos Humanos de España. O profesor foi elixido para formar parte do primeiro comité desta entidade.
- A UVigo e a Deputación de Pontevedra recoñecen catro alumnas como referentes STEM para as futuras xeracións de científicas e tecnólogas. Manuel Reigosa e Carmela Silva participaron na entrega dos II Premios GirlGeekCovid.
- A Xunta de Galicia selecciona a curta dunha alumna de Belas Artes para o seu catálogo de promoción internacional. A peza da estudante de doutoramento Rebeca Lar forma parte de «Shorts from Galicia».
- Rotary Club recoñece o campus de Pontevedra como «un dos piares fundamentais da cidade» co premio Servir 2022. Destaca as súas accións en materia de medio ambiente, cultura e defensa dos valores sociais.
- eXXperimenta en Feminino recibe o XVI Premio Clara Campoamor como un recoñecemento ao traballo de base a prol da igualdade. O Concello de Ourense concedeulle o galardón pola posta en valor de referentes femininos nas STEM.
- Tres traballos de fin de grao de Educación Social, premiados no 7.º Concurso TFG Eduso. Foron concedidos polo Colexio de Educadoras/es Sociais de Galicia.
- Aecoc premia unha egresada da UVigo por un traballo sobre os envases e embalaxes sostibles no comercio electrónico. Carlota Hernández García é alumna da Escola de Enxeñaría Industrial.
- A catedrática África González recibiu o premio Ernestina Otero do Concello de Vigo. A inmunóloga é unha das docentes da Universidade de Vigo cunha traxectoria científica máis destacada e cunha importante proxección social.

- Ángela González, primeira graduada da Escola de Enxeñaría Industrial (sede cidade), recibe o Premio Uviguala 2022. As pioneiras nas aulas universitarias reciben a homenaxe da UVigo no 8M.
- Seis traballos acadan os IV Premios de Investigación, Transferencia e Divulgación Científica do Campus da Auga. Os galardóns son froito da colaboración entre a UVigo e Viaqua e están realizados por persoal docente e investigador e alumnado da Universidade.
- Herminia Domínguez ingresa na Real Academia Galega de Ciencias falando da biorrefinaría como ferramenta clave para a sostibilidade. A catedrática de Enxeñaría Química convértese en académica numeraria desta institución.
- Isabel Pastoriza Santos, investigadora de UVigo, recibe o recoñecemento do Concello de Bueu. O galardón ten relación cos actos do Día Internacional da Muller.
- Saúl Gómez e Erín Millara gañan o premio de investigación en lingua galega Xosé Luís Franco. A decisión do xurado foi anunciada nun acto co gallo da celebración do Día das Letras Galegas.
- Equipo feminino de balonmán da UVigo proclámase campión de España universitario cun conxunto do que formaban parte cinco alumnas de Ciencias da Educación e do Deporte
- Paula Amoedo, estudante de Belas Artes, gaña un concurso de deseño. Un ovni foi o elemento central da súa proposta.
- A vicerreitoría do Campus Crea premia a creatividade e a capacidade de innovación do alumnado. Unha base de datos de valoración clínica e funcional e un conto ilustrado recibiron os galardóns nesta edición.
- A UVigo proclámase campioa de España universitaria de golf. O equipo formado por Marta Llorca e Tomás García obtivo a medalla de ouro.
- Martín Pintos gaña a primeira medalla da UVigo nun campionato de España de tenis de mesa. Catro estudantes participaron no torneo disputado en Murcia.
- Estudantes de enxeñaría da UVigo gañan a liga nacional de debate LEDU STEM. Santiago Janeiro, da EE de Telecomunicación, e Guillermo Fernández, da EE Industrial.
- A UVigo logra a prata por equipos no Campionato de España Universitario de Taekwondo. Tanto Sara Cortegoso coma a parella formada por Celia García e Manuel Paz lograron o ouro.
- Os Premios á Transferencia de Tecnoloxía en Galicia distinguen o proxecto PlyDeep. O proxecto ten como obxectivo a mellora da detección e a clasificación de pólipos colorrectais mediante a intelixencia artificial.
- Xavier Labandeira e Alberto Gago, distinguidos pola revista *Hacienda Pública Española* por un artigo sobre fiscalidade ambiental. Formular varias propostas fiscais para o sector do transporte, así como medidas compensatorias.
- Alumnas e alumnos da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación fanse cun dos tres premios da Maker Faire Galicia. O proxecto, denominado Siluro, está destinado á detección e á recollida de residuos no mar.
- Grupo SING, galardoado na Noite da Enxeñaría Informática de Galicia polo impacto social dos seus proxectos. Acadaron o Premio Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.
- Premio europeo para un proxecto que axuda ás forzas de seguridade a xestionar grandes cantidades de contido multimedia. Presentado polos investigadores de Atlantic Alberto Pedrouzo, Fernando Pérez e David Vázquez, foi elixido como mellor póster no EICC, European Interdisciplinary Cybersecurity Conference.

- A investigadora Lucía Díaz Vilariño recibe a distinción ISPRS President's Honorary Citation. É a terceira persoa española, a primeira muller, en recibir este galardón.
- A Sociedade Española de Ciencias Forestales premia un estudo sobre a detección de especies invasoras realizado na UVigo. A egresada Elena Álvarez acadou o galardón ao mellor traballo de fin de grao, centrado no desenvolvemento dunha metodoloxía para localizar mimosas con técnicas cartográficas.
- Seleccionan un alumno da UVigo como membro do grupo de expertos en garantía de calidade da Unión Europea de estudantes. Antonio Ramos, da EE Industrial, leva anos participando en órganos de representación.
- A RAGC reconece o traballo das investigadoras Ángeles Sanromán e Isabel Pastoriza no Día da Ciencia en Galicia. As científicas recolleron os galardóns no acto celebrado no pazo de Fonseca; Sanromán recibiu a medalla Parga Pondal e Pastoriza e Antonio Casares.
- Tres estudantes da UVigo gañan o Desafío Aeronáutico 2022. O certame está convocado polo Colegio Oficial de Ingenieros Aeronáuticos de España.
- A investigadora do Cintex Mercedes Solla obtén unha prestixiosa bolsa Leonardo da Fundación BBVA dotada con 40 000 € cun proxecto sobre detección temperá da corrosión en formigón armado.
- Un novo premio e 26 millóns de usuarios/as confirman o éxito internacional do Atlas histolóxico da UVigo. É unha ferramenta pensada para favorecer a autoaprendizaxe e emprégana estudantes de todo o mundo.
- 139 estudantes da UVigo acadan os premios de excelencia académica de grao do curso 2020/2021 da Xunta de Galicia. En toda Galicia recibirán o galardón 434 alumnas e alumnos universitarios.
- Belén Riveiro gaña o Premio Nacional de Investigación para Jóvenes Matilde Ucelay. A súa traxectoria céntrase na resiliencia de infraestruturas a eventos extremos.
- A Asociación Iberoamericana de Educación Acuática premia a traxectoria do profesor Roberto Barcala. Foi un dos distinguidos co galardón Referente Aidea na área de seguridade acuática.
- María Victoria Carballo-Calero, galardoada nos Premios da Cultura Galega 2022. A catedrática emérita da UVigo foi a elixida na categoría de Artes Visuais.
- O enxeñeiro Guillermo Fernández repite como mellor orador universitario de España, mentres o equipo da UVigo se proclama subcampión da LEDU. Catorce equipos participaron en Zaragoza na Liga Española de Debate Universitario.
- O Clúster Saúde de Galicia reconece a Cátedra de Idadismo e as investigacións sobre exercicio con realidade virtual no grupo HEalthyFit, cos premios RIES á iniciativa máis comprometida coa comunidade e ao proxecto revelación.
- O investigador do Cintex Raúl Barciela gaña un premio internacional por un traballo sobre a produción de fibras nanométricas. No marco do ICALEO, o congreso máis importante do mundo sobre procesamento de materiais con láser.
- Cun discurso sobre a toponimia de Lalín, Gonzalo Navaza ingresou na RAG o 5 de novembro. O docente da UVigo ocupará a vacante do historiador Xosé Ramón Barreiro.
- Un proxecto que propón converter contedores en albergues accesibles gaña o primeiro premio In-Teams. «Horreum» foi desenvolto por Esteban Maestripiéri e David Camba.
- O profesor Jorge Lens gaña un premio internacional de fotografía. A súa obra *El jardín olvidado* foi a seleccionada polo xurado do certame E CA Riba-roja.
- O alumno Brais Cano, ouro na Copa de Europa de Patinaxe Artística. Está a cursar primeiro do Grao en Enxeñaría Aeroespacial.

- O grupo de investigación SING, galardoado nos VI Premios Spin-Off PuntoGal, en recoñecemento á súa traxectoria no campo biomédico e da ciberseguridade.
- Marta López mellor nota na OPE de Educación 2022 en Galicia. A súa clasificación no concurso-oposición na especialidade de Debuxo foi a máis elevada de todos os tribunais de todas as especialidades de todos os corpos de docentes.
- Natalia Belén de Roia vence en Debut 2022 cunha colección inspirada na paixón polo fútbol na súa Arxentina natal. Noemí Comesaña logrou o premio á proposta con máis valor artesanal.
- Un estudo sobre o impacto de Facebook no márketing de redes sociais gaña os Premios José Manuel Pérez Canal 2022 concedidos pola Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo e o Colexio de Economistas de Ourense.
- A estudante Marta Domínguez logra o bronce no mundial universitario de squash. Alumno de Ciencias da Educación e do Deporte, foi unha das catro integrantes do equipo español.
- Iván Fernández, mellor orador do I Torneo Nacional de Debate Retórica UVigo: «Conseguir isto na casa é un auténtico orgullo». A gran final disputouse entre a UVigo e a UCS na da Escola de Enxeñaría Industrial (sede cidade).
- O profesor Juan José Rodríguez Andina foi nomeado membro «fellow» do Institute of Electrical and Electronics Engineers, IEEE. Con 400 000 socios, é a maior asociación profesional da enxeñaría eléctrica e electrónica do mundo.
- Dúas alumnas da UVigo, entre as gañadoras da II edición do concurso Móvete polos ODS, polos vídeos “Únete al cambio” e “Unha ducia”.
- Vi&Go, *start up* creada por estudantes da UVigo, acada o segundo premio nos Santander X Award Spain 2022. O proxecto consiste nunha *electrolínea* de intercambio de baterías para microvehículos eléctricos.
- Lourdes Teixeira, egresada do Máster en auditoría, gaña a Competición en Bolsa e CRYptos. Partindo dunha conta virtual dun 1 000 000 de euros, foi a que logrou obter o maior incremento.
- Galardón para Concepción Campos concedido pola Asociación de Expertos Nacionales de la Abogacía Digital.
- A Universidade de Amberes distingue a traxectoria do catedrático Luis Liz-Marzán e noméao doutor honoris causa pola súa experiencia na síntese, caracterización e aplicación de nanopartículas metálicas plasmónica.
- O equipo Sofistas gaña a IX Liga de Debate. Estivo formado por catro alumnas dos graos de Dereito e Relacións Internacionais.
- Os premios Xuventude Crea recoñecen o talento do alumnado do campus. Na modalidade de videocreación foi distinguida a estudante de Belas Artes Rocío Campoy.
- A universidade de vigo concédelle 18 premios ao alumnado máis comprometido coa Axenda 2030 e os ODS e a Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento

información <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/58>

2.7.2 Posición nas clasificacións

A Universidade de Vigo tivo durante o ano 2022 o recoñecemento internacional dalgunhas das clasificacións universitarias máis relevantes.

De entre as principais clasificacións salientamos as seguintes:

- Ránking de Shanghai (ARWU). A Universidade de Vigo repite no grupo de 501-600 mellores universidades do mundo. Dentro de España, atópase no grupo 12-15. Acádase unha posición moi destacada en ciencias e en tecnoloxía da alimentación, cun posto entre as 51-75 mellores do mundo.
- Times Higher Education (THE WUR). A Universidade de Vigo figura no intervalo das 1001-1200 mellores do mundo. En canto á clasificación das universidades con 50 anos ou menos, a nosa posición sitúase no ámbito mundial, no grupo 251-300. Con respecto á súa posición en España, acada o posto 18. THE WUR tamén realiza a clasificación Impact, que mide o impacto das universidades na sociedade baseado no éxito das institucións para cumprir os obxectivos da Axenda 2030. Na súa edición de 2022, a UVigo pertence ao grupo 201-300, con resultados destacables no ODS 7, enerxía accesible e non contaminante; no ODS 16, paz, xustiza e institucións sólidas; no ODS 4, educación de calidade e no ODS 17, alianzas para acadar os obxectivos. Así mesmo, acada o posto 18 na súa posición global en España.
- Leiden Ranking CWTS. A Universidade de Vigo ocupa o posto 672 de todo o mundo, o 217 en Europa e o 18 en España. Con respecto ao sistema universitario español e tendo en conta determinadas áreas, a posición da nosa universidade é especialmente salientable en vida e ciencias da terra, na que se atopa no posto número 10.
- URAP. A Universidade de Vigo atópase no ano 2020-2021 no posto número 22 das universidades españolas e o posto 653 no ámbito mundial. As puntuacións máis altas seguen a ser as relativas á citación, como media do impacto da investigación, cunha puntuación de 67,46 puntos. Con respecto á clasificación por campos de estudo destaca a posición da UVigo en ciencias mariñas e tecnoloxía, no posto 195 e o posto 177 en enxeñaría da alimentación.
- The Center of Word University Rankings (CWUR). Na súa edición de 2022-2023, a UVigo acada o posto 786 no ámbito mundial e o 26 dentro de España. A súa puntuación máis destacada na investigación con 744 puntos.
- Scimago Institution Rankings. A UVigo acada nesta clasificación a posición 413 no ámbito mundial e o número 26 das entidades de educación superior analizadas en España, mentres que no ámbito europeo se atopa no posto 212.
- QS World University Rankings. Na edición 2022 a UVigo está entre as 1200 mellores universidades do mundo.
- US News. Esta clasificación coloca a UVigo dentro do Best Global Universities, no posto 870 no ámbito mundial, mentres que no ámbito europeo e estatal ocupa os postos 349 e 26, respectivamente.
- Green Metric. Nesta clasificación, que mide as universidades pola súa sostibilidade ambiental, a nosa institución ocupa o posto 300 no ámbito mundial e o 14 en España.
- Ránking web de universidades (Webometrics). Esta clasificación ten en conta a súa presenza e impacto na web. En setembro de 2022 a UVigo acada o posto 1381 a nivel mundial, o 529 en Europa e o 46 en España; e destaca sobre todo a súa apertura.
- Transparent Ranking of Repositories. O obxectivo desta clasificación é apoiar o acceso aberto, acceso gratuíto a publicacións científicas en formato electrónico e a outros materiais académicos. Ao valorar a posición da UVigo nesta clasificación debemos de ter en conta, segundo expresa a propia entidade que o elabora, que varios repositorios de acceso aberto de Google Scholar non indexan de forma tan

completa coma antes. Tendo en conta esta puntualización, a UVigo acada co seu repositorio Investigo a posición 3903 en canto a repositorios institucionais, e a de 4039 en canto aos repositorios en xeral.

- No ámbito estatal, destacamos que na clasificación U-Ranking IVIE a Universidade de Vigo está no grupo 4 de 12, na clasificación por volume atópase no posto 19 sobre 35, e destaca en ambos en investigación e innovación. A súa posición na clasificación de posgrao é especialmente boa en ciencias.

+ **información** <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/56>

2.8 O Plan estratéxico 2021-2026 e o seu seguimento

En decembro de 2020 o Consello de Goberno e o Consello Social aprobaron o Plan estratéxico 2021-2026 da Universidade de Vigo, que pretende ser un documento de reflexión conxunta dos grupos de interese da universidade. Durante o proceso de elaboración redefiniuse a misión fixándose como meta contribuír á mellora da vida das persoas e da súa contorna socioeconómica a través da docencia, da investigación e da transferencia de coñecemento.

O plan estratéxico organízase arredor de cinco eixes estratéxicos, que guiarán a estrutura da planificación estratéxica nacidos do espírito de servizo e de mellora que debe caracterizar a nosa institución como xeradora e transmisora de coñecemento e que, en última instancia, está ao servizo da cidadanía. Estes eixes son os seguintes: a formación impartida, a relación da universidade coa sociedade, a investigación e a transferencia, a organización dos recursos propios e as persoas.

O cumprimento dos eixes estratéxicos concrétese no establecemento do 28 obxectivos nos que se definen as accións e os indicadores que permitan medir o seu grao de cumprimento. Ademais, cadanseu obxectivo relaciónase co eixe estratéxico, o valor e o(s) correspondente(s) ODS da Axenda 2030.

O plan estratéxico identificou como valores que definen a identidade da Universidade de Vigo e que son eixes transversais a todos os obxectivos o fomento da lingua galega, a defensa da igualdade e a internacionalización.

A visión da Universidade de Vigo é ser unha institución pública, autónoma, aberta á contorna e con vocación internacional, que promove a igualdade, a pluralidade, a accesibilidade, a sostibilidade, a transparencia, o progreso económico e o benestar social de Galicia.

Seguimento e revisión do plan

A comisión do seguimento do plan estratéxico levará a cabo un seguimento anual do desenvolvemento e da implementación das accións estratéxicas e do grao de consecución dos obxectivos. A comisión de seguimento foi aprobada polo Consello Social e está formada por:

- Reitor/a, que a preside
- 5 PDI
- 4 decanos/as ou directores/as de centro
- 4 directores/as de departamento
- 5 PAS
- 5 estudantes
- Un representante do Consello Social
- Un representante da sociedade

As funcións da comisión de seguimento son:

- Elaborar os seguintes informes:
 - Seguimento e avaliación anual, que consistirá nunha análise e na revisión dos resultados a curto prazo.
 - Avaliación intermedia, que se elaborará unha vez superada a metade do período de validez do plan. Terá como obxectivo emprender as accións de axuste que fosen convenientes e dispoñer de criterios fundados cos que ordenar as medidas futuras.
 - Avaliación final, que comprenderá o dobre obxectivo de contar cun elemento de referencia para posteriores actuacións e o de establecer unha valoración global de realización e logros.
- Propoñer directrices para conseguir os obxectivos e establecer prioridades entre as accións previstas nestes.
- Realizar unha proposta de revisión ou de actualización dos obxectivos, accións e indicadores cando o considere oportuno.
- Solicitalles aos diferentes servizos da UVigo tanta información sexa necesaria para realizar o correcto seguimento do plan.

Segundo informe de seguimento (2022)

O primeiro informe de seguimento do Plan estratéxico 2021 tivo por obxectivo implementar o mesmo e consistiu en avaliar as distintas actuacións nos cinco eixes estratéxicos definidos no plan, a avaliación de catro estadios posibles definidos como:

- Completada (a proposta estase a implantar no ano avaliado).
- En proceso (comezouse a traballar sobre a proposta para poder implantala).
- Pendente (a proposta aparece reflectida no plan estratéxico, pero aínda non se comezou a traballar).
- Anulada (por estar repetida).

O segundo informe de seguimento do Plan estratéxico 2022 presentado no claustro universitario do 19 de decembro de 2022 tivo como obxectivo principal mostrar o grao de avance na consecución dos obxectivos estratéxicos establecidos no Plan estratéxico 2021-2026. Presentáronse os principais resultados obtidos en relación coas accións levadas a cabo durante o ano, así como os indicadores utilizados para medir o progreso e o impacto das devanditas accións.

Das 117 accións estratéxicas que forman o plan, 6 xa están completadas, 76 están iniciadas e 36 están pendentes. Durante o proceso de seguimento, identificouse 1 acción que se pode eliminar por estar duplicada no plan.

No ano 2022, dos 157 indicadores que o plan estratéxico orixinal recollía, contábanse con 98 indicadores avaliados. Estes indicadores pódense comparar na súa maioría cos valores obtidos en 2021 para así poder establecer se a tendencia é boa ou, se polo contrario, se require dalgunha acción adicional. Por iso, por primeira vez no seguimento do plan pode falarse de tendencia nos indicadores, o cal será unha ferramenta de enorme interese durante os futuros seguimentos.

Os documentos de seguimento son presentados anualmente ao Claustro Universitario, máximo órgano de representación da comunidade universitaria e quedan a disposición tanto da comunidade universitaria coma da sociedade na páxina web institucional do plan estratéxico.

+ información

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/plan-estratexico-2021-2026>



Capítulo 3. A Universidade de Vigo e a responsabilidade social. Creación de valor para a sociedade

3.1 Alcance e cobertura da memoria de responsabilidade social



O período cuberto por esta memoria correspóndese, en termos xerais, co curso académico 2021/2022. Non obstante, a existencia dalgúns informes de xestión que contabilizan os datos por anos naturais obríganos, neses casos, a incorporar información relativa ao ano natural 2022.

Esta memoria é a **décimo terceira** dunha serie elaborada con periodicidade anual. A primeira memoria toma por base o ano 2010 con datos do curso académico 2009/2010, e así sucesivamente ata a última publicada sobre o desempeño acadado no curso 2021/2022.

Este informe inclúe o resultado dos impactos ambientais, económicos e sociais máis relevantes que xera a actividade da Universidade de Vigo, sen limitacións de alcance. Na presente memoria figuran algúns dos contidos especificados no GRI 1: Fundamentos 2021; no GRI 2: Contidos xerais 2021; e no GRI 3: Temas materiais 2021. Esta información cobre a Universidade de Vigo cos seus campus e só, parcialmente, dá conta das entidades xuridicamente independentes en que participa a universidade.

A elaboración desta memoria foi posible grazas á contribución do persoal da Universidade de Vigo, coordinado pola Vicerreitoría de Benestar, Equidade e Diversidade a través da Unidade de Análises e Programas.

A información achegada procede das memorias de actividades e de informes elaborados polas distintas áreas da universidade, do portal de transparencia da institución e, noutros casos, foi expresamente elaborada para redactar esta memoria.

Non se deron cambios significativos respecto ás anteriores memorias no referente á cobertura e aos métodos de valoración aplicados; así mesmo, non se produciron tampouco cambios significativos nin no tamaño nin na estrutura da Universidade de Vigo.

Atendendo ao principio de mellora continua e ao enfoque participativo que nos inspira, insistimos na necesidade de que os distintos grupos de interese fagan as súas contribucións cara a perfeccionar as políticas de responsabilidade social da Universidade de Vigo e a calidade desta serie de memorias.

3.2 Obxectivos e principios da memoria



Os obxectivos básicos que persegue a Universidade de Vigo coa elaboración desta serie de memorias son os seguintes:

- Incorporar a sustentabilidade como valor clave de xestión, buscando o equilibrio a curto e a longo prazo e favorecendo a evolución e a fortaleza institucional.

- Integrar o concepto de responsabilidade social no seu acervo cultural e facer do rendemento de contas e do diálogo cos grupos de interese un hábito.
- Dispor dunha ferramenta de xestión adicional que permita fixar obxectivos e avalialos a través do triplo balance: social, económico e ambiental.

Os principios que se seguiron na redacción desta memoria son os establecidos pola GRI (Global Reporting Initiative) no estándar universal GRI 1: Fundamentos 2021 para usalos de xeito combinado e poder definir o contido e a calidade das memorias de sustentabilidade. Estes principios son:

- Precisión
- Equilibrio
- Claridade
- Comparabilidade
- Exhaustividade
- Contexto de sostibilidade
- Puntualidade
- Verificabilidade

Precisión

O requirimento indica que a organización debe presentar información que sexa correcta e estea o suficientemente detallada como para permitir realizar unha avaliación dos impactos da organización.

A precisión dos datos da Universidade de Vigo, tanto cuantitativa coma cualitativamente, está encomendada a unha unidade específica de explotación de datos que é a Unidade de Análises e Programas. Esta subministra información tanto a usuarios/as internos (comunidade universitaria e órganos de goberno) coma a usuarios/as externos (INE, IGE, Xunta de Galicia, SIIU...), e tamén a súa publicación no portal de transparencia.

Equilibrio

O requirimento indica que a organización debe presentar información sen nesgo e facer unha representación xusta dos impactos negativos e positivos da organización.

A información presentada nesta memoria vai acompañada de gráficos nos que se amosan as tendencias anuais tanto positivas coma negativas e acompañadas coa ligazón onde se pode consultar a información de contexto da información amosada.

Claridade

O requirimento indica que a organización debe presentar a información dunha forma que resulte accesible e comprensible.

Seguindo as recomendacións do estándar, a información preséntase con gráficos e táboas de datos consolidados para que sexa máis accesible e comprensible. Preséntase tamén un índice e anexos co índice de contidos GRI e os ODS para axudar a contextualizar a información.

Comparabilidade

O requirimento indica que a organización debe seleccionar, compilar e presentar información sistematicamente para facilitar tanto a análise dos cambios que se produzan nos impactos da organización co tempo coma na análise destes impactos con respecto aos doutras organizacións.

A publicación de datos con series e gráficos no portal de transparencia, a publicación de diversos informes de posicionamento e seguimento, memorias de actividades e a conta anual permiten amosar a información do período obxecto desta memoria coma de períodos anteriores e, polo tanto, cumprir este principio.

Exhaustividade

O requirimento indica que a organización debe presentar información suficiente para poder avaliar os impactos da organización durante o período do informe.

A información presentada nesta memoria intenta ser o máis exhaustiva posible, ben detallándoa nela, ben indicando onde se pode obter máis información complementaria. Para tal efecto, indícase mediante unha ligazón en cada apartado onde se poden obter máis datos ou evidencias.

Contexto de sostibilidade

O requirimento indica que a organización debe presentar información sobre os seus impactos no contexto máis amplo do desenvolvemento sostible.

A través da determinación dos temas materiais explicitados no apartado de metodoloxía e dos apartados desta memoria nas dimensións económica, ambiental e social, preténdese ofrecer a máxima transparencia no relativo a como a Universidade de Vigo contribúe ao desenvolvemento sostible. Ademais, a participación no THE Impact Rankings (apartado 3.7) e UI GreenMetric World University Rankings (apartado 6.6) axudan a referenciar o contexto de sostibilidade.

Puntualidade

O requirimento indica que a organización debe presentar información cunha programación periódica e a poñerá a disposición do público a tempo para que os seus usuarios/as tomen decisións.

En cada memoria indícase o alcance e a cobertura desta (apartado 3.1). Por outra parte, a publicación no portal de transparencia e na web institucional da información requirida polas leis de transparencia estatal, autonómica e o propio regulamento axudan a cumprir este principio (apartado 3.8), ademais da verificación por organizacións externas da sociedade civil como son a Fundación Haz e a plataforma colaborativa Dyntra.

Verificabilidade

O requirimento indica que a organización debe recoller, rexistrar, compilar e analizar a información de tal xeito que a información se poida examinar para determinar a súa calidade.

Como xa foi comentado no principio de precisión e comparabilidade, a existencia dunha unidade propia na Universidade de Vigo, a Unidade de Análises e Programas, que ten por encomenda centralizar e almacenar os datos estatísticos da universidade, ademais da xestión do portal de transparencia no relativo as obrigas de publicidade activa, axudan a cumprir o principio de verificabilidade. En todos os informes publicados no portal de transparencia indícase a fonte deles e publícanse en formatos que permitan a súa reutilización.

Por outra parte, a Universidade de Vigo está sometida a numerosas auditorías e procesos de certificación coordinados pola Área de Calidade (apartado 2.2.3).

3.3 Axenda 2030 e ODS



Dende 2015, a responsabilidade social universitaria vese fortalecida coa aprobación da Axenda 2030 pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas. Esta nova axenda, que substitúe a dos obxectivos do milenio, é máis universal, ambiciosa e integral, e ten un claro compoñente multidimensional, multiactor e multinivel. Con ela ábrese unha ventá de oportunidade para que as institucións públicas, incluídas as universidades, orienten as súas estratexias de responsabilidade social cara a conseguir os denominados 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS). Os ODS diríxense tanto ás persoas coma ao planeta e inspiran medidas de carácter transversal, tanto no ámbito local coma internacional, co propósito de acadar un mundo máis xusto, igualitario, solidario e sostible.

A Universidade de Vigo é unha institución responsable socialmente e, como tal, debe servir de axente activo para cumprir cos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) da Axenda 2030 aprobada polas Nacións Unidas. Por esta razón a planificación presentada no Plan estratéxico 2021-2026 está tamén organizada arredor dos 17 ODS.

A Axenda 2030 organiza os ODS arredor das seguintes cinco esferas:

- **As persoas.** Pór fin á pobreza e á fame e velar para que todos os seres humanos poidan realizar o seu potencial con dignidade e igualdade e nun medio ambiente saudable.
 - ODS 1. Fin da pobreza
 - ODS 2. Fame cero
 - ODS 3. Saúde e benestar
 - ODS 4. Educación de calidade
 - ODS 5. Igualdade de xénero
 - ODS 6. Auga limpa e saneamento
 - ODS 10. Redución das desigualdades
- **planeta.** Protexer o planeta contra a degradación mediante un consumo e unha produción sostibles, a xestión sostible dos recursos naturais e medidas urxentes para facer fronte ao cambio climático.
 - ODS 13. Acción polo clima
 - ODS 14. Vida submarina
 - ODS 15. Vida de ecosistemas terrestres
- **A prosperidade.** Velar para que todos os seres humanos poidan gozar dunha vida próspera e plena, e para que o económico, social e tecnolóxico se produza en harmonía coa natureza.
 - ODS 7. Enerxía accesible e non contaminante

ODS 8. Traballo decente e crecemento económico

ODS 9. Industria, innovación e infraestrutura

ODS 11. Cidades e comunidades sostibles

ODS 12. Produción e consumo responsables

- **A paz.** Propiciar sociedades pacíficas, xustas, inclusivas e libres de temor e de violencia. Non pode haber desenvolvemento sostible sen paz, nin paz sen desenvolvemento sostible.

ODS 16. Paz, xustiza e institucións sólidas

- **As alianzas.** Mobilizar os medios precisos para implementar a Axenda mediante unha alianza mundial para o desenvolvemento sostible baseada nun espírito de maior solidariedade mundial e centrada, particularmente, nas necesidades dos máis pobres e vulnerables, coa colaboración de todos os países, todas as partes interesadas e todas as persoas.

ODS 17 Alianzas para acadar os obxectivos

A Universidade de Vigo é consciente do reto que representa a Axenda 2030 e comprométese tanto a aliñar as súas políticas cos 17 ODS coma a contribuír ao seu coñecemento dentro e fóra da comunidade universitaria. A aprobación do Plan estratéxico da Universidade de Vigo 2021-2026 totalmente aliñado coa Axenda 2030 é un claro exemplo deste compromiso. Con respecto á sensibilización e ao fomento do coñecemento da Axenda, a Universidade de Vigo, por medio da Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación, organizou durante 2021 diferentes accións destinadas á comunidade universitaria, así como ao público en xeral. Entre elas atopamos campañas informativas nas redes sociais e na web da Universidade sobre a Axenda 2030 e os seus ODS, co obxectivo de sensibilizar sobre determinadas situacións de vulnerabilidade e para xerar conciencia e crear o coñecemento necesario para a procura activa de solucións; cursos de formación en materia de Axenda 2030 para PDI, PAS e alumnado; organización de xornadas con entidades sociais abertas ao público en xeral; así como a dinamización da acción de voluntariado «Axenda 2030: axentes do cambio» (pódense consultar a totalidade das accións no apartado 7.7 desta memoria).

+ **información** <https://www.uvigo.gal/universidade/conecenos/responsabilidade-social-axenda-2030>

3.4 A responsabilidade social nos procesos de ensinanza-aprendizaxe



A Universidade de Vigo está firmemente comprometida coa consecución dos ODS da Axenda 2030. No eido da docencia este compromiso aparece incluído na acción 4 do obxectivo 1 do Plan estratéxico 2021-2026 da Universidade de Vigo: «Promover unha oferta de grao e de posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial coma en liña, en consonancia coa demanda da contorna, na que se prevé a inclusión de contidos específicos obrigatorios de carácter transversal en aspectos como as competencias dixitais e informativas, a igualdade, o desenvolvemento sostible, o emprendemento, o compromiso social ou a inclusión (obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030)».

En consonancia con este compromiso, a oferta formativa da Universidade de Vigo inclúe a responsabilidade social e a Axenda 2030 como eixe transversal en diferentes estudos de grao e de posgrao, así como tamén

conforma por si mesma o obxecto de estudo en programas académicos e en cursos específicos (no apartado 7.7 poden consultarse as formacións extracurriculares en materia de RSU e Axenda 2030).

Conscientes tamén de que a consecución dos ODS implica desenvolver un conxunto de capacidades que non se poden adquirir unicamente a través da formación teórica, e que o estudantado se debe relacionar co seu contorno social, económico e natural mediante un proceso de aprendizaxe participativo onde as competencias técnicas e sociais, así como os valores, sexan ensinados e se practiquen, a universidade impulsa as metodoloxías transformadoras na aula, como é o caso da metodoloxía aprendizaxe-servizo.

Durante o ano 2022 publicouse a terceira convocatoria de proxectos Aprendizaxe-Servizo, na que 21 proxectos realizados en colaboración con entidades sociais e outros axentes sen ánimo de lucro foron aprobados para desenvolverse durante o curso 2022/2023. Esta convocatoria foi acompañada de accións formativas e divulgativas con participación do PDI, alumnado e representantes de entidades sociais.

+ información

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/uvigo-continua-coa-sua-aposta-metodoloxia-aprendizaxe-servizo>

A continuación reflíctense en dúas táboas a relación de diferentes graos, mestrados e programas de doutoramento e a súa relación cos ODS.

Graos/Mestrados	ODS
Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española	  
Grao en Linguas Estranxeiras	  
Grao en Intelixencia Artificial	 
Grao en Tradución e Interpretación	  
Grao en Xeografía e Historia	     
Grao en Belas Artes	 
Grao en Enfermaría	 

Graos/Mestrados	ODS
Grao en Fisioterapia	
Grao en Bioloxía	     
Grao en Ciencias do Mar	
Grao en Química	 
Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	    
Grao en Ciencias Ambientais	      
Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	    
Grao en Enxeñaría da Organización Industrial	    
Grao en Enxeñaría Eléctrica	   
Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	    
Grao en Enxeñaría Química Industrial	    
Grao en Enxeñaría Mecánica	   
Grao en Enxeñaría Biomédica	 

Graos/Mestrados	ODS
Grao en Enxeñaría da Enerxía	
Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	
Grao en Enxeñaría das Tecnoloxías das Telecomunicacións	
Grao en Enxeñaría Informática	
Grao en Enxeñaría Aeroespacial	
Grao en Enxeñaría Agraria	
Grao en Enxeñaría Forestal	
Grao en Administración e Dirección de Empresas	
Grao en Deseño	
Grao en Economía	
Grao en Turismo	
Grao en Comercio	
Grao en Dereito	

Graos/Mestrados	ODS
Grao en Educación Infantil	     
Grao en Educación Primaria	     
Grao en Educación Social	     
Grao en Traballo Social	    
Grao en Comunicación Audiovisual	 
Grao en Dirección e Xestión Pública	     
Grao en Publicidade e Relacións Públicas	 
Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	   
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	    
PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito	       
PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Enxeñaría Informática	      
PCEO Grao en Enxeñaría Biomédica/Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	      
PCEO Grao en Enxeñaría Biomédica/Grao en Enxeñaría Mecánica	      

Graos/Mestrados	ODS
PCEO Grao en Enxeñaría Mecánica/ Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	    
PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia	       
Mestrado universitario en administración integrada de empresas e responsabilidade social corporativa	  
Mestrado universitario en comercio internacional (non presencial)	  
Mestrado universitario en comercio internacional (presencial)	  
Mestrado universitario en dirección de pemes	  
Mestrado universitario en enerxía e sustentabilidade	   
Mestrado universitario en enxeñaría da automoción	  
Mestrado universitario en estudos ingleses avanzados e as súas aplicacións	
Mestrado universitario en finanzas	
Mestrado universitario en investigación química e química industrial	 
Mestrado universitario en lingüística aplicada	

Graos/Mestrados	ODS
Mestrado universitario en mecatrónica	
Mestrado universitario en menores en situación de desprotección e conflito social	
Mestrado universitario en neurociencia	 
Mestrado universitario en prevención de riscos laborais	 
Mestrado universitario en tradución multimedia	 
Mestrado universitario en tradución para a comunicación internacional	 
Mestrado universitario en xenómica e xenética	
Mestrado universitario en xestión do desenvolvemento sostible	    
Mestrado universitario en xestión e dirección laboral	 
Mestrado universitario en comunicación en medios sociais e creación de contidos dixitais	  
Mestrado universitario en dirección de arte en publicidade	  
Mestrado universitario en dirección integrada de proxectos	 

Graos/Mestrados	ODS
Mestrado universitario en dirección pública e liderado institucional	   
Mestrado universitario en investigación e innovación en didácticas específicas para educación infantil e primaria	  
Mestrado universitario en necesidades específicas de apoio educativo	  
Mestrado universitario en arqueoloxía e ciencias da antigüidade	 
Mestrado universitario en ciencia e tecnoloxía agroalimentaria e ambiental	    
Mestrado universitario en dirección e planificación do turismo interior e de saúde	 
Mestrado universitario en intervención multidisciplinar na diversidade en contextos educativos	  
Mestrado universitario en valoración, xestión e protección do patrimonio cultural	 
Mestrado universitario en acuicultura	     
Mestrado universitario en avogacía	      
Mestrado universitario en biodiversidade terrestre	      
Mestrado universitario en bioloxía mariña	      

Graos/Mestrados	ODS
Mestrado universitario en biotecnología avanzada	   
Mestrado universitario en ciberseguridade	  
Mestrado universitario en ciencia e tecnoloxía de conservación de produtos da pesca	      
Mestrado universitario en desafíos das cidades	     
Mestrado universitario en deseño e dirección creativa en moda	    
Mestrado universitario en dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos	   
Mestrado universitario en dirección e innovación da cadea de subministración	   
Mestrado universitario en dirección TIC para a defensa (semipresencial)	    
Mestrado universitario en economía	      
Mestrado universitario en enxeñaría de minas	   
Mestrado universitario en enxeñaría de telecomunicación	  
Mestrado universitario en enxeñaría industrial	    

Graos/Mestrados	ODS
Mestrado universitario en enxeñaría informática	  
Mestrado universitario en industria 4.0	  
Mestrado universitario en actividade física, deporte e saúde	   
Mestrado universitario en matemática industrial	  
Mestrado universitario en nanociencia e nanotecnoloxía	  
Mestrado universitario en nutrición	 
Mestrado universitario en oceanografía	     
Mestrado universitario en profesorado	    
Mestrado universitario en sistemas aéreos non tripulados	
Mestrado universitario en técnicas estatísticas	
Mestrado universitario en visión por computador	
Mestrado universitario en exercicio terapéutico e fisioterapia	
Mestrado universitario en fabricación aditiva	   

Graos/Mestrados	ODS
Mestrado universitario en ciencia e tecnoloxía de información cuántica	  
Mestrado universitario en enxeñaría aeronáutica	  
Mestrado universitario en xestión empresarial do deporte	   
Mestrado universitario en intelixencia artificial	 
Mestrado universitario en xestión sostible da auga	    
Mestrado universitario en enxeñaría biomédica	 
Mestrado universitario en química teórica e modelización computacional	
Programas de doutoramento	ODS
Ciencias mariñas, tecnoloxía e xestión (Campus do Mar)	     
Creatividade, innovación social e sustentable	    
Auga, sustentabilidade e desenvolvemento	   
Creación e investigación en arte contemporánea	  

Programas de doutoramento	ODS
Estudios ingleses avanzados: lingüística, literatura e cultura	 
Estudios lingüísticos	 
Estudios literarios	
Tradución e paratradución	
Comunicación	
Protección do patrimonio cultural	
Biotecnoloxía avanzada	
Ciencia e tecnoloxía agroalimentaria	 
Ciencia e tecnoloxía de coloides e interfaces	
Ciencia e tecnoloxía química	
Ecosistemas terrestres, uso sustentable e implicacións ambientais	  
Física aplicada	  

Programas de doutoramento	ODS
Metodoloxía e aplicación en ciencia da vida	 
Química teórica e modelización computacional	
Estatística e investigación operativa	
Endocrinoloxía	
Neurociencia e psicoloxía clínica	
Eficiencia enerxética e sustentabilidade en enxeñaría e arquitectura	  
Enxeñaría química	 
Investigación en tecnoloxía e procesos avanzados na industria	
Métodos matemáticos e simulación numérica en enxeñaría e ciencias aplicadas	  
Sistemas de software intelixentes e adaptables	 
Tecnoloxía aeroespacial: enxeñarías electromagnética, electrónica, informática e mecánica	
Tecnoloxía da información e as comunicacións	

Programas de doutoramento	ODS
Xeotecnoloxías aplicadas á construción, enerxía e industria	  
Ciencias da educación e do comportamento	 
Análise económica e estratexia empresarial	
Educación, deporte e saúde	 
Ordenación xurídica do mercado	 
Xestión e resolución de conflitos. Menores, familia e xustiza terapéutica	
Ciencias do deporte, educación física e actividade física saudable	 
Equidade e innovación en educación	     
Matemáticas e aplicacións	 
Ciencias sociais e envellecemento	   
Turismo	     
Láser, fotónica e visión	

3.4.1. Campus virtual

As novas tecnoloxías contan cunha grande implantación na Universidade de Vigo, pondo a disposición do seu estudantado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos un bo número de servizos virtuais, coa finalidade de facilitar trámites ou, simplemente, de achegarse dun xeito sinxelo aos seus usuarios e usuarias.

Algúns dos servizos ofrecidos son os seguintes:

Moovi

É o sistema de teledocencia da Universidade de Vigo que permite tanto a estudantes coma a docentes acceder aos contidos virtuais de materias e de cursos. Trátase dunha iniciativa desenvolvida pola Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacions (ATIC) co propósito de ofrecer un servizo de complemento á docencia baseado en internet e dirixido, por unha banda, ao profesorado, estudantado e persoal de administración e servizos e, por outra, ao alumnado preuniversitario que teña en mente cursar os seus estudos superiores nesta universidade. Para isto, emprega a plataforma de software Moodle.

Moovi é unha plataforma actualizada baseada no Moodle e permite os seguintes servizos: consulta e descarga de apuntamentos que o profesorado publica, documentos, probas (de moi variado tipo), vídeos, audios, chats etc. Unha das grandes vantaxes que ten é a posibilidade de crear contidos de moi diversas maneiras, permitíndolle ao profesorado presentar os seus esquemas de clase das maneiras máis diversas. Tamén o estudantado ten a posibilidade de participar dun xeito máis activo na súa ensinanza ao pode acceder aos contidos en forma de apuntamentos, audio e/ou vídeo, con xogos para facilitar o estudo, esquemas, probas lóxicas, probas de aprendizaxe, esquemas de seguimento e un longo etcétera de posibilidades.

+ información <https://moovi.uvigo.gal/>

Campus Remoto

A plataforma do Campus Remoto da UVigo permítelle á comunidade universitaria ter unha plataforma de comunicación e de reunión, baseada en *BigBlueButton*, que fai posible a docencia en remoto, titorías, reunións virtuais, foros e chats, dunha maneira intuitiva e cómoda para todas as persoas usuarias. Unha vantaxe engadida é a posibilidade de acceder a Moovi dende as aulas en directo, o que permite unha gran flexibilidade na docencia. Engade a posibilidade que ten o profesorado de gravar as clases, de xeito que o alumnado poida acceder a unha clase xa impartida e, polo tanto, rever o seu contido.

Cabe salientar que hai aulas e despachos en todos os centros da universidade, incluídos os adscritos, a Escola Aberta de Formación Permanente (EAFP), o programa Maiores, os centros de investigación e un pazo de congresos, o que lle permite a calquera persoa acceder á universidade de xeito remoto e utilizar os seus servizos.

+ información <https://campusremotouvigo.gal/>

App UVigo

Co obxectivo de mellorar a comunicación a través dos teléfonos móbiles entre as institucións universitarias e a comunidade que as integra, CRUE Universidades Españolas, a través de Santander Universidades, creou unha plataforma móbil personalizada que incorpora tecnoloxía avanzada, contidos e diversos servizos. O estudantado, profesorado e o persoal de administración e servizos teñen acceso a esta aplicación que conta con información útil para os tres sectores e permite consultar as materias matriculadas e o expediente académico, ao tempo que incorpora a tarxeta universitaria intelixente (TUI) na súa versión dixital. Durante o período da covid-19, presentouse e segue sendo unha ferramenta básica de actualización da información para o persoal da universidade e o estudantado.

+ información <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/axuda/faq/15>

Office365, almacenamento remoto e equipos de traballo

Unha ferramenta que se atopa incrustada dentro da secretaría virtual para a comunidade universitaria é o Office365 da empresa Microsoft, que provee a todo o persoal coa capacidade de utilizar todas as ferramentas do paquete ofimático Office (Word, Excel, PowerPoint, Access, Teams, Notes, Share Point, Sway, OneDrive e Forms etc.). Desta maneira, non é necesario dispor dun paquete externo para poder utilizar as ferramentas que son necesarias para o traballo diario con documentos, follas de cálculo, bases de datos, presentación, creacións, reunións de equipos, creación de formularios, compartido de documentos etc. Desta forma, o usuario/a ten todo á man dende a súa secretaría virtual.

+ **información** <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/axuda/faq/19>

PeopleNet

Nestes momentos atópase en fase de instalación e desenvolvemento, ademais da preparación dos usuarios/as, e permitirá a xestión polo miúdo de todas as xestións de persoal, simplificando os procesos e mellorando a relación entre as distintas áreas con responsabilidades nesas xestións. Destaca nos procesos de organización e administración de persoal e nóminas.

Sigma

Tamén en fase de instalación e desenvolvemento, ademais da preparación dos usuarios/as, permitirá o control da xestión dos distintos procesos administrativos académicos da universidade, simplificándoos e permitindo a mellora no control dos datos da propia universidade e a interacción entre as distintas áreas implicadas nestes procesos. Entre os procesos destacan os de oferta académica, planificación docente, análise de datos, informes e enquisas.

3.4.2. Innovación educativa

Dentro do Programa de formación permanente do profesorado no ano académico 2021/2022 leváronse a cabo un total de 48 cursos que axudaron a desenvolver as diferentes competencias docentes, dos cales 41 se desenvolveron en modalidade virtual e 7 en presencial (2 no campus de Ourense e 5 no de Vigo).

As actividades formativas realizadas estaban relacionadas coas competencias docentes de planificación, metodoloxías, tipoloxías de avaliación, integración de medios tecnolóxicos, comunicación, motivación, integración e investigación.

Algunhas das actividades formativas foron organizadas conxuntamente pola Vicerreitoría de Investigación, a Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación, a Área de Emprego e o Consorcio Interuniversitario de Aplicacións de Xestión Universitaria (Cixug). A demanda de cursos maniféstase no número de preinscricións, un total de 2311, das cales 1210 solicitudes foron seleccionadas para participar nas formacións. En canto aos datos desagregados por sexo, temos un total de 718 mulleres e 492 homes.

Para seguir impulsando a reflexión sobre a práctica docente e apoiando as iniciativas que dean un impacto na mellora da calidade docente, a Universidade de Vigo mantén os grupos de innovación docente (GID). Son grupos de traballo estables de profesorado universitario que teñen como finalidade desenvolver accións dirixidas á formación, á innovación e á renovación do modelo educativo co obxectivo de favorecer a aprendizaxe do estudantado.

No curso 2021/2022 xeráronse dous novos grupos de innovación docente. Este tipo de grupos permite reflexionar sobre a práctica docente e constitúe un marco idóneo para impulsar o traballo cooperativo entre docentes de diferentes centros e ámbitos disciplinares que comparten obxectivos comúns.

+ **información** <https://eafp.uvigo.gal/gl/campus-aberto/formacion-e-innovacion-educativa/gid/>

3.4.3. Accións de tutorización do estudiantado

Un plan de acción tutorial é un conxunto ordenado de accións previamente planificadas e coa colaboración da comunidade universitaria que ten por finalidade guiar, orientar e acompañar o estudiantado durante os seus estudos universitarios.

A incorporación da acción tutorial á educación superior é recente. Os factores que propiciaron a súa implantación nas universidades españolas son:

- Adaptarse aos requisitos do espazo europeo de educación superior.
- Implantar os sistemas de garantía de calidade.
- Tomar accións fronte ás novas necesidades da universidade e a heteroxeneidade dos e das estudantes que acceden a ela.
- Responder á esixencia social sobre o rendemento e os resultados do sistema universitario.
- Permitir a detección de necesidade e de identificación de puntos febles e puntos fortes en cuestións académicas e docentes.

Unha acción tutorial está dirixida a facilitar a integración do estudiantado na institución e serve de ponte entre o estudiantado e os diferentes servizos. Ademais, contribúe a personalizar a educación universitaria e dálle soporte ao estudiantado no seu proceso de formación.

A tutoría mellora, ademais, a docencia universitaria e implica un aumento na calidade dos servizos que se ofrecen, polo que supón un trazo de prestixio para a universidade.

Por outra parte, o MEET-UVigo consiste en que o estudiantado dos últimos anos de grao exerza de mentor do estudiantado de primeiro curso. Para poder desenvolver este labor os/as estudantes mentores reciben unha formación intensiva en competencias transversais.

Esta práctica comezou na Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións. Nun primeiro momento, a formación era impartida por profesionais do *coaching*, pero para poder transferir esta práctica a máis centros optouse por formar intensivamente un grupo de profesores/as da Universidade de Vigo para que se encargasen da tarefa.

Participan as seguintes titulacións:

- Tecnoloxías de Telecomunicación
- Linguas Estranxeiras
- Recursos Mineiros e Enerxéticos
- Enerxía
- Química
- Economía
- Ciencias do mar

No ámbito xeral, a participación de diferentes membros da universidade, tanto estudiantado coma profesorado, é sumamente positiva: xera un sentimento comunitario e de identificación cos valores da institución e promove a convivencia e a participación activa nos procesos da universidade. Estes lazos afectivos prolónganse no tempo e considéranse un elemento de arraigo e de identificación persoal e colectiva.

O/A estudante que quere ser mentor/a ten que estar nos últimos anos dos graos que participan no proxecto e recibir unha formación de máis de 98,5 horas en competencias transversais. Esta formación está orientada ás competencias transversais de traballo en equipo, comunicación, intelixencia emocional e social, liderado, organización e xestión do tempo... Ao longo do curso terá que preparar, xunto ao seu coordinador/a do PAT,

oito reunións sobre diferentes temáticas para traballar co estudantado mentorizado e asistir ás reunións de seguimento.

Coa adquisición e a posta en práctica destas competencias, o estudantado mentor mellorará a súa inserción no mercado laboral, e o estudantado mentorizado pasa a ter un papel activo e responsable na súa propia aprendizaxe e na súa vida.

O estudantado de primeiro curso está inmerso nun proceso de transición chave, o paso do ensino secundario ao superior. O cambio supón a aparición de diferentes dificultades que poden ter consecuencias imprevisibles e que poden provocar o abandono dos estudos. Entre as necesidades que atopa o estudantado de primeiro curso están o descoñecemento das esixencias que formula a universidade, o desenvolvemento non adecuado das aptitudes específicas respecto ao tipo de titulación cursada, aspectos relativos á actitude, adiamento continuo de responsabilidades ou a desaparición do control tutelar do profesorado da educación secundaria. A/O estudante mentorizado comprométese a asistir ás reunións e a participar activamente no proceso de mentorado.

+ **información** <https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/plans-accion-titorial>

3.4.4. Calidade na docencia

A calidade percibida polos axentes ou polos grupos de interese implicados nos nosos ensinos mostra o grao de satisfacción coas súas necesidades e expectativas, que deben ser avaliadas e satisfeitas con criterios de excelencia.

O programa de medición da satisfacción é un programa propio da nosa universidade baseado nos estándares nacionais e internacionais e nas esixencias de calidade no EEES. O seu obxectivo é recoller e analizar información válida e fiable respecto da satisfacción do estudantado e doutros grupos de interese cos programas formativos que permita contribuír á súa mellora e á mellora da nosa universidade.

A recollida e a análise de información esténdese aos grupos de interese máis relevantes relacionados coas titulacións oficiais de grao, mestrado e doutoramento (estudiantado, persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos, titulados e tituladas e mais empregadores).

As medicións da satisfacción institucionais seguen os estándares normativos para deseñar as metodoloxías de medición máis axeitadas ao grupo de interese e ao tipo de información que se precisa recoller: realízanse enquisas e fanse grupos de discusión, fanse as medicións, elabóranse e difúndense os resultados, e analízanse estes para tomar decisións de mellora.

Estes resultados, ademais, son unha valiosa fonte de información para mellorar os programas de calidade, como o sistema de garantía dos centros ou o seguimento e a acreditación das titulacións oficiais.

+ **información** <https://www.uvigo.gal/universidade/calidade/programas-calidade/docencia>

Enquisa de satisfacción do estudantado

Con respecto á enquisa de satisfacción do estudantado, a participación por centro é moi variable dende un 86 % da Facultade de Fisioterapia, un 68 % da Escola de Enfermaría de Ourense, a un 11 % da Facultade de Belas Artes ou o 8 % da Escola Superior de Enxeñaría Informática. Por titulacións, o Grao en Tradución e Interpretación Galego-Francés ten un 100 % de participación, o Grao en Fisioterapia ten un 86 % e o Mestrado en xestión do desenvolvemento sostible ten un 62 %; mentres que o Grao en Publicidade e Relacións Públicas, o Grao en Administración e Dirección de Empresas da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo, e o Grao en Enxeñaría Biomédica teñen unha participación dun 4 %, 8 % e 11 %, respectivamente.

O estudantado sobre o que se realiza a enquisa son persoas que cursaron por primeira vez algunha materia de 3.º curso de grao ou de 1.º curso de mestrado no curso 2021/2022. As preguntas corresponden aos seguintes

bloques: xestión da titulación, recursos, resultados e calidade xeral da titulación. No primeiro bloque as preguntas relaciónanse coa organización e co desenvolvemento da titulación, a información recibida sobre esta ou o sistema de garantía de calidade. No bloque de recursos as preguntas versan sobre os recursos humanos e os materiais destinados á titulación. Mentres que nos resultados se centran na repercusión da aprendizaxe, a formación recibida e a capacidade para aplicar habilidades e destrezas. O último bloque presenta tres preguntas abertas sobre a calidade xeral percibida da titulación. A valoración das preguntas é nunha escala de 1 a 5, onde 1 é a valoración máis negativa e 5, a máis positiva.

As titulacións que mellor puntuación reciben son Mestrado en profesorado en educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensino de idiomas, cun 4,86; e o Mestrado universitario en valoración, xestión e protección do patrimonio cultural, e o Mestrado en intervención multidisciplinar na diversidade, ambos con 4,94. Mentres que os que peores resultados obteñen son o Mestrado en profesorado en Ourense, cun 1,00; o Mestrado en industria 4.0, cun 1,06; e o PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia, cun 1,76.

+ **información** <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/28/51>

Enquisa de satisfacción das persoas tituladas

A enquisa de satisfacción coas persoas tituladas realízase sobre unha mostra de persoas que remataron os seus estudos de grao ou de mestrado no curso 2021/2022, e realízase entre febreiro e abril de 2022. O cuestionario desenvólvese nun primeiro bloque no que se pregunta sobre a xestión da titulación, a organización e o seu desenvolvemento, a información e a transparencia, e o sistema de garantía de calidade; no bloque de recursos consúltase sobre os recursos humanos e materiais; no bloque de resultados, sobre os resultados de aprendizaxe; e no bloque sobre prácticas e experiencia, sobre as prácticas externas e a experiencia profesional. Por último, o cuestionario péchase con tres preguntas abertas sobre a valoración da titulación, a posibilidade de recomendar a titulación e sobre as melloras que se deberían incorporar, así como un apartado para comentarios. A valoración é sobre unha escala de 1 a 5, onde 1 é o máis negativo e 5 o máis positivo.

Con respecto á participación, a porcentaxe media é dun 25 %. En relación cos resultados, cabe destacar que o índice de satisfacción xeral é de 3,33. As puntuacións por bloque son moi similares: un 3,91 para o bloque de prácticas, un 3,55 para información e transparencia, un 3,67 para recursos humanos e un 3,60 para recursos materiais e servizos.

+ **información** <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/28/56>

Enquisas de satisfacción do estudiantado de doutoramento

No curso 2021/2022 realízase a enquisa de satisfacción cos programas de doutoramento para o estudiantado que cursa o primeiro ano deste programa e para o que o cursa por terceiro ano. As preguntas realizadas están agrupadas en tres bloques con cinco seccións: a información xeral do programa e os procedementos administrativos deste; os axentes implicados (coordinador/a, titor/a, director/a de tese, profesorado, persoal administrativo, funcionamento da Sección de Posgrao da UVigo e da Escola Internacional de Doutoramento); e os recursos do programa ou a oferta formativa.

A media obtida en cada un dos bloques para o estudiantado de 1.º ano é de 3,66; 3,92; 4,46; 4,10; 4,43; e unha media xeral de 4,10 puntos sobre 5. Mentres que a media obtida en cada un dos bloques para o estudiantado de 3.º é de 3,50; 3,87; 4,36; 4,16; 4,11; e unha media de 4,26 sobre 5 puntos.

+ **información** <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/28/84>

Enquisa de satisfacción do PAS

Na enquisa de satisfacción do PAS a mostra corresponde ao PAS funcionario e laboral adscrito aos centros académicos, persoal que está en condicións, polas características do seu posto de traballo, de valorar o funcionamento das titulacións. A enquisa realizouse entre febreiro e xuño de 2021; polo tanto, estes son os últimos datos de satisfacción do colectivo PAS dos que dispoñemos por tratarse dunha enquisa bianual.

As preguntas correspóndense cos seguintes bloques relacionados todos eles co centro e coas súas titulacións: información xeral, comunicación, recursos humanos, recursos materiais, xestión da calidade, xestión da titulación e dúas preguntas abertas sobre o que máis valoran das titulacións e as melloras que consideran que se deberían incorporar. Nas enquisas son invitadas a participar un total de 971 persoas, das cales participan 194.

+ **información** <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/28/58>

Enquisa de satisfacción do PDI

A mostra neste caso está formada por todo o profesorado dos graos e dos mestrados. O cuestionario ten os seguintes bloques: obxectivos e competencias, a planificación das ensinanzas, os recursos humanos, a orientación ao estudantado e a xestión da calidade, así como dúas preguntas abertas sobre o máis valorado na titulación e que melloras se deberían realizar. Os datos aquí reflectidos corresponden á enquisa realizada en 2020/2021, os últimos dispoñibles por tratarse dunha enquisa bianual. A participación nesta edición é dispar por centros e por titulacións, dende un 91,84 % da Facultade de Dereito a un 27,56 % da Escola de Enxeñaría Industrial.

+ **información** <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/28/51>

3.5 A responsabilidade social na investigación, na divulgación e na transferencia do coñecemento



3.5.1. Grupos de investigación en áreas vinculadas coa responsabilidade social

	<ul style="list-style-type: none"> – Observational Research Group (XO1) – Repercusións Educativas, Saudables e Psicomotrices da Actividade Física (HI10) – Investigación en Contextos Educativos e Socioeducativos (HI14) – Equipo de Psicoloxía Evolutiva da Educación (HI9) – Didáctica Especial 6. Actividade Física, Expresión e Creatividade (HI6) – Tracker. Laboratorio Visual (DX7) – Literatura Infantil e Xuvenil Angloxermana e a súa Tradución (AI1) – Grupo de Investigación de Lingua Española e Linguas Signadas (GRILES) – Colaboración e Innovación para a Equidade Educativa e Social (CIES) – Wellness and Movement Research Group (HI23) – Educación, Actividade Física e Saúde-GIES (DE3) – Equipo de Intervención Educativa na Actividade Física para a Promoción da Saúde-HealthyFit (HI22) – Organización e Comercialización (OC2) – Grupo de Enxeñaría de Sistemas Telemáticos (GIST) – Equipo de Investigación en Rendemento e Motricidade do Salvamento e Socorrismo (REMOSS) – Estudos de Tradución, Interpretación, Linguas Oraís e Signaturas (HI25)
Ergonomía	<ul style="list-style-type: none"> – Equipo de Enxeñaría e Deseño (EG2) – Repercusións Educativas, Saudables e Psicomotrices da Actividade Física (HI10) – Equipo de Investigación en Rendemento e Motricidade do Salvamento e Socorrismo (REMOSS)

Enfermidades dexenerativas (alzhéimer, ELA, párkinson, demencias etc.)	<ul style="list-style-type: none"> - Grupo de Tecnoloxías Multimedia (SC9) - Medicina e Saúde Pública (MP1) - Valorización da Linguaxe e Categorización Textual (HI19) - HealthyFit (HI22) - Wellness and Movement Research Group (HI23) - Saúde, Sexualidade e Xénero (PT1)
Autismo	<ul style="list-style-type: none"> - Grupo de Servizos para a Sociedade da Información (ET2) - Educación, Actividade Física e Saúde. GIES (DE3) - Grupo de Tecnoloxías da Información (TC1) - Colaboración e Innovación para a Equidade Educativa e Social (CIES)
Lingua de signos	<ul style="list-style-type: none"> - Equipo de Lingua Española e Linguas Signadas (GRILES) - Estudos de Tradución, Interpretación, Linguas Oraís e Signaturas (HI25) - Gramática, Discurso e Sociedades (GRADES-HO6)
Invidentes	<ul style="list-style-type: none"> - Tracker. Laboratorio Visual (DX7) - Equipo de Investigación en Rendemento e Motricidade do Salvamento e Socorrismo (REMOSS)
Maiores e saúde	<ul style="list-style-type: none"> - Equipo de Intervención Educativa na Actividade Física para a Promoción da Saúde-HealthyFit (HI22) - Equipo de Bioenxeñaría e Cronobioloxía (SC4) - Medicina e Saúde Pública (MP1) - Equipo de Economía, Sociedade e Territorio-ECOSOT (EA7) - Saúde, Sexualidade e Xénero (PT1) - Educación, Actividade Física e Saúde-GIES (DE3) - Repercusións Educativas, Saudables e Psicomotrices da Actividade Física (HI10) - Equipo de Investigación en Rendemento e Motricidade do Salvamento e Socorrismo (REMOSS) - Grupo de Enxeñaría de Sistemas Telemáticos (GIST) - Inmunoloxía (IN1) - Fisioloxía Endócrina e Neurofisioloxía (FB3) - Fisioterapia (FS1) - Comunicación Persuasiva (CP2) - Astronomía, Astrofísica, Antropoloxía e Educación-A3CE (AS1)

Envelhecimento activo	- Equipo de Bioenxeñaría e Cronobioloxía (SC4)
	- Equipo de Intervención Educativa na Actividade Física para a Promoción da Saúde- <i>HealthyFit</i> (HI22)
	- Organización e Comercialización (OC2)
	- Repercusións Educativas, Saudables e Psicomotrices da Actividade Física (HI10)
	- Wellness and Movement Research Group (HI23)
	- Grupo de Enxeñaría de Sistemas Telemáticos (GIST)

Minorías étnicas, pobreza e exclusión social	- Educación, Actividade Física e Saúde. GIES (DE3)
	- Equipo de Economía, Sociedade e Territorio-ECOSOT (EA7)
	- Dereito Mercantil e do Traballo (DT1)
	- Colaboración e Innovación para a Equidade Educativa e Social (CIES- UVigo)
	- Gramática, Discurso e Sociedades (GRADES)

Prevenção da violencia (xjuvenil, maltrato). Mediación familiar	- Investigación en Contextos Educativos e Socioeducativos (HI14)
	- Psicoloxía Xurídica (PS1)
	- Saúde, Sexualidade e Xénero (PT1)
	- Equipo de Dereito Procesual (DL1)
	- Grupo de Investigación en Estudos Literarios e Culturais, Tradución e Interpretación (BIFEGA)
	- Feminario Interdisciplinar. Teoría Feminista e Teoría QUEER (FH1)
	- Dereito Penal (DP1)
	- Investigación en Contextos Educativos e Socioeducativos (HI14)

Prevenção da violencia (xjuvenil, maltrato). Mediación familiar	- Teoría Feminista (SP1)
	- Grupo de Estudos en Traballo Social: Investigación e Transferencia (GETSIT)

Inmigrantes, menores, maiores, mulleres	<ul style="list-style-type: none">- Didáctica Especial 6. Actividade Física, Expresión e Creatividade (HI6)- Colaboración e Innovación para a Equidade Educativa e Social (CIES-UVigo)- Equipo de Economía, Sociedade e Territorio-ECOSOT (EA7)- Saúde, Sexualidade e Xénero (PT1)- Dereito Penal (DP1)- Equipo: Tradución & Paratradución (T&P) (TI4)- Grupo de Investigación en Estudos Literarios e Culturais, Tradución e Interpretación (BIFEGA)- Grupo de Negociacións Textuais e Culturais no Ámbito Anglófono (NeTec)- Literatura Infantil e Xuvenil Angloxermana e a súa Tradución (AI1)- Feminario Interdisciplinar. Teoría Feminista e Teoría QUEER (FH1)- Equipo Psicoloxía Xurídica (PS1)- Grupo de Dereito Procesual (DL1)- Grupo de Investigación en Comunicación (CS1)- Educación, Actividade Física e Saúde (GIES)- Investigación Aplicada en Ciencia Política e Socioloxía (CPS1)- Investigación en Contextos Educativos e Socioeducativos (HI14)- Grupo de Análise Empresarial GRUPAEM- Grupo de Estudos en Traballo Social: Investigación e Transferencia (GETSIT)- MEDEA Iuris (MDA-I)
Accesibilidade das TIC en persoas con deficiencias, discapacidades. Aprendizaxe en liña	<hr/> <ul style="list-style-type: none">- Grupo de Enxeñaría de Sistemas Telemáticos (GIST)- Equipo de Psicoloxía Evolutiva da Educación (HI9)- Didáctica Especial 6. Actividade Física, Expresión e Creatividade (HI6)- Grupo Sistemas Informáticos de Nova Xeración-SING (SI4)- Grupo de Tecnoloxías da Información (TC1)- Colaboración e Innovación para a Equidade Educativa e Social (CIES) <hr/>

Responsabilidade social corporativa (RSC)	<ul style="list-style-type: none"> - Dereito Mercantil e do Traballo (DT1) - G4 Plus Desenvolvemento Estratéxico: Organización e Territorio (OC1) - Equipo de Márketing-Vigo (I-MARK) - Research Group In Economic Analysis, Accounting and Finance-RGEAF (EA8) - Investigación en Comunicación para o Servizo Público (SEPCOM) - Post Growth Innovation Lab (PGILaB) - Análise de Políticas Públicas (EA4)
Ética	<ul style="list-style-type: none"> - Equipo: Tradución & Paratradución (T&P) (TI4) - Research Group In Economic Analysis, Accounting and Finance-RGEAF (EA8) - Agrupación Grupos de Investigación de Dereito Administrativo e Filosofía do Dereito (AGAF) - Grupo de Estudos en Traballo Social: Investigación e Transferencia (GETSIT) - Post Growth Innovation Lab (PGILaB)
Cooperación internacional	<ul style="list-style-type: none"> - G4 Plus Desenvolvemento Estratéxico: Organización e Territorio (OC1) - Historia Contemporánea 1 (HC1) - Empresa Internacional e Capital Intelectual (EF5) - MEDEA Iuris (MDA-I)
Benestar	<ul style="list-style-type: none"> - Equipo de Economía, Sociedade e Territorio-ECOSOT (EA7) - Group of Researchers in Empirical Economics-GRIEE (EA10)

Pegada ecolóxica	<ul style="list-style-type: none"> - Grupo de Investigación en Economía Ecolóxica, Agroecoloxía e Historia (EA5) - Medea Iuris (MDA-I) - REDE: Investigación en Economía, Enerxía e Medio Ambiente (EA3) - Economía dos Recursos Naturais e Ambientais ERENEA (HI8) - Governance And Economics Research Network (GEN) - Colaboración e Innovación para a Equidade Educativa e Social (CIES) - Organización e Comercialización (OC2) - Agrobioloxía Ambiental: Calidade, Solos e Plantas (BEV1) - AgroBioTech for Health (ABH1Q) - Enxeñaría Agroforestal (AF4) - Enxeñaría Química, Térmica e Medioambiental (ChETE) - Grupo de Tecnoloxía Enerxética GTE (EM1) - Biotecnoloxía e Calidade en Industrias Agroalimentarias e Medio Ambiente (ByCIAMA) - Bioloxía Ambiental (BA2) - Ecoloxía Animal (GEA) - Investigacións Agrarias e Alimentarias (AA1)
Explotación sostible dos recursos	<ul style="list-style-type: none"> - Ecoloxía e Zooloxía (EZ1) - Ecoloxía Acuática (RE1) - Planta, Solo e Aproveitamento de Subprodutos (BV1) - Nutrición e Viticultura NEV (AG1) - Medea Iuris (MDA-I)
Dependencia	<ul style="list-style-type: none"> - Group of Researchers in Empirical Economics-GRIEE (EA10) - Equipo de Psicoloxía Xurídica (PS1)
Riscos laborais	<ul style="list-style-type: none"> - Equipo de Dereito do Traballo e da Seguridade Social (DT1) - Dereito Penal (PD1) - Xestión Segura e Sostible de Recursos Minerais (CI5)

3.5.2 Responsabilidade nas actividades de divulgación científica

A Unidade de Cultura Científica e da Innovación da Universidade de Vigo, dependente organicamente da Vicerreitoría de Investigación e da Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais, comezou o seu camiño en marzo de 2019 e abrangue cinco grandes liñas de actuación:

- Difusión dos resultados da I+D+i desenvolvida na Universidade de Vigo e o seu impacto na sociedade, así como a posta en valor da investigación e da figura da persoa investigadora.
- Divulgación xeral de ciencia e tecnoloxía.
- Asesoramento e formación ao corpo investigador en comunicación científica e comunicación social da ciencia.
- Fomento de vocacións científicas e tecnolóxicas.
- Investigación nos procesos da comunicación social da ciencia.

A UCC+i traballa con todos os ámbitos de coñecemento que desenvolve a investigación da Universidade de Vigo: científico, humanístico, tecnolóxico e xurídico-social, e prestando especial atención ás consideracións de xénero.

Os principais grupos de interese e público obxectivo das súas actividades son, fundamentalmente:

- Público xeral. A poboación da zona de influencia, o conxunto da sociedade.
- Poboación nova, escolares e mocidade en idade de escoller o seu camiño académico.
- Persoal investigador da propia institución.
- Tecido industrial, en menor medida.

Para alcanzar estes públicos, a UCC+i mantén unha serie de canles que na súa maior parte son actualizados a diario.

Recóllense a continuación algunhas das accións desenvolvidas no ano 2022.

Mantemento e actualización de contidos da páxina web e das redes sociais da UCC+i

A Unidade de Cultura Científica e da Innovación da Universidade de Vigo conta con perfís propios nas diferentes redes sociais, co fin de ter canles de comunicación efectivas e directas que acheguen a ciencia e os traballos de investigación da institución á sociedade. Con este mesmo fin, tamén foi creada unha páxina web propia desta unidade. Dende que se crearon, na UCC+i fíxose unha actualización diaria da web e das redes sociais, compartindo noticias de interese, difundindo resultados de investigación, tratando de fomentar vocacións científicas e compartindo material audiovisual de creación propia, ademais de dar difusión ás diferentes actividades de divulgación científica organizadas dende a universidade.

A web da UCC+i pode consultarse dende a seguinte ligazón: <http://ucc.webs.uvigo.es/>

As redes sociais nas que a unidade ten presenza e onde se recollen os seus datos máis relevantes do ano 2022 son Facebook, Twitter, Instagram, LinkedIn e YouTube. Nas seguintes ligazóns, pódense consultar as publicacións do último ano e as actuacións que a día de hoxe se seguen a realizar:

<https://www.facebook.com/culturacientifica.uvigo/>

https://twitter.com/UCC_UVigo

https://www.instagram.com/ucc_uvigo/

<https://www.linkedin.com/company/ucc-uvigo/>

<https://www.youtube.com/channel/UCMqklI5CpOTe6SmFHRpB9RO>

Xeración de contido audiovisual para redes sociais

Co obxectivo de achegar un maior dinamismo ás redes sociais da UCC+i e, sobre todo, coa intención de fomentar as vocacións científicas e de achegarlle o coñecemento e o traballo do persoal investigador da Universidade á sociedade, elaboráronse varias pezas audiovisuais de curta duración.

- Continuación da serie da vídeos *Que facemos?* con trece novas pezas
 - Ligazóns:
 - <https://youtu.be/3xY9nn59oOQ>
 - <https://youtu.be/b6DOVxOYPEY>
 - <https://youtu.be/yOYBLB9GKP0>
 - <https://youtu.be/BSThnSYy8Uw>
 - <https://youtu.be/YCFLDrWIOXc>
 - <https://youtu.be/JUvOhZTTO5s>
 - <https://youtu.be/Cw1-xLEFa04>
 - <https://youtu.be/SIFkzGigyPw>
 - <https://youtu.be/kj5eLE-6mnU>
 - <https://youtu.be/1RWbZ4-WfDg>
 - <https://youtu.be/prjlkayi74>
 - <https://youtu.be/CAnBj4qaZPo>
 - <https://youtu.be/nSFY9CvKEEs>
 - Data de difusión: entre maio e xuño de 2022
- Vídeo resumo da publicación *Quero ser investigadora 2*
 - Ligazón: <https://youtu.be/O3cLVMjor28>
 - Data de difusión: 14 de xullo de 2022
- Vídeo resumo das actividades do plan anual de actividades 21-22 «Ciencia de ida e volta»
 - Ligazón: https://youtu.be/EL_mqiMqq6s
 - Data de difusión: 10 de novembro de 2022

11 de febreiro na UVigo

Na liña de traballo pola inclusión da perspectiva de xénero na investigación e do fomento das vocacións femininas, coordináronse dende a UCC+i charlas do persoal investigador da universidade en centros educativos de toda Galicia e dentro da iniciativa 11 de febreiro na edición de 2022, coa que se conmemora o Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia. En total, foron impartidas 58 charlas en 36 centros por 34 investigadoras.

Dende finais de outubro e ao longo dos meses de novembro e de decembro coordinouse dende a UCC+i a preproducción das charlas do persoal investigador da Universidade de Vigo dentro desta iniciativa para a súa edición de 2022, coa que se conmemorou un ano máis o Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia.

Ademais, no contexto desta data conmemorativa, realizouse un ano máis a xornada «Elas fan CienTec», un día de portas abertas e de obradoiros para rapazas de secundaria no campus de Vigo. Esta xornada está coorganizada coa Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo, o Centro de Investigacións Biomédicas

(Cinbio) e as tres escolas de enxeñaría do campus de Vigo: a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, a Escola de Enxeñaría Industrial e a Escola de Enxeñaría de Minas e da Enerxía.

Participaron un total de 187 alumnas de catro institutos de Vigo, Tomiño e Marín.

Publicación *Quero ser investigadora 2*

En xullo de 2022 publicouse e presentouse oficialmente a segunda edición do libro *Quero ser investigadora*, da Unidade de Cultura Científica e da Innovación, coincidindo co acto institucional do Día Internacional da Muller. Esta publicación consta de dez novas historias, a xeito de conto, a través das que se difunde a experiencia e as vivencias de dez científicas que apostaron por facer o que lles gusta e por colaborar no avance da sociedade traballando dende a Universidade de Vigo. Os principais obxectivos desta publicación da UCC+i son valorar e facer visibles as mulleres científicas contemporáneas, pioneiras en moitos casos, e espertar a vocación investigadora entre os máis cativos e cativas, con figuras femininas da súa contorna como referencia.

Desde entón e ao longo do 2022 *Quero ser investigadora* foi difundida intensamente a través das redes sociais, correo electrónico e outras canles, ademais de realizar o envío de exemplares en papel a centros educativos da nosa contorna. En total, enviáronse 470 exemplares a 150 centros de toda Galicia.

Paralelamente, entre os meses de marzo e decembro comezou a preproducción da segunda edición desta publicación, que veu a luz en 2022 e conta con novas investigadoras.

Na seguinte ligazón pódese acceder á versión dixital da publicación *Quero ser investigadora*:

<http://ucc.webs.uvigo.es/wp-content/uploads/2022/07/LIBRO-DIGITAL-2.pdf>

Na seguinte ligazón pódese acceder á versión dixital da guía didáctica, para traballar coa publicación principal:

http://ucc.webs.uvigo.es/wp-content/uploads/2022/04/Guia_didactica-Interactivo.pdf

Coordinación con *The conversation España*

No ano 2022, a Unidade de Cultura Científica e da Innovación coordinou a plataforma e o persoal investigador da Universidade de Vigo para chegar a publicar no portal 39 artigos de 37 autores. Conseguiu no mesmo período 1 105 026 lecturas.

G-Night, Noite Galega das Persoas Investigadoras

Esta iniciativa encheu as cidades de Vigo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol e Lugo de actividades de divulgación científica. A Universidade de Vigo, a través da UCC+i, coordinou este evento en Galicia. Xunto coa institución viguesa, participaron no proxecto as universidades de Santiago de Compostela e da Coruña, o Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga), a Unidade de Cultura Científica da Delegación do CSIC en Galicia, o Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (Indis), o Instituto de Investigación Biomédica da Coruña (Inibic), o Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (Citmaga) e a Sociedade Española de Bioquímica e Bioloxía Molecular (SEBBM).

Durante a primavera organizáronse charlas e obradoiros en centros escolares de toda Galicia como eventos previos ao día grande, o 30 de setembro, cando as prazas e as rúas se encheron de ciencia. As actividades organizadas directamente dende a UCC+i foron:

- 27 sesións en centros escolares durante a primavera e principios de setembro.
- «Ciencia no bar» en Vigo, Ourense e Pontevedra, con sete faladoiros en bares de cada cidade
- Paseo científico. En Vigo, na embarcación Inndaga
- Tres propostas libres:

- Ser escriba na antigüidade: xeroglífico, micénico e latín en Ourense
- Linguas, tecnoloxía e empresa en Vigo
- Charlas CITMAGA en Vigo
- Feira científica con doce postos:
 - Nanopartículas plasmónicas: un arco da vella metálico
 - Constrúe unha dobre hélice de ADN
 - Os minerais como testemuños da historia: dende Altamira ata a arte urbana
 - ECOBS QUIZ
 - Xeotecnoloxías aplicadas
 - Que son as nanocousas?
 - Descubre connosco a vida no solo
 - Achégate ás telecomunicacións
 - Novas tecnoloxías para a enxeñaría
 - UVigo Motorsport
 - UVigo Spacelab
 - Microplásticos no medio mariño e un arco da vella baixo o mar

Nas actividades organizadas pola UVigo participaron 106 investigadores e investigadoras da propia UVigo.

Formación do persoal investigador en cultura científica

No último trimestre de 2022 a UCC+i organizou unha acción formativa dirixida ao persoal investigador da UVigo dentro do plan anual de actividades 2022/2023 «Ciencia de ida e volta»:

- Dúas xornadas (10 horas) con persoas expertas en diferentes eidos da divulgación e coas experiencias de persoal da casa con iniciativas de divulgación exitosas.

Promoción, asesoramento e apoio ao persoal investigador en proxectos de cultura científica

Ao longo de 2022, a UCC+i deu a coñecer as convocatorias dispoñibles para financiar actividades de divulgación científica que permitan comunicar ciencia, darlle visibilidade á figura da persoa investigadora, os resultados das súas investigacións e outras accións relacionadas coa comunicación social da ciencia. A UCC+i colaborou, a través do asesoramento, cun total de 16 propostas presentadas á principal convocatoria nacional de axudas para a cultura científica.

Ademais da planificación anual propia, coas súas accións e proxectos, a UCC+i traballa para instaurar unha cultura dunha maior e mellor comunicación e divulgación científica entre o persoal investigador da universidade, que redunde á súa vez nun aumento de oferta e de dispoñibilidade de cara á cidadanía.

Plan anual «Ciencia de ida e volta» (FECYT do Ministerio de Ciencia e Innovación)

A UCC+i iniciou o seu plan anual de actividades 2022/2023 «Ciencia de ida e volta», que conta coa colaboración da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía que depende do Ministerio de Ciencia e Innovación (<http://ucc.webs.uvigo.es/ciencia-de-ida-e-volta/>).

A primeira acción dentro deste plan é a actividade formativa para persoal investigador da que se falou antes, os días 30 de novembro e 1 de decembro. Ademais, a partir de novembro comezouse coa xestión das actividades para conmemorar o 11F e a preproducción da terceira entrega de *Quero ser investigadora*, que se prevé que a súa estrea sexa en xuño de 2023.

+ **información** <http://ucc.webs.uvigo.es/>

3.5.3 A responsabilidade na transferencia

A Oficina de I+D ten como misión levar a cabo labores de transferencia das capacidades e resultados de I+D+i desenvolvidos na Universidade de Vigo cara á contorna socioeconómica. Este labor enmárcase dentro da chamada terceira misión da universidade e xustifica a presenza da oficina en eventos de carácter internacional relacionados coa transferencia de coñecemento como o Foro Transfiere ou Patents4Innovation.

A promoción da colaboración activa entre a comunidade investigadora e o tecido produtivo e a creación de empresas baseadas no coñecemento contribúen a xerar crecemento e riqueza. Deste xeito, acádase o obxectivo consistente en que os resultados da investigación xerados polas investigadoras e investigadores sexan aproveitados para o avance da sociedade a través dun desenvolvemento sostible e responsable.

Por outra banda, os *hubs* de innovación dixital (DIH) seguen a ter un importante protagonismo como nodos de contacto entre a industria e os centros xeradores de coñecemento. Impulsados dende a Comisión Europea, a Universidade de Vigo participa nos tres existentes actualmente en Galicia (DIHGIGAL, DataLife e Infabhub) como peza fundamental na colaboración público-privada e na consolidación do ecosistema innovador galego.

A Oficina de I+D tamén contribúe ao fomento e ao acompañamento de grandes proxectos colaborativos entre a nosa universidade e as empresas, tales como o proxecto Facendo 4.0, promovido por un consorcio liderado por Stellantis, ao abeiro da convocatoria de «Fábrica do futuro, fábrica intelixente e sostible da industria 4.0» da Xunta de Galicia, o proxecto liderado por COPASA no programa de «Liñas estratéxicas do Ministerio», e outros derivados da iniciativa de compra pública precomercial Civil UAVs Initiative.

Ademais das capacidades dos grupos de investigación, a universidade conta cunha extensa carteira de resultados de I+D+i conformada por máis de 230 patentes, tecnoloxías e *know-how* dispoñibles para o seu licenciamiento e explotación. No ano 2022 asináronse un total de 658 actividades de I+D+i por un importe de preto de 5,5 millóns de euros e ingresáronse en concepto de regalías por licenza de resultados de I+D máis de 80 000 €

Así mesmo, a Oficina de I+D participa en proxectos de cooperación transfronteiriza e fomenta a posta en marcha de iniciativas empresariais que explotan o coñecemento xerado na UVigo e serven para achegar valor, crear emprego de alta cualificación e contribuír á creación dunha economía baseada no coñecemento. Neste senso, as case medio centenar de iniciativas promovidas, que se converteron en 40 empresas *spin-off*, constitúen unha importante fórmula de transferencia e de explotación do coñecemento. En 2022 creouse SPARC FOUNDRY, un ambicioso centro de produción de semicondutores fotónicos, que xurdiu dos resultados da investigación desenvolvida na UVigo e que espera converterse en referente nun campo con tanta proxección como a fotónica.

A maduración dos resultados xerados pola comunidade investigadora e o acompañamento a través de todo o proceso de valorización, necesario para que un resultado poida ser explotado con certas garantías, é unha das funcións destacadas que se desenvolven na Oficina de I+D. Neste eido é preciso asegurar aspectos como a protección do coñecemento, a realización de probas piloto ou a elaboración de plans de negocio, estudos de mercado ou plans de empresa, que permitan eliminar todas as incertezas que xeran os novos produtos e servizos antes de chegar ao mercado.

Un bo exemplo deste proceso é o traballo desenvolvido na oficina co persoal investigador co motivo da convocatoria Proba de Concepto do Ministerio na que nove proxectos da Universidade de Vigo, dos 17

presentados, acadaron un financiamento de 1 089 970 €e para os que se deseñou unha estratexia de chegada ao mercado, ben creando *spin-offs*, ben licenciando a tecnoloxía.

En definitiva, as actividades de transferencia desenvolvidas dende a Oficina de I+D contribúen a reforzar a terceira misión da universidade e a que os resultados xerados nos laboratorios cheguen á sociedade e produzan retornos, tanto no ámbito económico coma de mellora social.

+ **información** <https://www.uvigo.gal/es/investigar/transferencia-conocimiento>

3.5.4 Centros de investigación: Atlanttic, CIM, Cinbio, Cintecx e Ecobas

A evolución e a consolidación dos grupos de investigación aconsellan establecer centros singulares de investigación como estruturas específicas. Estes centros axúdannos a prestar un marco legal axeitado aos labores de I+D+i no ámbito da súa competencia, xa teñan un carácter estratéxico sectorial ou transversal, ademais de dar apoio instrumental, científico e tecnolóxico.

Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación (Atlanttic)

Atlanttic é o **Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación da Universidade de Vigo**. Na actualidade, Atlanttic atópase consolidado como referente rexional, nacional e internacional na I+D+i no eido das tecnoloxías de telecomunicación e os servizos dixitais, ao ser recoñecido como centro de investigación do sistema universitario de Galicia (SUG).

- Coa misión de impulsar o avance da sociedade a través da xeración e transferencia de coñecemento nos citados eidos, o equipo multidisciplinar de Atlanttic verteбра a súa actividade investigadora en tres grandes verticais, que dan resposta aos grandes retos globais en materia de conectividade, dixitalización e seguridade, e intégranse tecnoloxías de vangarda como a IA, IoT, BigData, Cloud, 5G&6G, comunicacións radio, satélite e ópticas, fotónica integrada, criptografía e comunicacións cuánticas, sistemas aeroespaciais e de defensa, seguridade multimedia, radar, teledetección, saúde e educación dixitais, seguridade multimedia. A continuación dispónse as áreas coas súas liñas principais de investigación: **Comunicacións**
 - Comunicacións por radio e satélite
 - Sistemas aeroespaciais e de defensa
 - Fotónica e comunicacións ópticas
 - Redes de datos
 - Radar e teledetección
 - IoT
- **Servizos dixitais**
 - Saúde dixital
 - Educación dixital

- Servizos electrónicos e intelixentes
- Tecnoloxías multimedia
- Xestión de datos
- **Ciberseguridade**
 - Seguridade multimedia
 - Privacidade
 - Criptografía e comunicacións cuánticas

Unha óptima combinación entre excelencia científica e capacidade de transferencia de tecnoloxía e coñecemento sitúan a Atlanttic como principal fonte de ingresos na Universidade de Vigo, asociados tanto á participación en proxectos competitivos coma en actividades de transferencia. Así, sitúan a esta universidade, ademais, entre as 300 mellores institucións académicas do mundo no ámbito das telecomunicacións, quinta de España e única galega nesta área segundo a última clasificación da clasificación de Shanghai (ARWU) en 2022.

Destaca, ademais, o seu papel como axente tractor da I+D+i e a competitividade económica mediante a creación, posta en valor e fortalecemento dun polo tecnolóxico e interdisciplinar de referencia en Galicia con proxección internacional, apoiado nun sólido ecosistema, e dotado dunha ampla rede de colaboradores de referencia nacional e internacional.

No referente ao persoal de Atlanttic, cabe destacar que, en 2022, o centro conta con 159 persoas investigadoras, que se distribúen en 18 persoas con contrato posdoutoral e 22 con contrato predoutoral, e 70 con vinculación permanente ao centro. Ademais, Atlanttic conta con 34 técnicos/as e 14 persoas de soporte á investigación e xestión.

Os principais indicadores do centro, correspondentes á anualidade 2022, atópanse reflectidos na seguinte táboa:

Actividade investigadora e produción científica	
Fondos I+D	4 544 443 €
Total de publicacións (WOS ou Scopus)	104
Publicacións Q1	23
Valorización e transferencia	
Contratos activos	34
Ingresos contratos I+D e transferencia	2 022 844 €

+ **información** <http://atlanttic.uvigo.es/gl/quen-somos/o-centro/>

Centro de Investigación Mariña (CIM)

O Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo é o elemento central da estratexia mariña da universidade e constitúe un polo interdisciplinario de referencia local, estatal e internacional no ámbito da xeración e da transferencia do coñecemento do mar. É un dos oito centros singulares de investigación de Galicia e aspira a converterse nunha referencia europea e líder na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal en investigación mariña, centrando a súa misión na xeración de coñecemento de excelencia en ciencia mariña, na transferencia dese coñecemento para beneficio da sociedade e na internacionalización da actividade investigadora da Universidade de Vigo no ámbito do mar. A súa organización e masa crítica investigadora posibilita unha maior proxección internacional da Universidade de Vigo, facendo visible nunha única marca a capacidade de produción de coñecemento no ámbito do mar e actuando como xanela única da universidade no proceso de transferencia de I+D+i cara aos sectores empresariais mariños e marítimos, o que nos converte nun foco de atracción de talento a escala internacional.

A posición do CIM como elemento central da estratexia mariña da UVigo convértenos nun importante elemento de transferencia aos sectores produtivos e á sociedade, e permítenos nutrir os programas académicos mariños; establecer relación con centros e con agrupacións doutras áreas de coñecemento; representar a universidade en iniciativas autonómicas, estatais ou internacionais deste ámbito; liderar o campus de excelencia internacional, Campus do Mar; e ser un dos integrantes do Centro Europeo de Recursos Biolóxicos Mariños (EMBRC-ERIC). O CIM participa activamente na Mesa Sectorial Galega do Clima e contribúe aos informes do Panel Intergubernamental do Cambio Climático (IPCC) con autoría e revisión de capítulos. No ámbito das ciencias da terra, está integrado en organizacións europeas tales como o European Plate Observatory System (EPOS) e asociado ao European Multidisciplinary Seafloor and water column Observatory (EMSO), organizacións que forman parte de plans de integración de infraestruturas nacionais e transnacionais de investigación europeas, con persoas expertas en TIC. Tamén destacan as colaboracións coas cátedras Naturgy e Unesco de Desenvolvemento Local Sostible e o acordo estable con DualSHPhysics.

O CIM ten capacidades e equipamentos de investigación necesarios para facer aproximacións multifocais e explotar sinerxías para levar a cabo estudos mariños a grande escala que dean resposta aos complexos problemas cos que se enfronta o mar. O CIM é unha referencia internacional tanto nas dúas prioridades científicas establecidas, cambio climático e biotecnoloxía mariña, coma nos seus cinco ámbitos de especialización: cambio global e contaminación, biodiversidade e servizos ecosistémicos, acuicultura e explotación sustentable dos recursos mariños, xestión integrada da zona costeira e enerxías renovables e novos recursos. O CIM aplica en todos os seus ámbitos de especialización a perspectiva socioecolóxica e aposta pola intelixencia de datos como instrumento emerxente. A principal infraestrutura de investigación do CIM, a Estación de Ciencias Mariñas de Toralla, conta cunhas instalacións únicas no ámbito mundial para investigar en acuicultura e oceanografía os efectos do cambio climático no medio mariño ou desenvolver novas solucións biotecnolóxicas de orixe mariña, o que lle permitiu entrar a formar parte do ERIC EMBRC (European Marine Biological Resource Centres).

O CIM está integrado actualmente por 247 persoas, 134 das cales son investigadores/as doutores distribuídas do seguinte xeito: 27 catedráticos/as, 42 profesores/as titulares e 3 profesores/as contratados doutores, 58 investigadores/as posdoutorais (dos cales 2 son European Research Council [ERC], 1 Beatriz Galindo, 3 Ramón y Cajal [RyC], 8 Juan de la Cierva [JdC], 4 posdoutorais distinguidos da UVigo, 15 posdoutorais da Xunta de Galicia, 4 posdoutorais Margarita Salas, 1 posdoutoral Marie Curie e 24 doutores/as con outras vinculacións), 66 persoas como persoal investigador predoutoral e 47 persoas para apoio técnico e de xestión.

Os resultados de investigación obtidos nos cinco anos de funcionamento do centro mostran un desempeño moi notable en produción científica, con máis de 860 publicacións indexadas en revistas do Journal Citation Reports (JCR), tendo no ano 2022 un total de 173 publicacións, das cales 107 estaban situadas no primeiro cuartil e 50 no primeiro decil.

No ano 2022, o CIM tivo vixentes un total de 60 proxectos, 17 deles europeos (12 do H2020 e HE), que achegan unha subvención de máis de 4,6 millóns de euros. A internacionalización da investigación, ademais do logro de proxectos en convocatorias internacionais, viuse reforzada dentro dos grupos do CIM coas estadias

de investigación que realizaron os seus membros (30) e os investigadores/as estranxeiros que recibiron (29) no ano 2022.

En materia de transferencia, a relación co tecido económico móstrase nos 4 contratos de I+D asinados con institucións e con empresas do ámbito nacional e internacional, por un importe superior aos 73 000 € e cos servizos prestados dende a Ecimat, que ademais de cubrir a demanda dos grupos de investigación do CIM, deu servizos a catro organismos públicos nacionais e tres internacionais, e a cinco entidades privadas nacionais e tres internacionais, por un importe superior a 150 000 € no ano 2022.

O Plan estratéxico do CIM 2020-2023 identifica como un dos seus principais obxectivos a concienciación e a sensibilización da sociedade sobre a importancia dos océanos e dos ecosistemas mariños e o seu papel na adaptación ao cambio climático. Co fin de materializar o citado obxectivo e de continuar co cumprimento de cada un dos eixes da investigación e da innovación responsable (RRI), e á vez conseguir unha comunicación efectiva a nivel externo e interno, xerando visibilidade e recoñecemento, o CIM desenvolveu durante o ano 2020 un novo plan de comunicación do centro, que implementou ao longo do ano 2022.

Accións en RRI

As accións desenvolvidas durante a presente anualidade responden aos criterios fundamentais sobre investigación responsable acordados no ámbito internacional e o selo de HRS4R do que dispón o centro. As accións resúmense na seguinte figura e estrutúranse nos seis eixes de RRI.

Accións de divulgación científica clasificadas por categorías:

- **Divulgación científica.** O CIM recibiu financiamento de convocatorias europeas e nacionais para desenvolver proxectos de divulgación científica. Actualmente está desenvolvendo tres proxectos conseguidos na convocatoria FECYT 2020 resolta en 2021, e que rematan en 2022. Estes proxectos teñen un orzamento que supera os 80 000 € e son: «Sentinelas da costa», «Misión azul—a investigación mariña e o cambio climático» e «Desafíos do océano: científicas ao mando», liderados por investigadores/as do centro. Un cuarto proxecto financiado por FECYT e que rematou en 2022, «Microrreservas de praia: a concienciación social como elemento clave na recuperación de areais. Proxecto piloto no concello de Nigrán», está liderado pola *spin-off* do CIM, Hydrosphere, e ademais tamén participan investigadores de dous grupos de investigación do CIM. O centro tamén realizou durante 2022 máis de 170 accións de divulgación e difusión científica. Entre estas actividades, destacamos as Xornadas de Portas Abertas 2022, que reuniron máis de 250 persoas e que este ano se desenvolveu con dous formatos: 1. «Coñece o CIM na rúa», talleres, xogos e actividades divulgativas no Centro Comercial A Laxe en Vigo e 2. «Embárcate co CIM», actividade divulgativa estrela do centro, onde 150 persoas se desprazaron en barco acompañados de persoal do CIM ata a Ecimat e que comprende varias actividades de alfabetización oceánica. Tamén foi especialmente relevante a celebración de numerosas actividades no Día Mundial dos Océanos e o Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, coa participación do persoal do centro nos talleres e paseos divulgativos do proxecto Gnight-Noite galega das persoas investigadoras. Destacan, ademais, iniciativas en colaboración co Campus do Mar como Ocean literacy, o segundo proxecto da iniciativa Science Meets Artists, con ilustracións que recompilan cada un dos sete principios esenciais da alfabetización oceánica, inspiradas e explicadas por sete investigadores/as do CIM.
- **Igualdade de xénero.** O compromiso da igualdade de xénero no CIM queda patente coa creación dunha comisión de igualdade e sustentabilidade como parte da unidade estratéxica do centro, a presenza equilibrada de mulleres no comité de dirección, a elevada taxa de publicación de artigos científicos por mulleres como primeiro autor, e a promoción da formación en material de xénero entre o persoal, coa realización de varios cursos de formación en igualdade de xénero impartidos pola Unidade de Igualdade e a Área de Formación e Innovación Educativa da Universidade de Vigo. O fomento da sensibilización en igualdade e da vocación científica entre as nenas tamén foi unha das áreas de traballo, con participación activa do CIM nas actividades conmemorativas do Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia mediante accións desenvolvidas por persoal do centro

en institucións educativas de Galicia. Outras actividades en materia de igualdade de xénero realizadas durante esta anualidade foron a adecuación dunha sala de lactación na Ecimat, a creación de premios a investigadoras do CIM, a organización dun evento corporativo centrado na igualdade, e campañas a través de redes sociais centradas en xénero e diversidade.

- **Ética.** Esta anualidade o CIM continuou asesorando os investigadores/as para cumprir o Convenio de biodiversidade e o Protocolo de Nagoya relativo á participación xusta e equitativa dos beneficios derivados da utilización de recursos xenéticos, a través do desenvolvemento de varios talleres e conferencias realizados baixo diferentes eventos e a implantación dun recadro de verificación no sistema de solicitudes de servizos da Ecimat, que obriga á lectura e á aceptación das responsabilidades da citada lexislación por parte dos usuarios/as que solicitan organismos mariños subministrados pola estación. A unidade de RRI xestionou 100 permisos de mostraxe, inmersión e movemento de medio centenar de especies de ámbito mariño, necesarias para desenvolver proxectos de investigación.
- **Ciencia aberta.** O persoal investigador do CIM publicou artigos científicos en aberto, desenvolveu aplicacións de software de código aberto e utiliza diferentes repositorios de datos gratuítos, abertos e accesibles a toda a comunidade científica. Ademais, o CIM forma parte de EOSC-Life, proxecto das infraestruturas de investigación europeas (Ris), cuxo obxectivo é xerar ferramentas e protocolos que faciliten a European Open Science Cloud en Ciencias da Vida. Un dos principais fitos do CIM nesta materia no ano 2022 é o desenvolvemento dun plan de xestión de datos (PXD) do CIM, o cal pretende dotar de ferramentas o centro e os seus investigadores/as para a correcta xestión dos citados datos, e que inclúe: a identificación e a descrición do tipo de datos xerados no centro; a descrición das ferramentas dispoñibles para a súa correcta xestión de acordo cos principios FAIR e as directrices da Política de Ciencia Aberta; e a descrición dos mecanismos para acceder aos devanditos datos por persoas alleas ao centro.
- **Ciencia cidadá.** Como unha das actividades chave do centro en materia de RRI, o CIM desenvolveu nesta anualidade o proxecto PASOS–Plan de acción para a promoción da investigación e innovación responsable no ámbito mariño, a través das entidades de economía social, no que participan o CIM, o centro ECOBAS (Economía e Administración de Empresas para a Sociedade) e a Fundación para a Pesca e o Marisco (Fundamar). PASOS contou cun orzamento de máis de 50 000 €e foi financiado pola Rede Eusumo, impulsada pola Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia. No marco deste proxecto, organizáronse numerosas entrevistas a representantes do sector do mar e da I+D+i e realizáronse catro mesas de cocreación interinstitucionais para o deseño do plan de acción, en colaboración con confrarías, armadores, GALP, fundacións, administracións e centros de investigación, ONG, entre outras. O plan de acción deseñado distribúese en tres grandes dimensións de traballo (social, económica e ambiental) e numerosas liñas estratéxicas e accións que permitirán darlles prioridade ás actividades de RRI no medio mariño. Ademais, este ano continuouse cos proxectos financiados pola FECYT «Sentinelas da costa», «Desafíos do océano: científicas ao mando» e «Microrreservas de praia: a concienciación social como elemento clave na recuperación de areas. Proxecto piloto no concello de Nigrán», liderado este último pola *spin-off* do CIM, Hydrosphere.

+ **información** <https://cim.uvigo.gal/o-centro/presentacion/>

Centro de Investigacións Biomédicas (Cinbio)

O Centro de Investigación en Nanomateriais e Biomedicina, Cinbio, está formado por máis de 200 persoas, entre profesorado, persoal investigador posdoutoral, estudiantado de doutoramento e persoal técnico, de xestión e de laboratorios.

O Cinbio foi creado co propósito de proporcionar recursos e instalacións para unha investigación compartida, así como para a investigación bioexperimental. A Universidade de Vigo implantou este centro co obxectivo de avanzar nos eidos da biomedicina e dos nanomateriais, que destaca polo seu enfoque multidisciplinario. Este proxecto conta coa colaboración de especialistas en diversas áreas do coñecemento, como medicina, bioloxía, química, física, matemáticas e informática.

Segue sendo de especial interese a mención da concesión da acreditación ao Cinbio como centro de investigación do SUG para o período 2019-2022, o que supón unha aposta de proxecto institucional por parte da Xunta de Galicia para acadar unha investigación de excelencia.

As principais liñas de investigación son:

- Medicina molecular. Centrada no funcionamento dos xenes e outras moléculas celulares, e dos mecanismos que activan ou desactivan enfermidades para recoller métodos de diagnóstico e de tratamento.
- Nutrición e benestar. Centrada en investigacións relacionadas coa nutrición e co deporte; o microbioma e as bacterias.
- Nanomateriais. As investigacións sobre materiais a nanoescala xiran arredor da nanocatálise, biosensores, nanofotónica, nanomagnetismo e nanovacinas.
- Bioestatística e informática para a saúde. Centrada na análise de datos para realizar modelos predictivos e para a súa posterior inferencia no campo da biomedicina, así como o uso de software para o tratamento destes datos.

A misión do Cinbio céntrase en transferir e desenvolver I+D+i na fronteira do coñecemento, que optimice os recursos dispoñibles no Cinbio a través da consolidación de sinerxías e que permita a obtención de resultados innovadores aplicables á súa poboación de referencia.

Cinbio ten en conta a preocupación social e a protección ambiental nas súas políticas de mellora; tanto desde a súa parte estrutural e operativa coma na súa composición, prestando especial atención ás persoas e aos colectivos sociais coas que se relaciona (persoal investigador, académico e sociedade en xeral).

Cinbio busca acadar a harmonización coa realidade social mediante o uso da responsabilidade social universitaria (RSU) como unha política renovada de xestión universitaria que teña en conta as necesidades, retos e demandas da sociedade actual, co obxectivo de permitir a colaboración e a transferencia efectiva entre a sociedade e a universidade.

A especialización do Cinbio no ámbito da investigación e da educación superior son os escenarios ideais para afrontar diversos retos sociais. Polo tanto, o ODS 9 (industria, innovación e infraestrutura) e o 4 (educación de calidade) son dous dos principais obxectivos aos que contribúe a actividade deste centro, sen esquecer o ODS 3 (saúde e benestar), ao ser unha das áreas principais de traballo do centro a saúde e a mellora a través da investigación biomédica.

Toda a estratexia e os obxectivos do Cinbio van aliñados coas políticas de ODS e RSU. Entre os obxectivos principais podemos destacar:

- Acadar unha investigación máis competitiva.
- Posicionarse e consolidarse como centro de referencia en nanomateriais e biomedicina, recoñecido no ámbito nacional e internacional, levando a cabo unha investigación interdisciplinaria e de alto impacto. A aspiración é obter distincións como Unidade de Excelencia María de Maeztu.

- Incrementar a produción de calidade e cantidade de artigos científicos, elevando a media de impacto das revistas.
- Aumentar a masa crítica do centro, estabilización dos grupos e da cualificación de investigadores/as e técnicos/as no campo da biomedicina e da biotecnoloxía, coa captación de talento investigador que permita incrementar a calidade científica que se realiza.
- Incrementar o número de patentes licenciadas no ámbito internacional e ingresos por contratos con empresas. Potenciación da cultura de valorización e protección da investigación realizada.
- Mellorar a presenza de persoal investigador do centro no ámbito internacional, incrementar as colaboracións e o posicionamento en postos de toma de decisións no ámbito científico.
- Aumentar a captación de fondos a través de proxectos internacionais, nacionais e de colaboracións con empresas, fundacións e outras entidades.
- Mellorar a proporción de mulleres/homes nos postos de liderado e en comisións no centro.
- Incrementar o número de grupos e que estes poidan ser considerados de referencia competitiva pola comunidade autónoma.
- Facer partícipe a sociedade de todo o proceso de desenvolvemento científico, desde o deseño e a configuración de actividades ata a difusión dos resultados obtidos polos grupos de investigación.

Na actualidade, a maioría dos proxectos e as accións científicas do Cinbio teñen en consideración e plasman un enfoque vinculado coa sustentabilidade ambiental e co retorno á sociedade. Non obstante, desde o compromiso constante do Cinbio por converterse nun centro sostible, responsable co medio ambiente, integrador e comprometido coa igualdade e a cooperación entre o seu persoal, o Cinbio leva a cabo unha serie de accións específicas para tratar estas cuestións.

RESPONSIBLE RESEARCH INNOVATION (RRI)

Cinbio é consciente da necesidade de adoptar medidas apropiadas en relación cos aspectos éticos da práctica científica e co uso do coñecemento científico e as súas aplicacións. Desde Cinbio promóvense os seis principios básicos da RRI: goberno, ética, igualdade, Open Access, participación cidadá e educación científica. Actualmente, existe unha clara política institucional sobre a importancia da RRI no Cinbio e na Universidade de Vigo. Por isto, de forma conxunta, realízanse diversas iniciativas e actuacións neste contexto.

IGUALDADE DE XÉNERO

Cabe sinalar que o Cinbio foi a primeira instalación da Universidade de Vigo que contou cunha sala equipada para garantir a lactación materna en condicións hixiénicas e seguras, favorecendo desta forma a implantación noutros centros e facultades da propia universidade.

Nesta anualidade, levouse a cabo unha análise de partida da situación en canto a xénero e conciliación que nos permitiu ser conscientes da situación real do centro. Cómpre salientar que na carreira investigadora do Cinbio, máis do 60 % do persoal investigador son mulleres, e un 43 % delas lideran os grupos de investigación do centro. Tras esta análise constituíuse un grupo de traballo que estuda aspectos vinculados coa RRI, a igualdade e o trato non discriminatorio.

Realizáronse diversas formacións técnicas vinculadas con sexo/xénero na investigación; comunicación científica en igualdade; sexo, saúde e xénero nas enfermidades...

De forma paralela, tamén se realizaron outras accións de implicación social como o taller Apálpate para a prevención do cancro de mama, ou un taller sobre a endometriose e a importancia da alimentación.

O renomeamento dos espazos de *coworking*, co fin de promover e de visibilizar a importancia da muller e a ciencia foi outra das medidas adoptadas.

SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL

Neste eido cabe sinalar distintas actuacións como:

- Reciclaxe e sustentabilidade. Uso de produtos reciclados, apagar as luces ou o peche das instalacións en datas concretas son accións que se levan a cabo para axudar o planeta e protexer o medio ambiente. O Cinbio segue unha política de reciclaxe de residuos mediante o uso de diversos contedores para a separación de materiais (papel, vidro, xeral, envases).
- Eliminación de botellóns de plástico de auga. Co fin de reducir os residuos xerados no centro, o Cinbio adoptou a medida de eliminar o emprego de botellas de auga de plástico non reutilizables de uso común, co que se instalaron fontes de auga con filtros adaptados localizadas en zonas de fácil acceso para todos os usuarios/as e na sala común. A reciclaxe, aínda que é unha medida importante, non é suficiente nas erres da sustentabilidade ambiental. De forma paralela a esta medida, o persoal investigador do Cinbio conta con cuncas de cerámica que permiten a eliminación dos vasos de plástico.

DIVULGACIÓN E DIFUSIÓN DE RESULTADOS

Con relación ás publicacións no exercicio 2022, publicáronse máis de 200 publicacións, onde case un 80 % son publicacións de alto impacto en revistas Q1. Cabe destacar que entre revistas nas que se publicou en 2019, atópanse exemplos como *Nature Nanotechnology*, *Nature Rev. Cancer*, *Nature Rev. Materials*, *Nature Rev. Genetics*, *Nature Materials*, *Journal of Statistical Software*, *Nature Communications*, *Journal of the American Chemical Society*, *Advanced Materials*, *Angewandte Chemie International Edition*, *Nanotoday* e *Nanoresearch*.

Así mesmo, na anualidade de referencia, mantivéronse en activo 47 proxectos. Os proxectos de investigación no ámbito internacional proceden de programas como 7PM, H2020, SUDOE, POCTEP, MSCA e AXA Fellowship (baixo a que AXA Research Fund apoia a carreira de investigadores/as noveis prometedores en temas prioritarios para a sociedade e que supoñan un grande avance do seu campo). En canto aos proxectos nacionais, non se iniciou ningún novo proxecto na anualidade 2019, aínda que se manteñen proxectos dos anos anteriores e se asinaron contratos con empresas como organismo subcontratado no marco de diversas convocatorias nacionais e autonómicas. Ademais, o Grupo de Materiais Magnéticos asinou unha patente EP19382013.1 «In vitro method for the diagnosis or prognosis of neurodegenerative disorders» de ámbito nacional.

Segue sendo de especial interese a mención da concesión da acreditación ao Cinbio como centro de investigación do SUG para o período 2019-2022, o que supón unha aposta de proxecto institucional por parte da Xunta de Galicia para acadar unha investigación de excelencia.

Durante a anualidade 2022 leváronse a cabo diversas actuacións co fin de agrupar e implicar as distintas partes interesadas detectadas no Cinbio. Entre elas destacan:

- Celebración de congresos. Annual Meeting. En 2022, celebrouse a quinta edición do congreso organizado polos investigadores/as posdoutorais do Centro (<https://cinbio.es/difusion/divulgacion/vam/>), aberto a toda a comunidade científica e á sociedade en xeral; e «The Think Institute», un evento no que participan diversos expertos e expertas no ámbito da nanomedicina.
- Programa «Ciencia con C de Cinbio». Un ano máis, o Cinbio organizou e celebrou o seu ciclo «Ciencia con C de Cinbio», co obxectivo de darlle a coñecer á cidadanía en xeral a investigación que se está a realizar no centro, dar visibilidade ao traballo diario do #equipoCinbio e poñer en valor a ciencia e a investigación. As actividades divulgativas deste ano dividíronse en diferentes bloques con público de diversas idades.

Con todas estas actividades, Cinbio (co financiamento do Programa operativo FEDER-Galicia 2014-2020) quere compartir a ciencia coa sociedade en xeral un ano máis, para que calquera poida ter acceso de primeira man ao proceso de xeración de coñecemento na investigación.

Entre as actividades realizadas, podemos atopar talleres divulgativos en institutos, divulgación científica para maiores de 65 anos, ciencia na rúa, portas abertas, charlas en centros escolares.

- Seminarios #coñeceaoTEAMCinbio, onde se buscan sinerxías entre os diversos grupos de investigación, de forma que se presenten de forma clara as potencialidades de cada un dos grupos e así mellorar a participación en proxectos colaborativos entre os distintos grupos do centro.
- Actividades divulgativas e achegamento á sociedade. Dentro das actividades divulgativas cabe sinalar a xornada de portas abertas, a participación en Pint of Science, talleres escolares, visitas guiadas a nenos/as e maiores, charlas en colexios e en institutos, participación en xornadas de igualdade e actividades formativas. Ademais, o persoal investigador do Cinbio imparte clases de grao, mestrado e doutoramento, dirixe prácticas de estudantes, supervisa traballos de fin de grao, de fin de mestrado, titoriza prácticas en empresas e prácticas de verán.
- Ademais, a implicación do centro é total á hora de participar noutras iniciativas externas como a celebración do 11 de febreiro para conmemorar o Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, a G-Night ou a «Noite galega das persoas investigadoras», e outro tipo de eventos no marco da iniciativa «Ciencia de ida e volta» levada a cabo pola UCC+i da Universidade de Vigo.

TRANSFORMACIÓN DIXITAL

En relación coa transformación dixital, esta xorde como unha oportunidade única e de gran potencial para levar a cabo actividades e actuacións máis sostibles. Esta é unha oportunidade clara non só para o centro, senón para toda a sociedade, que permite impulsar a innovación, a través de novas ferramentas dixitais, de análise e de toma de decisións. Así, o Cinbio levou a cabo a implantación do software de xestión de información de laboratorio LIMS, polo que xa non se precisa engadir manualmente os datos recollidos nas follas de papel. Ademais, seguindo co uso de ferramentas similares, o Cinbio emprega o aplicativo de xestión económica da universidade, que permitiu eliminar toda factura e/ou pedido en papel a favor das versións dixitalizadas. Ademais, o Cinbio conta cun aplicativo interno que permite a correcta xestión e seguimento de indicadores do centro.

+ **información** <https://cinbio.es/>

Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos Industriais (Cintex)

O Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos Industriais (Cintex) da Universidade Vigo está formado por máis de 180 investigadores e investigadoras, así como diverso persoal de apoio á investigación e á xestión. Desta forma, o persoal do centro traballa de forma conxunta para dar lugar a unha investigación básica e orientada, de calidade, co obxectivo de trasladar o coñecemento adquirido ao sector produtivo cun alto nivel de excelencia e competitividade.

Cintex ten a visión de que a investigación e a innovación implican un compromiso colectivo para levar a cabo os procesos necesarios de maneira transparente, reflexiva, inclusiva e adaptable. Ademais de apostar por ser actor global da cuarta revolución industrial, xerando coñecemento a través da investigación, transformándoo en solucións tecnolóxicas, Cintex ten a misión de xerar e de difundir o coñecemento e transferir a innovación ao contorno tecnolóxico-industrial. Xunto coa visión e misión de Cintex destácanse valores como a confianza, o compromiso, a eficiencia, a sustentabilidade, a equidade ou a excelencia.

Todo iso non sería posible sen o labor investigador levado a cabo polos investigadores e investigadoras que conforman o centro, así como os seus grupos de investigación, concretamente os 11 grupos aos que pertence o persoal investigador do centro.

A investigación realizada polos grupos pódese encadrar nalgunha das seis áreas tecnolóxicas do Cintex:

- **Electrónica e automática.** Intelixencia artificial e robótica, sensores, optoelectrónica e micro/nanoelectrónica, electrónica de potencia, sistemas flexibles e eficientes de xestión de potencia.
- **Fabricación e materiais.** Fabricación aditiva, métodos avanzados de fabricación e procesamento de materiais, reciclaxe de materiais e redución do seu consumo, materiais avanzados, simulación de procesos de fabricación e materiais avanzados.
- **Enerxía.** Enerxías renovables, eficiencia enerxética na edificación e na industria, almacenamento de enerxía, novos combustibles, baterías, redes.
- **Transporte.** Propulsión e emisións, vehículo eléctrico, sistemas de aforro de combustible, dinámica vehicular, transporte accesible, seguro e sostible, mobilidade intelixente e seguridade.
- **Enxeñaría biomédica.** Biomateriais, biosensores, bioflúidos, implantes e enxeñaría tisular, ferramentas, tecnoloxías e solucións dixitais para a saúde e coidados.
- **Sustentabilidade e recursos naturais.** Sustentabilidade de chans e augas, captura de CO₂, industria circular, xeoenxeñaría, enxeñaría medioambiental e resiliencia, conservación do patrimonio.

O obxectivo da presente memoria é amosar os valores antes descritos, cos que Cintex se sente identificado e que se encontran aliñados cos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030. Ademais, preténdese que este documento sexa aberto en prol da mellora continua, tendo en conta as necesidades, os desafíos e os retos da sociedade actual.

Investigación

Como mostra da súa capacidade de investigación competitiva, que ten como obxectivo mellorar a vida da cidadanía e a sociedade en xeral, a continuación describíense as principais cifras de relevancia.

Por unha parte, as publicacións indexadas JCR acadaron as 172, das cales 105 pertencen ao primeiro cuartil (Q1) e 44 ao primeiro decil (D1).



Por outro lado, na anualidade de 2022 defendéronse trece teses de doutoramento. Ademais, formaron parte do equipo do centro sete investigadores e investigadoras FPI, nove FPU, oito predoutorais da Universidade de Vigo e un da Xunta de Galicia. En canto a investigadores e investigadoras posdoutorais, cabe destacar cinco posdoutorais da Xunta de Galicia, dous contratados posdoutorais EPIF, cinco do programa Ramón y Cajal e catro do programa Margarita Salas.

É importante remarcar que a calidade científica dos grupos que conforman o centro de investigación é tamén recoñecida pola Xunta de Galicia, de maneira que catro deles son recoñecidos como grupo de potencial crecemento e seis como grupos de referencia competitiva. Desta forma dez dos once grupos contan cun recoñecemento por parte da Xunta de Galicia. O grupo restante, de recente creación, aínda non tivo oportunidade de presentarse á convocatoria, pero espérase que siga os mesmos pasos.

Cabe tamén poñer de relevancia algún dos proxectos desenvolvidos polo persoal investigador do centro, aliñados con obxectivos de sustentabilidade medioambiental, reciclaxe e aproveitamento dos recursos. Algúns exemplos son os seguintes proxectos:

- SURFABIOFOOD. «Evacuación de diferentes corrientes secundarias de la industria agroalimentaria como fuente de biosurfactantes». Proxecto dirixido pola investigadora Xanel Vecino e o investigador José Manuel Cruz, que ten por obxectivo explorar os fluxos residuais das industrias agroalimentarias como fonte potencial de biosurfactantes competitivos. Así, o proxecto está directamente relacionado coa valorización de residuos, que promove unha economía circular e sinerxías coa industria.
- DES.CO2. «Descarbonización de procesos térmicos en el sector conservero». Este proxecto, dirixido desde o centro por Jesús Doval e en colaboración con ANFACO-CECOPECA, ten por obxectivo desenvolver e testar tecnoloxías emerxentes que permitan reducir o consumo de combustibles fósiles nos procesos térmicos na industria conserveira.

Por último, cómpre destacar que para axudar o labor investigador e promover os seus resultados, anualmente o centro leva a cabo a folla de ruta de infraestruturas. Esta medida ten o fin de determinar que equipos resultan máis interesantes para adquirir e pór a disposición non só dos membros do centro, senón tamén da comunidade investigadora en xeral. Ademais, para facilitar o seu uso, durante o ano 2022 estableceuse un sistema de xestión de servizos e autoservizos a través da plataforma Lims, que permite a súa reserva. Os equipos dividíronse en seis áreas de servizos, cada cal co seu responsable científico, para asegurar o correcto uso e a prestación de servizos de calidade.

Transferencia

No referente á firme aposta pola transferencia dos resultados da investigación, Cintex mostra o seu apoio incondicional ao tecido empresarial en todos os ámbitos: internacional, nacional e rexional. Proba disto foron as novas colaboracións con empresas acadadas ao longo do ano 2022, materializándose nun total de 58 novas colaboracións e captando máis de 1,6 millóns de euros. No referente aos proxectos nacionais e rexionais, obtívoase financiamento para 25 novas propostas, que supoñen máis de 3,5 millóns de euros.

Outra das medidas levadas a cabo polo centro para fomentar a relación coas empresas da contorna e a transferencia de coñecemento incluíu a realización de diversas visitas, como por exemplo a realizada para responsables de varios departamentos da empresa Stellantis, unha das máis representativas da comarca, ou a recepción dun grupo procedente da federación de institucións de educación superior ATHENA. Así pois, estas accións encamiñanse a conseguir un acercamento máis persoal, que poida dar como froito futuras colaboracións e actividades conxuntas.

Innovación responsable

Actividades sociais

Co fin de involucrar os actores sociais e cidadáns nas principais actividades de investigación e innovación, e co obxectivo de facilitar a súa comprensión por parte da sociedade, Cintex organizou durante o ano dúas xornadas de portas abertas.

<http://cintex.uvigo.es/es/difusion/divulgando-ciencia-singular/jornadas-puertas-abiertas-2022/>

Esta iniciativa estivo dirixida non só ao alumnado de colexios e institutos, senón que tamén puideron participar da actividade un grupo de persoas pertencentes ao Programa universitario de maiores. Deste xeito, trátase de chegar ao maior público posible. Dentro das xornadas incluíronse actividades levadas a cabo polos investigadores e investigadoras onde os e as visitantes puideron aprender sobre procesos de combustión ou sobre a realidade aumentada, entre outras.

Non só se levaron a cabo estas actividades por parte do centro, senón que o propio persoal amosa o seu compromiso coa sociedade e trata de promover a educación científica formal e informal a través da participación e da colaboración en programas como a Noite galega das persoas investigadoras, G-Night, evento coordinado pola Universidade de Vigo que pretende levar a ciencia ás rúas, ou programas como InspiraSTEAM ou STEMBach que busca fomentar a vocación científico-tecnolóxica.

Ademais, no propio centro realizáronse dúas das mesas redondas correspondentes ao ciclo de mesas redondas «A Galicia que funciona», organizada por *Faro de Vigo* e a Universidade de Vigo. A primeira das charlas, realizada o 22 de febreiro, tivo por título «Enerxía, sustentabilidade e hidróxeno verde». Nesta participaron como membros do centro, a propia directora María Concepción Paz e Jacobo Porteiro, ademais de membros de INEGA e REGANOSA. A segunda das mesas redondas tivo lugar o 9 de marzo, e neste caso o tema trataba sobre «A loita contra os incendios», na que participou Julia Armesto, pertencente ao Cintex, e outros membros da Escola de Enxeñaría Forestal e da empresa Bahía Software.

Pódese destacar tamén a presenza de Cintex no encontro da «Alianza del hidrógeno», organizado por ASIME ou no proxecto Julio Verne, relacionado tamén co hidróxeno, así como a participación noutras actividades como feiras.

Accións divulgativas

Co obxectivo de darlle a coñecer á sociedade as actividades e os proxectos levados a cabo no centro, así como para promover o labor investigador científico-técnico, estableceuse un calendario de publicacións semanais en redes sociais. Desta forma, trátase de chegar a un maior rango de poboación, nunha sociedade na que o uso das redes sociais é moi elevado. As publicacións tratan de darlles difusión a proxectos nacionais, de promover a figura da muller investigadora e dar a coñecer os membros do centro.

Por outra banda, para asegurar o acceso aos resultados da investigación incrementáronse as publicacións de artigos en revistas Open Access. Desta maneira, trátase de poñer a disposición da sociedade os coñecementos adquiridos mediante as publicacións en acceso aberto.

Colaboración con asociacións estudiantís

O centro, no seu afán de chegar a todos os ámbitos da sociedade, formalizou durante o ano 2022 dous acordos de colaboración con dúas asociacións de estudantes da Universidade de Vigo. Mediante estes acordos, os citados grupos poderán usar os servizos que están a disposición no centro de maneira gratuíta a cambio do patrocinio de Cintex nos seus proxectos. O primeiro deles, CES, ten por obxectivo a construción dun barco solar, e o outro, SPACELAB, persegue a aprendizaxe práctica en diversas áreas cos pequenos satélites.



Formación do persoal

Cintex non só pon o seu foco na sociedade, senón que tamén ten en conta a necesidade de formación dos seus investigadores e investigadoras. Porén, anualmente realiza unha serie de cursos prácticos que teñen por obxectivo mellorar as competencias no uso dos equipos que se adquiren ao longo dos anos. Ademais, leva a cabo formacións transversais tales como cursos de ferramentas informáticas ou obradoiros para mellorar as competencias do persoal.

Tamén se levaron a cabo diversas conferencias relacionadas con distintas temáticas, con títulos como «Novas tecnoloxías do hidróxeno: Proxecto Seafuel» ou «History setbacks and learnings on the way to new technology».

Igualdade

Para asegurar a igualdade de xénero nos procesos ou contidos da investigación, durante 2022 Cintex impulsou e promoveu o Plan de igualdade, documento de referencia dirixido a remover os obstáculos que impiden ou dificultan a igualdade efectiva entre mulleres e homes, eliminando a discriminación por razón de xénero no centro. Cabe destacar a creación da figura do enlace de igualdade, que actúa como ponte entre o centro e a Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo.

Cabe sinalar que, anualmente, se levan a cabo análises de igualdade de todos os indicadores de produción científica, impacto social e económico, persoal contratado ou publicación, entre outros. Desta maneira, preténdense establecer accións e estratexias no eido da igualdade. Así, pois, analizando os datos, preto do 33 % do persoal son mulleres e o 28 % das publicacións de artigos JCR teñen unha muller como primeira autora.

Ademais, con motivo da conmemoración do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, levouse a cabo unha campaña que pretendía darlle voz e visibilidade á presenza feminina no ámbito científico-tecnolóxico. Realizáronselles, así, entrevistas a diversas investigadoras e unha campaña fotográfica. Do mesmo modo, estableceuse un sistema de publicacións semanais nas redes sociais para fomentar a igualdade e darlle visibilidade á figura da muller investigadora.

Eficiencia enerxética

Poñendo o foco na sustentabilidade ambiental, ademais de contar cos sistemas de xeotermia con bomba de calor e instalacións fotovoltaicas para aumentar o autoconsumo enerxético, no ano 2022 o Cintex puxo en marcha o Plan de aforro enerxético elaborado pola Vicerreitoría de Planificación e Sustentabilidade da Universidade de Vigo, co obxectivo de establecer medidas de aforro enerxético. Así, pois, estas medidas, como a limitación da temperatura da climatización ou o peche das instalacións en determinadas datas clave, como no mes de agosto, encóntranse aliñadas cos obxectivos de acción polo clima (ODS13) e de enerxía accesible e non contaminante (ODS7), e de cidades e comunidades sostibles (ODS11) en prol da redución do consumo enerxético e da pegada de carbono.

Cintex tamén é consciente da necesidade de crear un impacto social, ambiental e económico na súa contorna, a través da implantación das estratexias do centro consolidadas en accións específicas. Desta forma, Cintex pon en relevancia o seu valor da sustentabilidade, non só no desenvolvemento da súa actividade, senón tamén a través das solucións tecnolóxicas xeradas. Como exemplo disto, no ano 2022 púxose en marcha un novo grupo multidisciplinario formado por membros de distintos grupos do centro, co nome «Grupo en tecnoloxías do hidróxeno verde», que ten como obxectivo valorar unha infraestrutura científica de referencia centrada nesta liña de investigación.

Calidade

Para finalizar, como parte do compromiso do Cintex pola calidade e mellora continua, a principios do ano 2022 comezouse a elaborar o Plan de calidade dos servizos e autoservizos que o centro pon a disposición, non só do seu persoal e de membros da comunidade universitaria, senón tamén para o tecido empresarial. Así, trata de fomentar novamente a colaboración coas empresas da contorna. O obxectivo deste plan foi acadar a certificación da Norma ISO 9001:2015, referente de calidade a nivel mundial. Así, pois, executáronse todos os procesos necesarios para a posta en marcha do sistema de calidade, e finalmente en novembro do mesmo ano obtívose a certificación desexada.

Cabe destacar que tamén a propia Universidade de Vigo recoñeceu a calidade acadada na prestación de servizos e autoservizos do centro a través da entrega do seu propio selo de calidade, Selo Q.

+ **información** <http://cintecx.uvigo.es/>

Economics and Business Administration for Society (Ecobas)

Ecobas é un centro de investigación interuniversitario integrado por persoal investigador das tres universidades galegas e especializado no estudo da sustentabilidade, tanto dende o punto de vista económico coma ambiental e social. O centro dá continuidade á agrupación estratéxica do mesmo nome, nacida no ano 2015, e que foi a primeira unidade de investigación supragrupal de Galicia no eido das ciencias sociais e a única con carácter interuniversitario ata o ano 2020.

Ecobas ten o propósito de acadar tres ambiciosos obxectivos:

- Converterse nun centro vertebrador da I+D+i no sistema galego de innovación, en xeral, e no ámbito das ciencias sociais, en particular, a través dunha axenda científica que persiga e sitúe a sustentabilidade, nas súas dimensións económica, ambiental e social, no centro do seu foco de atención. Esta axenda estará aliñada cos obxectivos do desenvolvemento sostible da ONU e coas principais axendas rexionais, nacionais e europeas para o vindeiro período, ademais de atoparse fortemente conectada coas prioridades e coas necesidades do noso contorno.
- Converterse nun motor de cambio para o desenvolvemento económico, a calidade de vida e o benestar, a través da xeración do coñecemento que axude a resolver os problemas da sociedade, grazas á súa

nutrida experiencia e traxectoria de traballo e á colaboración cunha ampla variedade de actores e de axentes da contorna.

- Crear un contorno de investigación atractivo, colaborativo e internacional para consolidar e atraer novo talento, xogando ademais un rol moi importante na formación e na capacitación de novo persoal investigador no eido da economía e da empresa.
- Ecobas conta cunha dinámica de traballo asentada sobre tres piares:
- Investigación. A axenda científica desenvolta abrangue numerosas liñas de investigación, dende a economía dos recursos naturais ata o estudo das desigualdades, pasando pola economía da enerxía, a economía da saúde, a descentralización, o emprendemento, as finanzas e moitos outros asuntos de gran relevancia.
- Formación. Ecobas promove e coordina dous programas de formación de posgrao: o Mestrado interuniversitario en economía e o Programa de doutoramento interuniversitario en análise económica e estratexia empresarial, e colabora con outros programas. Durante o ano 2022 defendéronse en Ecobas quince teses de doutoramento, algunhas delas foron traballos realizados por persoal investigador estranxeiro.
- Transferencia. Os centros de investigación deben ter vocación de axudar a resolver as necesidades e os retos sociais, e Ecobas non é unha excepción. O traballo realizado polas persoas vinculadas a Ecobas resulta de grande utilidade para outros centros de investigación, empresas, administracións e, en xeral, calquera axente social. Ecobas ten moi presente a necesidade de implicar a sociedade nos procesos de investigación, tal como se establece nos principios da investigación e da innovación responsable (RRI), e desenvolve unha investigación aliñada coas prioridades e coas demandas tanto da contorna coma das axendas nacionais e europeas.

Actividades

1. Proxectos e contratos

En relación con este último pilar, podemos destacar que durante o ano 2022 o persoal investigador de Ecobas liderou un total de cinco proxectos, dos cales un foi internacional, dous nacionais e dous rexionais, que se suman a outros 33 xa iniciados en anos anteriores e aínda vixentes, o que acada un orzamento total para o ano 2022 de 1 510 681 €

Por outra banda, obtiveron un total de 28 contratos e convenios con distintas entidades, que se se sumaron aos 21 que seguen vixentes cun valor total de 818 616 €

Podemos destacar os seguintes fitos do ano 2022:

- A colaboración co proxecto «EL4FUTURE-Entrepreneurial an innovation skills for developing the new value chains of mobility, health and manufacturing».
- A participación nos grupos de investigación «RGEAF-Research Group in Economic Analysis, Accounting and Finance», e REDE-Grupo de Investigación en Enerxía, Innovación e Medio Ambiente.
- A participación no estudo da «Vulnerabilidad económica y financiera a los riesgos de transición climática» do investigador Juan Carlos Reboredo Nogueira.
- Desenvolvemento do **convenio de I+D+i**, Cátedra **ARDÁN**, co Consorcio da Zona Franca de Vigo, «Igualdade de xénero: diagnose + indicador Ardán» pola investigadora Belén Fernández-Feijoo Souto e «Estimación del impacto social y económico de las sociedades mixtas pesqueras españolas», polos investigadores Carlos M. Fernández Jardón e Francisco X. Martínez Cobas.

- Estudo da «Análise do impacto socioeconómico e ambiental do festival Resurrection» para a Axencia de Turismo de Galicia, pola investigadora María Bastida Domínguez.
- Colaboración co Consello da Cultura Galega no Convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a USC para o desenvolvemento de medidas de transversalidade de xénero nas políticas activas de emprego no ámbito da economía social, pola investigadora María Bastida Domínguez.
- A colaboración na «Avaliación de medidas para favorecer a conciliación laboral e familiar das familias numerosas» coa FEFN (Federación Española de Familias Numerosas), polo investigador Santiago Lago Peñas.

2. Comités, asociacións e grupos de traballo

Por outra parte, diversos investigadores e investigadoras de Ecobas participaron en importantes comités, asociacións e grupos de traballo nacionais e internacionais durante o pasado ano:

- Fundación Transforma España, da que Santiago Lago Peñas é un dos asesores do comité.
- Foro Económico de Galicia dirixido polo investigador Santiago Lago.
- Comité de Divulgación de Políticas da Asociación Europea de Economistas Ambientais (EAERE), no que colabora o investigador Xavier Labandeira Villot.
- Grupo IPCC (Intergovernmental Panel on Climate Change) da ONU ao que pertence o investigador Xavier Labandeira.
- Comité de expertos/as do informe España 2050 da Oficina Nacional de Prospectiva y Estrategia de País a Largo Plazo ao que pertencen os investigadores Xavier Labandeira Villot e María Loureiro García.
- Consello Nacional do Clima, pertencente ao ministerio para a transición ecolóxica e o reto demográfico do Gobierno de España, no cal colabora a investigadora María Loureiro García.

3. Doutoramentos

Ecobas participa de maneira activa na promoción, coordinación e desenvolvemento nun programa de doutoramento. Durante o ano 2022 defendéronse un total de 15 teses de doutoramento.

4. Actividades de divulgación científica

Durante o ano 2022 Ecobas organizou 23 seminarios de investigación, 17 seminarios de doutoramento, 6 cursos, 7 obradoiros e 16 xornadas. Ademais, contribúe no fomento da divulgación da cultura científica, coordinando e apoiando a organización de actividades que contribúan á difusión da ciencia, non só entre o público especializado, senón tamén de cara á sociedade en xeral.

- Colaboración na formación do curso Introduction to Responsible Innovations; Theory and Practice, coa axuda da vicerreitoría da UVigo e varios centros de investigación (Atlanttic, CIM, Cambio, Cintecx).
- Ecobas e a Asociación Amicos, xunto co Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas, organizaron unha xornada de limpeza nas praias da zona de Vigo.
- Ecobas participou na elaboración de numerosas conferencias:
 - «Prestige, 20 anos despois»
 - «A igualdade de xénero na empresa»

- «Control de xestión desde unha perspectiva de xénero»
- «Novos aparatos ideolóxicos: o patriarcado de vixilancia»
- «Xornada do Proxecto Pasos: presentación do Plan de acción de promoción da RRI no ámbito mariño»
- «Debate: Os límites do crecemento e o papel da universidade na transición ecolóxica, limpeza de praias con Ecobas e a Asociación Amicos»
- «Percorrendo o camiño da sustentabilidade. Presentación do Centro de Investigación Interuniversitario Ecobas»
- «Xornada Pasos de promoción da economía social no sector mariño»
- «8M–Ciencia en feminino: *streaming* aberto en gciencia.com», con María Loureiro
- Organización de seminarios de investigación:
 - «The impact of group identity on social responsibility and welfare in experimental markets»
 - «The impact of climate transition risks on financial stability. A systemic risk approach»
 - «What determines consumers behavior in water and electricity markets: is price an effective deterrence mechanism?»
 - «A right to repair for a post growth society: Controversies, opportunities and challenges»
 - «Urban growth and its aggregate implications», con Gilles Duranton
 - «Investigación en economía de la Salud. Preguntas y respuestas basadas en investigaciones recientes»
- Organización de seminarios de doutoramento:
 - «La transformación del ecosistema de movilidad: tendencias, modelos de negocio futuros y su efecto en la cadena de valor global»
 - «Opciones reales y economía sostenible: aplicación al sector de la acuicultura gallega»
 - «A relación entre corrupción e capital social no Perú»
 - «Essays on Gender and Immigration in the EU Labor Markets»
 - «La doble transición digital y ecológica: análisis de los retos y oportunidades para el desarrollo de procesos eficientes y sostenibles»
 - «Análisis de herramientas y metodologías para el diseño de políticas subnacionales de cambio climático y emprendimiento»
- A organización de «Libra de Oficio», seminarios-conferencias de transferencia do coñecemento, no que convidamos persoas pertencentes a distintos ámbitos para compartir connosco a súa experiencia e achegarnos as particularidades do seu sector e o seu traballo. Este ano participaron Fran Castro, director xeral de Galaxia e escritor; Inma López Silva, escritora e crítica teatral; Ulises Varela, socio fundador e xerente de Xenera compañía eléctrica; e Óliver Laxe, cineasta.
- Colaboración coa Unión de Cooperativas Galegas Espazo na organización de dous obradoiros en liña sobre cooperativismo desenvolvidos pola asociación de cooperativas EspazoCoop; «[Lánzate a emprender en cooperativa](#)» e «[Ideas cooperativas en acción](#)». Esta colaboración véñse

producindo dende 2017 e cada ano organízanse varios obradoiros presenciais co obxectivo de achegarlle o coñecemento do movemento cooperativo e as súas particularidades á comunidade universitaria.

5. Publicacións

Ecobas tamén participa en comités editoriais de revistas de alto impacto e en comités científicos de importantes eventos como o comité editorial da revista *Feminist Economics*, o comité editorial da revista *Business Research Quarterly*, *Economics Theory*, *Journal of Mathematical Economics*, *Journal of Dynamics Games*.

6. Redes de comunicación

Por último, cabe destacar que Ecobas fomenta a comunicación directa da súa actividades mediante a utilización das súas canles dixitais: [páxina web](#), [Facebook](#), [Twitter](#), [LinkedIn](#) e [YouTube](#).

+ **información** <https://ecobas.gal/>

3.5.5 Ética na investigación

Calquera investigación debe desenvolverse dentro dos límites establecidos polo ordenamento xurídico, entre os que destacan os derivados dos compromisos éticos asumidos pola comunidade científica e as normas deontolóxicas.

A Universidade de Vigo comparte o espírito da Declaración sobre a ciencia e o uso do saber científico da Unesco, especialmente no relativo á necesidade de que a práctica da investigación científica e os seus resultados deben estar sempre encamiñados a lograr o benestar da humanidade, respectando a dignidade e os dereitos dos seres humanos e o medio ambiente.

Coincide tamén na necesidade de adoptar medidas axeitadas en relación cos aspectos éticos da práctica científica e o uso do coñecemento científico e as súas aplicacións. Ademais, a Universidade de Vigo está adherida ao European Charter and Code for Researchers, que inclúe a Carta europea do investigador (conxunto de principios e esixencias xerais que especifican as funcións, responsabilidades e dereitos do persoal investigador) e o Código de conduta para a contratación do persoal investigador.

+ **información** <https://www.uvigo.gal/investigar/etica-investigacion>

Comités de ética na investigación

Para cumprir coa lexislación vixente sobre os principios éticos que se deben respectar e consciente da súa responsabilidade ante a sociedade con respecto á investigación científica e á transferencia de coñecemento desenvolvida no seu ámbito, a Universidade de Vigo constituíu o Comité de Ética na Investigación (Cetic).

Para un mellor desenvolvemento das súas competencias, o Cetic dispón de tres comités independentes. Cada un deles conta co seu propio regulamento e vela no seu ámbito de especialización pola adecuación do deseño e da execución experimental ás normas vixentes, colabora co persoal de investigación na análise das implicacións éticas dos proxectos e elabora os informes requiridos.

- **Comité de ética na investigación (Cetic)**

A súa misión principal é promover a cultura ética en toda a comunidade universitaria, de acordo cos principios e estándares internacionais de bo goberno, responsabilidade social e cos obxectivos de desenvolvemento sostible, ademais de velar polo cumprimento das boas prácticas en investigación e en experimentación, garantindo a integridade científica e académica.

O Cetic mantivo dúas sesións en 2022, nas que algúns dos puntos máis salientables da orde no día foron:

- Debate e aprobación, se procede, da reclamación de autoría nun artigo científico.
- Aprobación, se procede, das modificacións do regulamento interno do Comité de Ética de Experimentación Animal (CEEA).
- Debate e aprobación, se procede, sobre a desaparición ou a permanencia dos comités de éticas nos centros.
- Debate sobre o código ético da Universidade de Vigo.

+información: <https://www.uvigo.gal/comite-etica-investigacion-cetic>

- **Comité de Xestión de Riscos Biolóxicos (CGRB)**

Ten como misión identificar, avaliar e previr ou reducir os efectos adversos asociados á investigación con axentes biolóxicos, co fin de garantir o uso correcto das instalacións ante o persoal traballador, a sociedade, o medio ambiente e as administracións.

Ao longo de 2022 mantivo tres reunións, nas que se elaborou o regulamento de réxime interno e se avaliou un proxecto.

+información: <https://www.uvigo.gal/comite-xestion-riscos-biologicos-cgrb>

- **Comité de Ética de Experimentación Animal (CEEA/OH)**

Ten como finalidade fomentar en investigadores/as, docentes e estudantes o uso responsable e ético dos animais de experimentación e garantir o uso ético dos animais ante a sociedade e as administracións.

Ao longo de 2021, o CEEA/OH mantivo cinco reunións, e oito en 2022. Ademais, resolvéronse varias cuestións por correo electrónico reflectidas nas actas de xullo e outubro-novembro, aínda que non houbera reunión nesas datas.

Algunhas das actividades máis salientables son as seguintes:

- Avaliación de proxectos. Os membros do comité, por petición dos investigadores/as mediante as solicitudes recibidas no programa Noraydocs, avaliaron en 2021 un total de 13 formularios e 19 en 2022.
- Actualización de formularios.
- Modificación do regulamento interno segundo as novas normas do procedemento de avaliación e engádese a consideración como OH.
- En canto aos proxectos que levan administración de dietas de composición descoñecida, acórdase elaborar unha declaración xurada modelo para que o investigador/a asegure que a composición cobre as necesidades nutricionais dos animais e que non contén ningunha substancia nociva.
- Creouse o Cetic (Comité de Ética na Investigación) como comité central. O Comité de Experimentación Animal deberá comunicarlle ao Cetic as decisións emanadas do seu seo, pero manterá a súa independencia e modo de funcionamento particular.

- Inclúese información sobre o funcionamento e as incidencias dos centros usuarios de animais de experimentación (SB-UVI e Ecimat).
- Aprobación do novo regulamento interno coas correccións definitivas.
- Aprobación do procedemento para a coordinación co Comité de Riscos Biolóxicos (CRB).
- Aprobación da comunicación á xunta de realización de TBS no SB-UVI e na Ecimat; polo de agora autorízanse só TBS internos.
- Aprobación do modelo de acreditación de proxectos avaliados, reunións e horas dedicadas ao comité para a reacreditación dos membros do CEEA.

+información: <https://www.uvigo.gal/comite-etica-experimentacion-animales-ceea>

o **Comité de Ética para a Investigación con Seres Humanos e Medio Ambiente (CEISHMA)**

É responsable da avaliación dos aspectos éticos da investigación realizada na Universidade de Vigo con fins científicos que implique seres humanos, ou o medio ambiente, así como a obtención e o tratamento de datos persoais que poidan afectar a dereitos fundamentais, conforme a lexislación vixente.

O CEISHMA creouse na sesión ordinaria do consello de goberno do 21 de decembro de 2021 e constituíuse formalmente en febreiro do ano seguinte.

Ao longo de 2022 teñen lugar oito reunións. Algúns dos puntos tratados máis salientables son os seguintes:

- 9 de febreiro: constitución do comité, elección do secretario e das persoas suplentes de presidenta e secretario para os supostos nos que sexa procedente.
- 9 de febreiro: aprobación do formulario de solicitude de avaliación de proxectos por parte do CEISHMA.
- 25 de marzo: aprobación de modelo de formulario-solicitude para a avaliación de propostas de investigación, modelo de consentimento informado para actividades investigadoras, protocolo de actuación do CEISHMA, incluíndo o sistema de repartición de traballo.

Expedientes de avaliación tramitados en 2022

Por data de xeración

- Iniciados en 2021 (remitidos polo CETIC): 2
- Solicitados en 2022: 15

Por tipo de traballo

- Investigacións de investigadores/as da UVigo: 11
- Teses de doutoramento: 3
- Artigos para publicar: 2
- Investigacións de investigadores/as alleos sen vinculación coa UVigo: 1

Polo obxecto do traballo

- Investigación con seres humanos e/ou datos persoais: 15
- Investigación con incidencia no medio ambiente: 1
- Investigación fóra do ámbito de competencia do comité:
 - Investigación de tipo clínico ou en ciencias da saúde: 1

Segundo o estado de tramitación a 31 de decembro de 2022

- Pechados: 13
 - Informe positivo directo: 5
 - Informe positivo tras o informe condicionado: 6
 - Informe desfavorable: 0
 - Desistencia da persoa solicitante: 2
 - Con inadmisión de solicitude: 0
- Pendentes de finalizar: 4
 - Informe favorable directo: 1
 - Informe favorable tras o condicionado: 1
 - Desistencia da persoa interesada: 1
 - Inadmisión da solicitude: 1

Todos eles foron pechados ao longo de xaneiro de 2023

+información: <https://www.uvigo.gal/comite-etica-investigacion-seres-humanos-medio-ambiente-ceishma>

Mentora ética

A mentora ética é a persoa titular da Inspección de Servizos e nela recae a responsabilidade ética da universidade. Participa con voz e voto no Cetic e, como o seu propio nome indica, debe velar pola ética na Universidade de Vigo. Ten, entre as súas funcións, informar dos procedementos referidos a condutas afastadas da ética necesaria e esixible na investigación.

3.6 Especialización dos campus

No ano 2013 iniciouse a carreira pola especialización nas universidades galegas, feito que a nosa universidade aproveitou levando a cabo accións de cara a consagrar os seus campus universitarios coas máximas distincións e recoñecementos no marco da excelencia e da internacionalización. De acordo con esta visión, a estratexia da Universidade de Vigo é continuar a medrar ata acadar o prestixio internacional para a súa comunidade, tanto no ámbito educativo coma na investigación, apostando pola distinción grazas ás acreditacións para os seus campus.

Inténtase en todo momento que a especialización dos campus teña unha clara referencia e relación co contorno social e económico, non só académico, no que se atopa cada un deles.

3.6.1 Campus do Mar



En 2010 nace o proxecto de campus de excelencia internacional Campus do Mar da aspiración das universidades de Vigo, de Santiago de Compostela e da Coruña, o CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) e o IEO (Instituto Español de Oceanografía), xunto cos centros e coas plataformas tecnolóxicas da comunidade autónoma para desenvolver un campus de excelencia internacional no ámbito das ciencias e das tecnoloxías do mar e, así, crear valor económico e social como motor do desenvolvemento territorial. O campus de excelencia internacional (CEI) Campus do Mar asentouse en dous piares básicos: o mar como aspecto singular e diferenciador, e o carácter transfronteirizo da agregación estratéxica inscrita dentro da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

A misión do Campus do Mar é dinamizar unha rede transfronteiriza e integrada de unidades de investigación, docencia e transferencia de tecnoloxía, que forma os e as mellores profesionais e investigadores/as no ámbito das ciencias e das tecnoloxías do mar nas súas diferentes aplicacións económicas e sociais; que xere investigación de calidade e impacto internacional; e que lle proporcione á industria as mellores ferramentas para mellorar a súa competitividade a escala global.

As características e as accións máis destacadas do Campus do Mar son:

- Ser unha estrutura de gobernanza deseñada para asegurar unha cooperación intelixente.
- Ser un campus con clara vocación internacional.
- Promover a mobilidade internacional de persoal investigador e de estudantes.
- Ser un proxecto comprometido cos países en vías de desenvolvemento.
- Atraer talento para aumentar a masa crítica de investigadores e investigadoras.

- Proporcionar coñecemento dos océanos xerado pola investigación e transferilo aos sectores produtivos.
- Promoción de ideas innovadoras arredor do mar.
- Ser un campus aberto, creado para a sociedade.
- Ser unha aposta decidida pola formación, a empregabilidade e a captación de talento.

Entre as actividades levadas a cabo en 2022 destacan:

Proxectos colaborativos

- Proxecto BlueFishing Training. O Campus do Mar participou no deseño da proposta do proxecto e apoia a Autoridade Portuaria de Vigo liderando a xestión técnica do proxecto. Este proxecto ten como obxectivo xeral promover enfoques innovadores para fortalecer a cooperación entre a industria do sector pesqueiro extractivo e a comunidade científica, fortalecendo a transferencia de experiencias/coñecemento en materia de formación, investigación e innovación para reforzar a competitividade do sector arredor da pesca sostible. O Campus do Mar participou na reunión de lanzamento o mércores, 19 de novembro de 2022, na sede da Autoridade Portuaria de Vigo. O proxecto execútase como parte do Programa de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea–NextGenerationEU a través da Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.
- Proxecto MarENet «Atlantic Maritime Knowledge Centre». Este proxecto rematou en outubro de 2021, pero as actividades desenvolvidas deron lugar á invitación a participar noutras actividades promovidas pola European Climate Infrastructure and Environment Executive Agency (CINEA) da Unión Europea. En concreto, o Campus do Mar foi invitado a participar no taller «Blue Skills», que tivo lugar o martes 22 de marzo de 2022 de forma virtual. O obxectivo deste taller temático foi identificar e facilitar oportunidades para procurar sinerxías e cooperación entre 18 proxectos de capacidades azuis financiados polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca e outros mecanismos financiadores, e levar a cabo futuras accións para desenvolver políticas e instrumentos para mellorar as capacidades azuis no ámbito europeo.
- Proxecto Bluebiolab. Evento final do Laboratorio Transfronteirizo de Biotecnoloxía Mariña o martes, 22 de febreiro de 2022, na sede do CIIMAR–Porto. Este proxecto foi financiado no marco do programa Interreg VA España-Portugal (POCTEP) 2014-2017.

http://www.ipacuicultura.com/noticias/en_portada/80549/finaliza_el_proyecto_bluebiolab_con_el_nuevo_laboratorio_transfronterizo_de_biotecnologia_marina_en_pleno_funcionamiento.html

- Proxecto Xerpa do Mar. Asistencia ao evento de peche e divulgación de resultados o xoves, 31 de marzo de 2022, na sede da Axencia Galega de Innovación en Santiago de Compostela. Este proxecto foi financiado no marco do programa Interreg VA España-Portugal (POCTEP 2014-2017).

<https://www.uvigo.gal/en/university/communication/duvi/serpa-mar-remata-singradura-co-lanzamento-12-iniciativas-empresariais-innovadoras-sector-marino>

- Navalia. Entre os martes 24 e xoves 26 de maio o Campus do Mar participou na feira Navalia cun posto promovido polo Campus do Mar e que contou coa participación dos centros de investigación CIM, Cintexc, Atlantic e Vigo Tecnolóxico, ademais da Oficina de I+D da Universidade de Vigo. Tamén participou nas xornadas técnicas coa organización da Charla-Mesa redonda «Building capacities in the naval sector: Campus do Mar and the Atlantic Maritime Knowledge Centre» o día 26 de maio de 2022.
- Participación o mércores, 27 de xullo de 2022, no evento de lanzamento do Plan complementario en ciencias mariñas na Cidade da Cultura.

<https://www.cidadedacultura.gal/es/evento/asamblea-de-lanzamento-do-programa-de-ciencias-marinhas-galicia>

O Campus do Mar participa e coordina varias accións dentro do paquete de traballo PT11–Cultura científica, transferencia e capacitación como ferramentas de transformación social para o desenvolvemento sostible de Galicia no ámbito mariño.

- **Desafíos do océano.** O Campus do Mar organizou o evento de presentación da miniserie documental *Desafíos do Océano: científicas ao mando*, o venres 16 de setembro de 2022, no edificio Redeiras da Universidade de Vigo. A miniserie consta de seis capítulos de 15 minutos de duración cada un. É un proxecto que naceu co obxectivo de dar a coñecer a investigación que mulleres das institucións que pertencen ao CEI Campus do Mar desenvolven, tratando temas de actualidade nas ciencias mariñas a nivel global e que constitúen desafíos de futuro para os océanos e o planeta. Este proxecto conta con financiamento da FECYT.

<https://www.uvigo.gal/es/universidad/comunicacion/duvi/seis-cientificas-referentes-desvelan-os-desafios-oceano-nunha-miniserie-documental-campus-mar>

No marco deste proxecto, o Campus do Mar tamén convocou un concurso dirixido ao alumnado de 4.º da ESO e de 1.º de bacharelato co obxectivo de espertar vocacións e achegarlle á xuventude a ciencia mariña. Os gañadores e gañadoras, de centros educativos de Badajoz e Segovia, puideron gozar de tres días de estancia en Vigo e coñecer as científicas da serie, descubrir como é o seu día a día profesional e coñecer a zona de Vigo e a súa contorna mariña.

O documental tamén se presentou na V Mostra Internacional de Cine Documental Mares da Fin do Mundo, que tivo lugar no concello de Outes o sábado 29 de outubro de 2022.

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/miniserie-proxecto-desafios-oceano-estrease-v-mostra-internacional-cine-documental-mares-fin-mundo>

- **Scientist Meet Artist.** Esta iniciativa foi promovida polo Campus do Mar e o Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo. Está orientada a divulgar as ciencias do mar e baséase en experiencias colaborativas entre investigadores/as e ilustradores/as. «Ocean Literacy» levouse a cabo en 2022, e é o segundo proxecto desta iniciativa. Nesta ocasión creáronse sete ilustracións que recompilan cada un dos sete principios esenciais da cultura oceánica ou alfabetización mariña, inspiradas e explicadas por tres científicas e cinco científicos. Trátase dunha serie de recursos didácticos accesible libremente para a poboación que busca cubrir a falta de materias relacionadas cos océanos no ámbito da educación formal. É o resultado do encontro entre científicos do Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo e o Centro Oceanográfico da Coruña coa ilustradora Inés Vázquez. As mesmas láminas reproducidas en branco e negro proporcionan un caderno para colorear, no que o alumnado pode aprender máis sobre os océanos. O martes 29 de novembro de 2022 tivo lugar a presentación pública dos resultados no edificio Redeiras da Universidade de Vigo.

<https://ucc.webs.uvigo.es/campus-do-mar-lanza-ocean-literacy-unha-coleccion-de-materiais-didacticos-froito-do-dialogo-entre-ciencia-e-arte/>

Tamén dentro da iniciativa Scientist Meet Artists traballouse no proxecto Marine Street Art–Surfing Walls. O obxectivo deste proxecto é promover a cultura oceánica entre toda a sociedade a través da fusión da arte urbana e da ciencia mediante a elaboración dun mural que transmita coñecemento específico centrado na observación oceánica. O Campus do Mar organizou un encontro de presentación da iniciativa e posta en común de ideas entre o persoal investigador e o ilustrador o luns, 17 de outubro de 2022, na Facultade de Ciencias do Mar da Universidade de Vigo.

+ **información** <http://campusdomar.gal/>

3.6.2 Campus da Auga



Algunhas das actividades relacionadas coa RSU 2022 do Campus da Auga foron promovidas e desenvolvidas directamente polo propio campus, e outras realizáronse en colaboración coa Vicerreitoría do Campus de Ourense.

A programación de actuacións desenvolveuse nos ámbitos indicados a continuación:

Ámbito da investigación

- Convocatoria de Premios de investigación, transferencia e divulgación científica do Campus Auga. O seu obxectivo é estimular a promoción do Campus da Auga, distinguindo accións destacadas no ámbito da investigación, da transferencia e da divulgación, que contribúan a situar e a consolidar este campus como un referente internacional en temáticas relacionadas coa auga. A dotación económica dos premios é proporcionada por Viaqua, no marco dun convenio de colaboración asinado entre esta empresa e a Universidade de Vigo.
- Programa INOU (Universidade de Vigo-Deputación de Ourense). Axudas a grupos de investigación do campus de Ourense. O seu obxectivo é impulsar a interacción entre grupos de investigación do campus de Ourense en distintos ámbitos de coñecemento para que contribúan ao desenvolvemento social e económico da provincia de Ourense e ao coñecemento da súa realidade, así como á especialización do campus de Ourense en temáticas relacionadas coa auga (Campus da Auga).

Ámbito da transferencia

- Participación da Vicerreitoría do Campus de Ourense e da dirección do Campus da Auga nas reunións da Asociación Aquavalor (Centro de Valorización e Transferencia de Tecnología da Água -Chaves).
- Participación de distintos grupos de investigación englobados no Campus da Auga en equipos de traballo e reunións da Plataforma Tecnológica Española del Agua (PTEA).

Ámbito da divulgación

- Conferencias inaugurais do programa de doutoramento «Auga, sustentabilidade e desenvolvemento» (20 de setembro, Facultade de Dereito).
- Xornadas Técnicas de Termatalia, que tiveron lugar o 29 e 30 de setembro, coincidindo coa 20.º edición de Termatalia (Feira Internacional de Turismo Termal).
- Seminario «Augas minerais naturais», que tivo lugar o 29 de setembro, coincidindo coa 20.º edición de Termatalia (Feira Internacional de Turismo Termal).
- Seminario «Peloides termais: aplicacións», que tivo lugar o 29 de setembro, coincidindo coa 20.º edición de Termatalia (Feira Internacional de Turismo Termal).
- Seminario «As cidades termais dende a perspectiva do desenvolvemento endógeno: os casos de Bath e Chaves» (30 de setembro, Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo).
- IV Congreso Internacional da Auga. Dereito e Auga no Horizonte 2030 (13 e 14 de outubro, Facultade de Dereito). Páxina web do congreso: <http://congresodaauga.webs.uvigo.es/>

- Edición dun novo número da revista *REDAS*, publicación electrónica de contido xurídico e periodicidade anual especializada na auga, no medio ambiente e no desenvolvemento sustentable que se edita dende a Facultade de Dereito da Universidade de Vigo (campus de Ourense). Accesible en <http://dereito.uvigo.es/es/investigacion/revista-redas/>

+ **información** <https://campusauga.uvigo.es/>

3.6.3 Campus Crea



Durante o ano 2022 realizáronse diversas actividades dende a Vicerreitoría do Campus de Pontevedra:

- **Xornada Universidade-Empresa**

Creatividade e comunicación

Data: 9 de marzo de 2022

Obxectivos: encontro promovido pola Vicerreitoría do Campus de Pontevedra e o Consello Social no que participaron representantes de cinco grupos de investigación e oito empresas e asociacións co fin de coñecerse e explorar posibles vías de colaboración. A creatividade e a comunicación foron os temas principais tratados na xornada.

Beneficiarios/as: grupos de investigación, asociacións e empresas interesadas

Noticia: <https://www.uvigo.gal/es/universidad/comunicacion/duvi/grupos-investigacion-campus-exploran-vias-colaboracion-empresas-ambitos-creatividade-comunicacion>

- **Premios Campus Crea-Creatividade e Innovación**

A Vicerreitoría do Campus de Pontevedra–Campus Crea da Universidade de Vigo considerou importante, para estimular a promoción do Campus Crea, premiar accións destacadas no ámbito da creatividade e da innovación que impliquen membros da comunidade universitaria de diferentes ámbitos de coñecemento e que axuden a situar e a consolidar o campus de Pontevedra como un referente en temáticas relacionadas coa creatividade e coa innovación. Neste sentido, pretendemos recoñecer, difundir e premiar traballos e accións creativas e innovadoras interdisciplinarias. O seu obxectivo é recoñecer diferentes facetas da actividade creativa e de innovación desenvolvidas por alumnado da Universidade de Vigo nas que participen estudantes de diferentes ámbitos de coñecemento. Trátase, por tanto, de premiar as obras creativas e innovadoras de carácter interdisciplinario, xa que será imprescindible a participación de estudantado de polo menos dous ámbitos de coñecemento diferentes do campus de Pontevedra.

- **Semana da Creatividade e a Innovación**

Datas: do 18 ao 29 de abril de 2022

Obxectivos: a finalidade desta actividade foi fomentar a creatividade e a innovación na comunidade universitaria do campus de Pontevedra, así como a participación do alumnado en actividades extraacadémicas vinculadas á creatividade e á innovación. Este ano a actividade enfocouse na

sostibilidade e na importancia da preservación do medio ambiente a través da realización de coloquios, obradoiros, concursos e mesas redondas.

Beneficiarios/as: comunidade universitaria e cidadanía.

Noticia:

- <https://www.uvigo.gal/es/universidad/comunicacion/duvi/semana-creatividade-innovacion-pora-foco-preservacion-medio-ambiente>
- <https://consellosocial.uvigo.gal/es/2022/04/llega-la-semana-da-creatividade-e-a-innovacion-con-el-apoyo-del-consello-social/>

As actividades realizadas repartíronse do seguinte xeito:

a) Ciclo de conferencias e obradoiros

o Día 21

9.00-12.00 h Lenzo colaborativo «A nosa pegada». Obradoiro de arte colaborativa na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte

o Día 22

10.00-12.30 h Mesa redonda «Emprendendo cos pés na terra», no salón de graos da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte

Moderadora: Maruxa Álvarez Jiménez (responsable da Área de Emprego e Emprendemento da UVigo)

Participantes: Pablo Guillán Rodríguez, de Dooroti; Joana Saavedra, de Bam-bu Bicycles; Marta Álvarez Heredia, de Vi&Go; Juanjo Rodríguez Castro, de Academia TecníficaT-Bambu.R; e Alejandro Sierra Amoedo, de Iniquál

Xunto con esta mesa de emprendedores/as houbo unha charla con Ricardo Fra Otero, cofundador de Saraiva, Activiza e Envita, para comentar a súa experiencia neste proceso de emprendemento e as posibilidades que ofrece a Silver Economy.

b) II Premios Campus Crea–Creatividade e Innovación

A Vicerreitoría do Campus de Pontevedra–Campus Crea da Universidade de Vigo considera importante, para estimular a promoción do Campus Crea, premiar accións destacadas no ámbito da creatividade e da innovación que impliquen membros da comunidade universitaria de diferentes ámbitos de coñecemento e que axuden a situar e a consolidar o campus de Pontevedra como un referente en temáticas relacionadas coa creatividade e a innovación. Neste sentido, realízanse actividades para recoñecer, difundir e premiar traballos e accións creativas e innovadoras interdisciplinarios.

Datas: do 18 ao 29 de abril de 2022

- **Cursos organizados**
- A Aula de Teatro Universitario

Busca convidar a comunidade universitaria e demais persoas interesadas no ámbito do teatro a participar nun proceso de creación teatral. O proceso inclúe diversos exercicios prácticos como a capacidade de concentración, memoria, oratoria e expresión, creatividade, imaxinación, ritmo e musicalidade, entre outros. Así mesmo, esta iniciativa ten como obxectivos:

- Fomentar a lectura de textos teatrais
- Implementar a capacidade de expresión oral e corporal
- Promover a asistencia a espectáculos teatrais

- Dar a coñecer as funcións que realizan os compoñentes dun espectáculo teatral
- Fomentar a asistencia a espectáculos teatrais
- Impulsar as relacións sociais e o traballo en equipo

Esta actividade estivo estruturada en dous bloques:

- Bloque I. Curso de teatro: curso de formación
- Bloque II. Participación na Mostra de Teatro (MITEU) en Pontevedra
- Experiencias multiculturais a través da ecoperCUSión

Sesións formativas de carácter musical que promoveron o achegamento a diferentes culturas por medio da voz, o canto e os instrumentos.

Data: abril de 2022

Lugar: Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte

Imparte: Didier Díaz Madan
- Concertos polas rúas da Aula Permanente de Música

A Aula Permanente de Música Tradicional Galega do campus de Pontevedra protagonizou durante catro luns de xuño concertos en diferentes prazas da cidade pontevedresa acompañada doutras agrupacións da rexión. Nestas intervencións interpretaron un mesmo repertorio baseado na música popular galega co fin de darlle visibilidade á banda universitaria fóra dos espazos estudiantís para tratar de unir as actividades do campus coa cidade e fortalecer o vínculo entre ambos.

Data: luns 6, 13, 20, 27 de xuño de 2022

Lugar: prazas de Pontevedra

Intérpretes: Aula Permanente de Música Tradicional Galega e outros
- Músicas para recrear

Desde este ciclo búscase promover diferentes liñas musicais a partir das propostas interpretativas de diversos artistas e grupos de Galicia. Ao longo dos distintos concertos deste ano inclúense intervencións musicais asentadas no jazz, nas liñas máis clásicas, no folk, no rock etc. Ademais, preténdese que participen tanto solistas e agrupacións xa consolidadas coma as que están a emerxer para darlles resposta aos gustos variados do público destinatario e darlle un impulso xenérico a este sector. Nesta ocasión, interviñeron Teo Cardalda, Suso Vaamonde e Xosé Lois Romero, Cora Velasco, Kalani e Os Xesteira.

Data: 16 de maio, 19 de maio, 14 de outubro, 21 de novembro e 19 de decembro

Lugar: Casa das Campás, Escola de Enxeñaría Forestal e Teatro Principal

Intérpretes:

 - Suso Vaamonde e Xosé Lois Romero
 - Teo Cardalda
 - Cora Velasco
 - Kalani
 - Os Xesteira

- Contos de inverno

Ao redor desde ciclo reuníronse catro contadoras e contadores de historias que, desde a súa sensibilidade pola cultura popular e as súas habilidades artísticas, parten da literatura de transmisión oral para enfiar estas historias que reflicten o noso xeito de ser e de actuar como colectivo cunha identidade propia. Estas sesións acolleron as voces de doce contadores e contadoras cunha traxectoria consolidada na arte da expresión oral tan ben recibidas polo público de todas as idades.

Data: 16, 17, 30 de novembro e 1 de decembro

Lugar: Vicerreitoría do Campus de Pontevedra, Casa das Campás

Participan: Caxoto, Brais das Hortas, Cris de Caldas, Rilo & Penadique

- Xornadas de Creación e Pensamento sobre Saúde Mental

Estas xornadas afondan no pensamento que hai entre as creacións artísticas e as necesidades que se agochan detrás das persoas creadoras. Nesta segunda edición, as propostas trataron sobre a saúde mental (depresión, suicidio etc.). As xornadas estiveron compostas por unha *performance* da man de Fran Sieira «DeMente»; un coloquio sobre a saúde mental e un obradoiro práctico sobre a fisioterapia na saúde mental.

Data: 1 e 2 de decembro

Lugar: Vicerreitoría do Campus de Pontevedra, Casa das Campás e Facultade de Fisioterapia

Participan: Fran Sieira, Andrés Fontalba e Miguel Muñoz-Cruzado

- Novos cinemas

No marco deste certame cinematográfico que xa leva sete edicións orientado á detección e á difusión do talento cinematográfico emerxente, preténdese apoiar as seguintes accións:

- Obradoiros formativos e creativos
- Presentacións e faladoiros con diferentes profesionais do cinema
- Desenvolvemento de proxectos cinematográficos
- Encontros con persoas relevantes no eido cinematográfico
- Unha mesa de encontro integrada por axentes do sector que comparten as súas experiencias e afondan os aspectos relevantes ou que precisan unha reformulación

Data: do 13 ao 18 de decembro

Lugar: Vicerreitoría do Campus de Pontevedra, Casa das Campás e Teatro Principal

Imparte: varios

- Ciclo de cinema feminino

Durante o mes de marzo e xuño, todos os venres proxectouse un filme proveniente de diferentes puntos xeográficos (Galicia, resto de España, Alemaña, Francia etc.), cuxo punto común é o papel desempeñado polas mulleres. Desde o seu papel de actrices, directoras ou guionistas, visualizáronse diferentes películas nas que se puxo o foco no seu papel subordinado, xustaposto ou coordinado, atendendo ás circunstancias socio-político-culturais de cada momento. Tras rematar as proxeccións, desenvolvéronse coloquios reflexivos e críticos sobre a óptica, participación e implicación da muller en cada un dos casos.

Data: cada venres de marzo e xuño de 2022

Lugar: Vicerreitoría do Campus de Pontevedra

Imparte: Suso Novás

- Música e integración

Esta proposta inclúe unha serie de xestións ao redor da música, nas que participaron alumnado da Universidade de Vigo e outro proveniente de centros educativos de formación especial, como é o de síndrome de down. Por medio destas sesións buscouse intensificar a inclusión de todas as persoas dentro da sociedade, sen importar a súa condición, características psicolóxicas, capacidades etc.

Data: meses de marzo e maio

Lugar: Facultade da Educación e do Deporte

Imparte: Marlene Armentero

- Proxecto interartístico Suárez

Esta proposta artística e musical percorre a vida e o traballo do fotógrafo galego José Suárez, a partir de catro momentos da súa traxectoria:

- Fotografías de Galicia. Os mariñeiros
- Exilio
- Xapón e a súa espiritualidade
- Retorno e morte

A proposta consiste na escrita de música orixinal inspirada na obra de Suárez orientada a un espectáculo audiovisual. As pezas musicais foron interpretadas sen paradas entre unhas e outras para non interromper a atmosfera do espectáculo. Os sons de instrumentos tanto acústicos coma electrónicos crearon un marco de sonoridade ambiental completado pola parte visual, que inclúe imaxes de Suárez nunha performance que acolleu as obras do fotógrafo simultaneamente.

Data: 18 de maio de 2022, ás 21.30 h

Lugar: Ruínas de San Domingos, Pontevedra

Intérpretes: Rafael Fernández, Pablo Pérez, Virxilio da Silva, Alex Salgueiro e Iván Torres

- Concerto primavera

Este concerto ofreceu un repertorio que parte do traballo colaborativo entre o grupo de gaiteros Os Melidaos e o alumnado da Aula Permanente de Música Tradicional do campus de Pontevedra, por medio do cal se busca darlle azos á música popular e visualizar o alto talento que hai nesta parcela artística en Galicia. Este concerto ten como propósito dar a coñecer as iniciativas musicais que se impulsan dende a cidade de Pontevedra.

Data: 24 de marzo de 2022, ás 19.30 h

Lugar: praza da Ferrería, Pontevedra

Intérpretes: Os Melidaos–Aula Permanente de Música Tradicional

- Talento, superación e desafíos

Encontro expositivo e de debate arredor do talento

Data: 24 de novembro de 2022, ás 20.00 h

Obxectivos: esta mesa redonda tivo como finalidade abrir un debate sobre o emprendemento, a motivación e a capacidade de superación. A actividade estivo promovida pola Vicerreitoría do Campus de Pontevedra, co patrocinio do Consello Social e coa axuda técnica de ClínicasON. Este encontro buscou profundar nos inicios, traxectorias e proxectos de futuro de referentes en diferentes campos. Participaron a piragüista e fisioterapeuta Teresa Portela, medalla de prata

nos Xogos Olímpicos de Toquio; Sofía Toro, docente e xerente do Clúster Galego da Industria do Deporte e Benestar, e campioa olímpica; e José Ángel Gómez, alias Defreds, escritor.

Beneficiarios/as: comunidade universitaria e cidadanía

Noticia: <https://www.uvigo.gal/es/universidad/comunicacion/duvi/coloquio-explora-caminos-antes-despues-exito>

- A revolución dos oficios tradicionais mediante a innovación

Datas: luns 7, 14 e 28 de novembro de 2022

Obxectivos: este ciclo de obradoiros e de coloquios realizados os luns de novembro na Casa das Campás permitiu achegarse, dun xeito diferente, á fabricación artesá de cestas, zocas ou gaitas co fin de visibilizar e pór en valor os oficios tradicionais, así como afondar en como a través da innovación estes traballos se manteñen viventes na actualidade. O ciclo, promovido co patrocinio do Consello Social da Universidade de Vigo, contou coa participación da creadora téxtil Idoia Cuesta, a zoqueira Elena Ferro e o construtor de gaitas Xosé Luis Latas.

Beneficiarios/as: comunidade universitaria e cidadanía

Noticia: <https://www.uvigo.gal/es/universidad/comunicacion/duvi/ciclo-coloquios-afonda-innovacion-revolucionou-oficios-os-cesteiro-ou-zoqueiro>

- Pont-Up Store

Evento dedicado ao emprendemento impulsado pola Universidade de Vigo co Concello de Pontevedra como patrocinador principal.

Este ano realizouse en modalidade presencial durante o 24 e o 25 de setembro e contou con 41 *startups*.

Ao longo do curso académico, Campus Crea contou para o desenvolvemento das súas actividades cun técnico I+D+i e coa xestora do Campus Crea para o campus de Pontevedra. O técnico de I+D+i, dependente da Oficina de Proxectos Internacionais, desenvolve actividades relacionadas co seu labor, como son a procura de convocatorias de proxectos, a presentación de varias solicitudes de proxectos europeos, o estudo dos grupos de investigación do campus de Pontevedra e a continuación de reunións, entre outras. A xestora do Campus Crea realiza tarefas de xestión do campus, recompila datos e indicadores para o proceso de acreditación do campus de especialización, ademais de prestarlles apoio aos grupos de investigación. Estas dúas figuras, técnica e xestora, complementáanse nas súas tarefas.

No ano 2022 continúa en vigor o convenio entre Foro Empresa e Universidade de Vigo para desenvolver actividades que dinamicen a empregabilidade do Campus Crea. Este foro está composto pola Asociación de Xoves Empresarios (AJE), a Asociación de Empresarios da Mediana e Pequena Empresa da provincia de Pontevedra (AEMPE) e o Foro-Empresa.

+ **información** <https://www.uvigo.gal/campus/pontevedra-campus-crea>

3.6.4 Vigo Tecnolóxico



O campus de especialización Vigo Tecnolóxico xorde no ano 2014 coa finalidade de dinamizar o eido da enxeñaría dentro e fóra da Universidade de Vigo, transferindo coñecemento e xerando valor para a sociedade. Os piares de Vigo Tecnolóxico son as tres escolas de enxeñaría asentadas en Vigo (Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, Escola de Enxeñaría Industrial e Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía), e os dous centros de investigación vencellados (Atlanttíc e Cintecx).

En 2018, púxose en marcha o proceso de acreditación oficial do campus e delimitáronse as súas novas liñas e áreas de especialización, que se enmarcan en dúas áreas principais: a telecomunicación, e as tecnoloxías, enerxía e procesos industriais:

Telecomunicación	Tecnoloxías, enerxía e procesos industriais
<ul style="list-style-type: none"> • Seguridade e privacidade • Análise de sinais biomédicos • Redes de datos • Tecnoloxías multimedia • Comunicacións espaciais • Radar e teledetección • Servizos electrónicos • Radio e comunicacións ópticas 	<ul style="list-style-type: none"> • Electrónica e automática • Fabricación e materiais • Enerxía • Transporte • Enxeñaría biomédica • Sostibilidade e recursos naturais

O campus de especialización aspira a converterse nun axente activo no proceso de transformación da I+D+i galega mediante unha oferta docente conforme as demandas do tecido produtivo e a xeración de tecnoloxías capaces de responder aos retos sociais de maneira sostible. O seu compromiso coa contorna evidénciase na vocación de contribución ao desenvolvemento socioeconómico e na defensa de equidade e de igualdade de oportunidades, valores recollidos na Estratexia 2025 de Vigo Tecnolóxico.

Durante 2022 a responsabilidade social de Vigo Tecnolóxico continuou sendo un espazo no que xurdiron diversas propostas de investigación en materia de enxeñaría cunha significativa **perspectiva social**, orientados principalmente a mellorar as condicións de vida das persoas. Nesta liña, por unha banda contribuíuse coa cuarta edición dos Premios Cintex Challenge, onde se premiou este ano a proposta «Deseño e síntese de novos materiais para a xeración de H2 como fonte de enerxía renovable», co que se pretende acadar un impacto social relevante en canto a coidado do ecosistema. Outra iniciativa con perspectiva social foi o HackForGood Hackatón organizado en colaboración da UVigo coa Cátedra Telefónica-Uvigo, no que se procuraron solucións tecnolóxicas innovadoras para dar resposta a máis dun cento de retos sociais propostos por ONG, fundacións, institutos e universidades. Tamén destaca a iniciativa A Caixa Sostible, da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, na que se enviaron «caixas sostibles» a preto de corenta institutos de toda Galicia, con material didáctico e experimental para levar a cabo cinco experimentos que xiraron arredor da sostibilidade e do medio ambiente. Así mesmo, nos LPRO Days, que se celebran cada ano na Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, volveu ter peso o motivo social nun dos proxectos premiados, Nezha, un sistema de apoio para incursións de rastreo e localización de persoas desaparecidas. En canto a proxectos de investigación asociados á perspectiva social, destacou o proxecto Biomasa-CAP, no que participa o GTE (Grupo de Tecnoloxía Enerxética) do Cintex, proxecto transfronteirizo no que se busca o aproveitamento dos restos de

podas forestais e restos de plantacións na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Por outra banda, está o proxecto Trumpet, no que están a traballar na dirección científica investigadores do GPSC (Grupo de Procesamento de Sinal en Comunicacions) do Atlanttic (Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación), que pretende desenvolver unha ferramenta eficaz que permite loitar contra o cancro sen vulnerar a privacidade do ou da paciente. Destaca tamén a participación do GTI (Grupo de Tecnoloxías da Información) do Atlanttic no proxecto Erasmus+ Allure, desenvolvendo aplicacións para achegarles contidos culturais de xeito accesible a persoas con risco de exclusión. A maiores, a finais de 2022 presentouse Circular Seas, un proxecto de economía circular no que se busca o aproveitamento dos residuos plásticos recollidos no mar, no que participaron investigadores/as da Escola de Enxeñaría Industrial.

Outra das iniciativas destacables no compromiso en responsabilidade social, como sucedeu no pasado curso 2020/2021, e en colaboración da Universidade de Vigo con Telefónica a través da Cátedra Telefónica-UVigo, puxéronse en valor as mellores propostas do campus para os retos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030 cos Premios Innovación sostible 2021-2022, galardóns nos que se recoñeceron os traballos do alumnado orientados a erradicar pobreza, protexer o planeta e asegurar a prosperidade para todas e todos (os denominados ODS ou obxectivos de desenvolvemento sostible).

Por outra banda, durante o ano 2022 a responsabilidade social de Vigo Tecnolóxico mantivo a estratexia dos anos anteriores que puxo as capacidades do campus ao servizo da **loita contra a pandemia pola covid-19**. Nesta liña, destacou o proxecto COPERIA, desenvolvido por investigadores do GTM (Grupo de Tecnoloxías Multimedia) do Atlanttic, orientado ao desenvolvemento e á validación clínica dunha plataforma multidisciplinaria e integral baseada na intelixencia artificial para a diagnose, apoderamento, rehabilitación holística e personalizada, así como xestión clínica de pacientes afectados por covid persistente.

En canto a asociacións de estudantes relacionadas co Vigo Tecnolóxico, destaca pola súa perspectiva social o **Boeiro I**, proxecto do **Clean Energy Ship UVigo** (CES UVigo), que xorde co obxectivo de responder aos retos medioambientais e técnicos que requiren unha resposta urxente para avanzar no sector marítimo. Trátase dun barco propulsado totalmente por enerxía solar, deseñado e fabricado por alumnado da Universidade de Vigo.

Finalmente, outra das áreas nas que contribuíu o Vigo Tecnolóxico en materia de responsabilidade social foi o fomento da **igualdade de xénero**, en liña co compromiso institucional da Universidade de Vigo. Por unha banda, as escolas e os centros de investigación do campus mantiveron o seu apoio ás actividades desenvolvidas pola Unidade de Igualdade e a Unidade de Cultura Científica e da Innovación dirixidas a visibilizar a fenda de xénero nas titulacións tecnolóxicas, e espertar vocacións entre as mozas. Por outra banda, e froito do anterior, a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación e o centro de investigación Atlanttic presentáronse e obtiveron o distintivo de igualdade, que xa tiña a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

+ **información** <http://vigotecnologico.uvigo.es/>

3.7 THE Impact



A Asemblea Xeral das Nacións Unidas adoptou a Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible, un plan de acción para as persoas, o planeta e a prosperidade. A axenda, cos seus 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), proporciona un plan de acción para afrontar os maiores desafíos mundiais: erradicar a pobreza e fomentar o crecemento económico, a inclusión social, a sostibilidade ambiental, a paz e a boa gobernanza para todas as nacións en 2030. Neste senso, a investigación, a innovación e a educación serán esenciais para axudar a sociedade e afrontar os desafíos sociais, económicos e ambientais.





Neste contexto *Times Higher Education* lanza o «THE University Impact», que ten como obxectivo medir o impacto das universidades na sociedade baseado no éxito das institucións para cumprir obxectivos da Axenda 2030. Nel participaron, na edición de 2021, un total de 1406 universidades de 106 países.

Rank	Name	Best scores by rank				Overall
201–300	University of Vigo Spain	7 78.2	16 79.9	4 67.7–73.1	17 76.7–83.0	76.9–82.0

Os resultados da UVigo son positivos, en liñas xerais, e moi bos nos ODS 7: Enerxía accesible e non contaminante; ODS 16: Paz, xustiza e institucións sólidas; ODS 4: Educación de calidade e ODS 17: Alianzas para lograr os obxectivos.

A UVigo acada o posto 18 na súa puntuación global en España e atópase no intervalo 201-300 no ámbito mundial. Con respecto a cada ODS, a posición da UVigo pode verse na seguinte táboa.

Obxectivo de desenvolvemento sostible (ODS)	Posto no ámbito mundial	Núm. de universidades participantes	Intervalo de puntuación	
 1 FIN DA POBREZA	Fin da pobreza	201-300	769	53,9-60,8
 2 FAME CERO	Fame cero	201-300	553	44,9-55,1
 3 SAÚDE E BENESTAR	Saúde e benestar	601-800	1101	41,5-53,2
 4 EDUCACIÓN DE CALIDADE	Educación de calidade	101-200	1180	67,7-73,1
 5 IGUALDADE DE XÉNERO	Igualdade de xénero	101-200	938	59,6-65,9
 6 AUGA LIMPA E SANEAMENTO	Auga limpa e saneamento	101-200	635	56,6-68,1
 7 ENERGÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE	Enerxía accesible e non contaminante	18	706	78,2
 8 TRABALLO DIGNO E CRECIMENTO ECONÓMICO	Traballo digno e crecemento económico	201-300	850	59,6-64,6
 9 INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA	Industria, innovación e infraestrutura	101-200	786	70,1-85,4
 10 REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES	Reducindo desigualdades	201-300	796	55,1-62,4
 11 CIDADES E COMUNIDADES SOSTIBLES	Cidades e comunidades sostibles	201-300	783	60,1-68,9
 12 PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE	Produción e consumo responsable	301-400	606	41,6-53,9
 13 ACCIÓN POLO CLIMA	Acción polo clima	201-300	674	45,8-54,6

Obxectivo de desenvolvemento sostible (ODS)	Posto no ámbito mundial	Núm. de universidades participantes	Intervalo de puntuación
 Vida submarina	101-200	452	52,3-67,6
 Vida de ecosistemas terrestres	201-300	521	43,0-55,5
 Paz, xustiza e institucións sólidas	85	746	79,9
 Alianzas para lograr os obxectivos	201-300	1441	76,7-83,0

Máis información sobre a clasificación THE Impact pode consultarse na súa web:

<https://www.timeshighereducation.com/world-university-rankings/university-vigo>

Co fin de coñecer os impactos en cada ODS segundo a metodoloxía definida para o THE Impact Rankings, a Unidade de Análises e Programas vén elaborando uns informes de posicionamento que permiten avaliar as métricas utilizadas en cada ODS e o posicionamento da Universidade de Vigo en cadansúa. Os informes detallados pódense consultar na seguinte ligazón.

+ **información** https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/64?_locale=es

3.8. Transparencia



Segundo a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE do 10 de decembro de 2013) e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG do 15 de febreiro de 2016), as universidades públicas e as entidades vinculadas ou dependentes delas están incluídas no seu ámbito de aplicación. Ao mesmo tempo, a Universidade de Vigo, en virtude da súa potestade regulamentaria e de autoorganización, desenvolve no seu ámbito as disposicións que as leis anteditas indican. Neste senso, apróbase, na sesión do consello de goberno do 9 de outubro de 2017, o Regulamento de transparencia e acceso á información pública da Universidade de Vigo. O citado regulamento establece na universidade os mecanismos e os procedementos internos relacionados coas obrigas de publicidade activa, co dereito de acceso á información pública e co bo goberno.

Por outra parte, a Universidade de Vigo leva anos comprometida coa transparencia e co rendemento de contas ao publicar a información sobre os resultados da súa actividade a través da súa páxina web. O froito deste compromiso e das obrigas derivadas das distintas normativas trasládase ao regulamento, o que permite situar a Universidade de Vigo entre as administracións máis activas e responsables. Neste senso, o regulamento amplía as obrigas de información que debe ser publicada, ao recoller a previsión do artigo 6.2 da Lei 1/2016, que permite un réxime máis amplo en materia de publicidade activa. Regúlanse, así mesmo, os rexistros de

actividades e de bens patrimoniais dos altos cargos, completando a normativa aplicable. Desenvólvense igualmente aspectos relacionados co bo goberno, co goberno aberto e cos mecanismos de participación cidadá e da comunidade universitaria.

No devandito regulamento tamén se establece no artigo 22 a obriga, por parte da Secretaría Xeral e en coordinación coa Unidade de Análises e Programas, de realizar un informe anual relativo ao grao de cumprimento da normativa de transparencia. O citado informe recolle:

- A avaliación do grao de cumprimento das obrigas de publicidade activa por parte dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta normativa.
- As estatísticas relativas ao dereito de acceso á información pública.
- Os datos sobre a información máis consultada no portal de transparencia e de datos abertos.
- A relación de reclamacións presentadas contra as denegacións de solicitudes de acceso e do sentido da súa resolución por parte da Comisión de Transparencia de Galicia.

No seguinte cadro detállase a evolución do número de visitas ao portal de transparencia no período comprendido entre 2017 ata 2021. Durante o ano 2022 ascendeu a un total de 123 503 visitas.

	2017	2018	2019	2020	2021	2022	% de variación	% acumulada
Núm. total de visitas	61 924	70 082	71 093	65 736	72 712	123 503	69,85 %	99,44 %
Visitas de traballo interno	1283	1156	623	ND	ND	ND	ND	ND
Núm. de visitas reais	60 641	68 926	70 470	65 736	72 712	123 503	69,85 %	8,40 %

Con respecto ao cumprimento de obrigas de publicidade activa, en función das diferentes normativas, cabe destacar que se acada un 100 % de publicidade, con 19 indicadores publicados ao respecto da Lei 19/2013 de transparencia estatal, un 98 % de publicidade, con 50 indicadores ao respecto da Lei 1/2016 de transparencia galega e tamén un 100 % de publicidade, con 17 indicadores relativos ao Regulamento de transparencia da propia Universidade de Vigo. Con respecto á Lei 6/2018, de presupostos xerais do Estado para o ano 2018, que na súa disposición adicional quincuaxésima cuarta, no seu punto cuarto, indica que cada administración pública presentará o seu plan de absentismo xunto cos datos deste, só un indicador cumpre coa publicación dos datos de absentismos no portal de transparencia.

Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE do 10 de decembro de 2013)
19 indicadores publicados 100 % publicado

Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG do 15 de febreiro de 2016)
50 indicadores publicados 98 % publicado

Regulamento de transparencia e acceso á información pública da Universidade de Vigo
17 indicadores publicados 100 % publicado

Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado (ano 2018). Disposición adicional 54
1 indicador publicado 50 % publicado

Dentro da xestión do portal de transparencia, destacamos que durante o ano 2022 se publicaron un total de 185 actualizacións de ficheiros e de informes ao longo do ano, 29 máis ca en 2021.

En relación co dereito de acceso en 2022, recibíronse un total de 35 solicitudes de datos amparados nas leis de transparencia. Das 35 solicitudes recibidas, 32 foron concedidas, unha tivo unha concesión parcial e dúas unha resolución denegatoria. Nesta anualidade non se deu o arquivo de ningunha das solicitudes de dereito de acceso.

Con respecto á forma en que solicitaron as peticións, 12 realizáronse a través do formulario web posto a disposición das persoas usuarias, que se pode atopar no portal de transparencia; 19 a través de correo electrónico e 4 no rexistro da universidade. Neste ano hai un cambio importante no medio de petición. Nas anualidades anteriores o formulario web era o medio máis utilizado, mentres que en 2022 pasa a ser o correo electrónico.

Das 35 solicitudes recibidas, 15 foron asignadas á Secretaría Xeral e 20 á Unidade de Análises e Programas (UAP). As da Secretaría Xeral corresponden coa petición de documentos e as asignadas á UAP coa petición de datos. Os temas dos que tratan son variados, dende datos relativos a cuestións académicas, tales como o número de persoas matriculadas, pero tamén destacan as informacións solicitadas sobre sentenzas, actas de departamentos ou datos relativos a persoal, tales como compatibilidades ou gastos.

Unha das maneiras máis efectivas de avaliar o compromiso coa transparencia na nosa institución e de observar as valoracións externas que sobre el fan outras institucións é a través das súas clasificacións.

Unha delas é a plataforma Dyntra (Dynamic Transparency Index), que nace como unha plataforma colaborativa que traballa na medición e na xestión do goberno aberto nas organizacións e na sociedade civil. En decembro do ano 2022, a Universidade de Vigo atopábase na segunda posición da súa clasificación e cumpriu un total de 159 dos 169 indicadores (un 94,08 %).

POSICIÓN	ENTIDAD	ÍNDICE	PORCENTAJE
1	 Universidad de Huelva	160 de 169 indicadores	94,67%
2	 Universidade de Vigo	159 de 169 indicadores	94,08%
2	 Universidad de Murcia	159 de 169 indicadores	94,08%
4	 Universidad Zaragoza	156 de 169 indicadores	92,31%
5	 Universidad de Burgos	155 de 169 indicadores	91,72%
6	 Universidad Complutense de Madrid	154 de 169 indicadores	91,12%
7	 Universidad de A Coruña	147 de 169 indicadores	86,98%
8	 Universidad de Cádiz	145 de 169 indicadores	85,8%

Este alto grao de cumprimento coa transparencia pública fai que a UVigo tamén se atope na clasificación de transparencia das administracións públicas españolas, elaborado por esta mesma plataforma, no que acada igualmente a segunda posición.

POSICIÓN	ENTIDAD	ÍNDICE	PORCENTAJE
1	 Universidad de Huelva	160 de 169 indicadores	94.67%
2	 Universidade de Vigo	159 de 169 indicadores	94.08%
3	 Ayuntamiento de Pozoblanco	150 de 162 indicadores	92.59%
3	 Ayuntamiento de Fuengirola	150 de 162 indicadores	92.59%
5	 Generalitat Valenciana	184 de 199 indicadores	92.46%
6	 Universidad de Zaragoza	156 de 169 indicadores	92.31%
7	 Generalitat de Catalunya – Generalidad de Cataluña	183 de 199 indicadores	91.96%
8	 Universidad de Burgos	155 de 169 indicadores	91.72%

Por outra parte, a Fundación Compromiso e Transparencia (agora denominada Fundación Haz), coa misión de fortalecer a confianza da sociedade nas institucións e nas empresas promovendo a transparencia, o bo goberno e o compromiso social, realiza diversas publicacións, entre elas o «Exame de transparencia. Informe de transparencia voluntaria na web das universidades españolas». Este informe realízase dende o ano 2011 e é de axuda inestimable para que as universidades públicas poidan continuar progresando na transparencia na web e desenvolver un conxunto de áreas e indicadores comúns a partir dos cales as universidades poidan ir enriquecendo o seu rendemento de contas. No ano 2016 esta fundación xa informaba que tomaba a decisión de dar por finalizada a serie de clasificacións anteriores, comezando cunha nova xeración que inclúa indicadores máis centrados en aspectos relacionados coa gobernanza das universidades e co seu impacto na sociedade. Ao mesmo tempo, tamén se iniciou un proceso de consulta para determinar cal sería a metodoloxía que se considera máis adecuada ao respecto.

En 2022 a Fundación Haz publicou o «Exame de transparencia 2021. Informe de transparencia voluntaria na web das universidades españolas», pero mudou o xeito de publicalo, xa que non ofrece a clasificación global coa indicación dos indicadores que cumpre ou non cumpre cada universidade.

Publicouse un excel no portal de transparencia onde pode verse a relación de indicadores e a ligazón onde se poden consultar.

+ **información** <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/43>



Capítulo 4. Dialogando coas partes interesadas

Os grupos de interese ou partes interesadas da nosa institución son as persoas ou entidades afectadas polo noso traballo e que, a súa vez, nos inflúen coas súas expectativas á hora de realizar o noso labor.

O estudantado representa o noso máis grande e importante grupo de interese e o obxectivo prioritario da nosa misión; por este motivo, alén das tarefas intrinsecamente académicas, a Universidade de Vigo promove, a través de diferentes programas, toda unha gama de actividades complementarias. Así mesmo, os traballadores/as da Universidade de Vigo representan os elementos que fan posible que tanto as tarefas académicas coma de xestión permitan ofrecer os nosos servizos.

Estes dous grupos permiten atender a nosa misión que é a de ser promotora da creación e da difusión do pensamento crítico e do fomento da cultura entre a comunidade universitaria e a sociedade no seu conxunto. A comunidade local, xunto coa sociedade xeral, representan o outro grupo de interese ao cal debemos ter en conta, establecendo unha comunicación intensa e profunda con elas co fin de incorporar as súas expectativas e necesidades.

4.1 Estudantado

4.1.1 Orientación ao estudantado



Dentro da estrutura de goberno da Universidade de Vigo, a Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria centraliza nun mesmo departamento ámbitos de actuación de gran transcendencia para o estudantado, como prácticas, emprego, emprendemento, bolsas, multilingüismo, formación transversal, actividades culturais, deportivas, e outras cuestións relacionadas coa vida académica do estudantado. Desde o punto de vista da xestión, a Universidade de Vigo conta con unidades estables e diferenciadas de atención ao estudantado desde varios puntos de vista:

- a) Desde o punto de vista da información e orientación conta coa Sección de Información ao Estudante (SIE), que completa a orientación en todos os aspectos relacionados coa vida universitaria, incluso o futuro estudantado mediante actividades de captación de novo alumnado. Ofrece unha información clara e completa sobre todo o relativo á vida universitaria.

+ **información** <https://www.uvigo.gal/ven-uvigo/centros-secundaria/orientacion-academica>

- b) Desde o punto de vista da atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, dentro da Sección de Extensión Universitaria (SEU) encontramos a Unaten, que xestiona todo o relativo a atención á diversidade dentro do seu alumnado, ademais de ofrecer atención nas áreas de orientación educativa, académica e psicopedagóxica.

+ **información**

<https://www.uvigo.gal/campus/saude-bienestar/unidade-atencion-ao-estudantado-necesidades-especificas-apoio-educativo-unaten>

Datos do Gabinete Psicopedagóxico no ano 2021/2022

	Ourense	Pontevedra	Vigo
Consultas recibidas	1186	738	1833
Accións formativas desenvolvidas	5	10	10
Número de participantes en accións formativas	197	134	213

4.1.2 Bolsas



En primeiro lugar, hai que destacar a centralización no Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos a xestión de todas as convocatorias de subvencións destinadas ao estudiantado que estaban espalladas por distintas unidades da universidade, agás as convocatorias ligadas á mobilidade internacional (xestionadas pola Oficina de Relacións Internacionais) e as subvencións dos programas de investigación (xestionadas polo Servizo de Apoio á Investigación).

Ao longo do curso 2021/2022 xestionáronse convocatorias do Ministerio de Educación e Formación Profesional (MEFP), da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e convocatorias propias da Universidade de Vigo, con todos os seus procedementos derivados (preparación e difusión da convocatoria, xestión de solicitudes, xestión económica, xustificación e reintegro).

Bolsa de carácter xeral da Administración Xeral do Estado

No curso 2021/2022 un total de 6636 persoas beneficiáronse dunha bolsa da Administración Xeral do Estado. O importe total concedido foi de 18 520 175 €, dos cales 14 277 474 € corresponden á bolsa económica e 3 578 628 € corresponden á matrícula. O 48 % das persoas matriculadas solicitan bolsa e obtéñena o 66 % das persoas que a solicitan; polo tanto, unha de cada tres persoas matriculadas obtén a bolsa. Das concedidas, o 51 % teñen a contía ligada á renda cun importe por bolsa de 1700 € o 42 % teñen concedida a contía de residencia cun importe por bolsa de 1600 € e o 6 % teñen só concedida a gratuidade dos estudos. A contía por excelencia concedéuselle a 1878 estudantes (o 30,8 % das concedidas), cun total de 127 600 €

Convocatorias de estudo e colaboración

A Universidade de Vigo, un ano máis, mantén o seu compromiso coa igualdade de oportunidades a través dos programas de axudas financiados co seu propio orzamento e achegas doutras entidades, así como premios que procuran animar o estudiantado a acadar as máximas cotas académicas. A contía total é de 2 936 626,93 €

	Concedidas	
	Total	Contía
Axudas ao estudo propias da Universidade de Vigo	186	191 540,79 €
Axudas Incuvi-Avanza	6	2999,00 €
Axudas Incuvi-Emprende	12	12 000,00 €
Axudas para a difusión dos resultados de investigación do alumnado do Programa de doutoramento interuniversitario en protección do patrimonio cultural	2	601,82 €
Axudas para redactar e defender en galego teses de doutoramento, traballos de fin de grao e mestrado, así como recoñecer a calidade lingüística nos traballos de fin de grao e mestrado	87	11 995,00 €
Axudas proxecto Erasmus+ KA2 Unifors na Haute École de la province de Liege (Bélxica)	6	2250,00 €
Axudas proxecto Erasmus+ KA2 Stamp no ISM University of Management and Economics en Vilnius (Lituania)	5	1800,00 €
Axudas proxecto Erasmus+ GGREENCAP mobilidade alumnado con universidades (Camboxa)	2	10 620,00 €
Axudas proxecto Erasmus+ KA2 Dipcat organizado pola Universidade de Innsbruck (Austria) e a Universidade Corvinus de Budapest (Hungría)	1	200,00 €
Axudas proxecto Erasmus+ KA2 Women entrepreneurs in action! (Were in) en Universitat des Saarlandes (Alemaña)	7	3955,00 €
Bolsa complementaria da Deputación de Pontevedra para alumnado con mobilidade internacional	97	97 000 €
Bolsa complementaria para Erasmus da Deputación de Ourense	14	14 000 €
Bolsa de formación no Mestrado en tradución para a comunicación internacional con mención de excelencia da Xunta de Galicia	1	2908,16 €
Bolsa para a adquisición da capacitación axeitada para o uso de animais de experimentación (doutoramento en Endocrinoloxía)	1	600,00 €
Bolsa Santander Erasmus	29	17 500,00 €
Bolsas para a produción e o desenvolvemento do proxecto artístico Futura Stories Facultade de Belas Artes	10	40 000,00 €
Bolsas de comedor propias da Universidade de Vigo	624	312 000,00 €

	Concedidas	
	Total	Contía
Bolsas de concesión directa a estudantes para o desenvolvemento do Regulamento de atención ao estudante con necesidades específicas de apoio educativo	8	13 748,39 €
Bolsas de concesión directa a estudantes por interese público, social e humanitario	1	800,00 €
Bolsas de concesión directa para mobilidade do doutoramento da Fundación Carolina	1	206,54 €
Bolsas de concesión directa para mobilidade do mestrado da Fundación Carolina	3	3187,29 €
Bolsas de desprazamento Ourense Rural para o estudantado do campus de Ourense	27	25 000,00 €
Bolsas de estudo para actividades de carácter formativo	47	27 718,07 €
Bolsas de formación complementaria no marco do EURES transfronteirizo de Galicia e Norte de Portugal	1	1307,58 €
Bolsas de formación complementaria no sector sociosanitario da Cátedra Saraiva, Activiza e Envita	2	2481,16 €
Bolsas de formación en centros de investigación	6	25 703,02 €
Bolsas de formación en centros universitarios	40	101 883,93 €
Bolsas de formación en educación ambiental Green Campus	1	2135,16 €
Bolsas de formación en sistemas informáticos	84	281 232,34 €
Bolsas de formación en unidades e áreas	25	70 143,74 €
Bolsas de mobilidade Fundación Mulleres por África	13	14 605,57 €
Bolsas de mobilidade para o alumnado de programas de doutoramento	47	45 010,00 €
Bolsas de mobilidade para o alumnado de grao	8	1400,00 €
Bolsas de mobilidade para o alumnado de mestrado	20	1660,00 €
Bolsas de prácticas do programa Campus Rural	15	40 080,60 €
Bolsas Erasmus+ estudos (KA 107)	10	36 013,00 €

	Concedidas	
	Total	Contía
Bolsas Erasmus estudos	464	1 228 908,00 €
Bolsas para o estudiantado beneficiario ou solicitante de protección internacional	2	5451,59 €
Bolsas para o inicio de mestrado	21	14 360,44 €
Bolsas para a inscrición no VIII International Symposium on Marine Sciences (ISMS)-Ciencias do Mar	10	1500,00 €
Bolsas para realizar cursos no Centro de Linguas	37	9306,75 €
Bolsas prácticas fundación ONCE-CRUE para alumnado universitario con discapacidade	7	11 993,02 €
Bolsas propias de mobilidade	13	13 500,00 €
Bolsas Santander Progreso	10	10 000,00 €
Erasmus+ prácticas	48	71 741,00 €
Premio traballo fin de grao e fin de mestrado en temáticas relacionadas coa Axenda 2030, a cooperación ao desenvolvemento e a responsabilidade social	18	8999,97 €
Premios GIRLGEEKCOVID da Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-UVigo	4	6000,00 €
Premios de excelencia académica para alumnado que inicia estudos de mestrado	15	9000,00 €
Premios de excelencia académica para estudantes que inicien estudos de grao	60	36 000,00 €
Premios de excelencia académica para novo alumnado de doutoramento	43	10 750,00 €
Premios Exeria á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e de fin de mestrado	6	3200,00 €
Total	2274	2 936 626,93 €

+ **información** <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/30>

O Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos elabora unha memoria de cada curso académico cos aspectos máis salientables, información sobre os prezos públicos e as axudas e bolsas tramitadas. Na seguinte ligazón pódense consultar as citadas memorias coa información máis detallada.

+ **información** <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/59? locale=gl>

4.1.3 Prácticas e acceso ao mercado laboral



A realización de prácticas externas é unha ferramenta decisiva tanto na formación integral do estudiantado coma, dun xeito máis institucional, no desenvolvemento das relacións da propia Universidade de Vigo coa súa contorna máis próxima.

As prácticas achegan o estudiantado á realidade profesional, facilitando a súa relación cos distintos sectores socioeconómicos e aumentando a súa empregabilidade, pois proporciona competencias, habilidades e coñecementos de carácter práctico indispensables na súa integración e desenvolvemento profesional.

Por outra parte, as relacións con empresas e institucións que se establecen a través das prácticas externas son un instrumento valioso para testar a formación que está a recibir o alumnado universitario e establecer accións de mellora, ademais de permitir identificar os sectores económicos que presentan maior crecemento e dinamismo.

Prácticas realizadas polo noso alumnado durante o curso 2021/2022

Durante o curso académico 2021/2022 a Área de Emprego xestionou, a través da Fundación Universidade de Vigo, as prácticas académicas extracurriculares (as curriculares xestionáronse nos centros) realizadas polo alumnado nos tres campus.

Prácticas académicas

Número de alumnos/as en prácticas	Curso 14/15	Curso 15/16	Curso 16/17	Curso 17/18	Curso 18/19	Curso 19/20	Curso 20/21	Curso 21/22
Extracurriculares	1123	1269	1187	1055	913	521	786	802
Curriculares	3473	3654	3652	3935	3497	3570	3033	3253
Número de convenios	1974	1996	2958	3047	3994	4267	2796	3197

Durante o curso académico 2021/2022 aumenta o número de estudantes que realizaron prácticas académicas extracurriculares e repunta o número de convenios asinados para realizalas. Como se pode apreciar no cadro, a tendencia é incrementar a cantidade de empresas e institucións implicadas. Neste punto, debemos recordar que as especiais circunstancias ocasionadas pola covid-19 fixeron moi complexa a realización das prácticas correspondentes ao curso académico 2020/2021.

As prácticas extracurriculares realizáronse no curso académico 2021/2022 en 484 empresas, que se clasifican por sector de actividade e de acordo co seu CNAE (Clasificación Nacional de Actividades Económicas) do seguinte xeito:

CNAE	Empresas
Actividades administrativas e servizos auxiliares	13
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	35
Actividades de organización e organismos extraterritoriais	1
Actividades financeiras e de seguros	7
Actividades inmobiliarias	1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	102
Actividades sanitarias e de servizos sociais	40
Administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria	29
Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca	23
Comercio e reparación de vehículos de motor e motocicletas	26
Construción	8
Educación	34
Hostalaría	15
Industria manufactureira	41
Información e comunicacións	54
Outros servizos	39
Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	3
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	1
Transporte e almacenamento	12
TOTAL	484

+ **información** <https://www.uvigo.gal/estudar/empregabilidade/practicas-academicas-externas>

+ **información** <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/5/9>

Orientación e información de emprego

A Área de Emprego e Emprendemento (AEE) ten como principal misión estreitar os vínculos entre a universidade e a sociedade en materia de emprego e facilitar o coñecemento mutuo das necesidades, requisitos e posibilidades de cada unha das partes. Consecuentemente, leva a cabo unha serie de accións que, a partir das

necesidades detectadas, permiten ofrecer (de maneira continuada) novas oportunidades de inserción laboral e impulsar así a empregabilidade de estudantes e persoas egresadas desta universidade.


O persoal técnico superior en orientación laboral da AEE realiza un labor de asesoramento e de información laboral personalizada para axudar o estudiantado e persoas tituladas que o soliciten a desenvolver o seu itinerario persoal de busca de emprego. Para isto, organízanse entrevistas de orientación coa persoa solicitante nas que se utilizan as ferramentas necesarias no acceso aos procesos de selección, tales como o currículo, cartas de presentación, protocolo para entrevistas de selección de persoal, probas psicotécnicas etc. Realizáronse 67 entrevistas individualizadas de orientación laboral (54 % a estudantes e 46 % a persoas tituladas).

+ **información** <https://www.uvigo.gal/estudar/empregabilidade/orientacion-laboral>

Ofertas de emprego

No relativo ás ofertas de emprego, durante o curso académico 2021/2022 a Área de Emprego e Emprendemento xestionou e tramitou ofertas de emprego para diferentes sectores. En total, tramitáronse 397 ofertas de emprego, xestionáronse tamén 115 convocatorias de formación práctica (non realizadas baixo o Convenio de cooperación educativa da Universidade de Vigo).

Ofertas de emprego por ámbito 2021/2022



+ **información** <https://www.uvigo.gal/estudar/empregabilidade/ofertas-emprego>

Emprendemento-autoemprego

A Área de Emprego e Emprendemento fomenta a formación en competencias propias do autoemprego do estudiantado e das persoas tituladas pola Universidade de Vigo, principalmente a través da convocatoria de tres programas propios deseñados para facilitar o desenvolvemento de ideais de negocio: o Incuvi-Emprende, como programa de apoio a iniciativas empresariais na súa fase inicial; o Incuvi-Avanza, programa deseñado para facilitar a consolidación dos proxectos máis viables que fixeron o seu paso polo programa Incuvi-Emprende; e o Incuvi-Consolida, como programa de maduración e de consolidación dun proxecto emprendedor beneficiario de Incuvi-Avanza e que partiu no ano 2020 coa súa primeira edición.

Nos premios Incuvi-Emprende, na convocatoria 2021/2022, escolléronse un total de 12 proxectos.

+ **información** <https://www.uvigo.gal/estudar/empregabilidade/emprendemento>

4.1.4 Inserción laboral

A Universidade de Vigo, preocupada pola transición das persoas egresadas ao mercado laboral, a través do Observatorio de Persoas Tituladas, elabora os seus propios estudos patrocinados polo Consello Social.

Durante o ano 2022 o Observatorio de Persoas Tituladas a UVigo realizou os seguintes estudos sobre a inserción laboral do antigo estudiantado:

- Estudos de grao no curso 2018/2019
- Estudos de mestrado universitario no curso 2018/2019
- Estudos de doutoramento entre o ano 1995 e o curso 2019/2020

A seguir aparecen os principais resultados das enquisas e dos informes de inserción laboral que foron publicados no ano 2022.

Estudo sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de grao no curso 2018/2019

1. Datos persoais e académicos

- Sexo: sobrerrepresentación feminina (65,7 %) a respecto da poboación (59,3 %)
- Lugar de residencia: Galicia (87,4 %), outras comunidades autónomas (9,0 %) e estranxeiro (3,6 %)
- Ramas de coñecemento: xurídico-social (45,7 %), tecnolóxica (23,1 %), artes e humanidades (12,7 %), científica (12,4 %) e ciencias da saúde (6,1 %)

2. Situación actual

- Taxa de ocupación: 71,6 % (76,2 % de homes contra o 69,3 % de mulleres)
- Taxa de desemprego: 11,0 % (12,9 % de mulleres contra o 7,4 % de homes)
- Taxa de inactividade: 17,3 %
- Continúa estudos: 12,4 %
- Prepara oposicións: 12,4 %

3. Emprego actual

- Lugar do traballo: Galicia (83,2 %), outra comunidade autónoma (12,0 %) e estranxeiro (4,8 %)
- Modalidade de contratación: 95,4 % por conta allea
- Tipo de contrato: 53,5 % afectados por eventualidade laboral
- Categoría profesional: o 88,4 % exerce funcións de nivel universitario (94,1 % de homes contra o 85,2 % de mulleres)

4. Valoración do traballo actual

- Afinidade temática: 74,1 % desenvolve funcións específicas dos estudos realizados
- Sobrecualificación: 22,7 % (25,9% de mulleres contra o 17,3 % de homes)

5. Satisfacción co itinerario académico (escala de 1 a 5)

- Satisfacción global cos estudos de grao: 3,50
- Competencias adquiridas: 3,37
- Recomendaría os estudos realizados: 3,50

6. Satisfacción coa inserción laboral (escala de 1 a 5)

- Capacitación achegada polos estudos: 3,28
- Melloría a inserción laboral: 2,97
- Melloría o nivel socio-laboral: 3,42

Estudo sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de mestrado no curso 2018/2019

1. Datos persoais e académicos

- Sexo: paridade (55,3 % de mulleres e 44,7 % de homes) consonte a poboación (57,0 % de mulleres e 43,3 % de homes)
- Lugar de residencia: Galicia (83,8 %), estranxeiro (9,7 %) e outras comunidades autónomas (6,5 %)
- Rama de coñecemento: xurídico-social (61,8 %), tecnolóxica (18,8 %), artes e humanidades (7,8 %), científica (7,4 %) e ciencias da saúde (4,2 %)
- Perfil de ingreso: o 84,5 % cursou unha titulación, o 13,9 % dúas e o 1,7 % tres
- Procedencia da UVigo: 68,7 %
- Motivos para realizar o mestrado: complementar a formación académica para unha maior especialización no mercado de traballo (58,8 %), necesario/obligatorio para o futuro emprego (23,1 %) e complementar a formación académica para dedicarse á investigación (11,0 %)

2. Situación laboral anterior á realización do mestrado

- Experiencia laboral previa: 64,9 %
- Actividade laboral na altura de iniciar o mestrado: conciliou o traballo cos estudos (53,5 %), non traballaba (31,5 %) e deixou o traballo (15,0 %)

3. Situación socio-laboral actual

- Taxa de ocupación: 82,5 % (85,5 % de homes contra o 80,1 % de mulleres)
- Taxa de desemprego: 8,1 %
- Taxa de inactividade: 9,3 %
- Continúa estudos: 7,4 %
- Prepara oposicións: 9,0 %

4. Emprego actual

- Lugar de traballo: Galicia (82,1 %), estranxeiro (9,7 %) e outras comunidades autónomas (8,2 %)
- Modalidade de contratación: 88,6 % por conta allea
- Tipo de contrato: 54,4 % con contratos indefinidos
- Categoría profesional: o 91,3% exerce funcións de nivel universitario (93,9 % de homes contra o 89,2 % de mulleres)

5. Valoración do traballo actual

- Afinidade temática: 56,3 % exerce funcións específicas dos estudos realizados (62,0 % de homes contra o 51,8 % de mulleres)
- Sobrecualificación: 26,1 % (32,8 % de mulleres contra o 17,6 % de homes)

6. Satisfacción co itinerario académico (escala de 1 a 5)

- Satisfacción global cos estudos de mestrado: 3,58
- Competencias adquiridas: 3,53
- Recomendaría os estudos realizados: 3,52

7. Satisfacción coa inserción laboral (escala de 1 a 5)

- Capacitación achegada polos estudos: 3,40
- Melloría a inserción laboral: 3,24
- Melloría o nivel socio-laboral: 3,21

Estudo de inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de doutoramento (1995-2020)

1. Datos persoais e académicos

- Sexo: paridade (56,4 % de mulleres e 43,6 % de homes)
- Lugar de residencia: Galicia (69,4 %), estranxeiro (20,5 %) e outras comunidades autónomas (10,1 %)
- Ramas de coñecemento: científica (42,8 %), tecnolóxica (22,8 %), xurídico-social (22,6 %), artes e humanidades (10,3 %) e ciencias da saúde (1,6 %)
- Regulación: RD 778/1998 (39,0 %), RD 99/2011 (28,1 %), RD 1393/2007 (24,3 %) e RD 185/1985 (9,5 %)

2. Situación socio-laboral actual

- Taxa de ocupación: 95,0 % (95,5 % de homes contra o 94,7 % de mulleres)
- Taxa de desemprego: 3,6 % (4,2 % de mulleres contra o 2,7 % de homes)
- Inactividade: 1,4 % (1,8 % de homes contra o 1,1 % de mulleres)

3. Emprego actual

- Lugar do traballo: Galicia (64,6 %), estranxeiro (23,4 %) e outra comunidade autónoma (11,9 %)
- Modalidade de contratación: 93,8 % por conta allea
- Sector de actividade empresarial: ensino superior (51,7 %), servizos de investigación (18,1 %) e ensino non universitario (9,7 %)
- Rama de actividade: sector público (70,1 %), empresa privada (22,4 %) e entidades non lucrativas (7,5 %)
- Sector económico: investigación e actividades científicas (42,7 %), ensino/docencia (40,6 %), consultoría (3,8 %) e informática e tecnoloxía (3,3 %)
- Categoría profesional: 99,4 % exerce funcións de nivel universitario

4. Valoración do traballo actual

- Afinidade temática: 92,5 % desenvolve funcións específicas dos estudos realizados, sen diferenzas por sexo
- Sobrecualificación: 15,3 % (21,6 % de mulleres contra o 7,9 % de homes)

+ **información** <http://observatorio.uvigo.gal/es/insercion-laboral/informes/>

4.2 Persoal da Universidade de Vigo



O cadro de persoal laboral da Universidade de Vigo esta constituído polo persoal docente e investigador (PDI), o persoal de administración e servizos (PAS) e o persoal investigador (persoal en formación predoutoral e posdoutoral, e polo persoal contratado con cargo a proxectos de investigación). Representan un dos grupos de interese prioritarios para a nosa institución, xa que son os que procuran o servizo máis directo e importante para os nosos/as estudantes.

Consideramos que unha das maneiras de ser máis eficientes como institución é promover que o traballo que desenvolve o noso persoal sexa da máxima calidade. Deste xeito, a Universidade de Vigo trata de aproveitar o seu talento, fomentando as súas capacidades e cumprindo o principio de igualdade de oportunidades, nun ambiente de traballo motivador e enriquecedor. Entendemos que este é un dos xeitos máis importantes de compromiso co noso estudantado e coa sociedade.

4.2.1 Persoal docente e investigador (PDI)

A súa función prioritaria é a docencia e os labores de investigación e transferencia, así como a asistencia ao estudantado e atender as necesidades de xestión. O PDI está composto por funcionarios/as e por persoal contratado: PDI funcionario e PDI laboral. A repartición por categorías do total do PDI é o seguinte:

Persoal docente e investigador (PDI) segregado por categoría e sexo no ano 2022:

	Total	Mulleres	Doutores/as	Total ETC*
Axudante/a doutor	86	43	86	65,45
Catedrático/a de escola universitaria	11	5	11	10,13
Catedrático/a de universidade	222	65	222	219,80
Interino/a	113	69	20	17,40
Lector/a	4	1	3	4,00
Profesorado contratado doutor	173	91	173	171,93


	Total	Mulleres	Doutores/as	Total ETC*
Profesorado titular de escola universitaria	31	12	5	31,00
Profesorado titular de universidade	555	243	555	550,10
Profesorado asociado	301	116	68	59,01
Profesorado emérito	5	0	5	5,00
TOTAL	1501	645	1148	1133,82

*(ETC): equivalencia e tempo completo

Respecto do ano 2021, o número de PDI en equivalencia a tempo completo aumentou en 6,53 persoas.

Comparativamente co ano 2021, en 2022 houbo un aumento de contratación de PDI e as áreas máis afectadas son as de ciencias e ciencias da saúde cun incremento de 11 e 10 efectivos cada unha.

PDI por categoría e rango de idade 2022



Por ramas científicas, as mulleres son maioría no ámbito de ciencias da saúde e no ámbito de artes e humanidades, onde representan o 58,95 % e o 56,60 %, respectivamente. Os ámbitos onde se percibe un aumento da presenza de mulleres con respecto a 2022 son ciencias sociais e xurídicas, cun 0,75 %, e artes e humanidades, cun 0,24 %. Pola contra, na área de ciencias da saúde prodúcese un descenso do 1,05 %.

+ **información** <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/37/39>

4.2.2 Persoal de administración e servizos (PAS)

O PAS representa un elemento clave no funcionamento eficaz da universidade, xa que lle presta un apoio imprescindible á comunidade universitaria facilitando múltiples tarefas de xestión.

Persoal de administración e servizos (PAS) segregado por sexo no ano 2022:

Persoal ao longo do ano 2022	Total ETC*
Homes	324,45
Mulleres	497,05
TOTAL	821,50

* Cálculos de ETC sobre o número de contratos asinados ao longo do ano 2022

Persoal de administración e servizos segregado por sexo e tipo de persoal a 31/12/2022:

PAS por tipo	Homes	Mulleres	% de mulleres sobre o total	Total	Total ETC*
Eventual/Alto cargo	4	4	0,49 %	8	6,79
Funcionario	231	432	52,81 %	663	645,56**
Laboral	84	63	7,70 %	147	140,58
TOTAL	319	499	61,00 %	818	792,93

* ETC calculado sobre os efectivos a 31/12/2022

Para darlle servizo funcional á Universidade de Vigo, en 2020 esta institución contou con 818 persoas (dúas máis ca no ano anterior), das cales o 61,00 % son mulleres, unha porcentaxe similar á do ano anterior.


Tamén é salientable sinalar que o 65,16 % do PAS funcionario son mulleres. Porén, soamente un 50,00 % pertencen ao persoal eventual ou a altos cargos e un 42,86 % ao persoal laboral.

A variación na clasificación do tipo de PAS débese a un proceso de funcionarización que tivo lugar en novembro de 2022.

PAS funcionario por categoría profesional e xénero

	2021		2022	
	Total	Total	Total	% mulleres
Grupo A1	10	50,00 %	47	48,94 %
Grupo A2	80	75,00 %	110	60,00 %
Grupo C1	212	79,25 %	299	67,56 %
Grupo C2	121	81,82 %	207	68,12 %
TOTAL	423	78,49 %	663	65,16 %


PAS funcionario, eventual e altos cargos por grupo de idade 2022



PAS laboral por categoría profesional e xénero

	2021		2022	
	Total	% de mulleres	Total	% de mulleres
Grupo I	70	55,71 %	32	62,50 %
Grupo II	14	50,00 %	1	100,00 %
Grupo III	174	35,63 %	55	40,00 %
Grupo IV	128	39,84 %	59	33,90 %
TOTAL	386	41,19 %	147	42,86 %

PAS laboral por grupo de idade 2022



+ información <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/37/39>

4.2.3 Persoal investigador (PI)

Este grupo está composto polo persoal en investigador, o persoal investigador en formación e o persoal técnico e de apoio á investigación, segundo a definición establecida na normativa de contratación de persoal investigador da Universidade de Vigo aprobada polo Consello de Goberno en xuño de 2022.

+ **información** <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/535>

Persoal investigador (PI) segregado por categoría e sexo ao longo do ano 2022:

ETC por tipo ao longo do ano	Categorías de contratación segundo tarefas*	Homes	Mulleres	Total ETC**
Persoal contratado con cargo a proxectos	Persoal investigador	8,93	9,09	18,02
	Persoal investigador en formación	1,30	1,89	3,19
	Persoal técnico de apoio á investigación	49,05	39,22	88,27
Persoal de programas de investigación	Persoal investigador	182,38	177,93	360,31
	Persoal investigador en formación	65,83	79,02	144,84
Persoal técnico de programas	Persoal técnico de apoio á investigación	18,42	29,98	48,40
Programa Oportunus	Persoal investigador	1,00	2,00	3,00
TOTAL		326,91	339,13	666,04

*Normativa de contratación do persoal investigador da UVigo, (consello de goberno de xuño de 2022, modificacións en xullo e outubro de 2022)

**ETC calculada sobre os efectivos ao longo do ano 2022

+ **información** <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/37/39>

No ano 2017, a Universidade de Vigo conseguiu o selo HRS4R. A Comisión Europea recoñece co HR Excellence in Research Award as institucións que fan progresos na aliñación das súas políticas dos recursos humanos cos corenta principios da Carta europea para o persoal investigador e do Código de conduta. A Universidade de Vigo conta cun plan de acción para converxer cos obxectivos propostos. No ano 2020, debido a pandemia pola covid-19, os avances destas accións foron amodo, xa que a maior parte dos esforzos se realizaron no desenvolvemento da docencia virtual.

O Plan estratéxico da Universidade de Vigo veu a reforzar o compromiso da universidade neste senso coa inclusión do obxectivo 18 «Situar a Universidade de Vigo como unha institución de investigación de referencia na contorna, na rexión e na Eurorrexión», onde se recolle como acción a implantación da estratexia europea de recursos humanos na investigación. Ademais, propuxéronse outros obxectivos en consonancia co C&C (carta e códigos) europeos, como o obxectivo 19 «Ciencia aberta» ou o obxectivo 24 «Coidar o desenvolvemento persoal e profesional da comunidade universitaria».

En 2022, a Universidade de Vigo superou unha nova fase de avaliación do selo HR. Neste caso, elaborouse un informe de autoavaliación e tivemos a visita dunha comisión europea de avaliación. O resultado final desta avaliación foi favorable á xestión que a universidade está a realizar no marco do selo. Neste punto, un novo plan de acción foi deseñado para os próximos tres anos cun total de doce accións no ámbito da ética, o recrutamento de persoal investigador, as condicións de traballo e a formación, os catro grandes obxectivos desta estratexia.

+ **información** <https://www.uvigo.gal/investigador/hr-excelencia-investigacion>

4.2.4 Beneficios sociais



A Universidade de Vigo, comprometida co seu persoal, mantén varios programas de beneficios sociais, co obxecto de contribuír ao benestar e á mellora da calidade de vida dos membros da comunidade universitaria.

Ademais dos pagamentos salariais, o persoal da nosa universidade ten outros beneficios sociais de diferentes tipoloxías que no ano 2022 deu como resultado a seguinte distribución e importe.

Con cargo ao capítulo I		
Concepto	Persoas beneficiadas	Importe total
Acción social	402	179 372,72 €
Complemento por IT	540	372 932,19 €
CPT	40	12 763,96 €
Gratificacións por xubilación anticipada	7	37 278,00 €
Gratificación por xubilación	19	343 012,04 €
Indemnización non exenta	154	65 195,51 €
Prestación por accidentes	237	115 865,40 €
Prestación por enfermidade	206	1 071 428,83 €

Con cargo ao capítulo VI		
Concepto	Persoas beneficiadas	Importe total
Complemento por IT	49	11 206,39 €
Indemnización non exenta	553	267 799,99 €
Prestación por accidentes	40	10 822,07 €
Prestación por enfermidade: 60 %	6	1098,92 €
Prestación por enfermidade: 75 %	7	13 935,89 €

Exencións de matrícula na universidade do persoal propio e doutras universidades. Ano 2021/2022

2021/2022	UVigo	USC	UDC
Número de persoas	374	73	25
Importe total	170 483,90 €	46 689,42 €	15 677,90 €

Persoal da UVigo matriculado nas outras dúas universidades galegas. Ano 2021/2022

2021/2022	USC	UDC
Número de persoas	131	30
Importe total	83 939,58 €	16 780,89 €

Anticipos de salario en 2022

Número de anticipos concedidos	PDI	PAS	Persoal eventual	Convenio 70/74
25	3	21	0	1

4.2.5. Formación do persoal



Formación do PDI

En canto á formación do PDI, realizouse en modalidade virtual e nos campus de Vigo e Ourense cun total de 54 actividades formativas e 764 persoas que as superaron. Entre as actividades de formación, as que foron superadas por un maior número de persoas foron «Introdución á aprendizaxe automática (*machine learning*) para docencia» (34), «Formación do profesorado universitario novel» (31) e «Introdución á realidade aumentada e virtual en educación» (31). En relación coas persoas participantes segregadas por sexo, un 38 % son homes e un 62 % son mulleres.

Nome do curso	Suma do custo	Persoas que o superan
Introdución á aprendizaxe automática (<i>machine learning</i>) para docencia I	2764,85 €	34
Introdución á realidade aumentada e virtual en educación	800,0 €	31
Formación do profesorado universitario novel	3860,00 €	31

Nome do curso	Suma do custo	Persoas que o superan
Perspectiva de xénero na investigación e docencia universitaria: enfoque integral	800,0 €	30
Análise de datos cualitativos e mixtos con MAXQDA	653,40 €	29
<i>Lesson study</i> : mellorar o ensino e estimular a aprendizaxe a través da investigación-acción cooperativa	720,00 €	29
Gamificación e <i>escape rooms</i> educativos	1200,00 €	27
Técnicas de desenvolvemento intelectual	960,0 €	25
Metodoloxías didácticas para a docencia virtual	2400,0 €	25
Dúbidas e erros máis frecuentes en lingua galega na docencia	2000,0 €	24
Introdución á aprendizaxe automática (<i>machine learning</i>) para docencia II	1785,0 €	23
Lingua galega hoxe. Reciclaxe e actualización	1980,0 €	23
A metodoloxía da aprendizaxe-servizo (ApS)	0,0 €	22
Introdución á linguaxe con Python para a docencia universitaria	1000,0 €	22
Curso práctico de aula invertida	2000,0 €	22
Deseño e creación de podcast educativos	1600,0 €	21
A neurociencia educativa na universidade II	1040,0 €	20
Seminarios de docencia innovadora	0,0 €	20
Microsoft Excel para a docencia (iniciación)	1680,0 €	19
Curso práctico de aula invertida	2500,0 €	19
Técnicas de desenvolvemento intelectual	960,0 €	19
Creación de <i>apps</i> móbiles para Android con AppInventor e Thunkable	1600,0 €	17
Gamificación e <i>escape rooms</i> educativos	1200,0 €	17
Desfruta da docencia	1200,0 €	17
Deseño e creación de podcast educativos	1600,0 €	16
A neurociencia educativa na universidade I	960,0 €	15
Introdución á realidade aumentada e virtual en educación	0,0 €	15
Introdución da sustentabilidade na docencia universitaria	0,0 €	12
Redacción e estilo en lingua galega	1980,0 €	12
Microsoft Excel para a docencia (avanzado)	1680,00 €	11
Scrum: metodoloxías áxiles na docencia	2000,00 €	10
Oratoria e comunicación para docentes: mensaxe	780,0 €	10
Office 365 básico. Outro xeito de traballar	700,0 €	10

Nome do curso	Suma do custo	Persoas que o superan
Microsoft Excel para a docencia (avanzado)	1680,00 €	10
Metodoloxías PBL e Design Thinking e avaliación con rúbricas	1800,0 €	8
Metodoloxía do enfoque do marco lóxico (EML) aplicada aos proxectos de cooperación internacional ao desenvolvemento presentados polas universidades galegas	0,0 €	7
Actualización de coñecementos lingüísticos en galego	2000,0 €	7
Prevenición e xestión do estrés	960,0 €	7
Cocreación de ideas de negocio nas aulas	0,0 €	6
Oratoria e comunicación para docentes: comunicación	780,00 €	5
Libreoffice Calc avanzado	0,0 €	4
Creación e tratamento de imaxes e fotografías con GIMP	0,0 €	4
Introdución á edición de textos científicos con LaTeX	0,0 €	4
Oratoria en galego	900,00 €	4
Análise estatística con RCommander	0,0 €	3
Trucos e boas prácticas na elaboración de documentos dixitais	0,0 €	3
Trucos e boas prácticas na elaboración de documentos dixitais	0,0 €	3
Publicacións dixitais profesionais: deseño, autoedición, maquetación e diagramación con Scribus	0,0 €	2
Creación de infografías e deseños vectoriais	0,0 €	2
Creación de infografías e deseños vectoriais	0,0 €	2
Análise estatística con RCommander	0,0 €	2
Creación de infografías e deseños vectoriais	0,0 €	2
Publicacións dixitais profesionais: deseño, autoedición, maquetación e diagramación con Scribus	0,0 €	2
Iniciación a GNU Octave	0,0 €	0

+ **información** <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/37/35>

Formación do PAS


En formación interna do PAS, no ano 2022 podemos agrupar a información por formación interna do PAS e por formación externa, cun custo de 360,60 € e 50 355,87 € respectivamente.

Nas seguinte táboa pode verse a información desagregada de cada unha destas modalidades de formación do PAS.

Campus	Formación interna do PAS		Formación externa do PAS	
	Custo	Asistentes	Custo	Asistentes
En liña	72,12 €	181		
Ourense	96,16 €	23		8
Pontevedra	96,16 €	21		3
Vigo	96,16 €	90		96
TOTAL	360,60 €	315	50 355,87 €	107

En 2022, do PAS da Universidade de Vigo hai un total de 506 persoas que realizaron cursos organizados pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), das cales 42 pertencen ao campus de Ourense, 63 ao de Pontevedra e 401 ao campus de Vigo.

Formación PAS EGAP Participación por Campus 2022



+ información <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/37/35>

4.2.6 Programa de prevención de riscos laborais e vixilancia da saúde



En 2022 producíronse un total de 27 accidentes de traballo, dos cales 19 cursaron con baixa médica e 8 sen ela. Do total, 8 producíronse *in itinere*, 17 no centro de traballo e 2 en misión.

Por campus, é o de Vigo o que ten maior número de accidentes de traballo, con 24, mentres que Pontevedra ten 3 e Ourense ningún. Desagregando os datos anteriores por sexo, son 20 mulleres e 7 homes, mentres que por colectivo son 5 accidentes de traballo rexistrados polo grupo de investigadores/as, 21 polo PAS e 1 polo PDI.

Segundo o tipo de risco, é o de caída de persoas ao mesmo nivel o que maior número ten cun total de 7, seguido de atropelos ou de golpes con vehículos con 5 e de sobreesforzos con 4.

En canto aos recoñecementos médicos realizados ao recibirse as notificacións de novas incorporacións, realizáronse un total de 123 notificacións para realizar o recoñecemento (12 para o campus de Ourense, 95 para o de Vigo e 16 para o de Pontevedra), das cales autorizaron o recoñecemento un total de 85 persoas (10 no campus de Ourense, 63 en Vigo e 12 en Pontevedra).

Tamén se recibiron un total de 2 notificacións de situación de embarazo. Unha vez trasladadas ao servizo médico, as dúas foron aptas con limitacións.

Recibíronse tamén 47 notificacións de baixas superiores a 60 días, das cales 18 autorizan a realizar o recoñecemento, 19 non o autorizan, 4 persoas non responden e 3 son novas baixas.

O resultado final é a realización de 179 recoñecementos no campus de Ourense, 112 no de Pontevedra e 902 no de Vigo (1193 recoñecementos en total).

En cumprimento coa Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e en concreto do seu artigo 19 sobre formación de traballadores/as, o Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL) realizou un total dos cursos detallados a continuación:

Cursos	Núm. de edicións	Horas	Asistentes
Curso de riscos xerais no sector docente	3	6	9
Curso PRL en riscos eléctricos	1	6	4
Curso PRL en traballos a bordo de buques	1	6	4
Curso de prevención de riscos laborais para o persoal de conserxaría	1	2,5	114
Riscos asociados á exposición a axentes biolóxicos	1	2	7
Primeiros auxilios	16	4	165
Primeiros auxilios con manexo de desfibrilador semiautomático externo (formación práctica)	19	5	135
Campaña de prevención de lesións musculoesqueléticas	11	2	72
TOTAL	53	33,5	510

+ **información** <https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/prevencion-riscos-saude-laboral>

O Servizo de Prevención de Riscos Laborais publica anualmente un informe sobre as súas actividades de prevención, onde se detalla a avaliación de riscos, inspeccións, comprobacións e informes, investigación de accidentes e outras actividades, e que está dispoñible na páxina web institucional.

+ información

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/memorias-actividade>

4.3 Promovendo a igualdade de xénero e a integración



Avance nas políticas de integración social universitaria

Dentro dos elementos de responsabilidade social están os que favorecen a integración de todas as persoas pertencentes á comunidade universitaria.

Cara a materializar este compromiso coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, na Universidade de Vigo existe a Unidade de Igualdade como instrumento de xestión política responsable da incorporación transversal do principio de igualdade efectiva entre os homes e mulleres en todos os ámbitos da comunidade universitaria.

Tamén existe unha unidade que atende as persoas con necesidades específicas ou de apoio educativo coordinada baixo a dirección do vicerreitor de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación.

A Universidade de Vigo móstrase tamén sensible a outras diferenzas, tales como as relativas á condición sexual ou outras que, mais alá das de xénero, precisan dunha atención e dunha normalización que non impidan un saudable desenvolvemento da vida universitaria nin das persoas involucradas.

4.3.1 Igualdade de xénero

Tendo en conta que a igualdade como valor se incorpora na propia misión da institución, debe ser un marco de referencia que oriente as aspiracións e os comportamentos, á vez que se debe trasladar á praxe da vida universitaria. Por ese motivo, a Universidade de Vigo constituíu a Unidade de Igualdade no ano 2006 por acordo do Consello de Goberno, como instrumento de xestión político responsable da incorporación transversal do principio de igualdade efectiva entre os homes e mulleres en todos os ámbitos da comunidade universitaria.

A Unidade de Igualdade ten encomendada a tarefa de promover medidas que garantan o acceso en igualdade de condicións á investigación e aos estudos universitarios, ao traballo e á promoción profesional das mulleres e dos homes na Universidade de Vigo, así como realizar o seguimento do desenvolvemento e o cumprimento da lexislación e dos plans e medidas adoptados na materia.

Con relación a ese seguimento, esta serie de memorias, así como noutros informes da Universidade de Vigo, ofrece datos desagregados relativos á presenza da muller na nosa institución:

<https://www.uvigo.gal/campus/igualdade/>

No consello de goberno do 20 de novembro de 2020 aprobouse o III Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo 2020-2024, cunha vixencia temporal de 4 anos. O plan caracterízase por estar adaptado á realidade, é integrador, transversal, participativo e dinámico. Estrutúrase en catro eixes:

- Cultura da igualdade na Universidade de Vigo, co obxectivo estratéxico de integrar o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes como elemento vertebrador da convivencia universitaria e que consta de 4 obxectivos operativos e 8 accións.
- Medidas relativas á igualdade nas estruturas funcionais e organizativas, co obxectivo estratéxico de deseñar, funcionar e gobernar integrando a perspectiva de xénero de forma transversal, con 4 obxectivos operativos e 7 accións.
- Docencia, investigación e transferencia de coñecemento con perspectiva de xénero, co obxectivo estratéxico de integrar a perspectiva de xénero na actividade docente, investigadora e de transferencia de coñecemento para acadar a excelencia universitaria, con 4 obxectivos operativos e 13 accións.
- Condicións sociolaborais con perspectiva de xénero, co obxectivo estratéxico de crear un contorno para o desenvolvemento profesional e persoal en igualdade de condicións para toda a comunidade universitaria, con 4 obxectivos operativos e 10 accións.

Máis información sobre as políticas de igualdade da nosa universidade na seguinte ligazón:

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/plan-igualdade>

Para o curso académico 2021/2022 a Unidade de Igualdade patrocinou a través das súas convocatorias de axudas as seguintes actividades:

- 11F, Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia
- Co motivo do 11F, a Unidade de Igualdade prestou apoio económico e material á iniciativa eXXperimenta en feminino, un referente no campus de Ourense, e ao proxecto ElasFanCienTec do campus de Vigo.
- Ademais, incorporáronse catro novas figuras á colección BRAVXS que lles dá visibilidade a científicas que viviron o efecto Matilda no seu desenvolvemento profesional: Katherine Johnson, Katalin Karikó, Valentina Tereshkova e Margaret Hamilton.
- De forma paralela, levouse a cabo unha acción de difusión cos colexios da contorna para ofrecerlle ao alumnado referentes femininas na ciencia e dar a coñecer o efecto Matilda entre o alumnado.
- Tamén se facilitou a solicitude do Concello de Nigrán, co permiso da ilustradora Marta Riera, de realizar unha exposición co material de BRAVXAS.
- 8M, Día Internacional das Mulleres
- A campaña do 8M empregou o lema «Porque foron, somos» para facer un recoñecemento ao papel das pioneiras da Universidade de Vigo. Co apoio do Arquivo Universitario, fíxose un primeiro achegamento á historia das mulleres da nosa universidade, desde os seus inicios no ano 1989.
- A Comisión de Igualdade decidiu recoñecer co décimo premio do compromiso coa igualdade de xénero da Universidade de Vigo, Uviguala 2022, a Ángela González Garrido, primeira titulada da Escola Técnica de Peritos Industriais en 1965. O galardón entregóuselle á familia nun acto institucional no edificio Redeiras, tras a actuación musical da violoncellista Margarida Mariño.
- 25N, Día Internacional contra a Violencia de Xénero
- Leváronse a cabo unha batería de accións diferentes ao longo do mes de novembro:
- IV Workshop *hackeando* o patriarcado «Novos aparatos ideolóxicos: o patriarcado de vixilancia»
- II Informe do Observatorio de Machismo Dixital Stop Machitroles
- IV Xornada de Sensibilización e Prevención da Violencia Sexual na Mocidade. Agresión *off* nas universidades (actividade conxunta da Secretaría Xeral de Igualdade e as tres universidades galegas)

- «Libres e seguras, nas redes e nas rúas». Vídeo de sensibilización contra as violencias machistas dixitais

<https://tv.uvigo.es/series/637b9328a33c0661a874f005>

- Recursos fronte ás violencias machistas

[Recursos fronte ás violencias machistas.pdf \(uvigo.gal\)](#)

- Instalación de 13 paneis para sensibilizar e informar de como actuar fronte ás violencias machistas en centros dos tres campus universitarios
- Durante todo o ano leváronse a cabo accións comunicativas arredor de datas significativas recollidas no almanaque de Igualdade e outras valoradas como relevantes, como foron:
 - 14 de febreiro: Día Europeo da Saúde Sexual
 - 23 de febreiro: Día de Rosalía de Castro
 - 4 de marzo: Día Internacional de Concienciación do VPH
 - 14 de marzo: Día Mundial da Endometriose
 - 30 de marzo: Día Internacional das Traballadoras do Fogar
 - 16 de abril: Día da Visibilidade Lésbica
 - 23 de abril: Día do Libro
 - 28 de abril: Día da Saúde no Traballo
 - 1 de maio: Día da Clase Traballadora
 - 17 de maio: Días das Letras Galegas
 - 28 xuño: Día Internacional do Orgullo LGBTQI+
 - 5 de setembro: Día Internacional da Muller Indíxena
 - 23 de setembro: Día Internacional contra a Explotación Sexual e o Tráfico de Seres Humanos
 - 23 de setembro: Día Internacional da Bisexualidade
 - 26 de outubro: Día da Visibilidade Intersex
 - 18 de novembro: Día Internacional das Persoas LGBTQI+ na Ciencia

Axudas docencia e sensibilización

Actividades docentes: 682 asistentes, 462 mulleres e 219 homes

- Emprendemento e innovación en feminino
- Ferramentas ecofeministas para outra educación
- (in)Visibilidade das mulleres STEAM
- IV Obradoiro sobre interpretación en contextos de violencia de xénero
- Indagando nas capas da vida cotiá das mulleres
- Gay and Lesbian Voices of Irish Fiction
- Women Writing War
- V Xornada Olladas á Antigüidade. Violencia no Universo Feminino

- Control de xestión dende unha perspectiva de xénero
- Literatura norteamericana e ecofeminismos
- Videoxogos e desigualdade: un enfoque multidisciplinario e feminista
- A imaxe da muller na publicidade e a súa presenza nos órganos de administración das sociedades cotizadas
- I Obradoiro sobre comunicación en contextos de violencia de xénero
- ODS 5: Igualdade de xénero. Os plans de igualdade na empresa

Sensibilización: 528 asistentes, 407 mulleres e 121 homes

- Club de lectura: lendo con feministas
- Outra atención cara á violencia de xénero é posible: olladas feministas e interdisciplinarias
- Feminismo e representacións socioculturais: antropoloxía e museografías feministas
- Relación entre o sexo, o xénero e as enfermidades
- Inequidades do cambio climático. Por que necesitamos enfoque de xénero?
- Matemáticas por matemáticas
- A inclusión da muller no dereito tributario. Talentos visibles
- A espreita das rías subterráneas
- Visibilización en positivo! Rachando o teito de cristal dende o deporte de elite
- Falemos de ciencia en igualdade
- Perspectiva de xénero na ciencia, nas rúas, nas casas
- Micoloxía en feminino
- Mulleres na exploración feminina
- Cara a un CIM máis equitativo

Distintivo de igualdade

A UVigo creou un distintivo de igualdade para promover a igualdade de xénero en todos os centros, facultades e escolas propias. No ano 2022 resolveuse a segunda edición, na que foron recoñecidos seis centros. Por orde de puntuación do xurado, son:

1. CIM-Centro de Investigación Mariña
2. Facultade de Educación e Traballo Social
3. Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
4. Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
5. Címbio-Centro de Investigacións Biomédicas
6. Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Nesta cuarta edición da axuda a Cátedra de Feminismos 4.0 apoiou cinco investigacións:

- As que están e as que marcharon: mulleres e migracións na industria do videoxogo (importe concedido: 4 766,30 €).
<https://catedrafeminismos.gal/investigacion-mulleres-industria-videoxogo/>
- Carapuchiña e pantalla feroz: identidades de xénero nas redes sociais (importe concedido: 3 824,81 €)
<https://catedrafeminismos.gal/investigacion-identidade-xenero-redes-sociais/>
- Unha mirada feminista á alborada da ciencia climática: pescuda, interpretación, valoración e réplica dos experimentos e achegas de Eunice Newton Foote en 1856 (importe concedido: 5 884,81 €)
<https://catedrafeminismos.gal/investigacion-mirada-feminista-ciencia-climatica/>
- Toxicidade e violencias machistas en Instagram. Incidencia e percepción entre o alumnado da Universidade de Vigo (importe concedido: 5 472,42 €)
<https://catedrafeminismos.gal/investigacion-violencia-machista-instagram/>
- Identificación automatizada de comentarios sexistas nas redes sociais, mediante técnicas de IA. Taller demostrativo en institutos de secundaria da área de Pontevedra (importe concedido: 4 825,14 €)
<https://catedrafeminismos.gal/investigacion-comentarios-sexistas-redes-sociais/>

Premios Exeria

Mantívose a convocatoria dos premios Exeria á introdución da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e de mestrado na UVigo.

Co apoio do Servizo de Bolsas, no ano 2021 presentouse a novena edición, na que foron recoñecidos, por un xurado multidisciplinario, 6 traballos (4 TFG e 2 TFM) cun premio total de 3 300 euros.

https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/nocampus/igualdade/docencia%20formacion/2022_repertorio_premios_exeria.pdf

Cátedra Feminismos 4.0 DePo-UVigo

A Cátedra de Feminismos 4.0 DePo-UVigo ten como obxectivo incrementar a presenza de mulleres nas áreas coñecidas como STEM (ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas) e evitar que se reproduza a desigualdade de xénero no ámbito dixital.

A través desta colaboración coa Deputación de Pontevedra, realizáronse diferentes accións ao longo do ano.

- Presentación do primeiro informe do Observatorio Stop Machitroles (27 de xaneiro)
- Entrega da segunda edición dos premios GirlGeekCovid (3 de febreiro)
- Reunión do Comité de Sabias (11 de febreiro)
- Convocatoria da terceira edición dos premios GirlGeekCovid
- Convocatoria de axudas de investigación (10 de xuño)
- Cuarta edición do Workshop *hackeando* o patriarcado (2 de novembro)
- Obradoiro de educación en ciberactivismo feminista «Reescribe o código» (3 de novembro)
- Presentación dos tres vídeos coas conclusións do estudo «A representatividade e representación das mulleres no audiovisual galego» (9 de novembro)

- Presentación do segundo informe do Observatorio Stop Machitroles «A violencia machista dixital a través da prensa galega» (14 de novembro)
- Reunión do Comité de Sabias (1 de decembro)
- Obradoiro sobre cibercoidados. Como identificar e combater as violencias machistas en liña (13 de decembro)

Proposta para a Athena Alliance University

Desde a primeira quincena do mes de xullo, o equipo da Unidade de Igualdade comezou a traballar no deseño dun borrador para presentar na Athena Alliance University en representación da Universidade de Vigo. Esta proposta, xunto co traballo da unidade, presentouse nun encontro no Instituto Politécnico do Porto (4 de outubro).

A partir de aquí, a Unidade de Igualdade foi designada como líder dunha das tarefas do vindeiro programa. Ao longo destes meses levamos a cabo a xestión do grupo de traballo, a convocatoria e a facilitación das reunións de traballo e a preparación de todos os documentos.

Este traballo aínda está en proceso.

+ **información:** <https://www.uvigo.gal/es/campus/igualdad>

4.3.2 Conciliación da vida familiar e laboral

Situación administrativa por conciliación familiar. Ano 2022


	PAS	PDI	Total	% de mulleres
Excedencia para coidar familiares	1	0	1	100 %
Excedencia para coidar fillos/as	2	0	2	100 %
Excedencia voluntaria por agrupación familiar	0	1	1	100 %
Permiso por paternidade	9	40	49	0 %
Permiso por parto	8	34	42	100 %
Redución de xornada	65	2	67	67,16 %

Durante o ano 2022, obtiveron a adaptación de xornada 11 homes e 33 mulleres.

A Universidade de Vigo pon a disposición do seu persoal traballador dúas escolas infantís (en Pontevedra e en Ourense) para nenos e nenas de 0 a 3 anos.

Ademais, a través do proxecto Campus Camp, a nosa institución facilítalle ao persoal o coidado dos fillos e fillas durante os períodos de vacacións. Durante o ano 2022, 163 nenos e nenas puideron gozar deste servizo.

Campus Camp. histórico de participación número de nenos/as 2022



4.3.3 Medidas de apoio á inserción de persoas con necesidades específicas

A Universidade de Vigo, sensible á inserción e preocupada pola integración das persoas con necesidades específicas na nosa comunidade, promove varios programas que favorezan a súa plena integración tanto laboral coma académica.

Número de persoas pertencentes á comunidade universitaria con algún tipo de discapacidade. Ano 2021/2022

	Grao (21/22)	Mestrado (21/22)	Doutoramento (21/22)	PAS (2022)	PDI+PI (2022)
Total	16 447	2216	1460	818	2139
Con diversidade funcional	166	33	24	34	27
Homes	93	13	13	17	17
Mulleres	77	20	11	17	10
De estudos de ciencias sociais e xurídicas	72	20	11		
De estudos de enxeñaría e arquitectura	29	5	2		
De estudos de artes e humanidades	30	6	4		
De estudos de ciencias da saúde	24	1	0		
De estudos de ciencias	11	1	7		
Xubilación				22	19

A Universidade de Vigo, dentro do seu compromiso coas persoas da nosa comunidade universitaria que precisan de condicións especiais para desenvolver os seus estudos, a actividade laboral e a súa integración na vida universitaria, debe actuar de xeito proactivo para incluílas na nosa institución en igualdade de dereitos e de deberes. Ademais, como institución pública ao servizo da súa contorna social, debe promover valores de convivencia e de axuste social, e debe favorecer o principio de igualdade de oportunidades e a accesibilidade universal, desenvolvendo os dereitos das persoas con necesidades educativas especiais recollidos na normativa vixente.

Para que todo o estudiantado poida desenvolver a súa vida universitaria de xeito pleno, a Universidade de Vigo pon en marcha unha serie de medidas a través da súa unidade de atención ao estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo (Unaten) co fin de:

- Velar polos dereitos do estudiantado con necesidades físicas, comunicativas, educativas e sociais especiais ou minorizadas polas tendencias maioritarias da sociedade. Estas necesidades poden proceder da discapacidade, da sobredotación etc.
- Facilitar o acceso á universidade do estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo, así como optimizar a súa posterior integración na vida universitaria para potenciar a participación en igualdade de condicións fronte á poboación universitaria maioritaria e á sociedade en xeral.
- Favorecer non só a integración, senón a autonomía do estudiantado da comunidade universitaria con necesidades especiais. Isto implica emprender un amplo conxunto de actuacións para fomentar, de maneira simultánea, a cooperación e a máxima autonomía persoal posible na toma de decisións, nos desprazamentos, na adquisición de información e no desenvolvemento dos coñecementos. Así mesmo, implica colaborar na promoción da vida independente das persoas con estas necesidades.
- Difundir información entre todos os sectores da comunidade universitaria sobre a situación das persoas con necesidades específicas de apoio educativo para sensibilizar e fortalecer valores, actitudes e comportamentos non discriminatorios.
- Asesorar nas posibles adaptacións pedagóxicas, arquitectónicas e comunicativas necesarias para afianzar a igualdade de oportunidades nos procesos de adquisición e de desenvolvemento dos coñecementos e das tarefas tanto académicas coma laborais na universidade.
- Axilizar o proceso de eliminación progresiva das barreiras arquitectónicas e comunicativas existentes en todos os campus e instalacións da universidade.
- Formar en temas relacionados coa diversidade e coa integración social.

A atención á diversidade na Universidade de Vigo está enmarcada dentro das funcións delegadas na Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación, e a xestión da citada actividade recae na Sección de Extensión Universitaria, dependente do Servizo de Xestión da Extensión Universitaria, concretamente na Unaten (Unidade de Atención ao Estudiantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo). O Regulamento de atención ao estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo da Universidade de Vigo ten como obxectivo regular as accións de atención académica ao estudiantado con necesidades educativas especiais para fomentar a súa permanencia na Universidade de Vigo e garantir o apoio desta durante o período de estudos na nosa institución.

Ao abeiro da citada normativa, creouse unha comisión técnica (Coaten) que ten como funcións primordiais atender as demandas do estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo; elaborar, co apoio de persoas expertas nas necesidades expresadas por cada persoa que solicite a citada atención, un programa persoal de atención; e trasladarlle os devanditos programas á Unaten para que artelle os mecanismos e os recursos necesarios para a súa execución e o seu seguimento.

A citada comisión técnica de atención ao estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo (Coaten) ten como obxecto atender de forma adecuada as solicitudes do estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo de especial complexidade técnica ou doutra índole.

Entre os programas máis relevantes que se poidan xestionar destaca o Programa de integración de universitarios/as con necesidades específicas de apoio educativo (PIUNE). Este programa ten por obxectivo apoiar as persoas da comunidade universitaria con algún tipo de discapacidade ou trastorno de aprendizaxe legalmente recoñecido. Estas persoas poderán recibir:

- Atención, acollida e asesoramento pola Unaten (Servizo de Extensión Universitaria) da Universidade de Vigo.
- Soporte ao estudo (adaptacións curriculares, recursos técnicos de apoio...).
- Acompañamento en actividades diversas por persoal voluntario da UVigo.

+ **información** <https://www.uvigo.gal/campus/atencion-diversidade/que-podemos-axudar>

As principais accións organizadas polo programa PIUNE durante o curso 2021/2022 foron as seguintes:

- Bolseiros/as. Acompañamento en actividades diversas por bolseiros/as da UVigo resultantes das 8 bolsas de apoio a alumnado PIUNE (4 para Vigo e 4 para Ourense) por un importe de 14 800 €
- Soporte ao estudo (adaptacións curriculares, recursos técnicos de apoio). Ademais das medidas de adaptación curricular ou pautas adoptadas no seo da Coaten (Comisión de Atención ao Estudantado con Necesidades Específicas) e aplicadas coa colaboración dos titores/as PIUNE e responsables PIUNE dos centros, o Servizo de Xestión da Extensión Universitaria prestou tamén as seguintes medidas de apoio durante o curso 2021/2022:
 - Apoio mediante asistentes persoais ao alumnado do programa PIUNE por valor de 7238 €
 - Contratación de intérpretes de lingua de signos por valor de 600 €
 - En virtude do convenio asinado coa ONCE, dispuxo de material en préstamo da organización para tres alumnos/as.

Atención, acollida e asesoramento pola Unaten (Unidade de Atención ao Estudantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo) do Servizo de Extensión Universitaria en coordinación co Gabinete Psicopedagóxico da universidade. A este respecto indícase que un total de 137 estudantes solicitaron apoio por parte do programa PIUNE e o Gabinete Psicopedagóxico atendeu durante o curso 2021/2022 un total de 3756 consultas.

Táboa de estudantado no programa PIUNE no curso 2021/2022:

Campus	Número de alumnado	Tipos de atención	Número de alumnado
Vigo	69	Física	23
		Psicolóxica	43
		Outros	3
Ourense	41	Física	15
		Psicolóxica	24

Campus	Número de alumnado	Tipos de atención	Número de alumnado
		Outros	2
		Física	7
Pontevedra	27	Psicolóxica	18
		Outros	2
Total	137		

Durante o curso 2021/2022 a universidade asinou diferentes convenios de cooperación con **colectivos** implicados con persoas con capacidades diferentes. Por exemplo, coa Federación Autismo Galicia.

Ademais, a Universidade de Vigo participa en diferentes proxectos europeos que teñen como finalidade fomentar a mobilidade internacional de alumnado con necesidades específicas e con risco de exclusión social. Tal é o caso do proxecto SIEM (Social Inclusion and Engagement in Mobility) da convocatoria Erasmus+ K3 e do proxecto «Elimination of barriers and 360º evaluation of the mobility of students from vulnerable groups in the higher education ecosystem of the GNP Euroregion» da convocatoria B-Solutions da Association of European Border Regions (AEBR).

Durante e o curso 2021/2022 puxéronse en marcha outras iniciativas destinadas a persoas con diversidade intelectual, como é o caso da primeira edición do Programa universitario para o emprego e a vida autónoma incluído dentro das actividades da Escola Aberta de Formación Permanente.

O programa ten como obxectivo dotar o estudantado de competencias que melloren a súa autonomía, formación académica e preparación laboral como cidadáns/ás activos. As actividades formativas realizáronse no campus de Vigo en convivencia coa comunidade universitaria co obxectivo de acadar o enriquecemento que achega a diversidade. O título desenvólvese en colaboración coas [Asociación Down Vigo](#), entidades especializadas na atención a persoas con síndrome de down e diversidade intelectual que proporcionan unha resposta á necesidade de familias e de persoas con diversidade intelectual.

Estes ensinos están financiados polo «Programa Universidad curso 2021/2022: programas universitarios de formación para el empleo dirigidos a jóvenes con discapacidad intelectual, del desarrollo y/o del espectro autista inscritos en el sistema nacional de garantía juvenil» da Fundación ONCE e cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

4.4 Alumni



A comunidade alumni-UVigo é un servizo creado en febreiro de 2021 pola Universidade de Vigo co obxectivo de xerar un novo espazo de comunicación que permita non só manter activo o vínculo entre a institución e as persoas que nalgún momento mantiveron con ela unha relación académica ou contractual, senón tamén dentro do propio colectivo. Para acadar este obxectivo, facilítase a realización das colaboracións que atendan a intereses comúns, impulsando a presenza da comunidade alumni na universidade e fomentando o valor e o orgullo de pertenza. A xestión da comunidade alumni creouse durante o ano 2021 entre o Observatorio de Persoas Tituladas e a Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria.

4.4.1. Observatorio de Persoas Tituladas

O Observatorio de Persoas Tituladas da UVigo créase por acordo da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da UVigo do 3/2/2016, ratificado polo seu pleno do 29/4/2016.

O Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo é un proxecto do Consello Social creado co propósito de dotar a Universidade de Vigo dunha unidade responsable de levar a cabo a estratexia de seguimento das persoas tituladas, configurándose como un observatorio permanente para consolidar os vínculos cos antigos alumnos/as a partir do estudo das súas traxectorias e situación laboral, a fin de dispor dunha información actualizada, fiable e útil para tomar decisións no ámbito da universidade.

Consonte os seus obxectivos e funcionalidades de unidade encargada do seguimento da inserción laboral do antigo alumnado, durante o ano 2022 o Observatorio de Persoas Tituladas, co apoio do Consello Social da UVigo, executou as seguintes liñas de traballo:

1. Elaboración e difusión de estudos de inserción laboral

- Estudo de inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de grao no curso 2018/2019
- Estudo de inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de mestrado no curso 2018/2019
- Estudo de inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de grao no curso 2019/2020
- Estudo de inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de mestrado no curso 2019/2020
- Estudo de inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de doutoramento entre 1995 e o curso 2019/2020

2. Actualización permanente do sistema de xestión de bases de datos de persoas tituladas

- Envío de información periódica de comunicacións ao antigo alumnado

3. Comunicación e participación en redes sociais

- Difusión telemática de contidos sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo
- Actualización permanente e comunicación coa páxina web do observatorio

As actividades do Observatorio de Persoas Tituladas da UVigo durante o ano 2022, unha vez superado o período determinado pola pandemia da covid-19, centrouse en retomar o seguimento da inserción laboral das persoas tituladas das promocións máis recentes.

O obxectivo principal destes estudos concorda co dos anteriores estudos realizados polo Observatorio de Persoas Tituladas da UVigo: a obtención de información actualizada, fiable e útil sobre a situación laboral actual, e a empregabilidade das persoas tituladas que permita dar resposta aos requirimentos das clasificacións universitarias nacionais e internacionais.

Entre os obxectivos específicos dos estudos de inserción laboral levados a cabo figuran:

- Establecer un perfil persoal e académico das persoas tituladas en aspectos como o sexo, lugar de residencia, estudos de grao/mestrado realizados e ramas de coñecemento.
- Coñecer (para os estudos de mestrado) os motivos da escolla deses estudos na UVigo, a experiencia laboral previa e a actividade laboral no momento de iniciar os estudos.
- Determinar as condicións laborais no traballo actual atendendo a variables de segmentación como o lugar do traballo, modalidade de contratación e tipo de contrato, rama de actividade, sector económico, área funcional de traballo, categoría profesional e tamaño da empresa/entidade en que traballan no momento de responder a enquisa.

- A satisfacción global co emprego actual e a súa valoración a respecto tanto da súa relación cos estudos realizados na UVigo coma da relación entre as esixencias profesionais do posto de traballo e o nivel académico adquirido na UVigo, que permita determinar a sobrecualificación e a infracualificación.
- Medición da satisfacción das persoas tituladas cos estudos oficiais de grao e mestrado da UVigo relativamente á traxectoria académica (satisfacción global cos estudos, coas competencias adquiridas e sobre se recomendaría a realización deses estudos) e á empregabilidade e inserción laboral (capacitación para desenvolver a carreira profesional, a súa contribución á inserción laboral e á mellora do nivel socio-laboral).

Estudo de inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de grao e mestrado universitario no curso 2018/2019

A 22/2/2022 a Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social informaba favorablemente a elevación ao Pleno da realización por parte do observatorio dun estudo sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de grao e mestrado na promoción de 2018/2019, solicitado pola Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria (actual Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade) por petición da Unidade de Análises e Programas (UAP) da UVigo.¹

A realización desta actividade permitía darlle continuidade ao estudo do seguimento da inserción laboral realizado polo Observatorio de Persoas Tituladas. Nesta ocasión foi tamén posible grazas á colaboración coa Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade na fixación dun protocolo de obtención de consentimentos explícitos das promocións máis recentes de antigo estudantado para formar parte da base de datos de persoas tituladas do observatorio.

O universo obxecto de estudo está composto pola poboación de persoas tituladas da UVigo durante o curso académico 2018/2019 en estudos oficiais de grao e mestrado universitario, independentemente do lugar de residencia ou de traballo dos suxeitos. Trátase de titulados/as recentes que obtiveron o título aproximadamente dous anos e medio antes de realizar a enquisa.

Os cuestionarios aplicados, similares aos empregados en estudos de inserción laboral anteriores do observatorio e con preguntas específicas para cada tipo de estudos, tratan aspectos para cumprir cos obxectivos formulados na realización deste estudo. Alén diso, para dar resposta aos requirimentos do apartado de empregabilidade do QS Graduate Employability Ranking, os formularios aplicados tamén inquiren sobre a situación socio-laboral aos doce meses de finalizar os seus estudos na UVigo.

A enquisa enviouseles ás persoas tituladas da UVigo no curso 2018/2019 que deran o seu consentimento explícito para formar parte da base de datos do observatorio a partir dunha listaxe de enderezos electrónicos creada con ese fin. A captación de datos realizouse a través dun formulario en liña aloxado na web do observatorio.² As persoas inquiridas foron informadas do obxectivo do estudo e demostraron vontade expresa de participar. A enquisa foi realizada polo Observatorio de Persoas Tituladas entre os días 23 de febreiro e 4 de abril de 2022.

Obtivéronse 898³ enquisas válidas sobre un total de 3564 títulos emitidos no curso avaliado, o que representa un 26,15 % da poboación total. A marxe de erro máxima asociada ás mostras obtidas, cun nivel de confianza do 95 % (p=q), foi de $\pm 3,494$ % para os estudos de grao e de $\pm 4,725$ % para os estudos de mestrado.

En abril entregáronse os informes preliminares de resultados ao Consello Social baixo o título «Estudo da inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de grao e mestrado no curso 2018/2019». A elaboración dos informes finais decorreu entre os meses de maio e xullo, baixo os títulos «Estudo da inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de grao no curso 2018/2019» e «Estudo da inserción laboral das persoas tituladas en estudos de mestrado no curso 2018/2019». Os resumos executivos, xunto coa

¹A citada proposta sería ratificada na sesión ordinaria do Pleno do Consello Social do 31 de marzo de 2022.

²<http://observatorio.uvigo.gal/enquisas-de-insercion-laboral-curso-2018-2019/>

³589 graduados/as e 309 persoas tituladas en estudos de mestrado

implantación dun sistema de visualización gráfica de resultados, completáronse ao longo do mes de setembro de 2022.

Os resultados publicáronse no mes de novembro de 2022 tanto na web do observatorio⁴ coma no apartado 8,⁵ subapartado 8.1⁶ da epígrafe «UVigo en cifras» do portal de transparencia da UVigo dedicado aos indicadores de inserción laboral das persoas tituladas en estudos de ciclo, grao e mestrado universitario.

Estudo de inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de grao e mestrado universitario no curso 2019/2020

A 4/10/2022 a Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social, novamente por solicitude da Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade por petición da UAP, informaba favorablemente a elevación ao Pleno da realización por parte do observatorio dun estudo sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de grao e mestrado na promoción de 2019/2020.⁷

O universo obxecto de estudo está composto pola poboación de persoas tituladas da UVigo durante o curso académico 2019/2020 en estudos oficiais de grao e mestrado universitario, independentemente do lugar de residencia ou de traballo dos suxeitos. Trátase de titulados/as recentes que obtiveron o título aproximadamente 27 meses antes de realizar a enquisa.

Os cuestionarios aplicados, con preguntas específicas para cada tipo de estudos, tratan aspectos para cumprir cos obxectivos formulados. Alén diso, os formularios aplicados tamén inquiriron sobre a situación socio-laboral aos doce meses de finalizar os seus estudos na UVigo.

A enquisa foi enviada ás persoas tituladas da UVigo no curso 2018/2019 que deran o seu consentimento explícito para formar parte da base de datos do observatorio a partir dunha listaxe de enderezos electrónicos creada con ese fin. A captación de datos realizouse a través dun formulario en liña aloxado na web do observatorio.⁸ As persoas inquiridas foron informadas do obxectivo do estudo e demostraron vontade expresa de participar. A enquisa foi realizada polo Observatorio de Persoas Tituladas entre os días 5 de outubro e 10 de novembro de 2022.

Obtivéronse 1079⁹ enquisas válidas sobre un total de 4014 títulos emitidos no curso avaliado, o que representa un 27,33 % da poboación total. A marxe de erro máxima asociada ás mostras obtidas, cun nivel de confianza do 95 % (p=q), foi de $\pm 3,087$ % para os estudos de grao e de $\pm 4,473$ % para os estudos de mestrado.

En decembro de 2022 entregáronse os informes preliminares de resultados ao Consello Social baixo o título «Estudo da inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de grao e mestrado no curso 2019/2020». Durante o primeiro trimestre de 2023 está prevista a elaboración dos informes finais, dos resumos executivos e da implantación dun sistema de visualización gráfica de resultados que permitan a posterior presentación dos resultados.

Estudo de inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de doutoramento entre o ano 1995 e o curso 2019/2020

A realización do «Estudo sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de doutoramento (1995-2020)», pioneiro no SUG, prodúcese ao abeiro do acordo do Pleno do Consello Social da UVigo do 2/2/2022 para dar resposta á petición, datada a 2/11/2021, do director da Escola Internacional de Doutoramento da UVigo (Eido), D. Antonio Pino García, e do director da Área de Calidade da UVigo, D. Joaquín Collazo Rodríguez, para elaborar, por parte do Observatorio de Persoas Tituladas, un estudo sobre a empregabilidade dos doutorandos/as da UVigo desde a creación da universidade ata o curso 2019/2020.

⁴<http://observatorio.uvigo.gal/insercion-laboral/informes/insercion-laboral-2018-2019/>

⁵<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/6>

⁶<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/69/21>

⁷Proposta ratificada pola sesión ordinaria do Pleno do Consello Social do 20/10/2022

⁸<http://observatorio.uvigo.gal/enquisas-de-insercion-laboral-curso-2019-2020/>

⁹738 graduados/as e 341 persoas tituladas en estudos de mestrado.

Ata o momento actual, a UVigo carecía dun sistema de medición da inserción laboral que achegase os indicadores necesarios para coñecer a situación laboral dos doutorandos/as. Co fin de resolver esta carencia, a partir do ano 2020 a Eido/Área de Calidade solicitou a colaboración do Observatorio de Persoas Tituladas do Consello Social para recoller datos sobre a situación laboral e a satisfacción dos doutores/as, unha vez que completaron os estudos na UVigo, a fin de que se lle poida trasladar á Eido e inserir nos seus programas de calidade.

Aínda que se propuxo someter á explotación da base de datos de persoas tituladas do observatorio inicialmente existente, posteriormente a mostra incrementouse grazas á colaboración do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao, consistente en solicitar o rexistro das persoas tituladas en doutoramento consonte o RD 99/2011 en requirimentos lanzados consecutivamente en xullo de 2021, e febreiro e marzo de 2022.

O obxectivo principal deste estudo é obter indicadores de inserción laboral das persoas tituladas en doutoramento da UVigo desde 1995 ata o ano 2020.

Dunha poboación obxecto de estudo constituída por 2843 persoas tituladas en estudos de doutoramento na UVigo, que obtiveron o título de doutor/a entre os anos 1990 e 2020, foi avaliada unha mostra de 505 suxeitos rexistrados na base de datos do observatorio nese período (17,76 % da poboación). A marxe de erro máxima asociada á mostra avaliada é de $\pm 3,955$ % para un nivel de confianza do 95 % ($p=q$). Para conseguir a citada mostra, alén das persoas tituladas da UVigo en estudos de doutoramento inicialmente rexistradas na base de datos de persoas tituladas do observatorio (418), a colaboración do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao permitiu contar coa información sobre a situación laboral dunha notable cantidade de doutores/as titulados da UVigo ata atinxir os 505 suxeitos.

A mostra avaliada está formada por persoas doutoradas da UVigo en 134 programas oficiais de doutoramento ao longo dun período avaliado de vinte e cinco anos, en que este tipo de estudos estiveron regulados por varias normativas de referencia: Real decreto 185/1985, Real decreto 778/1998, Real decreto 1393/2007 e o actualmente vixente, o Real decreto 99/2011.

No tocante á metodoloxía, a diferenza doutros estudos do observatorio, para o obxecto deste estudo non foi aplicada ningunha enquisa ad hoc, senón que se extraeu a información sobre empregabilidade e inserción laboral das persoas tituladas con estudos de doutoramento obtidos na UVigo existentes na nosa base de datos.

En xullo de 2022 entregáronse os informes preliminares de resultados ao Consello Social baixo o título «Estudo da inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de doutoramento (1995-2020)». A elaboración do informe final e a súa edición decorreu entre os meses de marzo e abril. Os resumos executivos, xunto coa implantación dun sistema de visualización gráfica de resultados, completáronse ao longo do mes de outubro de 2022.

O 8/11/2022 presentáronse os resultados nun acto público¹⁰ coa presenza do reitor da UVigo, Manuel Reigosa, do presidente do Consello Social, Ernesto Pedrosa Silva, e do director do observatorio, o profesor Luis Espada Recarey. Paralelamente, os resultados publicáronse tanto na web do observatorio¹¹ coma no apartado 8,¹² subapartado 8.2¹³ da epígrafe «UVigo en cifras» do portal de transparencia da UVigo dedicado aos indicadores de inserción laboral das persoas tituladas en estudos de doutoramento.

Presentación do «Estudo sobre o impacto laboral da pandemia da covid-19 durante o ano 2021 nas persoas tituladas da UVigo»

O 20/7/2022 presentouse o «Estudo sobre o impacto da pandemia da covid-19 durante o ano 2021 nas persoas tituladas da UVigo»,¹⁴ actividade realizada polo observatorio entre setembro e decembro de 2021. A citada

¹⁰<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/70-persoas-que-cursaron-os-seus-estudos-doutoramento-uvigo-traballan-sector-publico>

¹¹<http://observatorio.uvigo.gal/insercion-laboral/informes/insercion-laboral-doutoramento-1995-2020/>

¹²<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/6>

¹³<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/71>

¹⁴<http://observatorio.uvigo.gal/oito-de-cada-dez-egresados-da-uvigo-sufriron-fatiga-pandemica-se-gundo-un-estudo-pioneiro-en-espana-do-observatorio-de-persoas-tituladas/>

actividade consistiu en aplicar unha enquisa sobre o impacto laboral da pandemia da covid-19 no antigo estudiantado da UVigo de todas as promocións, independentemente do tipo de estudos e do lugar de residencia/traballo, entre o 1 de xaneiro e o 1 de setembro, período en que decorreron a terceira, cuarta e quinta ondas da pandemia.

O terceiro e último estudo elaborado polo observatorio sobre o impacto laboral da pandemia tratou de forma específica a fatiga pandémica; isto é, o impacto no estado de ánimo causado polas situacións creadas pola pandemia (contaxios, confinamentos, restricións, uso de máscara...). O informe preliminar entregóuselle ao Consello Social o 12/11/2021, entre novembro e decembro redactouse o informe definitivo de resultados e editouse en formato facsímile en marzo de 2022.

Ampliación da base de datos de persoas tituladas

Durante o ano 2022, grazas á colaboración coa Vicerreitoría de Estudiantado e Empregabilidade, a base de datos do observatorio viuse incrementada cos novos rexistros de titulados/as do curso 2020/2021 que deron o seu consentimento explícito para formar parte da base de datos de persoas tituladas da UVigo e alcanzaron os 20 607 rexistros.

Alén diso, a base de datos está en actualización continuada a teor do formulario de alta aloxado na web do observatorio e no que as persoas tituladas que así o desexan se poden rexistrar ou actualizar os seus datos de contacto.

Colaboración nos I Premios Alumni-UVigo

Entre os meses de xuño e xullo o Observatorio de persoas tituladas da UVigo colaborou na organización da primeira edición dos Premios Alumni-UVigo, ocasión que se aproveitou para realizar o I Encontro Alumni-UVigo, unha xornada de convivencia dedicada ao antigo estudiantado como un espazo de reencontro con antigas amizades, alumnado e profesorado organizado pola Vicerreitoría de Estudiantado e Empregabilidade da UVigo.

A colaboración do observatorio neste evento consistiu en difundir a convocatoria dos Premios Alumni-UVigo entre as persoas tituladas rexistradas na base de datos de persoas tituladas. Así, entre os días 18 e 22 de xuño distribuíronse un total de 10 613 mensaxes da convocatoria a antigo estudiantado de todas as promocións entre 1990 e 2017. Posteriormente, entre os días 7 e 11 de xullo enviáronselles 8721 convites ao evento Alumni-UVigo a persoas tituladas residentes en Galicia. En total, 19 334 antigos/as estudantes da UVigo tiveron coñecemento da realización da primeira edición dos Premios e do Encontro Alumni-UVigo. O impacto da difusión realizada constatouse no feito de estaren rexistrados na nosa base de datos 12 dos 15 finalistas.

Redes sociais

En canto ao traballo nas redes sociais, a canle de YouTube do observatorio, creada en xaneiro de 2020, pasou de 51 a 75 vídeos organizados en once listaxes de reprodución (Eventos, Informes, Relatorios, 30 anos UVigo, Covid-19, Inserción laboral 1990-2015 – Ciclos, grao, mestrado e doutoramento, Igualdade, Inserción laboral 2018/2019 – Estudos de grao e mestrado, Premios Alumni-UVigo 2022, Inserción laboral 2019/2020 – Estudos de grao e mestrado, Inserción laboral 1995-2020 – Estudos de doutoramento).

Os contidos están ligados a actos de presentación dos informes de inserción laboral publicados, a difusión dos resultados publicados e sobre as actividades/eventos realizados. A xeración de contidos consiste en crear contidos telemáticos a partir das series de infografías publicadas diariamente na páxina de LinkedIn.

A páxina de LinkedIn do observatorio, posta en marcha en xullo de 2019 para socializar os contidos dos informes de inserción laboral, as noticias, os eventos e outros temas endóxenos da UVigo ou doutras fontes para as persoas tituladas dunha forma máis aberta e masiva, continuou a ser actualizada diariamente durante o ano 2022. O seu número de seguidores/as pasou de 2459 en xaneiro de 2022 a 3025 en xaneiro de 2023 (incremento do 23,0 %). Isto contribuíu tamén a aumentar a base de datos de persoas tituladas xestionada polo observatorio.

A continuación móstranse as canles de comunicación do Observatorio de Persoas Tituladas:

- Páxina web do observatorio: <http://observatorio.UVigo.gal/>
- Páxina de LinkedIn: <https://www.linkedin.com/company/observatorio-uvigo>
- Canle de YouTube: https://www.youtube.com/channel/UCQ21MUWt9zKIWdY_XH7STyA
- Blogs do observatorio:
<http://egresadosuvigo.blogspot.com/>
<https://corpodiplomaticouvigo.blogspot.com/>
- Listaxes de distribución de correo electrónico das persoas tituladas da UVigo: listaxe creada a partir dos contactos rexistrados na base de datos de persoas tituladas para enviar periodicamente comunicacións sobre as actividades universitarias que poidan resultar de interese do antigo alumnado.

+ **información** <http://observatorio.uvigo.gal/es/>

4.5 Internacionalización e mobilidade



Unha característica relevante da actual formación universitaria é a mobilidade de estudantes. Este aspecto resulta fundamental para a formación integral dos nosos alumnos e alumnas, do mesmo xeito ca os programas de prácticas profesionais.

Na Estratexia de internacionalización da Universidade de Vigo, aprobada en 2014, a mobilidade é un aspecto clave da internacionalización e da modernización da educación superior, así como unha das principais ferramentas para continuar a construír o espazo europeo de educación superior (EEES). O obxectivo xeral deste programa é estender a oferta de mobilidade dende unha perspectiva global e de excelencia.

Así mesmo, no ano 2013 aprobouse o Plan de internacionalización lingüística. Este documento ten como finalidade dotar a comunidade universitaria das competencias plurilingües e pluriculturais que se precisan para responder con eficacia os retos dunha sociedade globalizada e culturalmente diversa.

Tamén foi aprobado o Regulamento de mobilidade internacional, que organiza e consolida o marco normativo en materia de mobilidade entre países. Trátase de facilitarles ao alumnado, ao PAS e ao PDI a posibilidade de realizar parte dos seus estudos ou do seu traballo en institucións estranxeiras de ensino superior e de garantir o pleno recoñecemento destas actividades.

4.5.1 Datos de mobilidade nacional e internacional durante o curso 2021/2022

Mobilidade do estudiantado


A ORI potenciou a recepción de estudantes de todas as nacionalidades ao xestionar a mobilidade de 523 estudantes estranxeiros (335 mulleres e 188 homes): 425 no campus de Vigo, 42 en Ourense e 56 en Pontevedra.

De entre os programas internacionais, a maior parte corresponde a convenios bilaterais e o programa Erasmus+, con 63 e 432 estudantes, respectivamente. Os países de procedencia maioritarios do estudiantado internacional entrante son Francia, Italia e Alemaña, con 91, 86 e 82 estudantes, respectivamente.

Con respecto ao alumnado saínte, durante o curso 2021/2022 un total de 571 estudantes da Universidade de Vigo participaron en programas de mobilidade internacional, de estudos ou prácticas, 334 mulleres e 236 homes. Por campus, 152 corresponden ao de Ourense, 107 ao de Pontevedra e 297 ao de Vigo.

Os grupos máis numerosos son os dos programas Erasmus+ Estudos, Erasmus+ Prácticas e Erasmus+ KQ107, con 468, 50 e 11 estudantes cada un. Os países de destino preferentes son Italia, Portugal e Polonia, con 129, 84 e 68 estudantes, respectivamente.


Evolución da mobilidade internacional do estudiantado



Con respecto á mobilidade nacional do estudiantado hai un total de 51 estudantes provenientes doutras universidades españolas, dos cales 38 son mulleres e 13 son homes. As universidades que maior número de estudantes achega son a de Alicante, Granada e Euskadi, con 7, 6 e 5 persoas cada unha.

Mentres que un total de 130 alumnos/as da Universidade de Vigo van a outras universidades españolas (82 mulleres e 48 homes), as que maior número de alumnado reciben son Málaga e Sevilla, con 14, e Granada e a Complutense de Madrid con 11 alumnos/as cada unha.

Evolución da mobilidade nacional do estudiantado



+ información <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/4/19>

Mobilidade do PDI

Durante o ano 2022, realizáronse un total de 107 estadias no estranxeiro, das cales 57 son mulleres e 50 son homes.

No curso 2021/2022, na Universidade de Vigo rexistrouse un total de 78 persoas pertencentes ao PDI entrante. O país de procedencia máis numeroso é Portugal, con 51 persoas. Os centros de recepción con maior número de persoas son a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, con 8 persoas, e a Escola de Enxeñaría Industrial, a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación e a Facultade de Educación e Traballo Social, con 5 persoas cada unha. Mentres que o Programa Iacobus, sen centro asignado, move un total de 32 persoas.

+ **información** <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/4/82>

Mobilidade do PAS

O persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo que desexe ampliar a súa formación no estranxeiro pode facelo a través da mobilidade do PAS a institucións de ensino superior no marco do programa Erasmus-STT, co que se pretende fomentar a formación do persoal e a internacionalización da institución.

Durante o curso 2021/2022, 2 membros do PAS realizaron estadias de mobilidade. Foron un home e unha muller e tiveron como destino Portugal.

Con respecto ao PAS entrante, hai un total de 8 persoas con orixe en Portugal, Cabo Verde, Polonia e Xeorxia, 5 homes e 3 mulleres.

+ **información** <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/4/81>

4.5.2 Plan de internacionalización lingüística da Universidade de Vigo

Unha das principais apostas do Plan de internacionalización da Universidade de Vigo é a promoción do plurilingüismo na nosa institución. Con este obxectivo, incluído xa no antigo plan estratéxico, perséguese promover a docencia noutras linguas para favorecer, entre outros fins, a competencia profesional de todo o persoal, mellorando a visibilidade do seu labor e a súa mobilidade, a cooperación con institucións de educación superior dentro e fóra de Europa, a captación de alumnado estranxeiro e a posibilidade de que o noso alumnado se anime a trasladarse a outras universidades.

Para acadar este obxectivo creouse a Comisión de Internacionalización Lingüística como o instrumento de participación e de debate para promover a implantación das distintas iniciativas recollidas nel e establecer os obxectivos da institución en materia de internacionalización lingüística.

O Centro de Linguas da Fundación Universidade de Vigo é o ente instrumental necesario para dinamizar este proceso.

Para que nestes momentos se produzan incrementos significativos nas cifras de mobilidade, a comunidade universitaria necesita acadar un nivel de competencia lingüística axeitado noutras linguas diferentes do galego e do castelán, e fundamentalmente en inglés.

Asemade, o marco actual de desenvolvemento do EEES tras a súa implantación urxe que se apliquen políticas encamiñadas á mellorar as competencias lingüísticas do estudantado, pero tamén ofrece unha oportunidade única, xa que na contorna do novo sistema de aprendizaxe van ser máis valorados os períodos de estudos en institucións de ensino superior doutros países.

Centro de Linguas (CDL)

O Centro de Linguas da Fundación Universidade de Vigo naceu no ano 2004 para atender as necesidades lingüísticas da comunidade universitaria, aínda que está aberto a calquera persoa de dentro ou fóra da universidade.

A docencia impártese nos tres campus da Universidade de Vigo e en distintos centros asociados por profesorado con titulación universitaria e especializado no ensino de idiomas.

Os cursos do Centro de Linguas adáptanse ás directrices do Consello Europeo en materia de niveis de lingua e procedementos de avaliación, segundo se especifica no Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER). Os certificados de acreditación de nivel axéitanse, polo tanto, ao estándar de recoñecemento internacional.

Materias impartidas en inglés

A Universidade de Vigo mantén o seu compromiso coa internacionalización e coa mellora nas capacidades lingüísticas do seu estudiantado. Neste sentido, ademais da formación no Centro de Linguas, vaise artellando cada curso académico un número crecente de materias impartidas en inglés nas titulacións oficiais.

Queda excluída da seguinte táboa a docencia impartida no Grao en Linguas Estranxeiras da Facultade de Filoxía e Tradución, pola natureza propia do grao, no que un 89 % das materias se imparten nunha lingua estranxeira (46 % en inglés; 14,7 % en alemán; 14,7 % en francés e 3,6 % en portugués).

Oferta de docencia de grao en inglés no ano académico 2021/2022

Centro	Núm. de materias	Créditos
Facultade de Empresariais e Turismo	10	66
Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	5	30
Escola de Enxeñaría Industrial	30	231
Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	12	84
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	19	117
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	17	114
Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	7	48
Facultade de Ciencias do Mar	5	30
Facultade de Bioloxía	5	30
Total	110	750

Oferta da docencia de mestrado en inglés no ano académico 2021/2022

Centro	Núm. de materias	Créditos
Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	25	126
Escola de Enxeñaría Industrial	14	61,5
Facultade de Química	19	126
IESIDE	2	12
Facultade de Comunicación	1	3
Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	2	7,5
Facultade de Filoloxía e Tradución	22	69
Total	85	405

TOEFL (Test of English as a Foreign Language)

A Universidade de Vigo está acreditada polo ETS para realizar o Test of English as a Foreign Language™ (TOEFL), exame que mide a capacitación de non nativos/as para utilizar e entender a lingua inglesa de forma oral ou escrita no ámbito académico. É un requisito para a admisión na maioría das universidades norteamericanas. Está recoñecido por máis de 5000 institucións de educación superior, universidades e axencias de certificación de 90 países. En 2022 realizáronse 5 convocatorias dos exames TOEFL.

Matriculación do CDL en cursos de idiomas

En 2022 o número de alumnado matriculado no Centro de Linguas distribuíuse do seguinte xeito: 911 alumnos/as nos cursos cuatrimestrais e de verán, dos cales 498 foron de exames de acreditación de niveis.

Durante o ano 2022 impartíronse cursos cuatrimestrais e intensivos de verán dos seguintes idiomas: inglés, español, alemán, portugués, italiano e chinés.

Acreditacións

Realízanse exames de acreditación CertAcles para os niveis B1, B2 e C1 de inglés e B1 de alemán e francés, así como exames de acceso libre de inglés, francés, alemán e español. O Centro de Linguas é centro examinador do DELE (Diploma do Español como Lingua Estranxeira) avalado polo Instituto Cervantes e o Test of English as a Foreign Language™ (TOEFL).

Os cursos do Centro de Linguas son recoñecidos con créditos de libre elección ou ECTS da Universidade de Vigo, cando se cursen idiomas que non formen parte do plan de estudos do/a estudante.

HELA (Higher Education Lecturing Accreditation) e cursos para a docencia en inglés

No marco do Plan de internacionalización lingüística, deseñouse o exame HELA, que fixa os criterios e os procedementos para a acreditación para a docencia en inglés. Esta proba, da que se realizaron 3 convocatorias en 2022, complementábase coa organización de cursos específicos destinados ao profesorado da Universidade de Vigo centrados nas competencias necesarias para impartir docencia en lingua inglesa.

+ información <https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/programa-internacionalizacion-linguistica>

4.6 Reforzando os dereitos dos membros da comunidade universitaria



Hai varias canles para que a cidadanía participe nas decisións da institución, así como na mellora do servizo prestado.

4.6.1. Representación na xestión ordinaria da universidade a través dos seus órganos de goberno

A participación e a representación dos colectivos con vinculación á universidade (persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos, e alumnado) está prevista no marco normativo básico que regula a institución e que establece os mecanismos de participación electoral, como electores e elixibles, para a elixir membros dos órganos de goberno e comisións. Constitúe esta a forma principal de participación, xa que a través dos órganos e comisións, os representantes do estudantado e do persoal participan nas decisións relacionadas co funcionamento ordinario da universidade.

No seo dos centros da Universidade de Vigo, os/as estudantes, sen mingua dos dereitos individuais dos/as representantes, poderán crear delegacións de alumnos/as das que formarán parte, polo menos, os/as representantes dos estudantes do centro nos órganos de goberno da universidade.

Claustro

O Claustro Universitario é o máximo órgano de representación e de control da comunidade universitaria, e está composto por un mínimo de 250 membros e un máximo de 265, de acordo coa seguinte distribución:

Reitor/a, que o presidirá, o secretario/a xeral e o xerente/a.

- Un 51 % como representantes do profesorado doutor con vinculación permanente (PDI-A).
- Un 9 % como representantes do restante persoal docente e investigador (PDI-B).
- Un 25 % de representantes do alumnado.
- Un 15 % de representantes do persoal de administración e servizos.

+ **información** <https://www.uvigo.gal/universidade/goberno-uvigo/organos-colexiados/claustro>

Consello Social

O Consello Social é o órgano de participación da sociedade na Universidade de Vigo e debe exercer como elemento de relación entre a sociedade e a universidade. Segundo a Lei 6/2013 do sistema universitario de Galicia das universidades, está integrado por un máximo de 31 membros:

- O reitor/a, o secretario/a xeral e o xerente/a da UVigo.
- En representación do Consello de Goberno da universidade: un profesor/a, un/unha estudante e un/unha representante do persoal de administración e servizos.
- A representación dos intereses sociais correspóndelles a persoeiros da vida cultural, profesional, económica, laboral e social, de acordo coa seguinte distribución: o presidente/a do Consello Social; seis membros designados polo Parlamento de Galicia; seis membros designados pola Xunta de Galicia; un membro designado por cada un dos sindicatos máis representativos no territorio da comunidade autónoma de Galicia; catro membros designados polas organizacións empresariais máis

representativas dos sectores estratéxicos da economía galega na área de influencia da universidade; un membro designado por cada unha das tres corporacións municipais onde se localizan os campus; un membro designado pola Asociación de Antigos Alumnos; e un membro designado polos colexios profesionais a través da súa entidade asociativa máis representativa.

+ **información** <https://www.uvigo.gal/universidade/goberno-uvigo/consello-social>

Consello de Goberno

É o órgano de goberno da universidade e está composto polos seguintes membros:

- O reitor/a, que o preside, o secretario/a xeral e o xerente/a.
- 15 membros designados polo reitor/a, entre os que deben estar necesariamente os vicerreitores e vicerreitoras.
- 20 membros elixidos polo Claustro, dos que 10 serán membros do PDI, 8 doutores ou doutoras con vinculación permanente á universidade, 8 estudantes e 2 membros do PAS.
- 15 membros elixidos polo Claustro entre as persoas que desempeñan a dirección de centro e das unidades docentes e de I+D+i.
- 3 membros do Consello Social que non sexan membros da comunidade universitaria.

+ **información** <https://www.uvigo.gal/universidade/goberno-uvigo/organos-colexiados/consello-goberno>

Consello de Campus

É o órgano colexiado de coordinación e representación do campus. Está composto por:

- Un presidente/a, que será o reitor/a da universidade.
- Un vicerreitor ou vicerreitora.
- Todos os decanos/decanas ou directores/as dos centros do campus.
- Cinco representantes do profesorado, elixidos por e entre os claustrais do mesmo sector e campus, dos que polo menos un ou unha representante pertenza ao profesorado con vinculación permanente á universidade. Garantirase que haxa polo menos un/unha representante de cada ámbito científico presente no campus, no caso de que haxa persoas candidatas.
- Cinco estudantes, elixidos por e entre os claustrais do mesmo sector e campus. Haberá polo menos un ou unha estudante por cada ámbito científico presente no campus, no caso de que haxa persoas candidatas.
- Os dous membros do persoal de administración e servizos do campus que obtivesen máis votos nos campus da súa adscrición nas eleccións ao Claustro.

Na Universidade de Vigo existen dous consellos de campus, en Pontevedra e en Ourense, e que poden consultarse nas seguintes ligazóns:

<https://www.uvigo.gal/universidade/goberno-uvigo/organos-colexiados/consello-campus-pontevedra>

<https://www.uvigo.gal/universidade/goberno-uvigo/organos-colexiados/consello-campus-ourense>

Xuntas de centro

Son o órgano colexiado de representación e de decisión de cada centro. Están compostas por:

- O decano/a ou o director/a, que a preside.
- Todo o PDI-A.
- Unha representación do PDI-B.
- Unha representación do alumnado.
- conxunto dos membros natos e electos deberá respectar de forma aproximada as seguintes porcentaxes de repartición: 51 % o PDI-A, 29 % o estudantado, 10 % o PAS e 10 % o PDI-B.

Xuntas de titulación

Son os órganos encargados de elaborar, aprobar e modificar as propostas de memorias para as titulacións de grao e as súas modificacións. A súa composición é análoga en proporcións ás xuntas de centro.

Consello de Departamento

É o órgano colexiado de representación e decisión dos departamentos. Na súa composición respectarase de forma aproximada as seguintes porcentaxes:

- Un 75 % de membros natos, que son o PDI con título de doutoramento e o PDI con vinculación permanente á universidade.
- Un 10 % de representantes do PDI-B que non sexan membros natos.
- Un 10 % de representantes do estudantado.
- Un 5 % de representantes do PAS.

Os membros electos renovaranse cada dous anos. Pódense consultar os departamentos da UVigo na seguinte ligazón: <https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/departamentos>

Comisión de calidade do centro

É o órgano de planificación e seguimento do sistema de garantía interno de calidade do centro. O número de membros establécese no manual de calidade do centro.

O Ceuvi

O Consello de Estudiantes da Universidade de Vigo (Ceuvi) é unha organización de carácter asembleario integramente formado por estudantes. A súa composición e funcións está regulada no artigo 69 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

A principal función do Ceuvi é coordinar e organizar a representación do estudantado nos órganos da Universidade de Vigo para así poder ter unha maior presenza e poder de influencia na toma de decisións. Isto é levado á práctica mediante a presenza dos seus membros nas distintas comisións da universidade, no Claustro e no Consello de Goberno, organismos nos que se deciden dende como se asignan as bolsas á definición dos plans estratéxicos da UVigo.

Neste sentido, o Ceuvi é o responsable de levar ata a Reitoría a vontade do estudantado, proponendo cambios na normativa, poñendo as problemáticas que nos afectan a todas e todos enriba da mesa e loitando pola defensa dos dereitos de toda a comunidade universitaria ante os posibles abusos e incumprimentos da normativa.

Ademais, o Ceuvi ten presenza en organismos estatais como a Coordinadora de Representantes de Estudiantes de Universidades Públicas (CREUP) e o Consello de Estudiantes Universitario do Estado (Ceune), e pode facer chegar as problemáticas do estudantado da Universidade de Vigo directamente ao ministerio español.

+ **información:** <https://ceuvi.uvigo.gal/oceuvi/>

4.6.2 Valedoría Universitaria

A Valedoría Universitaria é o órgano especificamente encargado de velar polo respecto dos dereitos e das liberdades dos membros da comunidade universitaria ante as actuacións dos diferentes órganos e dos servizos universitarios.

O valedor ou valedora universitaria actúa de oficio ou a instancia de parte en relación coas solicitudes, queixas, suxestións e observacións que sexan susceptibles de necesitar o seu amparo, formuladas por calquera membro da comunidade universitaria. Tamén poderá desempeñar un labor mediador para os efectos de solucionar un conflito que afecte a membros da comunidade universitaria.

No exercicio das súas funcións, a valedora ou valedor actuará con suxestións, propostas e recomendacións aos/ás responsables inmediatos dos servizos da universidade, aos/ás responsables máximos universitarios e á persoa ou persoas implicadas sobre as medidas que se deberían adoptar para eliminar as deficiencias ou problemas observados, e, igualmente, achegando posicións das partes en conflito.

Durante o ano 2022 recibíronse reclamacións e consultas de asuntos relacionados cos sectores da comunidade universitaria (alumnado, PDI e PAS), correspondentes aos campus de Vigo, Ourense e Pontevedra. Tamén se realizaron mediacións, derivadas de expedientes tramitados, e emitíronse recomendacións.

Expedientes tramitados		40	
Por sector	Estudiantado	PDI	PAS
	26	11	3
Por campus	Vigo	Pontevedra	Ourense
	29	8	3
Consultas recibidas		41	
Por sector	Estudiantado	PDI	PAS
	27	8	6
Por campus	Vigo	Pontevedra	Ourense
	25	12	4
Mediacións realizadas		5	
Con acordo		Sen acordo	
4		1	
Recomendacións emitidas		21	
Atendidas		13	
En proceso de estudo		5	
Non precisan resposta específica		2	
Non atendidas		1	

+ **información** <https://www.uvigo.gal/es/universidad/gobierno-uvigo/defensoria-universitaria>

4.6.3 Xestión de conflitos

A Unidade de Convivencia e Resolución Positiva de Conflitos da Universidade de Vigo creouse en novembro de 2019, independente da inspección e do valedor/a universitario e ten como funcións:

Levar a cabo campañas de difusión sobre a Unidade de Convivencia e Xestión Positiva de Conflitos da UVigo, dentro e fóra da institución.

Deseñar e aplicar campañas de sensibilización e difusión sobre os beneficios da convivencia positiva para as persoas, os grupos e as organizacións, dentro da UVigo.


Realizar campañas de difusión sobre os beneficios dos métodos alternos de resolución de conflitos, en especial da mediación, dentro e fóra da institución.

Formar cargos académicos e xestores en xestión e resolución de conflitos, habilidades de comunicación e técnicas de mediación.

Realizar tarefas de mediación cando sexa requirido directamente polos membros da comunidade universitaria ou por derivación das vicerreitorías, centros, departamentos e dos distintos servizos da universidade.

Impulsar redes de colaboración da Unidade de Convivencia e Xestión Positiva de Conflitos da UVigo, dentro e fóra da institución, para optimizar os recursos.

E calquera outro encargo que sexa requirido dentro do seu ámbito de actuación.



Durante o ano 2022 a Unidade de Convivencia e Resolución Positiva de Conflitos da Universidade de Vigo realizou 33 actuacións, das cales 21 foron realizadas por solicitude de persoas pertencentes ao colectivo de alumnado, 8 por solicitude de membros do PAS e 4 por solicitudes do PDI. Das citadas actuacións 26 foron intervención para facilitar a convivencia e 7 tarefas de mediación.

Outras actuacións destacadas da Unidade de Convivencia e Resolución Positiva de Conflitos durante o ano 2022 son as seguintes: accións para unha nova convivencia», impartida por Alberto León de Cano, experto en mediación e con ampla experiencia en formación de persoas mediadoras. A conferencia tivo lugar o 7 de febreiro de 2022.

Para optimizar os recursos, a Unidade de Convivencia e Resolución Positiva de Conflitos mantén colaboración coa Conferencia Universitaria Internacional para el Estudio de la Mediación y el Conflicto (CUEMYC), onde tamén dá a coñecer os labores que se fan na Unidade de Convivencia.

+ **información** <https://www.uvigo.gal/campus/convivencia>

4.6.4 Caixa de queixas, suxestións e parabéns

As queixas e suxestións son mecanismos activos de participación cidadá que lles serven de grande axuda ás administracións públicas para mellorar a calidade do servizo público prestado. O procedemento permítelle á cidadanía trasladar de xeito áxil e simple á Administración os motivos da súa insatisfacción, así como as propostas de mellora que considere oportunas.


A principios de 2015 os centros da Universidade de Vigo aproban o novo procedemento de queixas, suxestións e parabéns, que forma parte do sistema de garantía interna de centros, e que se axusta ao establecido no procedemento en funcionamento no ámbito de xestión.

En marzo do ano 2015, habílitase o sistema de queixas, suxestións e parabéns (en diante, QSP) nos centros propios e adscritos, e departamentos, que substitúe os sistemas que xa estaban funcionando en cada centro. A finais do ano 2015 implántase o sistema nos centros de investigación propios da Universidade de Vigo como CACTI, Ecimat, Cinbio e CITI. Deste xeito, a universidade dótase dun sistema único (coa soa excepción da Biblioteca Universitaria) aplicable a todas as unidades e actividades desta.

Debemos destacar que no ano 2019 se aproba definitivamente o Regulamento do sistema de queixas, suxestións e parabéns, no consello de goberno do 29/4/2019, coa finalidade de establecer unha normativa que lles dea un trato homoxéneo ás queixas, suxestións e parabéns, co fin de utilizar un procedemento único, regulamentado e difundido, que lles permita ás persoas usuarias saber onde e como presentalas, coñecer o trámite que se seguirá e o prazo establecido para a súa resposta. Desta forma, dálle á Universidade de Vigo a posibilidade de analizar a información do sistema como ferramenta para establecer un sistema de mellora continua.

No ano 2022 recibíronse a través da caixa de queixas, suxestións e parabéns un total de 445 comunicacións, das cales 317 corresponden ás categorías de queixa, suxestión ou parabéns. As 128 comunicacións restantes pertencen á categoría de non clasificable que tamén se tramitan e responden, aínda que non son QSP en sentido estrito.

Clasificación interna QSP 2022




Clasificación interna	QSP
Queixa	242
Suxestión	55
Parabéns	20
Non clasificable	128
Total	445

A clasificación das QSP por tipo de usuario/a indica que a maior parte son estudantes de grao ou 1.º e 2.º ciclo, que representan o 41,46 % do total das QSP recibidas. Destas QSP recibidas, un 53,48 % correspóndenlle ao estudantado, seguidos do PDI cun 22,15 % do total.

Tipo de usuario/a	QSP
Estudiante de grao ou 1.º e 2.º ciclo	131
Estudiante de mestrado	19
Estudiante de doutoramento	12
Estudiante doutros estudos propios da Universidade de Vigo	7
Persoal de administración e servizos (PAS)	34
Persoal docente e investigador (PDI)	70
Outro tipo de usuario/a interno	8
Outro tipo de usuario/a externo	35
Total	316

Tempo de resposta 2022




Tal e como se estipula no procedemento de xestión de QSP, o tempo de resposta é de 15 días hábiles dende o seu rexistro. Das QSP rexistradas en 2022 o 94,29 % respondéronse no prazo establecido, cun tempo medio de resposta de 6 días.

Como se pode comprobar na táboa que se acompaña, o maior número de respostas prodúcese no intervalo entre 1 a 5 días, cun 58,10 % das respostas, seguido por un 21,59 % que se produce entre 6 a 10 días, o que engloba un 79,68 % do total. Debe destacarse que hai 18 respostas (o 5,71 % do total) que se producen fóra de prazo.

Segundo os motivos que levan ao usuario ou usuaria ou parte interesada a presentala, as QSP poden afectar a:

- **Procesos:** se afecta a trámites, prazos ou documentación requirida durante o proceso de atención.
- **Persoas:** se é provocada pola cualificación e profesionalidade do persoal que o atendeu ou polo trato persoal recibido.
- **Instalacións:** se se refiren á orde, limpeza, sinalización, facilidade de acceso ou á localización das instalacións ou medios virtuais.
- **Prestacións:** se afecta o resultado obtido e se existe coincidencia entre o produto ou servizo prestado e as necesidades e expectativas da usuaria/o.

En 2022 as QSP relativas a prestacións son as que teñen un maior número (116 en total), que corresponden a un 36,59 %, seguidas polas relativas á docencia, cun total de 70 que corresponden a un 22,08 % do total. E son as relativas a persoas as que menor número e porcentaxe representan, con 30 incidencias, que implica un 9,46 % do total.



Con respecto ás formas de resposta, hai que ter en conta que no novo regulamento xa só é posible recibilas a través de correo electrónico, polo que todas as respostas se producen deste xeito.

+ **información** <https://seix.uvigo.es/uv/web/qsp/>

4.6.5 Canles de comunicación coa sociedade

O [Manual de identidade corporativa](#) é un elemento esencial para harmonizar a comunicación institucional e permitirles aos diferentes públicos identificar todas as comunicacións realizadas. O *Manual de identidade corporativa* da Universidade de Vigo naceu no ano 2008 co propósito de definir as liñas visuais da imaxe da Universidade de Vigo, establecendo normas e recomendacións co obxectivo de dotar de coherencia a comunicación da institución e, ao mesmo tempo, facilitar o labor das persoas que crean estes documentos, mediante a achega de recursos gráficos empregados tanto no ámbito externo coma no interno. A Área de Imaxe asesora a comunidade universitaria para usar correctamente os símbolos gráficos que representan a institución, co fin de reforzar e aclarar a comunicación interna, así como de proxectar unha imaxe exterior coherente e de excelencia.

+ **información**

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/identidade-corporativa>

O [portal web](#) da universidade dá acceso a toda a información institucional e a todos os servizos universitarios. Ten o obxectivo de ofrecerlles aos distintos públicos a información buscada de xeito organizado. Desde el, accédese ao resto das webs dos distintos emisores da institución e que, na súa maioría, forman un grupo coherente cun estilo e cunha estrutura común. Desde o portal institucional accédese tamén ás ferramentas dixitais de comunicación: o diario dixital, a axenda institucional, as redes sociais, a secretaría virtual etc. A

Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais é a responsable da coordinación e da edición dos contidos.

+ **información** <https://www.uvigo.gal/>

O Diario dixital da Universidade de Vigo (Duvi) constitúe o medio de comunicación directa cos membros da comunidade universitaria e co público xeral. Nel, a información está clasificada por campus e etiquetada en distintos ámbitos e seccións. Deste xeito, é posible configurar as páxinas do portal para que amosen de xeito automatizado as noticias relacionadas, á vez que lles permiten aos distintos centros localizar con facilidade as noticias do seu interese. Os contidos do diario dixital representan a base informativa da Universidade de Vigo e chéganlles aos distintos públicos a través do portal web, do envío aos medios de comunicación, das subscricións RSS ou das redes sociais. O Gabinete de Prensa é o responsable da cobertura informativa das actividades académicas, institucionais, científicas e culturais desenvoltas nos tres campus, que aparecen publicadas no Duvi e que son trasladadas a diario aos medios de comunicación.

+ **información** <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi>

O dossier de prensa (quiosco), elaborado diariamente polo Gabinete de Prensa, recolle as noticias publicadas nos xornais locais, rexionais, nacionais e internacionais directamente relacionadas coa Universidade de Vigo, coa educación e coa investigación en xeral.

+ **información** <https://www.uvigo.gal/es/universidad/comunicacion/duvi/quiosco>

Na Axenda amósanse as actividades organizadas pola comunidade universitaria. O Gabinete de Prensa encárgase de xerar os contidos desta ferramenta a través da información achegada polos membros da comunidade universitaria. Os contidos dos eventos están organizados por campus, por ámbito e por tipo de evento. Inclúen a data, a hora e o lugar de realización, os públicos aos que van dirixidos, a organización, os requisitos de entrada e a modalidade. Permite, ademais, importar os eventos á axenda electrónica persoal e a comunidade universitaria pode propor eventos para seren incluídos na Axenda.

+ **información** <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/axenda>

As redes sociais axudan a establecer relacións cos diferentes públicos da Universidade de Vigo. Son xestionadas pola Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais e constitúen unha ferramenta importante para difundir as mensaxes realizadas polos diferentes axentes universitarios. A universidade dispón dun mapa de redes sociais que constitúe unha ferramenta aberta e viva fundamental na estratexia institucional, xa que lle dá voz á comunidade comunicativa. A contorna comunicativa ofrecida polos medios sociais ofrece un espazo de interacción e de colaboración social de gran valor para a institución, xa que permite unha comunicación directa e bidireccional cos públicos interesados na actividade universitaria. Para dotar de coherencia e potenciar a presenza da institución nas redes sociais e, ao mesmo tempo, facilitar o labor das persoas que crean estes contidos, recoméndase seguir a *Guía de publicación nas RRSS*, que ten como propósito definir as liñas de comunicación institucional neste eido.

+ **información** <https://www.uvigo.gal/es/universidad/comunicacion/duvi/quiosco>

A Unidade de Cultura Científica e da Innovación (UCC+i) vertebra e coordina as actividades de comunicación social da ciencia da institución e ofrécelle apoio e formación ao corpo investigador, tanto na difusión dos seus resultados de investigación coma nas actividades de cultura científica nas que participe.

+ **información** <https://ucc.webs.uvigo.es/>

A UVigoTV, a televisión por internet da Universidade de Vigo, rexistra e transmite en directo congresos, conferencias, clases universitarias, defensas de teses e eventos culturais ou deportivos. Conta con múltiples equipos móbiles de gravación, aulas equipadas para o rexistro audiovisual automatizado de clases e un estudo para a produción de contidos educativos.

+ **información** <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/uvigo-tv>

O portal de avisos permítelle á comunidade universitaria compartir información institucional. Trátase dunha aplicación web que posibilita publicar nun único procedemento avisos ou notificacións para que se visibilicen

na web institucional, na aplicación móbil da Universidade de Vigo ou envialas ás listaxes de correo nas que os membros da comunidade estean subscritos. Unicamente pode publicar avisos nesta ferramenta o persoal universitario con acceso á citada plataforma de envío de avisos.

+ **información** <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/avisos/aviso/>

A secretaría virtual pon á disposición do estudantado, do persoal docente e investigador e do persoal de administración e servizos múltiples servizos dixitais coa finalidade de facilitar os trámites e achegárrellos dun xeito sinxelo ás persoas usuarias. Deste xeito, cada membro da comunidade conta coa súa propia secretaría na rede e pode realizar distintos trámites segundo o seu perfil. O estudantado, por exemplo, pode consultar o seu expediente, modificar os seus datos persoais, facer a matrícula a partir do segundo curso ou solicitar bolsas; o PDI ten a opción de consultar as listaxes de estudantes, cualificar as actas, consultar a súa nómina, xestionar os contratos de intercambio etc.; en canto ao PAS, ademais de consultar a súa nómina, ten a opción de acceder a distintas aplicacións útiles para o traballo e o teletraballo, entre outras.

+ **información** <https://secretaria.uvigo.gal/uvigo.sv/>

A aplicación móbil da Universidade de Vigo é a aplicación oficial da institución e é froito dun proxecto colaborativo de CRUE con Santander Universidades e Universia España. Diríxese a todos os membros da comunidade universitaria (estudantes, PDI e PAS) e nela pódese atopar toda a información pública da institución: a súa oferta académica, a localización dos seus centros, as novas, as redes sociais, os eventos etc. Incorpora a tarxeta universitaria intelixente (TUI), que serve de acreditación como membro da comunidade universitaria e dá acceso a unha morea de servizos (utilidades informáticas universitarias, préstamo de libros nas bibliotecas, entrada ás instalacións de uso restrinxido, moedeiro electrónico ou sinatura electrónica, entre outros).

+ **información** <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/axuda/faq/15>

Tamén se publican periodicamente os seguintes boletíns:

- Boletín dixital das novas relacionadas coa responsabilidade social.
- Boletín informativo da Unidade de Igualdade.
- Boletín da Oficina de Proxectos Internacionais.
- Boletín UVigo_Humana sobre cooperación e Axenda 2030.

4.7. Persoal traballador non empregado



Neste apartado detállase o número total de persoal traballador que non é empregado e cuxo traballo é controlado pola Universidade de Vigo.

Obxecto do contrato	Núm. de traballadores/as externos
Cafetaría-comedor de Ciencias Experimentais	5
Cafetaría-comedor de Ciencias Sociais	5
Cafetaría da biblioteca central de Ourense	2
Cafetaría-comedor de Ciencias Xurídicas	3
Cafetaría-comedor do edificio Politécnico	5
Cafetaría-comedor en centros do ámbito tecnolóxico	4
Cafetaría-comedor de Económicas e Filoxía e Tradución	4
Cafetaría-comedor do edificio Xurídico Empresarial de Ourense	3
Unidade Técnica	8
Escola infantil da UVigo no campus de Ourense	4
Cafetaría na Escola Universitaria de Estudos Empresariais en Torrecedeira	1
Cafetaría de Forestais	2
Limpeza do edificio Campus da Auga	3
Limpeza do novo CACTI, Cinbio e animalario	8
Mantemento de zonas verdes e axardinadas	9
Servizo de limpeza do campus de Ourense (norte)	21
Servizo de limpeza do campus de Ourense (sur)	21
Servizo de limpeza do campus de Pontevedra	26
Servizo de limpeza do campus de Vigo (Torrecedeira)	16
Servizo de limpeza do ámbito tecnolóxico	28
Servizo de limpeza do ámbito científico	15
Servizo de limpeza do ámbito xurídico-social	24
Apoio psicopedagóxico	2
Apoio psicopedagóxico	1
Servizo de limpeza de Servizos Xerais	21
Obxecto do contrato	Núm. de traballadores/as externos

Servizo de prevención alleo para desenvolver as especialidades de hixiene industrial e menciña do traballo (vixilancia e saúde), así como apoio ás restantes áreas preventivas esixidas pola lexislación vixente	7
Servizo <i>fitness</i> . Ourense	6
Servizo <i>fitness</i> . Pontevedra	2
Servizo <i>fitness</i> . Vigo	3
Servizo de limpeza do edificio Redeiras (O Berbés)	2
Servizo de vixilancia	21
Servizo de modelos en vivo	3
Estudantes externos en prácticas na UVigo	31
TOTAL	316

+ **información** <https://www.uvigo.gal/es/universidad/contratar-colaborar-universidad/contratar>



Capítulo 5. Transparencia e sustentabilidade na xestión económica



Neste capítulo infórmanse as partes interesadas sobre o desempeño económico en xeral, o grao de cumprimento do seu orzamento e os resultados económicos obtidos pola Universidade de Vigo durante o exercicio.

A institución elabora anualmente a conta anual que contén información sobre o balance de situación, a conta do resultado económico patrimonial, o estado de cambios no patrimonio, o estado de fluxos de efectivo, o estado de liquidación do orzamento e unha memoria descritiva. Estes documentos conteñen e amplían moita da información exposta neste apartado e poden consultarse na seguinte ligazón:

+ **información** <https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/orzamentos>

A Universidade de Vigo procura que o principio de transparencia na xestión sexa unha conduta real da institución e dirixido a garantir un comportamento legal, ético e responsable socialmente. Por iso, a conta anual é auditada por unha auditora inscrita no Rexistro Oficial de Auditores de Contas.

5.1. Xestión orzamentaria e situación económico-patrimonial da Universidade de Vigo

O orzamento da Universidade de Vigo recolle as obrigas que, como máximo, pode recoñecer a institución, así como os dereitos que se prevén liquidar durante o correspondente exercicio; e apróbase en equilibrio, cumprindo cos principios da sustentabilidade financeira e consonte o teito de gasto establecido para o devandito exercicio.

O orzamento inicial do exercicio 2022 aprobouse por un importe de 198 676 372,00 € un 7,60 % máis ca o do exercicio precedente. Na primeira columna do cadro 1 recóllense os créditos iniciais por capítulos aprobados no orzamento de 2021.

Orzamento de ingresos inicial e definitivo da UVigo por capítulos. Ano 2022 (€)


	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos
III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	17 133 000,00 €	139 255,02 €	17 272 255,02 €
IV. Transferencias e subvencións correntes	139 843 852,00 €	6 444 459,59 €	146 288 311,59 €
V. Ingresos patrimoniais	230 000,00 €	45 707,68 €	275 707,68 €
OPERACIÓNS CORRENTES	157 206 852,00 €	6 629 422,29 €	163 836 274,29 €
VI. Alleamento de investimentos reais	400 000,00 €	0,00 €	400 000,00 €
VII. Transferencias e subvencións de capital	28 264 126,00 €	1 119 621,49 €	29 383 747,49 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL	28 664 126,00 €	1 119 621,49 €	29 783 747,49 €
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	185 870 978,00 €	7 749 043,78 €	193 620 021,78 €
VIII. Variación de activos financeiros	12 805 394,00 €	8 257 941,48 €	21 063 335,48 €
IX. Variación de pasivos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	12 805 394,00 €	8 257 941,48 €	21 063 335,48 €
TOTAL	198 676 372,00 €	16 006 985,26 €	214 683 357,26 €

Ao longo do exercicio realizáronse modificacións orzamentarias que supuxeron un incremento de 16 006 985,26 € sobre o orzamento inicial. Na segunda columna do cadro detállanse por capítulos as modificacións orzamentarias realizadas. Na terceira columna reflíctense os créditos definitivos, que resultan de engadir aos créditos iniciais as modificacións de crédito. Supoñen unhas previsións definitivas de ingresos de 214 683 357,26 € un 5,88 % maior ca o do exercicio precedente.

Orzamento de gastos inicial e definitivo da UVigo por capítulos. Ano 2022 (€)

	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos
I. Gastos de persoal	122 361 464,00 €	2 348 330,72 €	124 709 794,72 €
II. Gastos correntes en bens e servizos	31 366 105,00 €	-265 615,70 €	31 100 489,30 €
III. Gastos financeiros	457 450,00 €	0,00 €	457 450,00 €
IV. Transferencias correntes	7 226 024,00 €	288 112,92 €	7 514 136,92 €
V. Fondo de continxencia	300 000,00 €	-197 256,25 €	102 743,75 €
OPERACIÓNS CORRENTES	161 711 043,00 €	2 173 571,69 €	163 884 614,69 €
VI. Investimentos reais	36 025 329,00 €	13 713 296,27 €	49 738 625,27 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL	940 000,00 €	120 117,30 €	1 060 117,30 €
VII. Transferencias e subvencións	0,00 €	5 106,81 €	5 106,81 €
VIII. Activos financeiros	140 000,00 €	115 010,49 €	255 010,49 €
IX. Pasivos financeiros	800 000,00 €	0,00 €	800 000,00 €
TOTAL	198 676 372,00 €	16 006 985,26 €	214 683 357,26 €

Créditos definitivos 2022



A diferenza entre os créditos iniciais e os créditos definitivos vén dada polas modificacións de crédito realizadas. No seguinte cadro amósase a evolución do orzamento inicial e definitivo da universidade e das modificacións orzamentarias no período de 2016 a 2022.

Evolución do orzamento e as súas modificacións 2016-2022 (€)

	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
Orzamento inicial	160 586 524	165 325 488	172 552 088	182 535 085	194 995 837,00	184 640 912,00	198 676 372,00
Modificacións orzamentarias	13 776 339	12 412 659	13 242 283,73	14 059 333,72	14 399 918,00	17 427 595,77	16 006 985,26
Xeracións de crédito	2 179 831	2 796 391	2 091 132	2 653 222,96	800 459,40	6 541 030,93	7 749 043,78
Incorporación de remanentes	9 653 485	9 616 268	11 151 152	11 406 110,76	13 599 459,02	10 886 564,84	8 257 941,48
Transferencias de crédito	80 000	17 858 391	19 428 024	20 244 700,39	0,00	18 828 560,60	28 761 143,92
Orzamento definitivo	172 419 845	177 738 147	185 794 371,73	196 594 422,72	209 395 755,42	202 068 507,77	214 683 357,26

Evolución do resultado orzamentario

A universidade mantén nos últimos anos unha liña de estabilidade nos ingresos, cun aumento no ano 2022 do 7,42 % respecto do ano anterior.


Evolución dos ingresos (dereitos recoñecidos). Anos 2016-2022 (€)

	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
Ingresos (dereitos recoñecidos)	153 759 723	158 340 392	161 388 146,40	165 049 891,98	167 405 517,64	180 558 055,27	193 960 509,52
% variación anual	1,81 %	2,98 %	1,89 %	2,30 %	1,43 %	7,86 %	7,42 %

Evolución dos gastos (obrigas recoñecidas). Anos 2016-2022 (€)

	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
Gastos (obrigas recoñecidas)	149 968 829	157 064 633	164 126,69	169 720 773,30	170 681 126,09	175 131 206,38	180 980 048,67
% variación anual	-3,25 %	4,73 %	1,89 %	3,41 %	0,57 %	2,61 %	3,34 %

Evolución ingresos e gastos 2014-2022



Balance de situación da Universidade de Vigo

O balance é o estado económico-financieiro onde se amosa a situación patrimonial da universidade o 31 de decembro de 2022.

Balance de situación da UVigo 2021/2022 (€)

DESCRICIÓN	Exercicio 2022	Exercicio 2021
A) ACTIVO NON CORRENTE	212 297 625,28 €	214 027 179,59 €
I Inmobiliado intanxible	3 690 038,76 €	3 554 348,25 €
II Inmobiliado material	202 168 483,99 €	203 942 678,74 €
III Inversións inmobiliarias	564 757,93 €	578 357,93 €
IV Inversións financeiras a longo prazo en entidades do grupo	5 855 156,46 €	5 932 606,53 €
V Inversións financeiras a longo prazo	19 188,14 €	19 188,14 €
B) ACTIVO CORRENTE	84 567 649,46 €	62 064 433,81 €
III Debedores e outras contas para cobrar	42 637 089,35 €	40 374 236,53 €
V Inversións financeiras a curto prazo	671 642,62 €	628 725,02 €
VII Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	41 258 917,49 €	21 061 472,26 €
TOTAL ACTIVO (A+B)	296 865 274,74 €	276 091 613,40 €
A) PATRIMONIO NETO	243 835 692,54 €	241 129 044,14 €
I Patrimonio	268 318 132,87 €	268 318 132,87 €

DESCRICIÓN	Exercicio 2022	Exercicio 2021
II Patrimonio xerado	-52 229 983,71 €	-55 645 540,89 €
III Outros incrementos patrimoniais ptes. de resultados	27 747 543,38 €	28 456 452,16 €
B) PASIVO NON CORRENTE	19 174 299,01 €	18 208 481,12 €
I Provisións a longo prazo	16 215 686,08 €	14 046 062,07 €
II Débedas a longo prazo	2 958 612,93 €	4 162 419,05 €
C) PASIVO CORRENTE	33 855 283,19 €	16 754 088,14 €
I Provisións a curto prazo	542 185,41 €	0,00 €
II Débedas a curto prazo	1 416 151,01 €	1 410 025,21 €
IV Acredores por operacións de xestión	16 475 663,04 €	6 115 662,42 €
V Axustes por periodificación	15 421 283,73 €	9 228 400,51 €
TOTAL PASIVO (A+B+C)	296 865 274,74 €	276 091 613,40 €

5.2. Relación económica coas partes interesadas

Conta do resultado económico patrimonial da UVigo 2021/2022 (€)

DESCRICIÓN	Exercicio 2022	Exercicio 2021
1. Ingresos tributarios e cotizacións sociais	0,00 €	0,00 €
2. Transferencias e subvencións recibidas	164 334 472,40 €	159 277 594,50 €
3. Vendas netas e prestación de servizos	15 298 953,05 €	14 876 541,05 €
6. Outros ingresos de xestión ordinaria	8 727 107,19 €	7 016 909,50 €
A) TOTAL DE INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA	188 360 532,64 €	181 373 538,09 €
8. Gastos de persoal*	-135 392 747,98 €	-127 558 051,00 €
9. Transferencias e subvencións concedidas	-5 802 215,91 €	-4 758 565,65 €
11. Outros gastos de xestión ordinaria	-32 317 215,17 €	-29 689 729,39 €
12. Amortizacións de inmovilizado	-9 019 834,09 €	-9 049 125,01 €
B) TOTAL DE GASTOS DE XESTIÓN ORDINARIA	-182 532 049,15 €	-171 055 471,05 €
I. Resultado da xestión ordinaria (A-B)	5 828 483,49 €	10 318 067,04 €
13. Deterioración do valor e resultados polo alleamento do inmovilizado non financeiro e activos	-60 723,16 €	0,00 €

DESCRIPCIÓN	Exercicio 2022	Exercicio 2021
14. Outras partidas non ordinarias	69 331,84 €	99 196,79 €
II. Resultado das operacións non financeiras (I-13+14)	5 837 092,17 €	10 417 263,83 €
15. Ingresos financeiros	0,00 €	5614,71 €
16. Gastos financeiros	-206 874,53 €	-190 134,97 €
18. Variación do valor razoable en activos e pasivos financeiros	8 400,00 €	0,00 €
20. Deterioración do valor, baixas e alleamento de activos e pasivos financeiros	403 946,78 €	-2 771 907,54 €
III. Resultado das operacións financeiras (15 + 16 + 18 + 20)	205 472,25 €	-2 956 427,80 €
IV. Resultado neto do exercicio (II+III)	6 042 564,42 €	7 460 836,03 €

Gasto de persoal capítulo 1 (obrigas contraídas). Anos 2021 e 2022 (€)

No referido aos gastos de persoal, o seu importe acadou en 2022 un total de 121 271 964,76 € o que supón un aumento do 6,21 % en relación co exercicio 2021.

Denominación	2022	2021	Importe da variación s/ 2021	% de variación s/ 2021
Altos cargos e persoal eventual	464 432,53 €	439 834,43 €	24 598,10 €	5,59 %
Funcionarios	64 989 674,49 €	59 966 610,97 €	5 023 063,52 €	8,38 %
Laborais	12 248 005,17 €	12 953 525,91 €	-705 520,74 €	-5,45 %
Outro persoal	25 354 111,80 €	24 243 485,63 €	1 110 626,17 €	4,58 %
Incentivos ao rendemento	954 718,40 €	489 589,95 €	465 128,45 €	95,00 %
Gastos sociais	17 261 022,37 €	16 092 211,88 €	1 168 810,49 €	7,26 %
TOTAL	121 271 964,76 €	114 185 258,77 €	7 086 705,99 €	6,21 %


O cadro anterior só recolle as obrigas contraídas de gastos de persoal do capítulo I, pero tamén hai gastos imputados ao capítulo VI. A continuación, detállase o total de gastos clasificados por tipo de persoal do ano 2022:

Tipo de persoal	Custo total	% sobre custo total do persoal	% sobre orzamento total*
PAS	36 267 915,09 €	27,61 %	20,04 %
PDI	74 385 998,07 €	56,62 %	41,10 %
Persoal investigador	20 155 107,82 €	15,34 %	11,14 %
Outros gastos	570 907,36 €	0,43 %	0,32 %
TOTAL	131 379 928,34 €	100,00 %	72,59 %

*Orzamento total (180 980 048,67 €) = obrigas recoñecidas

A continuación, detállase a evolución dos gastos en persoal dende o ano 2019 ata 2022:

GASTOS GLOBAIS SOBRE O ORZAMENTO TOTAL			
	Gastos en persoal	Orzamento total	% gasto/orzamento
2019	116 781 481,80 €	169 720 733,30 €	68,81 %
2020	121 703 395,18 €	170 681 126,09 €	71,30 %
2021	124 970 386,61 €	175 131 206,40 €	71,36 %
2022	131 379 928,34 €	180 980 048,67 €	72,59 %



Gasto en bens e servizos correntes (obrigas contraídas). Anos 2021 e 2022 (€)

No referido ao gasto en bens e servizos correntes, o importe final é de 24 328 867,79 € cun incremento porcentual dun 6,45 %, como se pode ver na seguinte táboa.

Denominación	2022	2021	Importe da variación s/ 2021	% de variación s/ 2021
Arrendamentos	516 389,54 €	468 998,53 €	47 391,01 €	10,10 %
Reparacións e conservación	3 536 406,18 €	3 486 737,94 €	49 668,24 €	1,42 %
Material, subministracións e outros	18 602 590,37 €	17 721 044,61 €	881 545,76 €	4,97 %
Indemnizacións por razón de servizo	1 665 610,46 €	1 159 540,05 €	506 070,41 €	43,64 %
Publicacións	7 871,24 €	18 249,31 €	10 378,07 €	-56,87 %
TOTAL	24 328 867,79 €	22 854 570,44 €	1 474 297,35 €	6,45 %

Gasto en transferencias correntes. Anos 2020 e 2021 (€)

O gasto en transferencias correntes acadou un importe de 4 724 100,19 € cun descenso porcentual do 6,65 % con respecto a 2020.

Denominación	2022	2021	Importe da variación s/ 2021	% de variación s/ 2021
Transferencias a entidades públicas e privadas	1 778 681,69 €	1 902 810,13 €	124 128,44 €	-6,52 %
Transferencias a familias e institucións sen ánimo de lucro (bolsas e subvencións)	4 031 060,51 €	2 821 290,06 €	1 209 770,45 €	42,88 %
Transferencias ao exterior (intercambios Erasmus, LIG..)	4 694,94 €	0 €	4 694,94 €	--
TOTAL	5 814 437,14 €	4 724 100,19 €	1 090 336,95 €	23,08 %

Gasto en investimentos (obrigas recoñecidas). Anos 2021 e 2022 (€)

O capítulo de investimentos no ano 2022 chega aos 28 353 744,32 € cun decrecemento porcentual dun -10,03 % con respecto a 2021:

Denominación	2022	2021	Importe da variación s/ 2021	% de variación s/ 2021
Investimentos asociados ao funcionamento dos servizos	4 388 379,56 €	10 228 425,04 €	-5 840 045,48 €	-57,10 %
Gasto en investimentos de carácter inmaterial	23 965 364,76 €	21 284 717,96 €	2 680 646,80 €	12,59 %
TOTAL	28 353 744,32 €	31 513 143,00 €	-3 159 398,68 €	-10,03 %

As bibliotecas están ao servizo de toda a comunidade universitaria e abertas a toda a sociedade en xeral. O gasto dedicado á adquisición de recursos de información ascendeu no ano 2022 a 1 745 819,00 €

O gasto de persoal asignado ás bibliotecas foi de 4 161 091,61 € importe lixeiramente maior ca o do exercicio anterior.

Descrición	Ano 2022	Ano 2021
Total de gastos en recursos de información (euros)	1 745 819,00 €	1 737 107,34 €
Compra de monografías en papel	189 856,00 €	163 128,76 €
Subscrición de publicacións periódicas en papel	111 127,00 €	123 463,62 €
Gasto en monografías electrónicas de pagamento con licenza	30 435,00 €	31 509,38 €
Gasto en publicacións periódicas electrónicas de pagamento ou con licenza	1 178 770,00 €	1 155 405,24 €
Gasto en bases de datos de pagamento ou con licenza	235 631,00 €	263 600,34 €
Gasto en información electrónica	1 444 836,00 €	1 450 514,96 €

Custo en persoal das bibliotecas (€)

Descrición	Ano 2022	Ano 2021
Custo de bibliotecarios/as	1 728 912,13 €	1 905 136,76 €
Custo de auxiliares de biblioteca	2 319 133,57 €	2 104 638,65 €
Custo de estudantado bolseiro	4800,00 €	4800,00 €
Custo de persoal administrativo	108 245,91 €	105 000,58 €
Total do custo do persoal (euros)	4 161 091,61 €	4 119 575,99 €

5.3. A contratación administrativa

Os aspectos máis relevantes da contratación pública correspondente aos distintos tipos de contratos administrativos (obras, subministracións, asistencia/consultaría/servizos, xestión de servizos públicos e contratos de carácter privado) do exercicio 2022 aparece reflectida nos cadros seguintes.

Comparación do volume de contratación nos exercicios 2021 e 2022

	2022	2021	Diferenzas (valor absoluto)	Diferenzas (porcentuais)
Importes de adxudicación	5 520 260,29 €	5 388 214,51 €	132 045,78 €	2,45 %
Número de expedientes	45	54	9	-16,67 %

A continuación, amósase un resumo das adxudicacións distinguidas por tipos de contrato e, á súa vez, polos procedementos e formas de adxudicación. Neste exercicio, dásele un maior peso aos expedientes tramitados por procedemento aberto, que superan en número os procedementos negociados.

Resumo por tipo e por procedemento de adxudicación no exercicio 2022

Por tipo de contrato	Procedemento negociado	Aberto tramitación reducida	Procedemento aberto	Acordo marco	Procedemento restrinxido	Emerxencia	Concurso	Total
Obras	-	2	6	-	-	-	-	8
Servizos	2	4	6	-	-	-	-	12
Subministracións	-	3	14	3	-	-	-	20
Privados	-	-	3	-	-	-	1	4
Concesión de servizos	-	-	-	-	1	-	-	1
Totais	2	9	29	3	1	-	1	45

A información anterior complementábase cos datos económicos contidos no seguinte cadro, no cal se observa que as baixas producidas acadaron un importe de 759 110,63 €

Resumo por tipo, importes e ratios principais no exercicio de 2022

Tipo de contrato	Núm. de expedientes	Importes de licitación	Importe de adxudicación	Baixas
Obras	8	827 150,09 €	712 549,08 €	114 601,01 €
Servizos	12	1 631 331,50 €	1 598 185,69 €	33 145,81 €

Tipo de contrato	Núm. de expedientes	Importes de licitación	Importe de adjudicación	Baixas
Subministracións	20	3 050 271,06 €	2 507 486,98 €	542 784,08 €
Privados	4	770 618,27 €	702 038,54 €	68 579,73 €
Concesión servizos	1	- €	-	-
Totais	45	6 279 370,92 €	5 520 260,29 €	759 110,63 €

Finalmente, debemos recordar que nos datos comentados non se inclúe información relativa aos denominados contratos menores regulados nos artigos 111 e 138.3 do texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP) e no artigo 118 da Lei de contratos do sector público (LCSP). Ao respecto, hai que indicar que a publicidade relativa aos citados contratos, a partir do disposto no artigo 63.4 da LCSP, se efectúa na plataforma de contratación do sector público (PCSP) e se pode acceder á devandita información a través do perfil do contratante da Universidade de Vigo na PCSP e premendo na pestana de documentos. A información pode consultarse na seguinte ligazón: <https://bit.ly/3vSfOYD>

O Servizo de Xestión Económica e Contratación elabora anualmente unha memoria coa información do resumo dos expedientes de contratación, expedientes adjudicados, información sobre desestamentos, renuncias, penalidades impostas, modificacións de contratos e garantías dixilenciadas.

+ **información** <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/41>

5.4 Responsabilidade na cadea de aprovisionamentos


O seguinte cadro recolle as cifras de facturación atendendo á procedencia dos provedores. Consideramos provedores locais aos das provincias de Pontevedra e Ourense, onde teñen sede os campus da Universidade de Vigo; estes representan o 46,10 % do número de provedores e facturan 14 493 215,78 € o que representa un 39,84 % do total da facturación. Estes datos supoñen unha cifra similar á do ano anterior en canto ao volume e ao número de provedores.

ÁMBITO	Exercicio 2022			Exercicio 2021		
	Núm. de provedores	Total facturado	% facturado	Núm. de provedores	Total facturado	% facturado
Local	1289	14 493 215,78 €	39,84 %	1192	12 831 600,75 €	33,36 %
Autonómico	340	3 466 741,17 €	9,53 %	314	4 675 834,23 €	12,16 %
Estatal	813	16 918 442,41 €	46,51 %	834	19 221 893,94 €	49,97 %
Estranxeiro	354	1 499 379,30 €	4,12 %	325	1 738 407,25 €	4,52 %
Totais	2796	36 377 778,66 €	100 %	2665	38 467 736,17 €	100 %


Atendendo á orixe xeográfica, a Universidade de Vigo fornécese nun 58,26 % do contratado con provedores galegos, dos cales 79,13 % son provedores locais.

% facturado por orixe do proveedor

% Facturado por tipo de proveedor 2022



% Proveedor por ámbito 2022



Durante o exercicio de 2022 a Universidade de Vigo tivo relación con 2796 provedores externos, que lle facturaron en total 36 377 778,66 €. O importe medio por proveedor é de 13 011,00 € e o tramo de facturación de entre 1001 a 10 000 € o que absorbe a parte máis importante do orzamento cun 37,80 %.


Facturas recibidas

Concepto	Ano 2022	Ano 2021
Número total de provedores	2796	2665
Número total de facturas	28 040	26 103
Importe total facturado	36 377 779,00 €	38 467 736,17 €
Importe medio por factura	1297 €	1473,69 €
Importe medio por proveedor	13 011,00 €	14 434,42 €
Número medio facturas por proveedor	10,03	9,79

Tramos	Ano 2020		Ano 2021	
	% Facturas	% Importe	% Facturas	% Importe
De 0 a 100 €	34,22 %	1,06 %	36,35 %	0,96 %
De 101 a 1000 €	46,55 %	13,18 %	44,09 %	10,99 %
De 1001 a 10 000 €	17,23 %	37,80 %	17,45 %	34,58 %
De 10 001 a 50 000 €	1,70 %	28,82 %	1,74 %	24,94 %
Máis de 50 000 €	0,30 %	19,14 %	0,38 %	28,53 %
Total	100 %	100 %	100 %	100 %


En canto á evolución dende 2015 a 2022, no referente ao importe total facturado, podemos ver que en 2016 se produce un descenso moi acusado deste, que pasa de 39 383 530 € a 32 503 158 € o que supón un descenso de máis de 6 millóns e medio de euros. Nos anos 2017 e 2018 prodúcese unha recuperación da facturación que acada en 2018 os 37 911 995 €, aínda que en 2019 volve descender aos 35 871 242 €. A partir de 2022 estabilízase de novo e supera os 36 000 000 €

Evolución importe total facturado 2015-2022




En canto á evolución do número de facturas, podemos ver que se produce un aumento constante dende 2015 a 2018 e que nos anos 2019 e 2020 observamos un descenso brusco delas, que volve incrementar en 2021 e 2022.

Evolución número total de facturas 2015-2022



Evolución dos provedores locais e rexionais 2015-2022



+ información <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/66/42>

5.5 Indicadores económico-financieros e entidades participadas

Como complemento ao resto da información contida na memoria, nesta sección recóllese unha mostra dos indicadores que reflicten dun xeito sintético a situación orzamentaria, financeira e patrimonial da Universidade de Vigo no exercicio 2022.

Indicador de endebedamento

Este indicador representa a relación entre a totalidade do pasivo esixible (corrente e non corrente) respecto do patrimonio neto mais o pasivo total da entidade. Resulta de dividir a suma do pasivo corrente mais o pasivo non corrente entre o patrimonio neto (53 029 582,20 € / 296 865 274,74 €), e o resultado é 0,18.

Indicador de cash flow

Este indicador reflicte a medida na que os fluxos netos de xestión de caixa cobren o pasivo da entidade, e é resultado de dividir o pasivo non corrente sumado ao pasivo corrente entre os fluxos netos de xestión (53 029 582,20 € / 20 999 264,42 €), e o resultado é 2,53.

Indicador de cobertura de gastos correntes

Este indicador manifesta a relación existente entre os gastos de xestión ordinaria e os ingresos da mesma natureza, e resulta de dividir os gastos de xestión ordinaria entre os ingresos de xestión ordinaria (181 834 282,97 € / 188 360 532,64 €), e o resultado é 0,97. Este indicador reflicte a fortaleza da universidade para atender os gastos correntes.

Indicador de execución do orzamento de gastos

Indica a proporción dos créditos aprobados no exercicio que deron lugar ao recoñecemento de obrigas, e é produto de dividir as obrigas recoñecidas netas entre os créditos totais (180 980 048,67 € / 214 683 357,26 €), co resultado de 0,84. Este resultado recolle unha porcentaxe de execución do orzamento de gastos normal consonte a planificación realizada.

Indicador de realización de pagos

Este indicador reflicte a proporción das obrigas recoñecidas no exercicio de que o pagamento se realizou neste, con respecto ao total de obrigas recoñecidas, e resulta de dividir os pagamentos realizados entre as obrigas (180 961 912,41 € / 180 980 048,67 €), e o resultado é 1,00.

Indicador de esforzo en investimento

Establece a proporción que representan as operacións de capital realizadas no exercicio con respecto á totalidade dos gastos orzamentarios efectuados nel. Resulta de dividir as obrigas recoñecidas netas do capítulo 6 do orzamento de gastos entre o total de obrigas recoñecidas netas (28 310 878,87 € / 180 980 048,67 €), e o resultado é 0,16.

Indicador de execución do orzamento de ingresos

Mostra a proporción que sobre os ingresos orzamentarios previstos supoñen os ingresos orzamentarios netos, isto é, os dereitos liquidados netos. Resulta de dividir os dereitos recoñecidos netos entre as previsións definitivas (193 960 509,52 € / 214 683 357,26 €), e o resultado é 0,90.

Entidades participadas

A continuación, móstrase a participación no capital de sociedades recollida na conta anual da Universidade de Vigo:

Empresa	Valor en libros	% participación
Cidade Universitaria	5 815 970,00 €	57,14 %
Unirisco	N/D	1,46 %
Cidade Tecnolóxica de Vigo	1 850 000,00 €	25,07 %

Máis información sobre a participación institucional da Universidade de Vigo en diversas entidades (agrupacións, asociacións, clúster, consorcios, fundacións, *hubs*, sociedades anónimas...) pode consultarse na seguinte ligazón do portal de transparencia:

+ **información** <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/5>

5.6 Medidas antifraude

A Universidade de Vigo, mediante unha **declaración institucional**, aprobada no consello de goberno do 21 de decembro de 2021, sobre a loita contra a fraude, manifesta a súa decidida vontade de combater a fraude, a corrupción e os conflitos de intereses na xestión de fondos públicos.

O obxectivo desta declaración é promover e consolidar unha cultura na nosa institución que exerza un efecto disuasorio para realizar calquera tipo de actividade fraudulenta e conseguir que as nosas actividades sexan percibidas como opostas á fraude e á corrupción en calquera das súas formas.

A Resolución reitoral, do 10 de febreiro de 2022, aproba o **Plan de medidas antifraude**, que se aplicarán nos proxectos executados pola Universidade de Vigo e que sexan financiados a cargo dos fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

+ **información** <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/513>

Canles de denuncia antifraude

Na páxina de medidas antifraude do portal de transparencia infórmase das canles de denuncia antifraude externas: a Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF) e o Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA), así como a canle de denuncia interna establecida no Plan de medidas antifraude.

Proxectos

De conformidade co artigo 8.c e 12.d da Resolución reitoral, do 10 de febreiro de 2022, pola que se aproba o Plan de medidas antifraude, dáse publicidade agregada da referencia dos proxectos, subvencións, axudas e contratos que reciben financiamento dos fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

+ **información** <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/57>

5.7 Impacto económico da actividade da Universidade de Vigo



O 31 de marzo de 2022 presentouse no Pleno do Consello Social o estudo promovido por este sobre o impacto económico e social da Universidade de Vigo, cuxo obxectivo central foi determinar o impacto económico e social que ten a Universidade de Vigo tanto no conxunto de Galicia coma especificamente nas economías das provincias onde están asentadas os seus tres campus (Ourense, Pontevedra e Vigo).


O estudo agrupa os efectos da actividade universitaria en función do horizonte temporal no que se producen:

- Impactos a curto prazo: dentro deles agrúpanse os efectos económicos do incremento da demanda, derivados da actividade tanto da propia Universidade coma dos axentes vinculados a esta (alumnado, visitantes e asistentes a congresos e eventos científicos), cuantificándoos en termos de *output*, renda e emprego.
- Impactos a longo prazo: neste caso o foco ponse nos efectos que a actividade universitaria ten sobre a oferta dos recursos produtivos (como emprego, o capital humano ou o tecnolóxico), así como nos efectos económicos que estes teñen en actividades como a ocupación, a renda ou a recadación fiscal.


O obxectivo central indicado concreouse en:

- Determinar e cuantificar o impacto económico da actividade da Universidade de Vigo a curto prazo tanto en Galicia coma nas provincias de Ourense e Pontevedra en termos de *output*, renda e o emprego que xeran.
- Cuantificar o poder de atracción que exerce a Universidade de Vigo cara a outros sectores económicos.
- Cuantificar o impacto económico da Universidade de Vigo a través da creación de capital humano e, mediante el, avaliar o impacto na ocupación e no emprego.
- Coñecer a balanza fiscal derivada da actividade da Universidade de Vigo e a contribución desta ás contas da seguridade social.
- Cuantificar a incidencia das actividades de creación e transferencia do coñecemento da Universidade de Vigo.
- Determinar a eficacia a eficiencia do investimento económico que fai a sociedade na Universidade de Vigo.

As cifras recollidas nese estudo reflicten o papel fundamental que xoga a Universidade de Vigo como principal produtor e transmisor de coñecemento do sur de Galicia; asemade, o seu significativo impacto tanto nas economías das economías daquelas provincias onde ten os seus campus coma no conxunto da economía galega.



Unha influencia que será crecente ante os desafíos que presenta un contexto como o actual, no que o coñecemento se converteu no principal motor do desenvolvemento económico e como base do benestar social, e que se ve reforzada pola elevada rendibilidade, eficacia e eficiencia realizada en e pola universidade.



+ información

<https://consellosocial.uvigo.gal/es/publicacion/impacto-economico-da-actividade-da-universidade-de-vigo/>



Capítulo 6. A Universidade de Vigo e o medio ambiente



6.1 Obxectivos e balance de actuación. Curso 2021/2022

A OMA é o servizo responsable da política ambiental da Universidade de Vigo (UVigo). Coordina e promove as liñas de conservación ambiental que se aplican nos tres campus (Vigo, Ourense e Pontevedra).

Entre as súas funcións están asesorar a comunidade universitaria en materia ambiental, intervir en actuacións que poidan producir impactos ambientais e promover accións que aumenten a calidade ambiental, a través dos seguintes instrumentos:

- Uso sustentable dos recursos naturais e materias primas reducindo os consumos e a produción de residuos.
- Fomento da educación e da sensibilización ambiental.
- Conservación dos ecosistemas naturais dos campus e da diversidade biolóxica.

+ **información** <http://oma.webs.uvigo.es/>

6.2 Xestión ambiental: manexo de recursos, materias primas e residuos

No campus de Pontevedra, xunto coa súa vicerreitoría, desenvólvese o sistema de seguimento e de xestión ambiental (bandeira verde universitaria) dentro do marco do programa Green Campus coordinado pola entidade Adeac.

Recollidas de residuos perigosos dos laboratorios e servizos da UVigo

Dende a OMA dirixese e supervísase a recollida dos residuos perigosos (RP) de todos os centros dos tres campus a través de xestores autorizados. Durante o curso 2021/2022 retiráronse as seguintes cantidades:

	Outubro de 2021	Abril de 2022
Total de RP (kg)	9430	10 248

Recollida de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE)

Trabállase na recollida, almacenamento, transporte e xestión do material informático obsoleto e avariado de todos os centros da UVigo. Colabórase co Gruvi (Grupo de Reciclaxe Informática da Universidade de Vigo) na selección do material informático e electrónico potencialmente reutilizable, que é trasladado ao seu taller. Neste curso, a cantidade en peso de material recuperado con respecto ao total desbotado foi arredor dun 6,3 %. A cantidade total tratada a través dun xestor autorizado deste tipo de residuos foron uns 7 070 kg.

RAEE retirados no curso 2021/2022

	Reutilizados no Gruvi	Xestor autorizado
Ordenadores	45	767
Monitores	32	351
Impresoras e escáneres	3	91
Caixas con material variado	3	52
Outros equipos eléctricos	-	31
TOTAL	83	1292

Residuos SANDACH (subproductos animais non destinados ao consumo humano)

Tamén se leva o control, segregación e xestión doutro tipo de residuos como os SANDACH (procedentes de laboratorios de experimentación animal), fluorescentes e lámpadas, consumibles de oficina, teléfonos móbiles etc.

Recollida de fluorescentes e lámpadas de baixo consumo

Coa entidade Ambilamp, que conforma un sistema de xestión integrado de residuos procedentes de lámpadas fluorescentes e de baixo consumo, a UVigo ten asinado un convenio polo que esta entidade recolle gratuitamente este tipo de residuos nos campus. Para isto, puxo a disposición da UVigo unha serie de colectores especiais localizados en zonas centralizadas de cada campus, onde se van dispoñendo adecuadamente este tipo de residuos para a súa posterior recollida e xestión pola entidade.

A empresa CORE dispón en puntos estratéxicos dos tres campus (conserxarías e servizos) colectores para a recollida específica de cartuchos e tóneres de impresoras e fotocopiadoras, así como de teléfonos móbiles e dos seus compoñentes. Recolle cada cuadrimestre ou por aviso específico do centro no caso de que se enchan.

Control e estudo de consumos na universidade

Dende a Oficina de Medio Ambiente (OMA) lévase o control e o seguimento de determinados consumos (auga, electricidade, combustibles etc.) que son recollidos nos contadores específicos ou subministrados polos servizos de recompilación de datos da universidade (fornecidos polas compañías subministradoras). Rexístranse mensualmente os consumos de auga, electricidade e combustibles, estudando na medida do posible medidas de aplicación de eficiencia enerxética e aforro.

+ información

<http://oma.webs.uvigo.es/Sostibilidade/CambioClimatico/PegadaEcoloxica.php>

6.3 Accións en favor da sensibilización e formación medioambiental

A Universidade de Vigo continúa a promover a sensibilización e a formación medioambiental entre toda a comunidade Universitaria e a súa contorna, co desenvolvemento do programa de educación ambiental que inclúe visitas polos itinerarios ambientais «Universidade e natureza» e a «Ruta das árbores», dirixida principalmente a estudantes de centros de ensino das bisbarras dos campus e para os membros da comunidade universitaria. O obxectivo destas saídas de campo é dar a coñecer a paisaxe e a grande variedade de especies de fauna e flora presentes nos campus, algunha singulares polo seu porte, rareza ou idade.

Dentro do ámbito do Desenvolvemento Sustentable e a Xestión Ambiental convocáronse 6 bolsas de formación para estudiantado universitario e contouse coa colaboración de varios proxectos fin de grao e fin de mestrado, así como estudantes que desenvolveron labores de voluntariado para apoio na xestión ambiental e o mantemento e a conservación do medio natural dos campus.

Accións en favor da conservación do medio natural

No que respecta ao control e erradicación de especies invasoras, continúaase co seguimento e control de especies de flora invasora (acacia negra, mimosa, falsa acacia, cortadeira, cana, onagra, margarida africana, persicaria, herba tintureira, cala, glicinia, *eixerón*, *landoltia*, cálam, acedeira, pervinca, papoula da California, chagas etc.) e capturas de fauna invasora (como o cangrexo americano, a tartaruga de Florida, carpas e carpíns) nas lagoas e estanques dos campus.

A Unidade de Xardinería e Zonas Verdes encárgase da conservación das zonas verdes de todos os campus, así como das infraestruturas relacionadas e os traballos asociados.

Dende a Unidade de Xardinería e Zonas Verdes, faise un traballo constante nos campus ao longo do ano na xestión da conservación das zonas verdes, así como traballos complementarios relacionados. En función da climatoloxía, da evolución vexetativa das diferentes cubertas vexetais e do calendario universitario, planifícanse as tarefas de conservación co obxectivo de aumentar a calidade ecolóxica, tentando incrementar a biodiversidade e o potencial ornamental e paisaxístico das zonas verdes:

- Supervisión e control periódico do estado das zonas verdes, mobiliario urbano e infraestruturas.
- Planificación e coordinación dos traballos de conservación en zonas verdes e infraestruturas (estacionamentos, sistema viario e peonil, zonas duras, sistemas de drenaxe, estanques e limpeza xeral periódica dos campus).
- Traballos de mantemento: podas, reprodución de plantas, rega e mantemento dos sistemas de rega, compostaxe etc.

Outros traballos extraordinarios e estacionais nos campus de Vigo e de Pontevedra que cabe destacar foron:

Xestión de residuos

- Limpezas de entulleiras de rexeneración espontánea.
- Limpezas especiais de forma manual dos campus durante os exames de selectividade, antes dos actos institucionais e protocolarios, logo dos eventos deportivos, doutros temporais etc.
- Tres limpezas mecánicas ao ano das estradas, as sendas, as zonas de estacionamento e as zonas duras mediante varredora-aspiradora urbana con recollida de áridos e restos vexetais.
- Recollida de residuos inertes dos centros, dos servizos, dos laboratorios e das infraestruturas: recollida, clasificado, reciclaxe e almacenamento temporal de materiais metálicos, áridos, madeira, sinais de tráfico etc.
- Recollida de residuos inertes e limpeza especial de líquidos nas calzadas logo dos accidentes de circulación nas estradas dos campus.

- Xestión dos residuos vexetais producidos nos traballos de conservación das zonas verdes: triturado das pólas de poda e compostaxe dos restos vexetais producidos nos traballos de mantemento. Empréganse para a restauración de solos e plantacións. Este ano producíronse aproximadamente uns 40 m³ de compost maduro.

Plantacións

- Plantación/reposición de 75 árbores e arbustos en varias zonas do campus como mellora da diversidade vexetal e paisaxística: nas inmediacións da residencia universitaria, na traseira do edificio CACTI-Cinbio, na contorna da Facultade de Económicas e na parcela do edificio MTI-Cintecx pola zona dos equisetos.
- Plantación de especies herbáceas autóctonas perennes e de cobertura en zonas de erradicación de plantas invasoras (residencia universitaria e Escola de Telecomunicacións).

Outros traballos

- No campus de Pontevedra realizáronse traballos de poda de altura e de seguridade no arboredo patrimonial do campus (*Acer sacharinun e Platanus spp*). Corta dun *Ulmus sp.* e dun *Murus alba* para evitar o risco de caída e solta de pólas.
- Mellora da contorna da residencia universitaria, ademais das plantacións nas súas proximidades, ampliación do sistema de rega e construción de tres herpetorrefuxios.
- Colaboración con departamentos e equipos de investigación proporcionando materiais, preparando novas zonas para investigación etc.
- Continuación coa erradicación dunhas doce especies de flora exótica invasora en diferentes ecotonos e xardíns dos campus, actuando periodicamente.
- Continuación coa xestión e execución das medidas correctoras en adaptación da lexislación de prevención de incendios; continuación coa corta de piñeiros na circunvalación e proximidades de edificios no campus As Lagoas, Marcosende de Vigo.
- Corta especial de piñeiros que supoñían un risco de caída de pólas na contorna da Facultade de Económicas, na Facultade de Filoxía e Tradución, na Escola de Minas e Enerxía e Enxeñaría Industrial.
- Poda especial dun *Castanea sativa* (castiñeiro) na contorna de Filoxía e Tradución (castiñeiro máis grande e vello do campus de Vigo), incluída a instalación de tensores para soportar o seu peso.
- Mellora das xardineiras do patio da Facultade de Belas Artes en Pontevedra.

No campus de Ourense

- Corta e abatemento de dous lamagueiros *Populus nigra* (25 m) e *Populus alba* (20 m) mortos e secos, posiblemente polo ataque de fungos.
- Cambio de lugar de catro grandes recipientes de pedra para testos, no tramo do patio do edificio Politécnico ao acceso sur do edificio de Ferro. Posterior axardinamento.
- Cambio de lugar de oito grandes recipientes de pedra para testos sitios na terraza da biblioteca.
- Poda dunha grande póla dun piñeiro manso (*Pinus pinea*) no Parque Ambiental xa que estaba moi baixa e podía constituír un perigo para os usuarios/as.
- Roza e limpeza da base dun gran cedro do campus norte a carón do estanque dos patos.
- Retirada de tres grandes tocos de dous cedros e un piñeiro manso abatidos polo temporal.
- Limpeza e decoración do estanque da entrada do edificio do Campus da Auga.

- Axardinamento do edificio do Campus da Auga.
- Plantadura dun *Chamaecyparis lawsoniana* a carón do edificio do Campus da Auga.
- Planificación da poda en altura dun gran cedro do campus norte, afectado de rotura e caída de pólas.
- Control e supervisión do prego de prescricións técnicas do contrato de xardinaría por parte da empresa concesionaria e dos operarios/as asociados.
- Manter actualizada a información do mapa xeorreferenciado das árbores do campus Ourense (Google Maps, My Maps): 12 baixas e 11 altas de espécimes novos.
- Control e supervisión dos traballos realizados polas persoas bolseiras na OMA, así como o control horario.

6.4 A pegada ecolóxica da Universidade de Vigo

O obxectivo da nosa sociedade de progreso debería ser conseguir un desenvolvemento sustentable, é dicir, satisfacer as necesidades presentes sen comprometer a capacidade das xeracións futuras para satisfacer as súas. Por este motivo, é necesario avaliar as actividades humanas en función do impacto que producen sobre o medio e os recursos naturais. Con este fin, idéanse distintos indicadores que permiten medir o consumo de recursos e o nivel de degradación provocado no medio.

Neste apartado daremos conta do impacto ambiental, calculado como pegada de carbono ou pegada ecolóxica, da nosa institución. O estudo no tempo da pegada de carbono é unha ferramenta axeitada para identificar as actividades que precisan melloras, ou nas que é posible introducilas de cara á redución de gases de efecto invernadoiro (GEI) e, deste xeito, conseguir que a Universidade de Vigo estea nun proceso de mellora ambiental continua.

Tendo en conta que a meirande parte das universidades analizan a súa pegada ecolóxica medida en hectáreas de terreo produtivo equivalente, unha vez calculada a pegada de carbono da Universidade de Vigo aplicarase un factor de conversión de toneladas de dióxido de carbono a hectáreas de terreo produtivo equivalente, de xeito que se poida comparar o resultado co das outras universidades.

Posteriormente, para calcular a pegada ecolóxica empregárase o factor de conversión de 0,34 gha/ton CO₂ a (Global Footprint Network 2017) para transformar as emisións de dióxido de carbono en hectáreas globais equivalentes. Ademais, ao resultado deben engadirse as hectáreas de superficie construída. Deste xeito, calcúlase a pegada ecolóxica tendo en conta dous factores: i) emisións de CO₂ e ii) superficie construída.

A metodoloxía empregada neste informe para o cálculo da pegada de carbono está baseada no Protocolo de gases de efecto invernadoiro (WRI & WBCSD 2004), unha norma internacional recoñecida no mundo.

O estudo da pegada de carbono ten un importante interese e utilidade debido a que pon de manifesto un compromiso de mellora continua da UVigo de cara á redución de emisións e á eficiencia enerxética. Así mesmo, actúa como instrumento de divulgación e sensibilización social da comunidade universitaria, fomentando prácticas máis sustentables no exercicio e no uso das actividades desta institución.

Anualmente trabállase no seguimento e cuantificación do impacto ambiental da UVigo a partir do estudo da pegada de carbono e da pegada ecolóxica. Estes dous indicadores miden o efecto das emisións de gases invernadoiro e o impacto ambiental que relaciona os recursos existentes coa capacidade ecolóxica da terra de xerar os devanditos recursos. A análise destes indicadores permite distinguir as actividades máis contaminantes da atmosfera e comparalos con indicadores doutras institucións nacionais e internacionais. Están a disposición da comunidade universitaria na web da OMA.

A información sobre a pegada ecolóxica da UVigo pode consultarse na seguinte ligazón:

<http://oma.webs.uvigo.es/Sostibilidade/CambioClimatico/PegadaEcoloxica.php>.

6.5 Boas prácticas cara á redución

Existen varios mecanismos que permiten a compensación das emisións dunha organización. Estes mecanismos implican reducir ou evitar emisións de CO₂ a través de proxectos destinados para tal fin. A UVigo podería compensar as súas emisións ou parte delas contribuíndo a un destes proxectos por medio dos mercados voluntarios de carbono.

Aínda con isto, para unha organización como é a universidade, o máis simple é propoñer e tomar medidas que mitiguen as súas emisións. A pegada de carbono é moi útil neste senso, xa que permite recoñecer as fontes de GEI máis significativas e os cambios das súas emisións no tempo, para poder tomar medidas axeitadas que reduzan as emisións dun xeito eficaz.

No marco das medidas máis salientables acadadas pola Universidade de Vigo para diminuír as súas emisións pódese destacar a instalación de diversas fontes de enerxías renovables ao longo dos anos: solar térmica e fotovoltaica, xeotérmica, intercambiadores de calor e caldeiras de biomasa.

- 78kWp Fotovoltaica en Ciencias da Educación e Deporte.
- 100kWp Fotovoltaica en Ciencias Sociais e Comunicación.
- 100kWp Fotovoltaica Politécnico.
- 100kWp Fotovoltaica no Edificio do Cintecx.
- 42kWp Fotovoltaica na EEI-sede Vigo.
- 100kWp Fotovoltaica no CACTI.
- Rede de produción e distribución de valor con biomasa 2000Kw.
- Instalación xeotermia, vinilos solares e iluminación LED no Edificio de Ferro.
- Mellora da climatización na biblioteca central.
- Renovación das caldeiras e climatización na Facultade de Económicas.
- Renovación dos LED e melloras enerxéticas no Edificio Filomena Dato.
- Renovación dos LED e 200kWp fotovoltaica na Escola de Enxeñaría Industrial.
- Renovación LED e 100kWp fotovoltaica na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

Con este conxunto de actuacións, a UVigo estima unha redución da súa pegada de carbono de 1821 toneladas de CO₂ por ano, o que equivale ao 8,3 % da súa pegada total.

No ano 2022 desenvolvéronse diversas actuacións para a mellora da eficiencia enerxética e a redución das emisións de CO₂, entre elas destacan as seguintes:

- Substitución de puntos de luz existentes por paneles LED nas aulas da Facultade de Dereito, no campus de Ourense.
- Substitución de 145 puntos de luz por *downlights* LED na biblioteca central do Campus de Ourense
- Substitución de puntos de luz existentes por paneis LED na Facultade de Ciencias Sociais (agora nomeada Facultade de Comunicación)

Estes cambios produciron un aforro de 11,79 toneladas de CO₂ por ano.

Respecto ás instalacións térmicas, no campus As Lagoas completouse unha transformación que se iniciara en anos anteriores. Trátase do cambio da caldeira de gasóleo existente na Escola de Enxeñaría Industrial por outra caldeira de gas natural, de 630 kW. Deste xeito, nesta facultade xa se ten retirado totalmente o gasóleo como combustible térmico.

Este cambio produce un aforro de 53,96 toneladas de CO₂ por ano.

No eido das instalacións fotovoltaicas, no ano 2022 tamén se desenvolveron dúas actuacións, neste caso no campus Lagoas, Marcosende da cidade de Vigo, executando unha instalación fotovoltaica de 40 kWp no edificio Exeria, e outra instalación na biblioteca central, de 28 kWp.

Estas dúas instalacións fotovoltaicas produciron un aforro de 9,07 toneladas de CO₂ por ano, tendo en conta xa o inicio de funcionamento de cada unha delas, que foi respectivamente maio e xullo, polo que non se computa o ano completo.

O aforro total en emisións de CO₂, correspondente a este conxunto de actuacións citado alcanza o valor de **74,82 toneladas** de CO₂ para os investimentos desenvolvidos no ano 2022.

Na área dos RAEE, o Grupo de Reciclaxe Informática da Universidade de Vigo (Gruvi) revisa os equipos descartados nos diferentes centros e selecciona aqueles dos que é posible o seu aproveitamento ou a recuperación dalgún dos seus compoñentes. Se é o caso, o material seleccionado polo Gruvi para o seu aproveitamento repárase, e con todo o material obtido móntanse equipos «recuperados-reciclados»: ordenadores, impresoras, escáneres, pantallas, ratos, teclados etc. Os equipos informáticos recuperados ofrécense a través de convocatorias anuais a entidades sociais e institucións sen ánimo de lucro que teñan interese en aproveitalos.


6.6 Consumos

Nas táboas e gráficas seguintes indícanse os consumos enerxéticos nos tres campus e reflíctense as súas evolucións.

Consumos (kWh) derivados do consumo eléctrico

	Vigo	Pontevedra	Ourense	Total UVigo
2010	10 339 603	1 372 944	2 902 109	14 614 656
2011	10 126 668	1 445 020	2 794 252	14 365 940
2012	10 496 189	1 417 673	2 673 165	14 587 027
2013	10 046 367	1 362 760	2 588 583	13 997 710
2014	10 114 910	1 360 407	2 739 896	14 215 213
2015	9 442 088	1 313 213	2 844 602	13 599 903
2016	10 668 215	1 317 522	2 989 662	14 975 399
2017	10 957 619	1 253 746	2 972 473	15 183 838
2018	11 181 742	1 219 752	2 811 670	15 213 164
2019	10 907 527	1 171 439	2 633 882	14 712 848
2020	9 405 654	849 119	2 114 423	12 369 196
2021	9 331 634	808 709	5 545 833	12 686 176
2022	9 534 365	896 172	2 680 124	13 110 661


Consumos derivados do consumo eléctrico



Consumos (kWh) derivados do consumo de gas natural

	Vigo	Pontevedra	Ourense	Total UVigo
2016	456 215	325 222	313 181	1 094 618
2017	1 571 533	1 321 463	190 361	3 083 357
2018	3 358 612	1 522 479	996 546	5 877 637
2019	5 184 856	2 032 992	1 384 483	8 602 331
2020	4 764 224	1 395 502	968 777	7 128 503
2021	6 668 353	1 457 453	1 382 446	9 508 252
2022	6 245 579	1 483 328	1 223 434	8 952 341


**Consumos e emisións derivados do consumo de gas natural
Cálculos dende o ano 2016**



Consumos (m³) derivados do consumo de gasóleo C

	Vigo	Pontevedra	Ourense	Total UVigo
2010	641,00	137,00	230,00	1008,00
2011	517,00	164,00	217,00	898,00
2012	517,00	171,00	217,00	905,00
2013	642,00	164,00	246,00	1052,00
2014	560,60	133,10	236,10	929,80
2015	393,40	117,90	102,80	614,10
2016	583,99	91,25	150,21	825,45
2017	308,21	23,70	113,50	445,41
2018	435,00	0,00	170,00	605,00
2019	266,79	0,00	1145,60	412,39
2020	188,81	0,00	94,62	283,43
2021	171,98	0,00	122,74	294,72
2022	89,15	0,00	94,62	183,77

Consumos derivados do consumo de gasoleo C




Consumo (m³) e emisións (ton CO₂) de auga

	Vigo	Pontevedra	Ourense	Total UVigo
2010	68 471	11 625	44 280	124 376
2011	75 932	9 641	55 863	141 436
2012	84 351	17 677	41 453	143 481
2013	78 854	10 462	33 479	122 795
2014	85 280	10 033	24 534	119 847
2015	82 403	10 117	24 168	116 688
2016	73 154	11 421	24 085	108 660
2017	54 273	9 406	16 240	79 919
2018	54 804	16 892	29 711	101 407
2019	51 191	11 002	29 782	91 975
2020	39 632	4325	24 649	68 606
2021	44 292	5720	16 056	66 068
2022	73 586	5944	14 597	94 127

* No ano 2021 actualizáronse os valores de emisión, que pasan de 0,24 Kg/m³ a 0,084 Kg/m³, dado que os procesos de obtención e potabilización son máis eficientes e menos contaminantes.

Consumos (m³) e emisións (ton CO²) de auga



+ **información** <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/32/32>


6.7 UI GreenMetric World University Rankings

O GreenMetric World University ranking é unha iniciativa da Universidade de Indonesia que ten como obxectivo proporcionar o resultado dunha enquisa en liña sobre a condición actual e as políticas relacionadas coa sostibilidade das universidades do mundo, intentando chamar a atención sobre a loita contra o cambio climático, a conservación da enerxía e a auga, a reciclaxe de residuos e o transporte ecolóxico.


Para realizar a clasificación global utilizan un total de 51 indicadores, con 30 evidencias e 6 criterios: contorno e infraestruturas (15 %), enerxía e cambio climático (21 %), residuos (18 %), auga (10 %), transporte (18 %) e educación e investigación (18%).

A posición da Universidade de Vigo na clasificación de 2022, que recolle datos do ano 2021 e do curso académico 2021/2022, é a 300, cunha puntuación total de 6975 puntos, coa seguinte distribución segundo os apartados: entorno e infraestruturas 1075, enerxía e cambio climático 1290, residuos 1425, auga 800, transporte 1060 e educación e investigación 1325.

Detail Rankings 2022 - Universidade de Vigo

Rank 2022	Country	Total Score	Setting & Infrastructure	Energy & Climate Change	Waste	Water	Transportation	Education & Research	Website
300	Spain	6975	1075	1290	1425	800	1060	1325	

No seguinte cadro recóllese a evolución das diferentes posicións da UVigo:



Hai que destacar que o posicionamento neste clasificación ten repercusión no subfondo «panel de indicadores» dentro do plan de financiamento das universidades de Galicia 2022-2026, ao ser o indicador PAIRS1 dentro do módulo 6 de responsabilidade social cunha ponderación do 0,5 %.

Coa fin de coñecer os impactos nos seis criterios que son contorno e infraestruturas, enerxía e cambio climático, residuos, auga, transporte e educación e investigación segundo a metodoloxía definida para o GreenMetric World University ranking, a Unidade de Análises e Programas vén elaborando uns informes que permiten avaliar as métricas utilizadas, os criterios e o posicionamento da Universidade de Vigo cada un dos criterios avaliados. Os informes detallados pódense consultar na seguinte ligazón.

+ **información:** <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/69>



Capítulo 7. Compromiso coa sociedade

7.1 Transferencia social e cultural



7.1.1 Participación da comunidade universitaria en actividades de responsabilidade social

A maiores da implicación nas titulacións oficiais, a Universidade de Vigo realiza un gran número de actividades de sensibilización e formación no marco da cooperación e da solidariedade, e da dimensión económica, social e medioambiental englobadas no termo responsabilidade social.

Deste xeito fai realidade o seu compromiso coa sociedade na procura dun desenvolvemento social, económico, cultural e ambiental sostible e equilibrado a través da ampla proxección que estas actividades teñen no contorno local e social da universidade.

7.1.2 A responsabilidade social nas actividades de extensión universitaria

Dentro do organigrama institucional, a Vicerreitoría de Extensión Universitaria ten como obxectivo básico promover a participación da comunidade universitaria en actividades complementarias que fomenten a formación integral dos nosos/as estudantes.

O Servizo de Extensión Universitaria, dentro da Vicerreitoría, estrutúrase en tres áreas diferenciadas: Área de Cultura, o SIE (Sección de Información ao Estudantado) e a Área de Deportes.

Á hora de elaborar o calendario de actividades ofertadas por esta vicerreitoría, un dos criterios para a adxudicación das iniciativas son as actividades formativas relacionadas coa sensibilización da sociedade e da comunidade universitaria. Deste xeito, vaise valorar na memoria técnica a calidade das actividades propostas para desenvolver en relación á sensibilización social e á comunidade universitaria en función dos aspectos que se indican a continuación: espectáculos e outras actividades destinadas a desenvolver a concienciación e sensibilización no que toca ao comercio xusto, a compra ética e responsable, o desenvolvemento sustentable e a valoración social dos grupos con discapacidade ou en risco de exclusión social.


No punto 3 da meta estratéxica número 7 da Universidade de Vigo faise referencia a necesidade de «incrementar a proxección exterior desta institución a través da extensión universitaria».

Desta maneira, a Vicerreitoría de Extensión Universitaria promove, canaliza, apoia e fomenta a participación da comunidade universitaria en actividades complementarias.

Número de actividades de extensión universitaria e asistencia. Curso 2021/2020

	Ourense		Pontevedra		Vigo		Total	
	Actividades	Asistentes	Actividades	Asistentes	Actividades	Asistentes	Actividades	Asistentes
Exposicións	3	1300	10	1500	3	3340	16	6140
Aulas e obradoiros	22	259	15	175	22	231	59	665
Cursos de extensión	5	128	1	25	3	110	9	263
Concursos (premios Uvigo)	-	-	2	15	3	104	5	119
Coro universitario	5	1900	1	-	-	-	6	1900
Teatro e artes escénicas	31	7500	4	300	5	350	40	8150
Música	-	-	20	1800	2	650	22	2450
Proxeccións audiovisuais	10	300	28	1100	6	1850	44	3250
Conferencias e mesas redondas	-	-	15	450	-	-	15	450
TOTAIS	76	11 387	96	5365	44	6635	216	23 387

Participación por campus en actividades de extensión universitaria 2022



+ información <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/38>

Actividade cultural da Universidade de Vigo

Dende Extensión Universitaria, durante o curso académico 2021/2022, téñense organizado unha gran variedade de actividades culturais nos tres campus. A universidade de Vigo conta con dúas salas para a exhibición e divulgación do pensamento e creación artística: a sala Alterarte, no campus de Ourense; e a sala X, como espazo de exposicións do campus de Pontevedra. Estas salas tamén se configuran como espazos creativos e dinámicos para as cidades de Ourense e Pontevedra. Destacamos dentro delas as seguintes exposicións da sala Alterarte: Ocupar un corpo, de Deebo Barreiro, comisariada por Vítor Nieves; Precariedade spam!, de Adrián Conde Novoa, comisariado por Xosé M. Buxán Bran e Formas e tránsitos, de Isabel Flores, comisariada por Sara Donoso.

Comprometida coa innovación, a promoción, a difusión cultural e o apoio ao talento, a Universidade de Vigo convoca todos aos anos os concursos de creación audiovisual, fotografía, pintura e maquetas de música. As convocatorias e obras premiadas poden consultarse na seguinte ligazón:

+ **información** <https://www.uvigo.gal/campus/cultura/premios-culturais>

7.2 Promovendo a colaboración cos axentes sociais



O establecemento de redes de colaboración é un aspecto fundamental da responsabilidade social, xa que permite establecer redes de comunicación coas partes interesadas, ademais de facer máis sustentable os recursos da universidade.

Convenios de colaboración asinados con diversos axentes sociais

A Universidade de Vigo é un ente aberto á colaboración. Por este motivo ten establecido numerosos convenios de diferentes tipos (convenios marco, convenios específicos para a implementación de accións e/ou actividades concretas, convenios de colaboración para a realización de prácticas externas, convenios para a realización de voluntariado e de proxectos Aprendizaxe Servizo con distintas entidades de cara a contribuír á consecución de obxectivos comúns. Para coñecer máis información sobre os diferentes convenios que ten asignados a nosa universidade pode consultarse a seguinte ligazón:

+ **información** <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convenios/public/convenio/index>

Esta aplicación web permite filtrar os convenios por tipo, onde poden verse prácticas, convenios marco, convenios de colaboración, convenios de cooperación educativa, acordos de cotutela dunha tese de doutoramento, convenios específicos de colaboración ou concerto; e por estado, onde se recolle se se atopa asinado ou extinguido; e tamén permite a procura por texto.

A información deste apartado complementase coa disposto no apartado 7,8 desta memoria e especialmente co disposto no punto **Impulso das alianzas en materia de cooperación e de RSU no marco da Axenda 2030**.

7.3 A Universidade de Vigo promovendo o voluntariado e a cooperación



Durante o curso 2021/2022, 85 persoas participaron nas actividades de voluntariado organizadas pola Universidade de Vigo, para as que hai orzamento cara a facer fronte a gastos de desprazamento.


Así mesmo a nosa universidade participa en campañas de doazón de órganos, recollida de alimentos, visitas a hospitais, talleres de inserción, entre outros.

Voluntariado. Ano 2021/2022

	Total	% mulleres	Campus Ourense	Campus Pontevedra	Campus Vigo
Núm. de estudantes en accións de voluntariado	85	69,41 %	17	7	61
Núm. de programas	20				

Do total persoas que dedicaron algunhas horas a actividades de voluntariado nun total de 20 programas, o 69,41 % destas persoas foron mulleres, un 9,23 % máis ca no ano anterior.

Voluntariado por campus curso 2021/2022



A seguir indícanse os programas de voluntariado nos que participaron estes voluntarios e voluntarias:

PROGRAMAS DE VOLUNTARIADO. Curso 2021/2022

Acompañamento a persoas maiores

AIDA Books&More

Axenda 2030. Axentes de cambio

Axuda a estudantes con necesidades específicas de apoio educativo (PIUNE)

Captación de novo alumnado

Clases de español para persoas solicitantes de protección internacional

Cruz Vermella Xuventude

Espazo residuo cero (Zero waste)

FIR-Festival Internacional Rebulir 2021

Horta da Xoaniña

Integración inmigrantes

LECXIT (Programa de promoción do éxito escolar a través do acompañamento lector)

MEET-UVigo

Plan de emprego

Voluntariado ambiental na OMA para a minimización de impactos ambientais e mellora de hábitats

Voluntariado de hospitais – Ourense

Voluntariado de prevención – Ourense

Voluntariado en protección de animais – BAI SEN PULGAS

Vulnerabilidade

Xuventude

A cooperación

A cooperación é un dos eixes da responsabilidade social da Universidade de Vigo, tal e como se recolle no apartado 7.7 desta memoria.

A coordinación das accións en materia de cooperación universitaria ao desenvolvemento está harmonizada non só co Plan estratéxico 2021-2026 da Universidade de Vigo, recentemente publicado, senón tamén, co I Plan estratéxico da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (2020-2030) «Década de acción polos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible», que está a ser implementado polas tres Universidades do SUG dende o ano 2020 a través do convenio financiado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, así como cos plans directores da Xunta de Galicia e do Estado.

Ademais das actividades indicadas no apartado 7.7 entre as que se encontran as campañas de sensibilización, o fortalecemento de redes con entidades sociais e administración, así como as formacións dirixidas ao fortalecemento das capacidades de xestión de proxectos de CUD destinadas ao PAS e PDI, a universidade promove e xestiona proxectos de cooperación.

1) Proxectos de cooperación.

A UVigo dirixe os seus esforzos no ámbito da cooperación ao desenvolvemento a pór á disposición de determinados colectivos e países, preferentemente en América Latina e nos país lusófonos, as súas fortalezas como institución educativa, investigadora, tecnolóxica e de gobernanza, implicando tanto á sociedade civil da súa contorna máis próxima como aos grupos beneficiarios da axuda.

En concreto, a UVigo busca no ámbito da cooperación os seguintes obxectivos:

- Proporcionar asistencia técnica a través do fortalecemento de coñecementos e habilidades.
- Contribuír á transferencia e intercambio de coñecemento científico e tecnolóxico aplicado á educación, saúde, enerxía, infraestruturas, produción, medio ambiente e institucións públicas.
- Ofrecer apoio ás ONGD que desenvolvan o seu traballo, preferentemente dende as provincias de Pontevedra e Ourense, no ámbito da axuda humanitaria.
- Concienciar e formar a comunidade universitaria sobre a desigualdade entre países e a necesidade de xustiza social.

No eido dos proxectos en materia de cooperación a Universidade de Vigo promove, a coherencia co IV Plan director da Cooperación Galega (2018-2021), así como co V Plan director da Cooperación Española (2018-2021).

A Universidade de Vigo asume as seguintes prioridades transversais nos proxectos de cooperación:

- 1) Erradicación da pobreza en todas as súas dimensións e lugares.
- 2) Equidade de xénero.
- 3) A defensa da sostibilidade ambiental e a loita contra o cambio climático.
- 6) O enfoque baseado en dereitos humanos.
- 7) O respecto pola diversidade cultural e a promoción da interculturalidade.
- 8) A participación cidadá e o fortalecemento institucional e da sociedade civil.

Con respecto aos recursos humanos, a Oficina de Proxectos Internacionais, en coordinación coa Área de Responsabilidade Social e Cooperación (dende o 22/06/2022 Área de Equidade e Diversidade), promove e acompaña ao PDI no deseño e implementación de proxectos de cooperación ao desenvolvemento.

Oficina de Proxectos Internacionais

A Oficina de Proxectos Internacionais (OPI) creouse por aprobación do Consello de Goberno na súa sesión ordinaria do 29 de xullo de 2019. A necesidade de centralizar e homoxeneizar os procesos de solicitude, xestión e xustificación dos proxectos internacionais, derivada da gran variabilidade nas convocatorias de proxectos internacionais, está na orixe da creación da Oficina de Proxectos Internacionais (OPI) da Universidade de Vigo.

A oficina representa o punto único de acceso para todo o relacionado cos proxectos internacionais, tanto de educación como de investigación, na súa parte técnica e administrativa. Entre os seus obxectivos inclúe:

- Fomentar a participación da comunidade universitaria en proxectos internacionais mediante un acompañamento completo dende o xerme da idea ata a fin da implementación do proxecto.
- Asesorar na procura de financiamento, socios, oportunidades e convocatorias: axudar a comprender os requisitos dos diferentes programas para atopar o máis axeitado ao persoal solicitante.
- Prestar apoio na preparación de solicitudes competitivas para todo tipo de programas de financiamento internacionais, tanto no eido educativo como de investigación.
- Apoiar na xestión integral dos proxectos internacionais durante toda a súa vida e axudar na revisión dos informes de progreso, tanto na parte técnica como na administrativa e financeira.
- Organizar xornadas formativas para o persoal que integra a comunidade universitaria da Universidade de Vigo en relación a opcións de financiamento.

A OPI é a encargada de informar sobre as convocatorias internacionais, asesorar para a participación e xestionar os proxectos de educación que teñen á UVigo como beneficiaria. En concreto, fomenta a participación da comunidade universitaria no desenvolvemento e implementación de proxectos internacionais innovadores baixo as seguintes modalidades: cooperación internacional, innovación educativa, desenvolvemento curricular, intercambio de boas prácticas e *know-how*, *capacity-building* (construíndo capacidades), alianzas de coñecemento, asociacionismo estratéxico internacional, planificación estratéxica e xestión internacional e internacionalización dixital.

No ano 2022 a Universidade de Vigo acadou financiamento na convocatoria de Cooperación Galega da Xunta de Galicia de proxectos de Cooperación no exterior para dous novos proxectos de cooperación un deles en Cabo Verde e outro en Guinea Bissau. Durante o ano 2022 continuaron a executarse tamén os tres proxectos de investigación e para a creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento, no marco da Axenda 2030, nos que a Universidade de Vigo acadou financiamento no ano 2021..

Neste enlace pódese consultar a listaxe de proxectos financiados pola cooperación galega :

[-Proxectos financiados en 2021 \(proxectos bianuais que teñen vixencia en 2022\)](#)

[-Proxectos financiados en 2022](#)

Pódese consultar a listaxe completa de proxectos xestionados pola OPI premendo aquí:

+ **información** <https://opi.uvigo.gal/>

7.4 Universidade saudable



A Universidade de Vigo considera o deporte como un aspecto fundamental na formación integral do alumnado e o seu obxectivo é conseguir que o maior número de persoas practique uns mínimos que contribúan a mellorar a súa calidade de vida, ao facilitarlles todos os medios necesarios para a práctica deportiva.

Un dos obxectivos principais do Servizo de Deportes é fomentar a iniciación na práctica deportiva e, polo tanto, a consolidación dunha vida máis activa nas persoas con hábitos sedentarios e mellorando a súa saúde por medio do deporte.

Polo interese posto no crecemento da presenza da Área neste ámbito, séguese apostando con firmeza pola imaxe das nosas redes. Estase poñendo o foco nas persoas que forman parte da universidade e se preocupan por levar un estilo de vida saudable e atopar a felicidade a través da actividade física, cultural e intelectual. Para iso traballamos na consolidación da imaxe de marca mUVers. Neste sentido, as redes que xeraron máis participación foron Instagram e Facebook, aínda que tamén se mantivo presenza en Twitter e YouTube.

- Instagram chegou este curso aos 2065 seguidores/as (44,60 % homes e 55,30 % mulleres), o que supón un aumento de 280 persoas. O perfil das persoas seguidoras está entre os 18 e 34 anos de idade, e concéntrase sobre todo na área de Vigo. Esta é a rede social que goza de mellor saúde, vai aumentando todos os valores de maneira progresiva, e este curso comezou cunha nova estratexia co obxectivo de aumentar a interacción e *engagement* que está funcionando moi ben: <https://www.instagram.com/muversuvigo/>
- Facebook continuou co seu crecemento e pasou de 3551 persoas seguidoras no 1 de setembro de 2021 a 3610 persoas seguidoras no 1 de setembro de 2022, o que fai que actualmente sexa a rede con máis persoas seguidoras da Área.

A media de publicacións da nosa páxina principal foi de dúas diarias e seguíronse tres liñas temáticas fundamentais: a promoción da práctica deportiva competitiva e de recreación, a sensibilización en valores e competencias transversais e os estilos de vida saudables. Para isto, empregouse un amplo contido audiovisual e durante o período de corentena fixéronse publicacións específicas.

Ademais da páxina principal, a Área de Benestar, Saúde e Deporte ten cinco páxinas secundarias e un grupo de Facebook co obxectivo de dinamizar algúns dos seus programas específicos de actividade ou competición.


- HappyGoRunning Cidade Universitaria: <https://www.facebook.com/HappyGoRunning.CidadeUniversitaria>
- Rutas culturais: <https://www.facebook.com/Roteiros-Culturais-da-Universidade-de-Vigo-548875321809909/>
- Sección federada de atletismo: <https://www.facebook.com/AtletismoUVigo>
- Sección federada de tenis: <https://www.facebook.com/tenisuvigo/>
- Sección federada de xadrez: <https://www.facebook.com/XadrezUVigo/>
- Grupo Train & Talk: <https://www.facebook.com/groups/1644930032492112/>
- En canto a Twitter, seguimos impulsando a interacción coas persoas usuarias a través das respostas ás preguntas que nos foron formuladas e do seguimento das reaccións dos nosos seguidores e seguidoras en canto aos cancelos e mencións relacionados coa Área. Os datos evidencian unha progresión constante da nosa actividade nesta rede, cun aumento de 37 persoas seguidoras no noso perfil, que deron un resultado no día 1 de setembro do 2021 dun total de 1025: <https://twitter.com/MuversUvigo>

- A Área de Benestar, Saúde e Deporte dispón tamén dunha conta de Youtube onde publica todos os seus vídeos: <https://www.youtube.com/user/DeportesUVigo>

7.4.1. Acceso ás instalacións

Tarxetas deportivas universitarias

Durante o curso 2021/2022 con respecto ao abono Muger, que ofrece acceso libre ás instalacións deportivas universitarias e a un importante abano de actividades dirixidas, hai un total de 903 persoas usuarias, das cales un 62,25 % son homes e un 37,75 % son mulleres. Por campus, un 35,48 % pertence ao campus de Ourense, un 23,74 % ao de Pontevedra e un 40,88 % ao de Vigo.



Numero de usos das instalacións de uso individual durante o 2021/2022

As actividades de uso libre individual máis practicadas nas instalacións deportivas da Área de Benestar, Saúde e Deporte foron o atletismo, o *fitness* e a escalada, con máis de 2500 persoas usuarias entre os tres campus. Neste tipo de actividades destaca a participación masculina con porcentaxes próximos ao 65 %, mentres que as mulleres mostraron unha maior preferencia polas actividades dirixidas.

Entre as actividades dirixidas que se inclúen de balde no abono mUVer, o zumba, o ioga e o adestramento por intervalos de alta intensidade mantivéronse entre as máis populares. A presenza feminina é maioritaria nestas actividades e chegan a ser máis do 80 % das persoas participantes (73 homes e 333 mulleres).

7.4.2. Iniciación deportiva e actividades na natureza.

Escolas de iniciación deportiva

Durante o curso 2021/2022 a Área de Benestar, Saúde e Deporte desenvolveu varias escolas e cursos de iniciación de carácter non federado co obxectivo de achegar as persoas participantes á práctica de diferentes

modalidades deportivas dun xeito lúdico. Como veu sendo tradicional nos últimos cursos as actividades que máis destacaron pola súa participación foron a escalada, o tenis e o voleibol. A participación nestas actividades por xénero estivo bastante equilibrada e achegouse ao 50 % tanto no cómputo total coma individualmente na maioría das modalidades agás o tenis de mesa.

Augaventura

Con máis de vinte anos nas súas costas, Augaventura presentouse de novo ante a comunidade universitaria como o motor de iniciación aos deportes acuáticos. Nas súas quendas, outono e primavera, serviu como a forma de gozar, durante un día, de deportes no medio acuático en condicións económicas moi vantaxosas.

Un programa que cada vez ten máis persoas seguidoras e que serve de estímulo para que de forma lúdica se realice unha práctica deportiva moderada, regular e divertida.

Galicia conta coas mellores condicións xeográficas e coas mellores empresas do sector para que Augaventura sexa todo un éxito. As actividades elixidas nesta ocasión foron descenso de rápidos (*rafting*), surf, windsurf, caiac + *snorquel* + andaina, *flyboard*, esquí acuático sobre táboa (*wakeboard*) e *pedal surf*, que foi a novidade da edición de primavera. En total a participación chegou ás 211 persoas (116 mulleres e 95 homes) que realizaron un total de 285 inscricións (156 correspondentes a mulleres e 129 homes).

Actividades	Total		
	Masc.	Fem.	Total
Descenso de rápidos	13	9	22
Kayak+Snorquel+Andaina	19	28	47
Flyboard	5	8	13
Mergullo	22	18	40
<i>Pedal surf</i>	1	4	5
Surf	27	51	78
Esquí acuático sobre táboa (<i>Wakeboard</i>)	19	13	32
Windsurf	7	12	19
Total	113	143	256
Porcentaxes	44 %	56 %	100 %

Exploracampus

Na súa segunda edición desenvolvéronse tres actividades no campus de Pontevedra:

- Ruta polas marismas de Alba
- Ruta polo río Gafos
- Carreira de iniciación á orientación na Illa das Esculturas

No campus de Vigo, as actividades desenvolvidas foron:

- Quedadas *running* para practicar a carreira a pé pola contorna do campus universitario. Desenvolvéronse con periodicidade semanal de outubro a decembro de 2021 coa participación regular de sete persoas.
- Andaina Chat and hike, en colaboración coa Delegación de alumnado de Ciencias do Mar e a Erasmus Student Network e o club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia. A andaina desenvolveuse o sábado

19 de marzo cunha duración de tres horas nas que se chegou ao encoro de Zamáns e ao monte do Galíñeiro.

Nesta iniciativa, a porcentaxe de participación estivo bastante equilibrada respecto ao xénero, aínda que máis mulleres participaron en total, cun 56 % de mulleres e un 44 % de homes.

7.4.3. Competicións universitarias

Competicións internas

Durante o curso académico, a Universidade de Vigo organiza unha serie de competicións internas, tanto en modalidades individuais coma por equipos, nas que pode participar calquera persoa da comunidade universitaria. Os partidos contaron cunha participación de 155 equipos e de 1022 deportistas (964 homes e 58 mulleres), entre os tres campus.

Campionatos galegos universitarios

En canto aos deportes colectivos, organizáronse os días 17, 22 e 23 de marzo no campus da Coruña, coa participación de alumnado universitario de toda Galicia. A Universidade de Vigo resultou a grande vencedora da competición ao acadar seis medallas de ouro (baloncesto feminino, balonmán masculino e feminino, fútbol masculino, fútbol sala masculino e feminino), tres pratas (fútbol 7 feminino, rugby 7 masculino e feminino) e tres bronces (baloncesto masculino, voleibol masculino e feminino).

A competición de natación desenvolveuse na piscina universitaria do campus de Ourense o día 6 de abril de 2022, e participaron 81 nadadores/as federados das tres universidades. A delegación da Universidade de Vigo estaba composta por 9 mulleres e 10 homes. No conxunto da competición, o equipo gañador foi o da Universidade da Coruña, seguido polo da Universidade de Santiago de Compostela e, finalmente, o da Universidade de Vigo.

O sábado 23 de abril, a Cidade da Cultura acolleu o Campionato Galego de Orientación, organizado polo Servizo de Deportes e Club USC de Orientación da Universidade de Santiago de Compostela. Este campionato contou con 75 participantes das tres universidades galegas. Participaron sete deportistas no equipo da Universidade de Vigo. As boas posicións acadadas polo conxunto do equipo permitiron que a UVigo acadara o primeiro posto na clasificación xeral.

O venres 29 de abril, a Área de Benestar, Saúde e Deporte da Universidade de Vigo e a Real Federación Galega de Vela organizaron o I Campionato Galego Universitario de Vela, o cal se desenvolveu nas instalacións deportivas do Centro Galego de Vela de Vilagarcía de Arousa. Con participación por parte das tres universidades galegas, rexistráronse 8 equipos mixtos: 4 equipos da Universidade de Vigo, 2 da Universidade de Santiago de Compostela e 2 da Universidade da Coruña. A Universidade de Vigo proclamouse gañadora do campionato e conseguiu a praza para participar no CEU de Vela.

7.4.4. Saúde

O Servizo de Deportes avoga por crear unha verdadeira cultura saudable que axude a implicar todos os colectivos que compoñen a universidade na práctica deportiva de forma cotiá, no fomento da saúde e na loita contra o sedentarismo. Para apoiar este obxectivo, conta en cada un dos seus tres campus cunha unidade especializada que ofrece servizos médico-deportivos ás persoas da comunidade universitaria que así o demandan. Así, segundo as directrices do Colexio Americano de Medicina Deportiva, un total de 327 persoas

(o 11,8 % do total) amosaron sinais de risco alto ou moderado no seu cuestionario de aptitude para o exercicio. Isto supuxo un aumento do 4 % respecto dos datos do curso anterior debido fundamentalmente ao regreso á práctica deportiva das persoas de máis idade que durante o ano da covid reduciron en maior grao a súa participación.

A demanda de servizos de medicina deportiva e de valoración da condición física saudable, foi dun total de 113 persoas, 86 homes e 27 mulleres.

7.4.5. Formación

Programa de recoñecemento de créditos por práctica deportiva

Durante este curso, o alumnado da Universidade de Vigo obtivo o recoñecemento do labor formativo derivado da súa participación nas seguintes actividades:

- Escolas deportivas
 - Campus de Ourense: rugby, tenis, xadrez e voleibol.
 - Campus de Vigo: ioga, natación, tenis e xadrez.
- Representación da Universidade en competicións federadas. Alumnado que formou parte dalgún dos equipos da Sección Deportiva da Universidade de Vigo ou entidades con convenio en competicións federadas oficiais.

Bolsas e prácticas do alumnado

Estas bolsas facilitaron que estudantes da Universidade de Vigo prestasen a súa colaboración en tarefas relacionadas cos seus estudos e en réxime de compatibilidade coas súas obrigas académicas.

A súa duración foi de oito meses, a razón de 15 horas semanais de dedicación, e contaron coa supervisión da acción titorial da titulación correspondente.

Durante o curso 2021/2022 incorporáronse á Área de Benestar, Saúde e Deporte:

- Un estudante de terceiro curso do Grao en Tradución e Interpretación para o apoio á estratexia de internacionalización.
- Un alumno do Grao en Comunicación Audiovisual para o apoio na comunicación centrada en redes sociais.
- Unha alumna do Grao en Historia para apoiar a difusión das actividades deportivas e culturais propias do campus de Ourense.

Durante o curso académico 2021/2022, tres estudantes internacionais realizaron prácticas na Área de Benestar, Saúde e Deporte.

Campus de Ourense

- Unha alumna do Mestrado de xestión de negocios da Universidade de Münster, durante catro meses no segundo cuadrimestre.

Campus de Vigo

- Un estudante de Xestión deportiva da Salford Business School da Universidade de Salford (Manchester), durante nove meses.
- Un alumno da Facultade de Ciencias do Deporte e Xestión Deportiva da Universidade Técnica de Eskisehir, durante catro meses no segundo cuadrimestre.

Na súa estancia, desenvolveron todo tipo de actividades centradas na creación de canles de comunicación fluída co alumnado: seguimento e apoio na realización de eventos, creación de contidos para redes sociais, desenvolvemento de actividades do programa Exploracampus etc.

7.4.6. Outras actividades e eventos

Participación na Rede Europea de Servizos Deportivos Universitarios (ENAS)

A Universidade de Vigo mantivo un ano máis a súa condición de entidade activa dentro da Rede Europea de Servizos Deportivos Universitarios. Pola súa banda, o director técnico da Área de Benestar, Saúde e Deporte participou no ENAS Forum & Assembly 2021, que se desenvolveu en liña por mor da situación sanitaria entre o 11 e o 12 de novembro de 2021 e organizou a Universidade de Stirling (Escocia).

Participación en Proxectos Erasmus

O director técnico da Área de Benestar, Saúde e Deportes colaborou ao longo do curso no desenvolvemento do proxecto SIEM (Social Inclusion and Mobility Engagement), no que participa a Universidade de Vigo.

O consorcio de universidades e institucións participantes no proxecto teñen como obxectivo a identificación de estratexias para unha maior inclusión de todo tipo de colectivos infrarrepresentados nos programas de mobilidade universitaria.

Campus de Ourense

- Fútbol gaélico + Deporte La Región 2022 (17/03/2022).
- Xornadas de iniciación ao Roller Derby (24/04/2022).
- II Concurso de triplos Auria Basquet Pro (18/10/2022).
- Sportur Galicia – IV Salón de deporte e turismo activo (19-20/11/2021).

Campus de Vigo

- Xornadas de escalada da Asociación Alento de dano cerebral.
- Adestramentos e competicións de todas as categorías do Vigo Rugby Club.
- Adestramentos das categorías inferiores do Celta Bosco de Baloncesto.
- Partidos do Club Vigo 2015 de terceira división e Xuvenil División de Honor.
- Adestramentos e partidos do Club Puerto Vigo de baloncesto.
- Adestramentos e partidos do Club Zamáns FC de fútbol sala.
- Probas físicas da academia MasterD para corpos de seguridade.
- Adestramentos de atletismo da academia Fonseca.
- Adestramentos do club CAR Redondela na pista de atletismo.
- Adestramentos de escalada do club Peña Trevinca no rocódromo.
- Exames técnicos para árbitros da Federación Galega de Fútbol: o Comité Técnico Galego de Árbitros de Fútbol fixo os seus exames técnicos no campo de fútbol e pista de atletismo, para 160 árbitros da provincia de Pontevedra.
- Probas físicas para árbitros para a Federación Galega de Fútbol: o Colexio de Árbitros de Fútbol de Vigo utilizou un día ao mes a pista de atletismo para realizar os seus adestramentos.
- Adestramentos de tenis do colexio O Castro International School.

- Adestramentos do equipo de atletismo Sociedade Atlética Val Miñor que utilizaron a nosa pista de atletismo para os adestramentos de máis de 50 deportistas do seu club.
- Xornadas de atletismo do IES Auga da Laxe de Gondomar.
- Visitas á instalación solar polo alumnado do Mestrado en enxeñaría da edificación e construcións industriais e o Mestrado de enerxía e sustentabilidade para analizar a instalación de enerxía solar do pavillón de deportes.
- Xornadas de atletismo do CEIP Coutada-Beades: o CEIP Coutada-Beades organizou unhas xornadas de coñecemento do atletismo para alumnado de educación primaria.
- Adestramentos e partidos do equipo de fútbol 11 de categoría infantil do colexio O Castro.
- Adestramentos da Federación Galega de Baloncesto.
- Sede da competición de fútbol 7 «Vigo en Xogo» organizada pola Agrupación Deportiva Vigo.
- Sede do campionato escolar de *minibasket* organizado pola Federación Galega de Baloncesto.
- Escola de tenis da empresa Eirasport.
- Escola de tenis do club Cidade Olívica.
- Probas físicas dos árbitros de baloncesto da Federación Galega de Baloncesto no pavillón de deportes.
- Realización das clases de «Manobras con cordas» do Ciclo de Deportes do IES Augas da Laxe de Gondomar no rocódromo e aula do edificio de deportes.
- Adestramentos PDC da Federación Galega de Baloncesto.
- Simulacros de probas físicas mensuais da Academia Mastercard para preparación de oposicións.
- Adestramentos do Rápido de Bouzas de terceira RFEF no campo de fútbol.
- Realización do curso de Monitor de montañismo pola Escola Galega de Alta Montaña no rocódromo do pavillón de deportes.
- Realización de clases de escalada do IES Terra de Turonio no rocódromo do pavillón de deportes.

+ **información** <https://www.uvigo.gal/es/campus/deporte>

+ **información** <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/47/83>

7.5 Servizos de biblioteca



Na seguinte táboa podemos ver as principais magnitudes referidas aos servizos de biblioteca.

Número de bibliotecas	11
Número de postos de lectura	3084
Fondos de monografías en papel	450 074
Fondos de monografías electrónicas	286 225
Fondos de publicacións periódicas en papel	11 007
Fondos de publicacións periódicas electrónicas	16 254
Títulos de audiovisuais e material non librario	24 077
Bases de datos	45
Préstamos	68 836
Consultas ao catálogo da biblioteca	Sen datos
Persoas usuarias da comunidade universitaria	23 595
Persoas usuarias externas	8483
Teses de doutoramento no repositorio institucional en acceso aberto	1366
Documentos de investigación no repositorio en acceso aberto	2733

Biblioteca como centro solicitante	
Concepto	Ano 2022
Total de solicitude de documentos	788
Solicitudes a bibliotecas nacionais	598
Solicitudes a bibliotecas estranxeiras	79
Solicitudes de préstamos nacionais	94
Solicitudes de préstamos estranxeiros	17

Biblioteca como centro proveedor	
Concepto	Ano 2022
Total de peticións subministradas	762
Solicitudes a bibliotecas nacionais	601
Solicitudes a bibliotecas estranxeiras	19
Solicitudes de préstamos nacionais	161
Solicitudes de préstamos estranxeiros	2
En negriña: solicitudes de copias	

Cooperación bibliotecaria

Consorcio Interuniversitario de Sistema Universitario de Galicia (CISUG)

Durante ano 2022, a Biblioteca da Universidade de Vigo continuou a participar nas liñas de traballo cooperativo entre as bibliotecas do SUG artelladas polo CISUG: contratación conxunta de licenzas de acceso a recursos dixitais de información científica e desenvolvemento dos acordos transformativos para a publicación en acceso aberto. A isto, engadíronse os traballos de implantación da nova plataforma de servizos bibliotecarios Alma-PrimoVE nas bibliotecas das tres universidades e a participación no grupo de traballo do Proxecto de análise bibliométrica que, con financiamento da Xunta de Galicia, busca coordinar e impulsar a produción científica do SUG e facilitar a avaliación dos resultados da investigación.

REBIUN

En 2022 a Biblioteca Universitaria mantivo a súa actividade na rede española de bibliotecas universitarias REBIUN: participación na asemblea xeral os días 23 a 25 de novembro, traballo na liña estratéxica 4 da Axenda 2030 e envío de rexistros bibliográficos para o catálogo colectivo de REBIUN (<https://rebiun.baratz.es/rebiun/>).

Na liña estratéxica 4, a Biblioteca da Universidade de Vigo está a colaborar coas bibliotecas das universidades da Coruña, Almería, Autònoma de Barcelona, Barcelona, Castilla-La Mancha, Las Palmas de Gran Canaria, Lleida, Rovira i Virgili e Santiago de Compostela. Por mor desta participación, o director da Biblioteca Universitaria participou no oitavo Congreso de Bibliotecas Universitarias de Chile co relatorio «Dimensiones bibliotecarias de la Agenda 2030», o 12 de xaneiro de 2022; no V Foro Virtual Agenda 2030, organizado pola Universidade Nacional Autónoma de México, ao impartir o obradoiro «Impulsando la Agenda 2030 desde las bibliotecas universitarias» o 30 de setembro, e no XIX Workshop REBIUN de Proyectos Digitales, organizado en Las Palmas de Gran Canaria os días 6 e 7 de outubro, coa comunicación «Digitalización y contribución de las bibliotecas universitarias a la Agenda 2030».

Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia

A dimensión cooperativa da Biblioteca da Universidade de Vigo viuse ampliada polo nomeamento do seu director, a proposta do Consello Galego de Universidades, como vogal representante das bibliotecas universitarias no Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia, órgano consultivo colexiado da Administración autonómica en materias relacionadas co sistema galego de bibliotecas e coa articulación da cooperación entre as distintas administracións con competencias bibliotecarias.

Acordos Transformativos (CISUG, CRUE-CSIC)


Os acordos transformativos (AT) son contratos entre as bibliotecas ou consorcios de bibliotecas e os editores que cambian o modelo actual de negocio da publicación de revistas científicas. Pásase dun sistema baseado no pagamento de subscricións a outro no que se paga por publicar en acceso aberto (*Article Processing Charges* ou APC). Os AT teñen como obxectivo é impulsar a ciencia aberta e fomentar o acceso aberto inmediato ás publicacións científicas.

Para o persoal investigador da Universidade de Vigo supón ter acceso ás revistas electrónicas subscritas ao mesmo tempo que pode publicar os seus artigos en acceso aberto sen ningún custo, xa que o pago da APC está cuberto polo acordo. Ademais conservan os dereitos de autor sobre as súas obras, cumpren cos requirimentos das axencias de financiamento e, ao publicar en aberto, aumentan a visibilidade e o impacto dos seus traballos.


Na Biblioteca Universitaria creouse un equipo de traballo, formado por persoal das seccións de publicacións periódicas e de soporte ao aprendizaxe e investigación e da Área de Repositorio Institucional, equipo que traballa neste eido en coordinación co persoal das Universidades de Santiago e A Coruña e do CISUG.

No ano 2022 un total de 204 investigadores/as beneficiáronse dos AT. Supón un incremento do 21 % con respecto ao ano anterior. Deles, 148 publicaron un único artigo, 29 repiten na mesma editorial e 27 publican máis dun artigo en diferentes editoriais.

Total investigadores beneficiarios 2022: 204



Por outra banda, compre salientar o incremento significativo en 2022 no número de investigadoras que publicaron acolléndose a estes acordos, con respecto ao ano 2021.



DIALNET

A Biblioteca Universitaria participa en diversos proxectos colaborativos da Fundación Dialnet grazas ao traballo dun equipo formado polo persoal das seccións de Procesotécnico e Publicacións periódicas. O traballo desenvolvido ao longo de 2022 nestes proxectos detállase a continuación.

No proxecto «Dialnet Plus» de difusión e acceso á literatura científica hispana creáronse ou normalizáronse 7443 rexistros de autoría incluíndo os da Universidade de Vigo (ligazóns a ORCID, Scopus, ISNI, ResercherID, Vialf etc. fusión de rexistros duplicados, engadido de áreas de coñecemento, departamentos...)

No referente á produción científica da Universidade de Vigo, incluíronse as monografías e capítulos de libros publicados polo seu persoal investigador. Ademais incorporáronse a Dialnet todas as monografías publicadas polos distintos servizos da Universidade (Publicacións, Normalización, Igualdade etc.) xunto co baleirado dos seus capítulos. Así mesmo, a Biblioteca Universitaria ten asignado o mantemento e baleirado dos índices de 121 títulos de publicacións periódicas. En total, o número de documentos creados durante 2022 pola Biblioteca Universitaria foi de 4857, entre artigos, libros, capítulos de libros e teses.

Por último, a Biblioteca Universitaria participa no proxecto «Dialnet métricas» dirixido á elaboración dun índice de impacto das revistas españolas de ciencias sociais e humanidades, así como de indicadores de cada unha das publicacións, das persoas investigadoras e das institucións ás que pertencen. Como resultado deste traballo, as persoas autoras da Universidade de Vigo teñen ligadas a decembro de 2022 unhas 41 000 citas aos seus artigos.

+ **información** <https://www.uvigo.gal/universidade/biblioteca>

+ **información** <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/72/55>

7.6 A Universidade de Vigo e o seu compromiso coa lingua e a cultura galega



A Área de Normalización Lingüística (ANL) é quen se encarga de todos os labores propios na procura de que o idioma de Galicia sexa usado de xeito apropiado dentro da universidade, como materialización do artigo 4 dos Estatutos da Universidade de Vigo e da súa responsabilidade social coa cultura e o patrimonio inmaterial de Galicia.

Os principais servizos da ANL son:

- Corrección de documentos.
- Resolución de dúbidas e consultas lingüísticas.
- Cursos, xornadas e obradoiros de lingua.
- Axudas a traballos de investigación en galego. Manual de acollida para o persoal de administración e servizos (PAS).
- Información sobre dicionarios e vocabularios técnicos en galego.
- Campañas de dinamización lingüística.
- Organización de actos culturais, concursos e premios.
- Elaboración de vocabularios e manuais lingüísticos.

Así mesmo, a través de internet, pon ao servizo da cidadanía o tradutor galego-castelán e castelán-galego que traduce textos longos e indica as palabras que non reconece <http://sli.uvigo.es/tradutor/>.

Este labor é considerado parte da labor esencial desta universidade e un elemento máis da súa responsabilidade social á hora de coidar e proxectar o noso patrimonio, neste caso inmaterial, como é a lingua galega.

Neste sentido, a ANL pon a disposición da comunidade universitaria un servizo de asesoramento no uso e na tradución da lingua galega para calquera acción vinculada á formación e á investigación da Universidade, se ben as súas accións baséanse na transversalidade do conxunto da vida universitaria.

A Área de Normalización Lingüística realiza periodicamente ciclos formativos para a comunidade universitaria dos tres campus. Para mellorar a súa oferta formativa tivo en conta as suxestións achegadas nas enquisas de avaliación dos cursos anteriores; así procúrase axeitar ao novo ciclo o número de horas, especificidade dos campus e dos colectivos.

CURSOS 2021-2022	Matriculados/as	% mulleres
A calidade lingüística no teu TFG ou TFM	16	81,25 %
Anatomizamos en galego	13	61,54 %
Avanza co galego	55	81,82 %
Como redactar es expoñer o teu TFG ou TFM	26	69,23 %
Corrección da escrita coas TIC	31	87,10 %
Curso de extensión cultural	17	64,71 %
Curso de iniciación á lingua galega	12	58,33 %
Curso de linguaxe administrativa e xurídica	30	83,33 %
Curso de redacción e estilo	32	75,00 %
Os erros máis frecuentes na lingua galega	29	82,76 %
TOTAL	261	77,39 %

7.7 Responsabilidade social e cooperación



Un aspecto central da responsabilidade social é a Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento ou CUD que de acordo coa nova definición realizada pola CRUE é «a expresión do compromiso e a solidariedade da comunidade universitaria que contribúe a unha cidadanía comprometida co desenvolvemento humano sustentable. A través da CUD, a comunidade universitaria implícase na construción dun mundo máis xusto e sustentable, desde os seus eixes básicos de actuación: educación, investigación e transferencia de coñecemento e conexión coa sociedade».

Para o cumprimento destes obxectivos, ao longo de 2022 leváronse a cabo as seguintes accións: actividades de sensibilización, cursos de formación, bolsas, premios, medidas para o fortalecemento do papel da universidade como axente de cooperación, fomento de actividades de aprendizaxe-servizo e fomento das alianzas no eido da cooperación e a responsabilidade social. As actividades máis destacadas neste 2022 foron:

- **Actividades de sensibilización:** realización de campañas, charlas, conferencias e obradoiros destinados ao PDI, PAS e estudantes. De entre estas actividades destaca o curso «Escola de cidadanía global. Mulleres bravas defensoras da Terra» en colaboración con Amigos da Terra e Enxeñaría sen fronteiras nas que se abordaron temáticas e dereitos humanos, así como algúns dos principais retos de sustentabilidade aos que se enfrenta o planeta. Ademais, no ano 2022 tivo lugar a segunda convocatoria do concurso de vídeos *Móvete polos ODS* no marco das actividades da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD), que repartiu un total de catro premios entres os mellores vídeos sobre cuestións relacionadas coa Axenda 2030 e os ODS. Tamén se realizaron campañas virtuais de sensibilización sobre os ODS, a través da web e das redes sociais coincidindo coa realización de diversos días mundiais ou internacionais.

Estas foron as campañas que tiveron lugar durante 2022:

- **Xaneiro**
 - Día Internacional da Educación.
- **Febreiro**
 - Día Mundial dos Legumes.
 - Día Mundial da Xustiza Social.
- **Marzo**
 - Día Mundial da Cero Discriminación.
 - Día Mundial do Traballo Social.
 - Día Mundial da Síndrome de Down.
- **Abril**
 - Día Mundial da Saúde.
 - Día Internacional das Terra Nai.
- **Maio**
 - Día Internacional da Liberdade de Prensa.
 - Día Internacional das Abellas.
- **Xuño**
 - Día Mundial das Persoas Doantes de Sangue.
 - Día Mundial da Loita contra a Desertización e a Seca.
 - Día das Microempresas e das Pequenas e Medianas Empresas.
 - Día Internacional da Loita contra o Uso Indevido e o Tráfico Ilícito de Drogas.
- **Novembro**
 - Día Mundial da Ciencia para a Paz e o Desenvolvemento.
 - Día Internacional da Tolerancia.

- **Decembro**

- Día Internacional da Persoa Migrante.

Pode ampliarse a información na seguinte ligazón:

<https://www.uvigo.gal/universidade/conecenos/responsabilidade-social-axenda-2030/novas-responsabilidade-social-axenda-2030>

- **Cursos de formación para a comunidade universitaria en materia de Axenda 2030 e sustentabilidade.** A través destes cursos proporciónaselles ao PDI, PAS e estudantes formación neste eido co propósito de xerar unha comunidade máis comprometida coa sustentabilidade en todos os eidos: na docencia, na investigación e na gobernanza, así como no liderado. Estes cursos son tamén un espazo para o intercambio de experiencias e a creación de redes estables entre os principais actores. Durante o ano 2021 formouse a alumnado en materia de Axenda 2030, con dous cursos:
 - «Axenda 2030. Axentes do cambio» cunha duración de 30 horas, no que se trataron os principais retos da Axenda 2030 e que se viu complementado co voluntariado Axentes do Cambio por medio do cal o alumnado participante levou a cabo actividades telemáticas para sensibilizar e dar a coñecer a Axenda 2030 entre a comunidade universitaria. Realizáronse dúas edicións deste curso, unha en febreiro e outra en novembro de 2022.
 - «Como realizar o teu TFG_TFM e perspectiva Axenda 2030 e CUD». Por outra banda e para iniciar ao alumnado na investigación en materia de Axenda 2030 e Cooperación, realizouse este curso de 30 horas de duración.

Con respecto ao PDI organizouse o curso «Introdución da sustentabilidade na docencia universitaria», de 25 horas de duración, co principal obxectivo de evidenciar a necesidade de traballar pola sustentabilidade e través da educación para o desenvolvemento sustentable e a educación para a cidadanía global, así como analizar a Axenda 2030 e as súas implicacións na educación e na docencia universitaria.

- **Bolsas.** No ano 2022, convocáronse por segunda vez as axudas económicas destinadas ao alumnado beneficiario ou demandante de protección internacional, incrementándose de forma notable o seu orzamento de xeito que agora son sete as persoas beneficiarias destas axudas, fronte ás dúas persoas da primeira convocatoria. O seu obxecto é facilitarlles ás persoas refuxiadas e demandantes de asilo a realización de estudos universitarios, preferentemente oficiais, que permitan a súa integración no noso país. Por outra banda, continuáronse ofertando ao alumnado dúas bolsas de formación en materia de responsabilidade social.
- **Premios.** Durante o ano 2022 convocouse una nova edición dos premios ao mellor TFG/TFM no eido da responsabilidade social, Axenda 2030 e cooperación ao desenvolvemento, e entregáronse 18 Premios aos mellores TFG/TFM en Axenda 2030 e cooperación ao desenvolvemento .
- **Impulso da metodoloxía aprendizaxe-servizo.** Durante o ano 2022 proseguiuse co impulso á metodoloxía Aprendizaxe-Servizo en colaboración coa Escola Aberta de Formación Permanente. As actividades de impulso desta metodoloxía activa que promove a aprendizaxe mediante a realización dun servizo á sociedade foron as seguintes: publicación dunha nova convocatoria de proxectos Aprendizaxe-Servizo da que resultaron 21 novos proxectos Aprendizaxe Servizo no marco dos ODS, realización dun curso en materia Aprendizaxe e Servizo por parte da EAFP, así como a realización das II Xornadas Aprendizaxe-Servizo. Aprendendo con compromiso nas que se deron a coñecer proxectos e boas prácticas de proxectos desenvolvidos en 2021.
- **Fortalecemento do papel da universidade como axente de cooperación.** Unha das principais funcións en materia de cooperación que tiña encomendada a Área de Responsabilidade Social e Cooperación (dende xuño de 2022 Área de Equidade e Diversidade) é o fortalecemento do papel da Universidade como axente de cooperación no marco da Axenda 2030. Neste eido traballouse fundamentalmente en dúas direccións. A primeira consistiu no fornecemento das competencias ao PDI e ao PAS en formulación e xestión deste

tipo de proxectos, para o que se organizaron dous cursos específicos: «Metodoloxía do enfoque do marco lóxico (EML) aplicada a proxectos de cooperación internacional ao desenvolvemento presentados polas universidades galegas» de 30 horas de duración e a «Xornada de formación sobre captación de recursos financeiros no eido da cooperación universitaria ao desenvolvemento» de 4 horas de duración, ambos no marco das actividades da RGCUD. Neste sentido, a UVigo conta coa Oficina de Proxectos Internacionais que, en coordinación coa Área de Responsabilidade Social e Cooperación, promove e acompaña ao PDI no deseño e implementación de proxectos de cooperación ao desenvolvemento.

- **Impulso das alianzas en materia de cooperación e de RSU no marco da Axenda 2030.** O éxito para avanzar no cumprimento dos obxectivos da Axenda 2030 depende das alianzas, polo que fortalecelas e crear sinerxías conxuntas é parte importante do traballo en materia de cooperación. A este respecto xoga un importante papel a pertenza da Universidade de Vigo á Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento integrada polas Universidades do SUG e financiada pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea da Xunta de Galicia, cuxo principal obxectivo é o fornecemento do papel da Universidade como axente de cooperación e a promoción do traballo en rede nos eidos da Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (CUD), e a Educación para o Desenvolvemento (EpD).

Por outra banda, mantense un rexistro da Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (CUD) como ferramenta esencial para o deseño e posta en marcha de accións sobre cooperación e o voluntariado. Trátase dun rexistro con información actualizada sobre persoas e entidades que traballan neste ámbito. Neste rexistro está inscrito o PDI que desenvolve algún tipo de actividade relacionada coa CDU e o voluntariado, así como as entidades colaboradoras coa Universidade. A Universidade de Vigo continua consolidando as relacións coas entidades sociais de diversas formas: reuníndose coa Rede Social Galicia Sur, deseñando accións conxuntas e invitando a participar nas formacións as diferentes entidades sociais coas que a Universidade ten convenios, e comisións relacionadas coa CUD no marco da Axenda 2030.

Anexo I. Índice de contidos GRI

Índice de contidos GRI			
Indicador GRI	Descrición do contido	Apartado da memoria	Omisión Verificación externa
Estándares universais			
GRI 1 Fundamentos 2022			
Declaración de uso	A Universidade de Vigo elaborou a presente memoria de responsabilidade social adaptada ao estándar GRI. O alcance desta memoria corresponde ao curso académico 2021/2022 e o ano natural 2022.		
GRI 1 usado	GRI 1: Fundamentos 2021		
Estándares GRI	Séguese os nove requisitos establecidos para a conformidade do estándar GRI, pero debido a que non se fai unha verificación externa tal como queda exposto na «metodoloxía», só se pode indicar que se utilizan como referencia os estándares GRI.		
Estándares Sectoriais GRI aplicables	Esta memoria de responsabilidade social está adaptada ao ser unha institución de educación superior e non se aplica un estándar sectorial concreto o non estar definido polo GRI, senón que se aplican indicadores recollidos en estándares sectoriais.		
GRI 2 Contidos xerais 2022			
1. A organización e as súas prácticas de presentación de informes			
2-1	Pormenores organizativos	2.2	
2-2	Entidades incluídas na presentación de informes de sostibilidade	2.2	
2-3	Período obxecto do informe, frecuencia e punto de contacto	3.1	
2-4	Actualización da información	Todos os cadros e gráficos actualízanse en referencia ó curso académico ou ano natural. 2.8, 3.5.5, 4.7, 5.6, 6.6	
2-5	Verificación externa	Non se realiza	√
2. Actividades e traballadores/as			
2-6	Actividades, cadea de valor e outras relacións comerciais	2.1, 2.4, 2.5, 2.6	
2-7	Empregados/as	4.2	
2-8	Traballadores/as que non son empregados	4.7	

Índice de contidos GRI

Indicador GRI	Descrición do contido	Apartado da memoria	Omisión	Verificación externa
3. Gobernanza				
2-9	Estrutura de gobernanza e composición	2.3		
2-10	Nomeamento e selección do máximo órgano de goberno	4.6		
2-11	Presidente do máximo órgano de goberno	2.3		
2-12	Función do máximo órgano de goberno na supervisión da xestión dos impactos	Non delimitado	√	
2-13	Delegación da responsabilidade de xestión dos impactos	Non delimitado	√	
2-14	Función do máximo órgano de goberno na presentación de informes de sostibilidade	O Consello de Goberno e o Consello Social son os órganos ante os cales se presenta a información non financeira desta memoria		
2-15	Conflictos de interese	É de aplicación a lexislación da función pública e a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas		
2-16	Comunicación de inquedanzas críticas	4.6.4		
2-17	Coñecementos colectivos do máximo órgano de goberno	Non delimitado	√	
2-18	Avaliación do desempeño do máximo órgano de goberno	Non delimitado	√	
2-19	Políticas de remuneración	É de aplicación a lexislación da función pública e as leis anuais de orzamentos estatale autonómico.		
2-20	Proceso para determinar a remuneración	Non delimitado	√	
2-21	Cociente de compensación total anual	Non calculado	√	

4. Estratexia, políticas e prácticas

2-22	Declaración sobre a estratexia de desenvolvemento sostible	Capítulo 1
2-23	Compromisos e políticas	3.2, 3.3, 3.4, 3.5
2-24	Incorporación dos compromisos e políticas	5.6
2-25	Procesos para reparar os impactos negativos	3.5.5, 4.6.2, 4.6.3, 4.6.4
2-26	Mecanismos para solicitar asesoramento e formular inquietudes	5.6
2-27	Cumprimento da lexislación e as normativas	5.1
2-28	Afiliación a asociacións	4.6.1

5. Participación dos grupos de interese

2-29	Enfoque para a participación dos grupos de interese	2.2.2, 3.3, 4.6
2-30	Convenios de negociación colectiva	4.2

Índice de contidos GRI

Indicador GRI	Descrición do contido	Apartado da memoria	Omisión	Verificación externa
GRI 3 Temas materiais 2022				
3-1	Proceso de determinación dos temas materiais	Apartado metodoloxía		
3-2	Lista de temas materiais	Apartado metodoloxía		
Dimensión económica				
Cadea de subministración responsable				
3-3	Xestión dos temas materiais	Apartado de metodoloxía		
203-2	Impactos económicos indirectos significativos	5.2, 5.7		
204-1	Proporción de gasto en provedores locais	5.4		
Desempeño económico e financeiro				
3-3	Xestión dos temas materiais	Apartado de metodoloxía		
201-1	Valor económico directo xerado e distribuído	5.2, 5.7		
201-2	Implicacións financeiras e outros riscos e oportunidades derivados do cambio climático	5.1		
203-2	Impactos económicos indirectos significativos	5.5, 5.7		
207-1	Enfoque fiscal	5.1, 5.7		
207-2	Gobernanza fiscal, control e xestión de riscos	5.3		
207-3	Participación dos grupos de interese e xestión das súas inquietudes en materia fiscal	5.6		

Inversión socialmente responsable e financiamento sostible		
3-3	Xestión dos temas materiais	Apartado de metodoloxía
201-1	Valor económico directo xerado y distribuído	5.2, 5.7
201-2	Implicacións financeiras e outros riscos e oportunidades derivados do cambio climático	6.5
304-2	Impactos significativos das actividades, produtos e servizos na biodiversidade	3.7, 6.7

Índice de contidos GRI

Indicador GRI	Descrición do contido	Apartado da memoria	Omisión	Verificación externa
Dimensión ambiental				
Biodiversidade				
3-3	Xestión dos temas materiais	Apartado de metodoloxía		
304-1	Sítios operacionais en propiedade, alugados ou xestionados situados dentro de ou xunto a áreas protexidas ou zonas de grande valor para a biodiversidade fóra de áreas protexidas	6.1, 6.2		
304-2	Impactos significativos das actividades, produtos e servizos na biodiversidade	3.7, 6.7		
304-3	Hábitats protexidos ou restaurados	6.2, 6.3		
304-4	Especies que aparecen na Lista Vermella da IUCN e en listaxes nacionais de conservación cuxos hábitats se atopan en áreas afectadas polas operacións	6.2		
Cambio climático				
3-3	Xestión dos temas materiais	Apartado de metodoloxía		
302-1	Consumo de enerxía dentro da organización	6.6		
305-1	Emisións directas de GEI (alcance 1)	6.4		
305-2	Emisións indirectas de GEI asociadas á enerxía (alcance 2)	6.4		
305-3	Outras emisións indirectas de GEI (alcance 3)	6.4		
305-4	Intensidade das emisións de GEI	6.4		
305-5	Redución das emisións de GEI	6.5		

Economía circular		
3-3	Xestión dos temas materiais	Apartado de metodoloxía
301-1	Materiais utilizados por peso ou por volume	3.7, 6.2, 6.7
301-2	Insumos reciclados utilizados	3.7, 6.2, 6.7
302-1	Consumo de enerxía dentro da organización	6.6
306-1	Xeración de residuos e impactos significativos relacionados cos residuos	3.7, 6.2, 6.7
306-2	Xestión de impactos significativos relacionados cos residuos	3.7, 6.2, 6.7
306-3	Residuos xerados	6.2
306-4	Residuos non destinados á eliminación	6.2
306-5	Residuos destinados a eliminación	6.2
Transición enerxética		
3-3	Xestión dos temas materiais	Apartado de metodoloxía
302-1	Consumo de enerxía dentro da organización	6.6
302-4	Redución do consumo enerxético	6.5
302-5	Redución dos requisitos enerxéticos de produtos e servizos	3.7, 6.2, 6.7
Disponibilidade e xestión da auga		
3-3	Xestión dos temas materiais	Apartado de metodoloxía
303-1	Interacción coa auga como recurso compartido	3.7, 6.2, 6.7
303-2	Xestión dos impactos relacionados coa vertedura de auga	3.7, 6.2, 6.7
303-3	Extracción de auga	3.7, 6.2, 6.7
303-4	Vertedura de auga	3.7, 6.2, 6.7
303-5	Consumo de auga	3.7, 6.2, 6.7

Índice de contidos GRI






Indicador GRI	Descrición do contido	Apartado da memoria	Omisión	Verificación externa
Dimensión social				
Conectividade, dixitalización e ciberseguridade				
3-3	Xestión dos temas materiais	Apartado de metodoloxía		
418-1	Reclamacións fundamentadas relativas a violacións da privacidade e perda de datos do cliente/a	Non se informe nesta memoria, pero existe un delegado/a de protección de datos en cumprimento da lexislación vixente		
Satisfacción do cliente				
3-3	Xestión dos temas materiais	Apartado de metodoloxía		
417-1	Requisitos para a información e a etiquetaxe de produtos e servizos	2.4, 2.5, 2.6		
417-4	Casos de incumprimento relacionados coa información e a etiquetaxe de produtos e servizos	4.6.4		
417-5	Casos de incumprimento relacionados con comunicacións de mercadotecnia	4.6.4		
Atracción, desenvolvemento e retención do capital humano				
3-3	Xestión dos temas materiais	Apartado de metodoloxía		
401-1	Contratacións de novos empregados e rotación de persoal	2.2.2, 4.2		
404-1	Media de horas de formación ao ano por empregado/a	4.2.5		
404-2	Programas para desenvolver as competencias dos empregados/as e programas de axuda á transición	4.2.5		
404-3	Porcentaxe de empregados/as que reciben avaliacións periódicas do seu desempeño e do desenvolvemento da súa carreira	Non calculado para o PAS. Non incluído nesta memoria as actividades de avaliación do profesorado.	√	
405-2	Cociente entre o salario básico e a remuneración de mulleres e de homes	Non se calcula. A Universidade de Vigo participou no estudo de fenda salarial promovido polo Ministerio de Universidades cuxos resultados se poden consultar no portal de transparencia	√	

Seguridade e saúde		
3-3	Xestión dos temas materiais	Apartado de metodoloxía
403-1	Sistema de xestión da saúde e a seguridade no traballo	4.2.6
403-2	Identificación de perigos, avaliación de riscos e investigación de incidentes	4.2.6
403-3	Servizos de saúde no traballo	4.2.6
403-4	Participación dos traballadores/as, consultas e comunicación sobre saúde e seguridade no traballo	4.2.6
403-5	Formación de traballadores/as sobre saúde e seguridade no traballo	4.2.6
403-6	Promoción da saúde dos traballadores/as	4.2.6, 7.4
403-7	Prevenção e mitigación dos impactos para a saúde e a seguridade no traballo directamente vinculados a través das relacións comerciais	4.2.6
403-8	Cobertura do sistema de xestión da saúde e a seguridade no traballo	4.2.6
403-9	Lesións por accidente laboral	4.2.6
403-10	As doenzas e as enfermidades laborais	4.2.6
410-1	Persoal de seguridade capacitado en políticas ou procedementos de dereitos humanos	4.2.6
416-1	Avaliación dos impactos das categorías de produtos e servizos na saúde e a seguridade	4.2.6
416-2	Casos de incumprimento relativos aos impactos das categorías de produtos e de servizos na saúde e a seguridade	4.2.6

Diversidade e igualdade de oportunidades			
3-3	Xestión dos temas materiais	Apartado de metodoloxía	
202-1	Cocientes entre o salario de categoría inicial estándar por xénero e o salario mínimo local	Non se calcula. A Universidade de Vigo participou no estudo de fenda salarial promovido polo Ministerio de Universidades cuxos resultados se poden consultar no portal de transparencia	✓
401-1	Contratacións de novos empregados e rotación de persoal	4.2	
401-2	Prestacións para os empregados/as a tempo completo que non se lles dan aos empregados/as a tempo parcial ou temporais	Non se dá na Universidade de Vigo	✓
401-3	Permiso parental	4.3.2	
405-1	Diversidade de órganos de goberno e empregados	2.3, 4.3	
405-2	Cociente entre o salario básico e a remuneración de mulleres e de homes	Non se calcula. A Universidade de Vigo participou no estudo de fenda salarial promovido polo Ministerio de Universidades cuxos resultados se poden consultar no portal de transparencia	✓
406-1	Casos de discriminación e accións correctivas emprendidas	4.6.2, 4.6.3	
Ética e igualdade			
3-3	Xestión dos temas materiais	Apartado de metodoloxía	
205-1	Operacións avaliadas en función dos riscos relacionados coa corrupción	5.6	
205-2	Comunicación e formación sobre políticas e procedementos anticorrupción	5.6	
205-3	Incidentes de corrupción confirmados e medidas tomadas	5.6	
Transparencia e políticas públicas			
3-3	Xestión dos temas materiais	Apartado de metodoloxía	
201-4	Asistencia financeira recibida do goberno	5.1	
207-1	Enfoque fiscal	3.8	
207-2	Gobernanza fiscal, control e xestión de riscos	3.8	

Anexo II. Relación de ODS

Objetivos de desenvolvemento sostible	Epígrafe da memoria RSU
 1 FIN DA POBREZA Fin da pobreza	2.5, 2.6, 3.3, 3.5, 3.7, 4.1.2, 7.3, 7.7
 2 FAME CERO Fame cero	2.5, 2.6, 3.3, 3.5, 3.7, 4.1.2, 7.3, 7.7
 3 SAÚDE E BENESTAR Saúde e benestar	2.5, 2.6, 2.8, 3.3, 3.5, 3.6.2, 3.6.3, 3.7, 4.2.6, 7.4, 7.7
 4 EDUCACIÓN DE CALIDADE Educación de calidade	2.2, 2.4, 2.5, 2.6, 2.7, 3.1, 3.2, 3.3, 3.4, 3.5, 3.7, 4.1.2, 4.1.3, 4.2.5, 4.4, 5.7, 7.5, 7.6, 7.7
 5 IGUALDADE DE XÉNERO Igualdade de xénero	2.5, 2.6, 3.3, 3.5, 3.7, 4.3, 7.7
 6 AUGA LIMPA E SANEAMENTO Auga limpa e saneamento	2.5, 2.6, 2.7, 3.3, 3.5, 3.6.2, 3.7, capítulo 6, 7.7
 7 ENERGÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE Enerxía accesible e non contaminante	2.5, 2.6, 3.5, 3.7
 8 TRABALLO DECENTE E CRECIMENTO ECONÓMICO Traballo digno e crecemento económico	2.2, 2.5, 2.6, 3.3, 3.5, 3.7, 4.1.3, 4.2, 4.2.6, 4.7, capítulo 5, 7.7
 9 INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA Industria, innovación e infraestrutura	2.2, 2.5, 2.6, 3.3, 3.4, 3.5, 3.6.1, 3.6.2, 3.6.3, 3.6.4, 3.7, 4.1.2, capítulo 5, 7.7
 10 REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES Reducindo desigualdades	2.5, 2.6, 3.3, 3.5, 3.7, 4.1.2, 4.2.4, 5.7, 7.3, 7.7
 11 CIDADES E COMUNIDADES SOSTIBLES Cidades e comunidades sostibles	2.5, 2.6, 3.3, 3.5, 3.6.4, 3.7, capítulo 5, capítulo 6, 7.7
 12 PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLES Produción e consumo responsable	2.5, 2.6, 3.3, 3.5, 3.6.2, 3.7, capítulo 5, capítulo 6, 7.7

Obxectivos de desenvolvemento sostible	Epígrafe da memoria RSU
 <p>13 ACCIÓN POLO CLIMA</p> <p>Acción polo clima</p>	<p>2.5, 2.6, 3.5, 3.7, capítulo 6</p>
 <p>14 VIDA SUBMARINA</p> <p>Vida submarina</p>	<p>2.5, 2.6, 3.3, 3.5, 3.6.1, 3.7, 7.7</p>
 <p>15 VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES</p> <p>Vida de ecosistemas terrestres</p>	<p>2.5, 2.6, 3.3, 3.5, 3.6.1, 3.7, capítulo 6, 7.7</p>
 <p>16 PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS</p> <p>Paz, xustiza e institucións</p>	<p>2.1, 2.3, 2.5, 2.6, 2.7, 3.1, 3.2, 3.3, 3.5, 3.6.1, 3.6.2, 3.6.3, 3.6.4, 3.7, 3.8, 4.1.1, 4.2.4, 4.5 capítulo 5, 7.1, 7.2, 7.3, 7.5, 7.6, 7.7</p>
 <p>17 ALIANZAS PARA ALCANZAR OS OBTXECTIVOS</p> <p>Alianzas para lograr os obxectivos</p>	<p>2.1, 2.3, 2.5, 2.6, 2.7, 3.1, 3.2, 3.3, 3.3.4, 3.5, 3.6.1, 3.6.2, 3.6.3, 3.6.4, 3.7, 4.1.1, 4.1.2, 4.3, 4.4, 4.5, 5.7, 7.1, 7.2, 7.3, 7.6, 7.7</p>

Anexo III. Outras memorias e fontes

Memoria de actividades do Servizo de Estudo, Bolsas e Prezos públicos

Aliñada cos ODS 1, 2, 4, 5, 10 e 17 [Dimensión social]

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/memorias-actividade>

Memoria de actividades deportivas e saudables

Aliñada co ODS 5 [Dimensión social]

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/memorias-actividade>

Memoria de actividades da Unidade de Igualdade

Aliñada co ODS 5 [Dimensión social]

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/memorias-actividade>

Informe anual sobre atención ao alumnado con diversidade

Aliñada co ODS 10 [Dimensión social]

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/memorias-actividade>

Informe anual da Oficina de Medio Ambiente

Aliñada cos ODS 3, 6, 7, 11, 12, 13 e 15 [Dimensión ambiental]

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/memorias-actividade>

Informe anual sobre a pegada ecolóxica

Aliñada cos ODS 3, 6, 7, 11, 12, 13 e 15 [Dimensión ambiental]

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/memorias-actividade>

Memoria anual do Campus do Mar

Aliñada co ODS 14 [Dimensión ambiental]

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/memorias-actividade>

Informe anual de auditoría e conta anual

Aliñada co ODS 16 [Dimensión económica]

<https://www.uvigo.gal/es/universidad/informacion-institucional/presupuestos>

Informe do impacto económico da actividade da Universidade de Vigo

Aliñada cos ODS 4, 8, 9, 10 e 17 [Dimensión económica]

<https://consellosocial.uvigo.gal/es/publicacion/impacto-economico-da-actividade-da-universidade-de-vigo/>

Memoria de actividades do Consello Social

Aliñada cos ODS 16 e 17 [Dimensión económica e dimensión social]

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/memorias-actividade>

Informe de actividades do Consello Social

Aliñada cos ODS 16 e 17 [Dimensión económica e dimensión social]

<https://consellosocial.uvigo.gal/rsu-e-transparencia/>

Informe anual do sistema de xestión de queixas, suxestións e parabéns

Aliñada cos ODS 16 e 17 [Dimensión social]

<https://www.uvigo.gal/universidade/calidade/programas-calidade/sistema-qsp>

Memoria de actividades da Unidade de Análises e Programas

Aliñada cos ODS 16 e 17 [Dimensión social]

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/memorias-actividade>

Memorias de centros singulares de investigación

Aliñadas principalmente co ODS 9 [Dimensión ambiental e dimensión social]

Memoria de actividades do Cintex

<http://cintecx.uvigo.es/gl/cintecx/transparencia/>

Memoria de actividades do Cinbio

<https://cinbio.es/quen-somos/memorias-de-actividade/>

Memoria de actividades de Atlanttic

<https://atlanttlic.uvigo.es/gl/quen-somos/informes-anuais/>

Portal de transparencia [Dimensión económica]

Informes sobre indicadores de xestión económica e contratación

https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/39?_locale=gl

Información económica e orzamentaria

https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/7?_locale=gl

Portal de biblioteca ransparencia [Dimensión ambiental]

Informe sobre indicadores de medio ambiente

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/32>

Portal de Transparencia [Dimensión social]

Informes sobre persoal

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/4>

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/37>

Informes sobre responsabilidade social

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/16>

Diversos informes no catálogo de datos de UVigo en cifras

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/5>

